

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 12

Sesión plenaria
11 de novembro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 4. Comparecencias

4.3 4085 (11/CPP-000022)

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para abordar as medidas que se están a adoptar fronte á segunda onda da covid-19 e aquelas dirixidas a paliar as consecuencias sanitarias, económicas e sociais provocadas pola pandemia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

Punto 6. Propositions non de lei

6.1 2552 (11/PNP-000254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, o incremento do Fondo de Cooperación Local e o establecemento no ano 2020 dos criterios de distribución das subvencións ás entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

6.2 2796 (11/PNP-000285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa liña ferroviaria Vigo-Porto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

6.3 3737 (11/PNP-000412)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa rebaixa, polo Ministerio de Educación, a través do Real decreto lei 31/2020, do nivel e dos requisitos para que un alumno aprobe, promocióne ou titule no curso 2020-2021 con independencia do número de materias suspensas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

6.4 3878 (11/PNP-000427)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre a posición que debe defender o Goberno galego diante do Goberno central e das institucións europeas en relación coa distribución dos fondos europeos para afrontar a crise da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020



6.5 3945 (11/PNP-000436)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, no marco do futuro plan galego de oncoloxía, dunha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada, así como a posta en marcha en Galicia dun centro de terapia CAR-T

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

6.6 3973 (11/PNP-000441)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e dous deputados/as máis**

Sobre o establecemento polo Goberno galego dun plan de axudas directas a fondo perdido dirixido a paliar o impacto económico da covid-19 no sector da hostalaría en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

Punto 7. Interpelacións**7.1 3563 (11/INT-000223)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

7.2 3635 (11/INT-000233)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos concellos respecto da incidencia da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

7.3 3652 (11/INT-000235)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

Punto 8. Preguntas ao goberno**8.1 4632 (11/PUP-000079)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre o recoñecemento polo Goberno galego do compromiso do Goberno central para satisfacer unha demanda histórica da sociedade galega como a rebaixa das peaxes da autoestrada AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40, do 4.11.2020



8.2 911 (11/POP-000268)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Alén Castro, Gabriel e seis deputados/as máis**

Sobre cales son os beneficios que lle reporta ao estudantado galego a rebaixa do prezo das matrículas universitarias no curso 2020-2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40, do 4.11.2020

8.3 2989 (11/POP-000359)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a carga de traballo para o cadro de persoal da planta de Siemens-Gamesa nas Somozas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

8.4 2848 (11/POP-000345)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abelairas Rodríguez, María Isaura e tres deputados/as máis**

Sobre o mecanismo previsto polo Goberno galego para garantir, dada a limitación das citas á atención telefónica, a atención sanitaria ás persoas con parálise cerebral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

8.5 3154 (11/POP-000382)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan de asistencia ao ictus en Galicia, posto en marcha no ano 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

8.6 3810 (11/POP-000478)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e 2 deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a mellora da infraestrutura e reforzo do persoal da UCI de adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

8.7 4630 (11/PUP-000078)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre o número de persoas rastrexadoras que hai en Galicia para o seguimento das persoas contaxiadas pola covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40, do 4.11.2020

8.8 3442 (11/POP-000419)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis**

Sobre a demora na detección da presenza da covid-19 e na comunicación dos resultados das probas realizadas na Residencia de persoas maiores Os Gozos, no Pereiro de Aguiar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e nove minutos da mañá.

Cambio no desenvolvemento da orde do día

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para abordar as medidas que se están a adoptar fronte á segunda onda da covid-19 e aquelas dirixidas a paliar as consecuencias sanitarias, económicas e sociais provocadas pola pandemia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo).* (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 23.), *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 26.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 30.)

Réplica do Goberno: *Sr. presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo).* (Páx. 34.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 40.) Nesta rolda interveñen a señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 40.), o señor Caballero Miguez (S) (Páx. 42.), o señor Puy Fraga (P) (Páx. 45.) e o señor presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo). (Páx. 47.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa rebaixa, polo Ministerio de Educación, a través do Real decreto lei 31/2020, do nivel e dos requisitos para que un alumno aprobe, promocióne ou se titule no curso 2020-2021 con independencia do número de materias suspensas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 55.) e *Sr. Lourenzo Sobral (BNG).* (Páx. 58.)

Nova intervención do señor Rodeiro Tato (P). (Páx. 61.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a posición que debe defender o Goberno galego diante do Goberno central e das institucións europeas en relación coa distribución dos fondos europeos para afrontar a crise da covid-19. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 63.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 64.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Francisco Rivera (S) (Páx. 67.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 70.)*

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 74.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, no marco do futuro plan galego de oncoloxía, dunha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada, así como a posta en marcha en Galicia dun centro de terapia CAR-T. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 76.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 77.)*

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 79.)*

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 82.)*

A señora Amigo Díaz (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 85.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e dous deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego dun plan de axudas directas a fondo perdido dirixido a paliar o impacto económico da covid-19 no sector da hostalaría en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 87.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Francisco Rivera (S). (Páx. 88.)*

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Vereza Fraiz (P). (Páx. 90.)*

Intervención dos grupo parlamentario non emendante: *Sra. González Iglesias (BNG). (Páx. 92.)*

O señor Francisco Rivera (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 95.)



Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, o incremento do Fondo de Cooperación Local e o establecemento no ano 2020 dos criterios de distribución das subvencións ás entidades locais: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 96.)

O señor presidente le a transacción á que se chegou na proposición non de lei presentada por D. Xosé Luís Bará Torres. (Páx. 97.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa liña ferroviaria Vigo-O Porto: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 97.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa rebaixa polo Ministerio de Educación, a través do Real decreto lei 31/2020, do nivel e dos requisitos para que un alumno aprobe, promocióne ou titule no curso 2020-2021 con independencia do número de materias suspensas: *aprobada por 40 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

O señor Francisco Rivera (S) (Páx. 98.) *intervén para propoñer que se vote separadamente a emenda presentada polo seu grupo á proposición non de lei de D^a Noa Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 98.)

Votación da emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia á Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a posición que debe defender o Goberno galego diante do Goberno central e das institucións europeas en relación coa distribución dos fondos europeos para afrontar a crise da covid-19: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a posición que debe defender o Goberno galego diante do Goberno central e das institucións europeas en relación coa distribución dos fondos europeos para afrontar a crise da covid-19: *rexeitada por 19 votos a favor, 40 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 100.)

O señor presidente anuncia que na seguinte proposición non de lei se acepta a emenda presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 100.)



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa da D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, no marco do futuro plan galego de oncoloxía, dunha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada, así como a posta en marcha en Galicia dun centro de terapia CAR-T: *aprobado por 53 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.* (Páx. 100.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e dous deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego dun plan de axudas directas a fondo perdido dirixido a paliar o impacto económico da covid-19 no sector da hostalaría en Galicia: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e tres deputados/as máis, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 100.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 103.)

Réplica da autora: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 108.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos concellos respecto da incidencia da covid-19. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 110.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 114.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 118.)

Interpelación de D^a María do Carme González Iglesias e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez López (BNG).* (Páx. 120.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 123)

Réplica do autor: *Sr. Pérez López (BNG).* (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 129.)

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o recoñecemento polo Goberno galego do compromiso do Goberno central para satisfacer unha demanda histórica da sociedade galega como a rebaixa das peaxes da autoestrada AP-9. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 131.)



Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 132.)

Réplica do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx.134 .)

Pregunta de D. Gabriel Alén Castro e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre cales son os beneficios que lle reporta ao estudantado galego a rebaixa do prezo das matrículas universitarias no curso 2020-2021. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 136.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 137.)

Pregunta de D. Martín Seco García e D^a María Leticia Gallego Sanromán, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a carga de traballo para o cadro de persoal da planta de Siemens-Gamesa, nas Somozas. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 138.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 140.)

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 141.)

Pregunta de D^a María Isaura Abelairas Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o mecanismo previsto polo Goberno galego para garantir, dada a limitación das citas á atención telefónica, a atención sanitaria ás persoas con parálise cerebral. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 144.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 145.)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan de asistencia ao ictus en Galicia, posto en marcha no ano 2016. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 147.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 148.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 149.)



Pregunta de D^a Iria Carreira Pazos e dous deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a mellora da infraestrutura e reforzo do persoal da UCI de adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 150.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 151.)

Réplica da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 152.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 153.)

Pregunta de D^a María Monserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o número de persoas rastrexadoras que hai en Galicia para o seguimento das persoas con-taxiadas pola covid-19. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 154.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 155.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 156.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 157.)

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a demora na detección da presenza da covid-19 e na comunica-ción dos resultados das probas realizadas na Residencia de persoas maiores Os Gozos, no Pereiro de Aguiar. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 158.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 160.)

Réplica do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 161.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 162.)

Remata a sesión ás oito e once minutos da noite.



Retómase a sesión ás dez e nove minutos da mañá.

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión, neste caso cunha alteración da orde do día.

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para abordar as medidas que se están a adoptar fronte á segunda onda da covid-19 e aquelas dirixidas a paliar as consecuencias sanitarias, económicas e sociais provocadas pola pandemia

O señor PRESIDENTE: Para substanciar esta comparecencia ten a palabra o presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, comparezo a petición do Bloque Nacionalista Galego, e cada vez que temos oportunidade de comparecer publicamente dende o pasado mes de marzo comezamos ofrecendo a información máis actualizada con respecto á situación da pandemia en Galicia con data das 20 horas do día de onte.

O 1 % dos casos activos corresponden a persoas ingresadas nas unidades de coidados intensivos, 95 pacientes, a mesma cifra que no día anterior; 516 —2 máis que nas 24 horas anteriores— son pacientes infectados que permanecen nas plantas de hospitalización, o 5,2 % do total dos infectados; e a maioría, o 93,8 %, afrontan a enfermidade con sintomatoloxía máis leve nos seus domicilios, que ascenden a 9.258 persoas.

Todos eles conforman a radiografía actualizada dunha pandemia que se prolonga xa sete meses e que segue deixando ao seu paso unha dor irreparable. Mil vinte e catro persoas faleceron con covid ata este momento en Galicia e nada poderá compensar a súa falta. A ausencia dos que se foron marcará para sempre esta época histórica que nos tocou vivir, mais tamén é humano que busquemos esperanza para seguir afrontando unha situación límite que, lamentablemente, nos vai acompañar ata que haxa unha vacina efectiva e segura ou, polo menos, se non é ese o caso, ata que haxa tratamentos efectivos.

Pois ben, atopamos esperanza na experiencia de 32.161 galegos que, afortunadamente, superaron os efectos do virus. Atopamos esperanza en comparación con outras comunidades autónomas, xa que Galicia continúa estando entre as catro comunidades autónomas con menor taxa de incidencia por 100.000 habitantes tanto en sete como en catorce días. Atopamos esperanza porque seguimos sendo a segunda comunidade autónoma con menor porcentaxe de pacientes nas unidades de coidados intensivos e tamén con menor porcentaxe nas plantas de hospitalización.

Pero, ademais de fixarnos nos que superaron a enfermidade ou noutras autonomías en peor situación, tamén atopamos esperanza comparándonos con nós mesmos, observando a ten-



dencia dos últimos días. Aqueles concellos que levan máis tempo convivindo con medidas excepcionais xa presentan claramente unha mellor evolución. Por exemplo, no Carballiño, a incidencia do virus baixou un 88 % en taxa de sete días e case un 79 % en taxa de catorce días. En Ourense, con peche perimetral dende principios de outubro, a taxa de incidencia en catorce días diminuíu un 46 % e, en sete días, a taxa diminuíu un 56 %. En Santiago, onde se aplicaron restricións dende o pasado 21 de outubro, a taxa a sete días baixou un 53 % en menos de vinte días, e a taxa a catorce días xa é un 35 % menor que antes das restricións. E nas áreas sanitarias destas dúas cidades a taxa de positividade nos últimos sete días atópase entre 2 e 3 puntos por debaixo da rexistrada nas demais áreas. Agardamos —oxalá que sexa así, e dígoos con todas as cautelas— que esta leve melloría sexa máis clara cando teñan reflexo os efectos das restricións adoptadas polo Comité Clínico que o Goberno fixo súas a pasada semana.

¿Significa isto que podemos relaxarnos? En absoluto, segue habendo contaxios e, en consecuencia, debemos manter as alertas acendidas. Pero igual que con transparencia advertimos do empeoramento cando se produce, é importante tamén poñer en valor as melloras cando as hai, aínda que sexan aínda leves e iniciais, como neste caso.

Quero constatar que cando se atopan, se adoptan e se respectan as medidas que conteñen a progresión do contaxio iso debe impulsarnos a seguir para lograr entre todos diminuír a curva de novos infectados; entre todos —insisto—, porque só será posible se a colaboración cidadá segue a ser, como ata agora, maioritaria.

Quero agradecer a todos os galegos e a todas as galegas a resposta con carácter xeral, a súa responsabilidade, a súa seriedade, o seu cumprimento das normas e tamén a condena de comportamentos irresponsables que nos poñen en risco a todos. A inmensa maioría dos galegos están cumprindo, e esa maioría pídelle á minoría que aínda non o fai que, por favor, teñan sentidiño e sexan solidarios.

Quero tamén garantir que nese esforzo colectivo estivo dende o primeiro momento, está permanentemente e seguirá estando ata que remate esta situación a Xunta de Galicia.

Señorías, eu hoxe comparezo aquí como presidente autonómico, pero tamén como unha das 17 autoridades competentes delegadas que o Goberno central designou para afrontar a segunda onda desta pandemia. Á marxe da opinión persoal que me produce esta sorte de rompecabezas creado para afrontar un problema nacional, quero subliñar que asumo o meu deber co máximo compromiso, co meu propio e co de todo o Goberno galego, porque nada hai hoxe máis urxente nin máis importante que xestionar do mellor xeito que saibamos e que poidamos unha pandemia que o condiciona todo; xa o condiciona todo hoxe e, ademais, marcará as próximas décadas.

Por esta convicción, non lles podo ocultar que me sorprende, que me entristece e que me preocupa a actitude que o Goberno central está tendo neste momento. Cando todo isto xurdiu a principios de ano, houbo erros cometidos que poden explicarse pola inexperiencia e pola rapidez coa que o virus se estendeu, pero a estas alturas, ante unha nova onda que todos sabíamos que ía chegar, hai cousas que son incomprensibles e inxustificables. ¿Señorías,



que dirían vostedes se a Xunta de Galicia delegase nos concellos boa parte das medidas anticond e se desentendese da xestión sanitaria? ¿Verían normal que deixáramos proliferar normas e respostas sen orde nin concerto? ¿Que dirían se unha comunidade non aceptase a delegación de competencias? ¿Que fai o Goberno central no caso de que unha comunidade autónoma non acepte a delegación de competencias? ¿Que dirían se entre o estado de alarma de marzo e o estado de alarma de outubro nada fixéramos para regular con seguridade e eficacia xurídica a pandemia? ¿Cren razoable que mentres todos, hospitais, residencias, colexios, empresas, familias, etc., nos equipamos para dar unha mellor resposta, o Goberno central fose incapaz de adaptar a lexislación sanitaria ás necesidades da pandemia? ¿Que dirían se no medio de todo isto investísemos os nosos esforzos en abrir debates que dividiran a sociedade? ¿Que dirían, por exemplo, dunha Xunta que, en estado de alarma, autorizase suprimir do ensino unha das nosas linguas oficiais? ¿Dirían o mesmo que dicimos nós ante un goberno central que aparece e desaparece en función da súa conveniencia, que unha crise permanente como esta non se combate cun goberno central intermitente? E por iso, contra iso, a Xunta segue e seguirá presente. Si, señorías, a Xunta segue e seguirá presente, tomando decisións por difíciles que estas poidan resultar, (*Aplausos.*) tomando decisións e dando todas as explicacións coa maior claridade e transparencia. A pandemia exige tomar decisións que, efectivamente, son moi duras nos momentos de máxima presión. Adoptámolas conscientes de que teñan repercusión na vida das familias, na súa saúde, na súa economía e nas súas relacións sociais, pero conscientes tamén de que o mal maior sería non adoptalas, abdicar das nosas obrigas como gobernantes e obviar as advertencias que nos fan os membros do Comité Clínico, que, por certo, son coñecidos, con nome e apelidos e con número de colexiado ou de colexiada; estes si, e aos que, ademais, volvemos outra vez ofrecer e recoñecer o seu extraordinario compromiso de independencia.

Tomamos decisións, e iso exige tamén explicar esas decisións, tamén o fixemos sempre, e seguiremolo facendo. Durante a primeira onda comunicamos as medidas puntualmente a todos os galegos, aínda que iso provocara críticas da oposición, que chegou a suxerir que non deberíamos comparecer despois de reunírnos co Comité Clínico. Abrimos un parlamento que estaba pechado por convocatoria electoral para someternos ao control dos grupos, e agora, nesta segunda onda, mentres outros toman medidas excepcionais con horizonte de seis meses para escapar do control parlamentario, o Goberno galego está aquí comparecendo, e teñan por seguro que cada día lles seguiremos falando aos galegos con claridade, con franqueza e co respecto que merecen.

Señorías, poderíamos inzar os nosos discursos de referencias bélicas, dulcificar as palabras ou propoñer horizontes irrealis, pero iso só provocaría máis frustracións nos cidadáns, especialmente naqueles que máis directamente sofren esta situación.

A realidade é máis crúa. Seguimos afrontando un problema sanitario grave, non hai aínda un fin claro para todo isto e debemos aceptar que seguiremos obrigados a axustar as restricións ao nivel de contaxios en cada momento. Iso é o que estamos a facer en Galicia para lograr tres obxectivos prioritarios aos que me vou referir a continuación: o primeiro, ter capacidade para responder á presión sanitaria; o segundo, velar polas persoas e ámbitos máis vulnerables; e o terceiro evitar un segundo confinamento xeneralizado, que tería efectos moi nocivos para o presente e, sen dúbida, para o futuro.



Para garantir o primeiro obxectivo, afortunadamente contamos cun gran sistema sanitario público, que, ademais, afronta esta pandemia reforzado dende todos os puntos de vista. Reforzado dende o punto de vista de persoal. Chegamos a contratar e están contratados 1.700 efectivos sanitarios médicos: de enfermería, auxiliares de enfermería, persoal sanitario, ou fomos a primeira comunidade en facilitar a contratación dos MIR do último ano. Reforzado tamén desde o punto de vista material, con stocks dos EPI en todo momento e cun total de 54 millóns de euros investidos ata o momento para garantir a maior seguridade posible. Reforzado cun plan de continxencia, que onte mesmo foi actualizado polo Comité Clínico para axustalo ás necesidades da segunda onda. E reforzado tamén grazas aos recursos que destinamos nos últimos anos á sanidade pública en Galicia, cunha modernización sen parangón das infraestruturas e das tecnoloxías tanto en atención hospitalaria como en atención primaria. Todo isto é clave para que a resposta estea á altura do que exige un momento como este, pero serviría de pouco se non o acompañáramos do máis importante, dun esforzo constante para garantir o máis axeitado proceso de detección de casos.

Señorías, Galicia tívoo claro dende o primeiro día, as mellores experiencias do mundo teñen o mesmo denominador común: diagnóstico precoz, illamento de casos e corentena de contactos. Fomos a primeira comunidade en poñer en marcha o covid-auto para tomar as mostras de PCR con cita previa. En todo momento, mantemos un ritmo alto de probas diagnósticas, máis de 1.200.000 probas diagnósticas ata o día de onte; priorizamos os tests dos profesionais sanitarios e nas residencias da terceira idade —máis de 100.000 tests—; comezamos a aplicar a técnica de *pooling* para aumentar a nosa capacidade de facer tests, que, sen ir máis lonxe, o propio ministro de Sanidade eloxiaba a pasada semana no Hospital público de Vigo; e esforzámonos para facer grandes cribados nos principais brotes que detectamos ou en colectivos específicos, como os traballadores da educación. Grazas a iso, creo que os galegos saben que temos un sistema de rastrexo amplo e de gran utilidade para controlar a pandemia. (*Aplausos.*) Dende logo, non se trata de ser compracentes porque neste ámbito debemos mellorar permanentemente, pero cómpre ser xustos, porque o merecen todas as persoas que se dedican a este labor, tanto na Central de Seguimento como na atención primaria como nos servizos de prevención como nas propias xefaturas territoriais. Todos eles fan un traballo de gran dificultade, e fano con enorme nivel de implicación, que debemos louvar e agradecer.

Facémolo con palabras, pero tamén con feitos, actuando na marxe de optimización, que sempre hai nun ámbito como este totalmente novidoso. Neste sentido xa lles anuncio que seguiremos traballando para introducir novas melloras no sistema de rastrexo e de detección, por exemplo; cinco novas medidas: maior especialización da Central de Seguimento de Contactos, creando áreas específicas como as que xa se crearon para o seguimento dos casos relacionados coa educación; implantación dun sistema de autodeclaración a través de internet para que aquela persoa que considere que pode ser contacto dun positivo introduza os seus datos e sexa contactado pola Central para facerlle a enquisa, descargando, polo tanto, os profesionais de atención primaria destes casos. En terceiro lugar, dende o 4 de novembro atópanse dispoñibles na plataforma do Servizo Galego de Saúde outros 300.000 tests de antíxenos para o seu uso por parte dos servizos de urxencias hospitalarias, que xa o veñen utilizando, e da atención primaria, unha vez finalizada a experiencia piloto en cinco centros de saúde de atención primaria en Galicia. E, finalmente garantindo que as persoas identificadas como contacto



estreito dun positivo se dean automaticamente de alta no sistema Telea, permitindo así que aínda que o seu seguimento diario sexa realizado pola Central, polas xefaturas territoriais ou polos servizos de prevención, os profesionais de primaria dispoñan de información histórica actualizada, no caso de ser finalmente positivo e de converterse en paciente covid. Novos esforzos, en definitiva, para garantir un proceso de rastrexo e detección que son fundamentais para conter a progresión dos contaxios e con isto a presión sanitaria.

Con todo, convén subliñar que de momento, pese a que as necesidades están sendo crecentes, estamos aínda lonxe das cifras rexistradas no pico de abril e aínda máis lonxe das capacidades máximas das que Galicia se dotou para facer fronte á pandemia. No día de hoxe, as 95 persoas que están en UCI supoñen un 46,6 % menos que o pico rexistrado en abril, cando chegamos a 178. E as 516 persoas hospitalizadas representan un 45,4 % menos que naquel momento. Polo tanto, desde o punto de vista sanitario, vivimos unha onda con características propias diferentes da primeira. Coñécense máis casos, porque funcionan mellor as tarefas de rastrexo e porque se fan máis tests e, polo tanto, máis diagnósticos, e iso permite detectar máis contaxiados sen sintomatoloxía ou con sintomatoloxía máis leve. Isto permite que a pesar da maior incidencia a presión sobre o sistema sanitario chegue de forma menos abrupta respecto a marzo e que polo menos, de momento, os niveis sexan menores de ocupación que naqueles meses. A diferenza é substancial, pero debemos manter presente que o virus segue circulando, e, en consecuencia, tomar as medidas que sexan necesarias para preservar a asistencia sanitaria para todo aquel que o precise é a clave; é o noso primeiro deber e é a nosa primeira preocupación.

O segundo obxectivo é velar polas persoas e ámbitos máis vulnerables. Neste sentido, o primeiro que cabe dicir é que non existe a fórmula para impedir cun cen por cento de eficacia a entrada do virus en ningunha residencia da terceira idade ou de discapacidade. Galicia faría todo o necesario, de existir, para aplicala, pero no día de hoxe esta fórmula, insisto, non existe, nin aquí nin en ningunha parte do mundo. Por iso, seguimos actuando en catro eixos complementarios para minimizar os riscos e maximizar a protección: o primeiro é reducir as posibilidades —nunca absolutas— de que o virus entre nunha residencia con protocolos que se actualizan de xeito constante. O segundo é analizar periodicamente a situación de cada residencia con cribados quincenais. Ata o momento fixemos catro cribados entre traballadores residentes e seguimos facendo cribados.

A partir das vindeiras semanas poñeremos en marcha un proxecto piloto de detección temperá a través de augas residuais, medindo as saídas das augas residuais das propias residencias para saber se hai covid nunha residencia e así poder actuar antes de que haxa sintomatoloxía.

O terceiro. Intervimos con axilidade cando nunha residencia se producen contaxios, para garantir a correcta atención sociosanitaria dos usuarios. Neste momento hai catro residencias intervidas.

En cuarto lugar, reforzamos a seguridade interna. Están garantidas as visitas ás residencias dos familiares máis próximos, pero pedimos nos concellos que diminúan as saídas dos residentes dos propios centros.



E, en quinto lugar, estamos traballando para perfeccionar o modelo das residencias, hoxe e no futuro; traballamos nunha compenetración máis axeitada entre os servizos sanitarios e a atención social, con melloras estruturais que axuden a responder de xeito óptimo a situacións como esta, aproveitando o potencial das novas tecnoloxías para a monotorización da saúde e o benestar dos usuarios das residencias.

Grazas a isto, o 90 % das residencias en Galicia están libres de coronavirus, e a pesar de ser a poboación máis vulnerable fronte ao virus, resiste mellor que a doutras partes de España e de Europa. Somos unha das tres comunidades con menos falecementos en relación coas prazas de maiores. Non son datos, por suposto, que merezan ningún consolo, porque se perderon vidas e, lamentablemente, aínda se seguirán perdendo, pero estamos en mellor situación que outros lugares e cómpre valoralo, porque fala da capacidade dos profesionais para coidar dos maiores nestas circunstancias tan difíciles e tamén da capacidade do sistema sanitario, que non dá nin dará ningunha vida por perdida.

O mesmo corresponde dicir no ámbito educativo, onde, pese ás circunstancias, se está a desenvolver o curso coa relativa normalidade que cabe esperar no medio dunha pandemia.

Os últimos datos son que neste momento o número de casos activos entre os 450.000 estudantes é do 0,3 %. En máis do 86 % dos casos positivos só se rexistran 3 ou menos casos illados. Só un centro está clausurado neste momento. Penso que son datos menos malos que evidencian a responsabilidade coa que se están a comportar os docentes, os alumnos e as familias. Á súa disposición, todos eles contan con instrumentos habilitados para organizar unha volta ás aulas máis ordenada e máis segura, dentro das circunstancias excepcionais que nos moveron.

Aprobamos un protocolo xeral no mes de xullo, que houbo que adaptar unha vez que o Ministerio se decidiu a tomar algunha decisión xa a finais de agosto. Fixemos tamén protocolos específicos para os comedores ou o alumnado con necesidades específicas de atención educativa. Contratamos máis profesores, 2.300 novos profesores ou profesoras, o que supón un incremento do 7,6 % do total dos docentes de Galicia. E máis recentemente vimos de aprobar un plan de ensino virtual para evitar que a crise sanitaria interrompa ou interfira que o alumnado reciba un ensino de calidade ou equidade, no caso de confinamentos. Lamentablemente, o risco cero tampouco é posible nos centros sanitarios, pero as familias, os docentes, os traballadores educativos e os rapaces están respondendo con gran responsabilidade. E nós puxemos e poremos todo o que está ao noso alcance para que poidan continuar o curso o máis seguros posible.

O terceiro obxectivo é evitar un novo confinamento xeneralizado. Nada me gustaría máis que poder dicir con rotundidade que estou seguro ao cen por cento de que non haberá confinamento, e nada me gustaría máis que dicir que todo isto xa acabou, pero non podo facelo. O que si podo dicir, porque é o que estamos facendo, é que traballaremos para evitar o confinamento, como ata o de agora o conseguimos. *(Aplausos.)*

Como saben, os diferentes marcadores varían de forma permanente, e a resposta está condicionada en cada momento pola evolución concreta que se dea en cada zona. Imaxinarán



que é tremendamente difícil acometer ese labor cirúrxico que está no termo medio entre non facer nada ou clausuralo todo. Estas dúas teorías son moi fáciles de dicir, señorías, pero ambas teñen consecuencias devastadoras, e por iso as desbotamos.

Os negacionistas aínda que, por fortuna, teñen pouco percorrido en Galicia, fan moito dano, porque ondean a bandeira da vida normal, que todos ansiamos pero que é absolutamente imposible neste momento. E tampouco axudan en absoluto aquelas persoas que reclaman o confinamento total. ¿Saben realmente o que suporía? ¿Dálles igual ese confinamento total da poboación?

Señorías, os camiños demagóxicos ou improvisados non conducen a ningures nunca, pero moito menos nun momento como este. Por iso a ruta que escolleu Galicia consiste en graduar as medidas en función da gravidade de cada momento e en función da incidencia de cada lugar. Non facer nada, dende logo, non é unha opción. Traballaremos para evitar ter que pechar todo a cal e canto, coas consecuencias que iso ten tamén. E, por suposto, pensamos que non ten sentido habilitar medidas homoxéneas cando as diferenzas e incidencias son notables, dependendo dos concellos ou das áreas xeográficas.

Lamentablemente, non podemos desbotar que o modelo neste proceso sexa o de peches e aperturas progresivas ata que haxa vacina. É a única opción de controlar o avance da pandemia mantendo un nivel de actividade aceptable. É o que levamos facendo nos últimos meses.

Ás veces son medidas moi localizadas, como se fixo no mes de xullo na Mariña lucense, ou na comarca da Coruña posteriormente no mes de agosto, e de forma máis recente, coas restricións aplicadas nas comarcas do Carballiño, en Ourense, ou en comarcas de Lugo. Outras veces son medidas de carácter máis xeral, como as que se decidiron o pasado 20 de outubro cando xa decidimos en Galicia o nivel 2 de restricións en toda a comunidade autónoma.

Unhas veces o Comité debe de plantexar medidas conxunturais, como fixo o pasado 30 de outubro, cando se decretou o peche das sete cidades para evitar desprazamentos masivos polo Día de Defuntos. E noutros momentos a situación exige restricións máis amplas, no tempo e no espazo, como as que están vixentes neste momento.

Tal e como nos pediron os expertos, este novo esforzo xeral é imprescindible para dobrar a curva e non vernos obrigados a maiores restricións no mes de Nadal. Respetar os peches perimetrais decretados nos 60 concellos, asumir o peche da hostalería nestas zonas —salvo o servizo a domicilio—, relacionarse exclusivamente con conviventes e non superar reunións de máis de seis persoas nos concellos que non estean perimetrados, así como establecer aforos con carácter xeral no comercio, ou ver limitado o transporte público, todo isto resulta desmoralizador, pero asegúrolles que non atopamos outra alternativa. Porque non facelo conduciría inexorablemente a limitacións aínda maiores nas próximas semanas.

Precisamente para evitar isto apostouse por un modelo de actuación semellante ao que aplicamos na comarca do Carballiño e que, en opinión do Comité Clínico, é o que antes nos vai permitir resetear o sistema sanitario.



Desde onte os expertos avalían cal debe ser a incidencia que permita o levantamento destas restricións, e, aínda que non hai por agora un horizonte concreto, seguiremos pensando en que, de continuar a tendencia á baixa, ao longo do mes de decembro poderíamos aliviar algunha ou bastantes destas limitacións.

Señorías, o virus non entende de localismos exacerbados, de loitas partidistas, nin de estratexias interesadas. Se a cidadanía galega está a dar unha resposta exemplar á hora de entender e cumprir as restricións, se a meirande parte da poboación entende que as medidas non son un castigo, senón unha protección, se todos estamos e nos esforzamos en cumprir escrupulosamente as recomendacións, non ten ningún sentido que haxa representantes políticos que queiran xogar á confusión cos seus veciños e as súas veciñas co afán de intentar presionar a este goberno.

Por tanto, este alivio das medidas, de chegarse a producir, decidiríase con base nun só criterio: a proposta do Comité Clínico, segundo a evolución epidemiolóxica de semanas anteriores, igual que todas as decisións que vimos tomando dende o mes de marzo. *(Aplausos.)*

Lograr este obxectivo é un aliciente para todos, pero máis aínda, se cabe, para todos aqueles negocios da hostalería e centros de ocio, aos que lles pedimos que, polo ben de todos, pechen as súas portas.

Señorías, son vítimas do virus os falecidos e os enfermos, e todas as persoas que vemos alterados os nosos hábitos de vida, pero tamén os sectores afectados polas súas consecuencias económicas. Nestas semanas, o ámbito da hostalería e dos centros de ocio —centros de ocio que xa están pechados dende o mes de agosto por orde ministerial— vese especialmente tocado polas restricións, como outros que dende hai meses sofren os efectos das limitacións que temos que tomar porque o que prima ante todo é a seguridade e a saúde. Somos conscientes diso, e por iso estamos e seguiremos ao seu carón, como estamos a facer dende que todo isto comezou.

Fixémolo no ocio nocturno, insisto, pechado polo Ministerio de Sanidade dende o mes de agosto. Estes teñen á disposición axudas para sufragar os gastos de alugueiro e axudas e préstamos para tentar manter o emprego e a actividade. Fixémolo tamén aprobando iniciativas e incentivos para que o sector do comercio, o turismo e os servizos puidesen adaptar as súas instalacións aos protocolos de seguridade —16 millóns de euros investidos—. Fixémolo cun plan de dixitalización para as pemes e autónomos, con especial atención ao teletraballo —26 millóns de euros investidos—. Fixémolo con distintas iniciativas para incentivar o consumo do comercio: o Plan Renove de electrodomésticos, o Plan eCommerce, ou na automoción o Plan Renove ou o Plan Moves. Fixémolo cun plan de reactivación ao sector cultural, conscientes das dificultades dos 30.000 profesionais que traballan nel. Fixémolo cun programa específico para autónomos, o Cheque Autónomo, que vimos de ampliar agora cun plan de rescate dotado de 70 millóns de euros para tentar diminuír a baixada de ingresos de 50.000 autónomos. E, por suposto, estámolo a facer agora coa hostalería.

Señorías, é evidente que un dos sectores nos que vai ser preciso volcarnos nas vindeiras semanas é o da hostalería. Están sufrindo moi directamente os efectos das restricións, e é de xustiza que todas as administracións nos poñamos ao seu carón para axudalos.



Dende logo, a Xunta vaino facer, e sempre dende o diálogo que estamos mantendo co sector. Dende o primeiro minuto aprobamos axudas para paliar os efectos do peche. A pasada semana, só un día despois de aprobar as novas restricións e mesmo antes de que entrasen en vigor, o Consello da Xunta aprobou un escenario de axudas de entre 2.200 e 7.000 euros para cada un dos establecementos da hostalaría que se viron obrigados ao peche nos 60 concellos referidos.

Esta semana na que estamos garantimos que poderán ter acceso a elas, con independencia de que se fagan servizos de recollida a domicilio, porque sabemos que isto está moi lonxe de compensar a actividade normal. Xa lles adianto que tamén deseñaremos con eles instrumentos de apoio para enfocar a reapertura con axudas a fondo perdido para a instalación de terrazas en todas as cafeterías e bares que o poidan facer de acordo coa normativa municipal, así como mecanismos de financiamento específicos, como a liña Ifi-covid, dotada de 10 millóns de euros, que aprobaremos mañá no Consello da Xunta para os sectores máis castigados —ambulantes, economía social, ocio infantil ou ocio nocturno—, con tres anos de carencia e a tipo practicamente cero.

Pero, señorías, non todo está na man da Xunta; todas as administracións teñen que sumar esforzos para paliar os danos que está a sufrir o sector clave, ou un dos sectores claves da economía, e por iso apelo de forma reiterada ao Goberno central para que reduza ao 4 % o IVE turístico e para que manteña os ERTE o tempo que sexa preciso de acordo coas limitacións sanitarias. Apelo tamén a que introduza criterios que faciliten o acceso ás axudas aos autónomos e apelo tamén a todos os concellos para que contemplan unha moratoria das taxas municipais durante o tempo que dure esta situación. *(Aplausos.)*

Señorías, máis aló do impacto en sectores concretos, é evidente que as consecuencias da pandemia nas economías de todo o mundo son demoledoras. Non se pode utilizar outro termo que suavice a situación, porque a situación non é grave, é gravísima. As caídas do segundo trimestre en todo o mundo foron algo nunca visto no último século, e estase comprobando como a recuperación está lonxe —nalgúns países máis que noutros, como no noso— de ser algo inmediato.

Con todo, pode dicirse que a economía galega está a amosar, de momento, un mellor comportamento que a media de economías das comunidades autónomas durante a primeira onda da pandemia. O noso PIB, o noso produto interior bruto, caeu ao redor de tres puntos porcentuais menos que a media española, tanto en termos trimestrais como interanuais. En emprego, temos unha taxa de paro de 4,5 puntos porcentuais inferior á taxa media de paro de España, e reverteron durante a campaña de verán o total de baixas da Seguridade Social que tiveramos durante o confinamento, un total de 35.000 novas afiliacións. E as nosas exportacións tamén caeron 2 puntos menos que as da media de España, en gran parte polo bo comportamento da industria do automóbil.

Non interpreten estes breves apuntamentos macroeconómicos como unha mensaxe de triunfalismo, nin sequera creo que deban ser interpretados como unha mensaxe de optimismo. Este só é o retrato neutro e temporal da situación actual económica que estamos a vivir; unha situación que en todo caso nos obriga a buscar as fórmulas para converter



unha caída máis lenta que a da media española nunha oportunidade para recuperarnos máis rápido.

Neste escenario quero trasladarlles con claridade unha tripla preocupación e ocupación do Goberno de Galicia:

En primeiro lugar, preocúpanos a curto prazo ser capaces de dar resposta ás necesidades máis acuciantes dos traballadores. Neste aspecto saben que outorgamos liquidez para apoiar o mantemento e a actividade do tecido empresarial cunha liña que xa mobilizou 128 millóns de euros en préstamos de ata 200.000 euros e en microcréditos, co que bonificamos o 100 % dos xuros a pequenos emprendedores e autónomos.

En segundo lugar, co aprazamento das cotas de amortización dos préstamos do Igape e Xes-Galicia.

En terceiro lugar, protexendo o mercado laboral con 8 millóns de euros froito do diálogo social, anticipando a nómina a máis de 3.400 familias afectadas polos ERTE que non cobraron nos prazos razoables, con axudas para completar as prestacións de menor contía dos traballadores afectados polos ERTE e para persoas a partir de 55 anos que perderon o seu emprego, de acordo co pacto na Mesa do diálogo social.

E, por suposto, temos presentes, en terceiro lugar, os máis vulnerables, e por iso puxemos en marcha un plan de recuperación social dotado con 60 millóns de euros.

Recentemente ampliamos a 6 meses unha das principais medidas, a Tarxeta Básica, para que familias sen ingresos ou con ingresos moi baixos poidan facer a súa compra diaria. Dedicamos 14,6 millóns de euros a esta axuda urxente e inmediata e que leva beneficiado a 8.000 fogares; é dicir, aproximadamente a 20.000 galegos ou galegas.

A segunda preocupación no eido económico convócanos a medio e longo prazo a ser quen de poñer as luces longas e a identificar onde van estar os retos e as necesidades dos próximos anos para darlles resposta. Só no ámbito sanitario é fundamental que este Parlamento nos dote dunha nova lei de saúde que permita prever as necesidades normativas que xorden da pandemia, como tamén o debería de facer o Goberno central. Non sería necesario, no seu caso, que as comunidades autónomas tiveramos que andar lexislando por ausencia de lexislación sanitaria no Goberno de España.

En definitiva, nos próximos días entrará nesta Cámara a modificación da Lei de saúde, para que tamén nesa Lei de saúde de Galicia haxa un capítulo axeitado para xestionar as pandemias sanitarias.

No ámbito económico, é imprescindible que sentemos as bases necesarias para afrontar a recuperación, e nese obxectivo quero recoñecer o papel da Comisión para a Reactivación creada neste Parlamento. Fomos quen de chegar a acordos para establecer un calendario consensuado e as comparecencias que están tendo lugar estes días. Agardamos que dela poidan saír conclusións cunha utilidade real. É preciso facer unha reflexión útil sobre como



queremos entre todos superar esta crise e afrontar unha recuperación sólida e xusta, e creo que esa Comisión de Reactivación pode contribuír a eses obxectivos.

Neste sentido, nós xa comezamos a traballar pensando no futuro, e neste mes tamén rexistraremos neste Parlamento unha proposición de lei de reactivación que proporemos tramitar de forma áxil, como acabo de referir; unha lei que pretenda mudar a cultura da Administración para que se poida converter en facilitadora da actividade económica; unha lei que busca dotar a Galicia de ferramentas útiles para a captación de investimentos; e unha lei que poñerá á disposición dos emprendedores os instrumentos necesarios para que as súas iniciativas contribúan á recuperación da actividade económica e do emprego.

Pero tamén será clave nesta reactivación a consecución de fondos europeos, unha oportunidade irrepetible que non estamos dispostos a deixar pasar; unha oportunidade para a que Galicia ten feito os deberes cunha candidatura seria, realista e madura dende o Goberno autonómico, cunha Comisión *Next Generation* que supuxo e supón un valor engadido aos proxectos presentados e cunha vontade de diálogo e integración das empresas implicadas, entre as que se atopan algunhas das máis importantes non só de Galicia e non só de España, senón do mundo. Por iso, dende a posición que nos outorga o traballo feito nesta cuestión, seguiremos demandando do noso Goberno central a transparencia, a certeza e a xustiza na repartición destes fondos, que, lamentablemente, aínda descoñecemos.

Pero dicíalles antes que hai unha tripla preocupación que, na miña opinión, é compartida por boa parte da cidadanía en España e que en Galicia debemos de esforzarnos por sortear. Refírome ao desacougo que produce que o Goberno central teime en introducir debates inoportunos, improcedentes, que dividen a sociedade e que poden mermar a calidade democrática das institucións ao tempo que se mantén intermitente na xestión da pandemia, como xa comentei.

Lamentablemente, cando o Goberno central aparece de forma clara non é para establecer criterios básicos relacionados coa contención da pandemia, porque cada comunidade autónoma segue afrontando os problemas maioritariamente en solitario; non é para dotar a nación dunha lexislación adecuada ás necesidades deste momento histórico, porque España continúa coa mesma normativa sanitaria coma se non houbese pandemia; non é para responder de forma solidaria ás necesidades de cada comunidade, porque, lamentablemente, os fondos que se están habilitando estanse a repartir sen respectar os criterios fixados no sistema autonómico e como considere oportuno o Goberno; non é tampouco para afondar nas tarefas de reconstrución, porque seguimos pendentes de que se fixen criterios claros e obxectivos para concorrer aos fondos *Next Generation*; e non é nin sequera para tomar unha medida tan rápida e tan concreta como reducir o IVE das máscaras, toda vez que quedou claro e que quedou demostrado que nos están mentindo; é dicir, que se pode reducir o IVE das máscaras, o problema é que o Goberno deixaría de recadar 1.600 millóns de euros no IVE.

Señorías, levamos meses, dende o mes de marzo, pedindo que se rebaxe o IVE das máscaras. Unha gran mascarada durante todos estes meses intentaba confundirnos dicindo que a Unión Europea o prohibía. A maioría dos países da Unión Europea baixou o IVE das máscaras ao



4 % e incluso nalgún nin existe, e agora resulta que reiteradamente a comunicación da Unión Europea acredita que os estados membros durante o tempo da pandemia poden reducir o IVE das máscaras, pero, sen embargo, o Goberno de España séguenos mentindo.

Cando o Goberno central aparece claramente, señorías, é impulsando iniciativas que dividen, e, o que aínda é máis grave, aproveitando un estado de alarma histórico de seis meses continuados. Nin o cambio no sistema de elección do Consello do Poder Xudicial, nin a exclusión do idioma castelán como vehicular no ensino, nin o intento de establecer unha verdade oficial imposta aos medios de comunicación teñen nada que ver coa loita contra a pandemia. Sen dúbida, é paradoxal que o mesmo goberno que permanece ausente na crise provocada pola covid se mostre hiperactivo en asuntos que fragmentan a sociedade española.

Señorías, dende a Xunta de Galicia perseguimos a concordia social e a eficacia nas medidas contra a pandemia, e desexamos coa mesma forza contar con referentes claros na Administración central. Sería, sen dúbida, a única posibilidade que temos de retomar os comportamentos e as condutas uniformes e coherentes para afrontar unha pandemia en España.

Por iso, na miña calidade de representante ordinario do Estado en Galicia, considero que a delegación de competencias non significa que o delegante se ausente. A cogobernanza non é desgobernanza. Apelo ao Goberno central para que regrese á xestión da pandemia e se ausente, en cambio, de políticas que nos equiparan a aqueles países cunha democracia en retroceso. *(Aplausos.)*

Señorías, hoxe a miña intención non foi outra que a de explicarlles a vostedes e ao conxunto da sociedade galega —a quen me debo— a realidade tal e como é, ou polo menos tal e como é de acordo coa nosa información e o noso criterio, como sempre o fixen e o seguirei a facer: sen maquillaxes e sen medias tintas, coas ameazas e as oportunidades que temos no horizonte. Reitero por iso a miña plena consciencia de que afrontamos unhas semanas e uns meses moi duros, nos que se volverá poñer a proba a resistencia da nosa economía, da nosa sociedade e das nosas institucións democráticas. Esta situación exige que todos deamos o mellor de nós mesmos, e asegúrolles que pola Xunta, polo seu presidente e pola maioría parlamentaria que o sustenta non vai quedar.

Nestes momentos nos que todo son incertezas e nos que moitos cidadáns se senten —con razón— defraudados por algunha política e algúns políticos, podo dicirlles que non temos máis compromiso que acertar, non temos máis compromiso que protexer Galicia, o noso sistema sanitario público e o noso tecido produtivo e non temos máis compromiso que o de conseguir que as medidas de hoxe se traduzan en boas noticias do mañá.

Máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor presidente, señorías.

Señor Feijóo, estamos vivindo a situación máis difícil das últimas décadas; unha pandemia que os galegos e galegas enfrontan con decisión, dándonos un exemplo do que aprender cada día. Eu así o fago desde a humildade que require a política sempre, pero moito máis nestes tempos nos que non estamos para triunfalismos. Só en Galiza o virus segou a vida de 1.024 persoas, e quero enviar un abrazo solidario ás súas familias e amizades. Quero tamén enviar palabras de alento e de ánimo para os 10.000 galegos e galegas que hoxe loitan para vencer a covid; estou segura de que sairemos adiante. E para todas e todos eles o meu compromiso e a miña palabra de que o BNG seguirá traballando sen escatimar esforzos para axudar á recuperación e a que saiamos canto antes desta situación. Imos traballar con lealdade ao país e con ánimo de axudar. E axudar é tamén sinalar aqueles ámbitos nos que o seu goberno debe mellorar.

É evidente que algo falla. No último mes triplicouse o número de hospitalizados, hai un incremento do 60 % da ocupación nas UCI e duplicouse o número de contaxios activos. E iso que, curiosamente, dous días antes desta comparecencia o número das PCR realizadas caeu en picado. O domingo fixéronse 7.884, onte a cifra baixou a 4.343. ¿Pode explicar por que en 48 horas cae un 45 % o número de probas PCR xusto antes de que vostede compareza nesta Cámara? Hai unha cousa que é moi obvia: a menos PCR, menos contaxios oficiais. Espero, señor Feijóo, que este non sexa o milagre galego do que presume nos platós de televisión. *(Aplausos.)*

Insisto, toda a colaboración do BNG para loitar contra o virus, pero colaborar tamén significa denunciar o que non se está facendo ben. Díxeno máis dunha vez, podemos comprender que en marzo a pandemia collera por sorpresa o seu goberno, igual que a todos os gobernos do mundo, pero o que é incomprensible e imperdoable é que oito meses despois siga instalado na improvisación. Señor Feijóo, ¿que fixo nestes oito meses para prepararse para esta segunda pandemia, que vostede mesmo dixo aquí que sabía que ía chegar? Porque, mire, esta crise require anticipación, require estratexia e require consensos, iso é o que lle dá esperanza ao país. E vostede non tivo anticipación, carece de estratexia e até o de agora non foi capaz de fraguar ningún consenso neste Parlamento.

Permítame repasar que está pasando naqueles ámbitos que son clave para loitar contra a pandemia. No ámbito sanitario, ¿que fixo para anticiparse, señor Feijóo? Francamente, nada. Anticiparse era reforzar a atención primaria e non o fixo porque segue baixo mínimos despois de dez anos de recortes e con profesionais que, si, hai que recoñecerlles que, a pesar da precariedade e do exhaustos que están, están dando o mellor de si cada día.

Mire, di que todo vai ben, pero é que na UCI de Santiago de Compostela acaban de anunciar unha folga pola falta de medios. ¿Que terá que estar pasando para que no medio dunha pandemia os profesionais se teñan que estar poñendo en folga neste país? *(Aplausos.)* Anticiparse



era contratar o número de rastrexadores suficientes e preparalos. E vostede non o fixo, hoxe seguimos sen saber cantos rastrexadores hai no noso país. O que si que sabemos é que estamos á cola á hora de localizar contaxios. E hoxe o gran anuncio que fai non é contratar máis rastrexadores, é que a cidadanía se teña que rastrexar a si mesma, señor Feijóo. (*Aplausos.*) Isto non é serio, (*Aplausos.*) tan pouco serio como que non foran capaces nin tan sequera de poder organizar a campaña da gripe de vacinación no momento en que máis se necesitaba.

Señor Feijóo, di que todo vai ben, pero é que esta semana a plataforma SOS Sanidade Pública denunciaba que se suspenderon 3.000 intervencións, 60.000 consultas e 20.00 probas diagnósticas que están deteriorando a saúde dos galegos e das galegas. Señor Feijóo, tome nota e rectifique.

Outro ámbito clave son as residencias. Nós preguntámonos o mesmo que moitos galegos e galegas: ¿que fixo para anticiparse e protexer os nosos maiores? No día de hoxe as residencias volven ser a zona cero da pandemia, con miles de contaxios e centos de falecementos. Houbo días nos que ese parte diario, desgarrador, de falecidos nos dicía que a metade eran usuarios de residencias de maiores. E hoxe volve facer o bochorno de comparar a morte dos nosos maiores cunha media; é, desde logo, bochornoso e vergoñento (*Aplausos.*) que utilice os nosos maiores, as mortes dos nosos maiores, para compararse cunha media. E, mire, seguen sen tomar medidas. Realmente, só actúan cando se produce un contaxio masivo; é que é o retrato perfecto da súa incapacidade para anticiparse.

Quero facerlle unha pregunta. Non sei se tivo tempo de ler a denuncia que lle trasladaron as traballadoras da residencia de Salvaterra. ¿Tivo tempo de lela? Pois ben, permítame que lle faga un extracto do que denunciaron: «As instalacións non reúnen as mínimas condicións de mantemento nin salubridade, as habitacións dos residentes teñen graves deficiencias, os residentes permanecen pechados con chave nas súas habitacións e non hai material suficiente para que se cambie a roupa de cama cada vez que sexa necesario. O 90 % dos usuarios teñen úlceras provocadas pola inmovilidade, porque non se fan cambios posturais, e poden estar até dez horas sen cambiar os cueiros». E engaden: «Poderíamos continuar ao longo de 10 páxinas relatando irregularidades, negligencias, falta de persoal e abandono e incluso maltrato institucional cara aos usuarios». Esta residencia, señor Feijóo, leva catorce días intervida pola Xunta, e as traballadoras pregúntanse —igual ca nós— como é que nestes catorce días non fixeron absolutamente nada ata que este tema sae á luz pública. (*Aplausos.*) ¿Que máis ten que pasar, señor Feijóo, para que actúen nas residencias?

Falta de anticipación na sanidade, falta de anticipación nas residencias e vexamos que pasa con outro ámbito importante, a educación. Non teñen protocolos claros e é a súa competencia, señor Feijóo. Non se reduciron as ratios por aula, non se contratou o persoal suficiente, non se garante a escolarización en caso de contaxio. A súa gran aportación, señor Feijóo, é que os centros educativos se busquen a vida, que fagan o traballo que nin vostede nin a súa Consellería de Educación son capaces de facer. Esta é a súa resposta á sanidade.

Temos tamén que poñer o foco en que pasa no ámbito económico, en que fixo para anticiparse, señor Feijóo. Mire, mentres outras comunidades están indo xa pola segunda liña de axudas directas aos autónomos, no noso país, en Galiza, os máis de 200.000 autónomos e



autónomas non recibiron nin un só euro de axudas directas por parte do seu goberno. Alemaña pechou a hostalería e acompañouno dun plan de choque onde lles compensan as perdas, señor Feijóo. Aquí vostede pecha o sector durante un mes sen que haxa ningunha axuda directa publicada no DOG. (*Aplausos.*) Hoxe volven estar na rúa os profesionais da hostalería porque, evidentemente, vemos que as súas axudas non chegan. E o mesmo lle pasa ao comercio, ao turismo ou á cultura.

Mire, a situación económica e laboral de moitos galegos e galegas é hoxe angustiosa. Hai miles de familias que perderon os seus ingresos, que viven con medo, con medo a un futuro incerto e coa ansiedade que provoca ver como se acumulan e acumulan facturas sen poder facerlles fronte.

Estamos, señor Feijóo, nun momento de crise sen precedentes, e a resposta non pode ser a improvisación e a falta de anticipación, porque nos fai perder un tempo precioso, imprescindible, para salvar vidas e para salvar empregos.

Por iso desde o BNG volvemos ofrecer a nosa man tendida, a nosa total e leal colaboración con este país, que nos pide máis que nunca política con maiúsculas; a política que se anticipa, a que dá solucións, a que axuda a saír adiante, a que permite recobrar a confianza no futuro. Esa é a colaboración e a política que lle ofrece o BNG a favor de Galiza. Mire, non rexeite a nosa man tendida. Queremos seguir incidindo en propostas que son necesarias e que hoxe lle sintetizamos nun decálogo de propostas urxentes.

É necesario:

Primeiro. Un plan de reforzo xa da sanidade pública, cun investimento adicional e inmediato de 200 millóns de euros na atención primaria; máis médicos e médicas e menos telemedicina.

Segundo. Un plan de continxencia que garanta a atención sanitaria ao conxunto da poboación máis alá da covid.

Terceiro. Intervir todas as residencias de maiores, protexer os nosos maiores e tamén eses traballadores e traballadoras que están facendo un traballo excepcional. E realice probas semanais para poder detectar contaxios.

Cuarto. Contratar e formar máis rastrexadores.

Quinto. Incrementar o número das PCR que se realizan a diario.

Sexto. Un plan de rescate real dos sectores económicos máis afectados pola crise, a hostalería, o comercio, o turismo e a cultura, con medidas como compensar realmente as perdas ou reducir os alugueiros.

Sétimo. Dotar de máis persoal e recursos o sistema educativo, cun obxectivo, que é garantir un ensino seguro e de calidade en tempos de pandemia e acabar coa fenda dixital.



Oitavo. Ter xa preparado un plan B que se anticipe ante un eventual escenario total ou parcial de teledocencia.

Noveno. Unha estratexia de país para conseguir que Galiza reciba todo o que lle corresponde dese Fondo covid europeo. Nós xa puxemos unha proposta, unha contía mínima de 12.600 millóns de euros. Pelexemos por ese 9 %, fagamos un acordo de país aquí e non voten en contra, como veñen facendo.

E, por último, décimo. Transparencia, señor Feijóo, nos datos e tamén transparencia ante este Parlamento.

Estamos nun estado de alarma e a obriga dun responsable político é comparecer periodicamente nesta Cámara.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Por iso lle pedimos que, mentres dure o estado de alarma, compareza cada quince días para dar conta da situación e das medidas.

Remato, señorías, cunha última e breve reflexión.

Hoxe vivimos nunha Galiza e nun mundo diferente, nada é igual, e, de momento, nada é mellor porque só acumulamos perdas: perdas dun ser querido, perdas de saúde, perdas de emprego, perdas das nosas relacións sociais... Desde este Parlamento temos a obriga de facer todo o posible, todo o posible, para que os galegos e galegas recuperemos a normalidade canto antes. E xa lles anuncio que o BNG non vai escatimar esforzo para conseguirlo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, señorías, estamos vivindo unha segunda onda da pandemia que ten unha fonda situación de gravidade; unha situación de gravidade no sanitario, no económico e no social, un escenario que nos preocupa en todo o mundo, en Europa, en España e aquí, en Galicia; unha segunda onda na que os números son tamén preocupantes, na que vemos que hoxe en Galicia hai 500 persoas ingresadas en hospitais e arredor dun centenar en unidades de coitados e de vixilancia intensiva; e unha situación grave cun número de contaxios moi relevantes e tamén cunhas ratios que superan as que nos gustaría ter a todos por contaxios por 100.000 habitantes.



E fai ben, señor Feijóo, vostede en comparecer. É unha débeda que tiña con este Parlamento. Queremos pedirlle que compareza de forma regular en sede parlamentaria. Agora, cando vostede xa sinala que ten as competencias delegadas, lembre que non comparece pola crise da covid neste Parlamento —certo é que cunhas eleccións por medio— dende o día 7 de maio e que aquí non houbo comparecencias ao longo de toda a crise da covid dende o mes de marzo máis que en dúas ocasións do presidente da Xunta para facer unha análise desta situación. Polo tanto, queremos pedirlle, coa mesma lealdade que vostede ten deste Parlamento, que compareza regularmente, que explique a situación, que explique as medidas, que dialogue e que comparta unha folla de traballo que poida axudar este país a saír dunha crise de tanta gravidade. Non se lle pode dar a espalda ao Parlamento de Galicia, hai que estar no Parlamento, porque falar no Parlamento é explicarlle, señor Feijóo, a Galicia o que está acontecendo coa crise; é dar conta das súas responsabilidades no eido sanitario, no eido económico e no eido social, e queremos que o presidente da Xunta compareza regularmente neste Parlamento.

Mire, nos últimos tempos o que vimos é que houbo improvisación, inconsistencia e unha viraxe rotunda da súa forma de entender esta segunda onda en cuestión de poucos días. Vostede adicouse durante moitas semanas a criticar o estado de alarma. Decía que era un estado de alarma demoledor. Dedicouse a criticar que o estado de alarma puidese dar competencias aos gobernos autonómicos, porque dicía que eran «estadiños de alarma». E vostede é o mesmo que no mes de maio dicía que había que descentralizar: «*Feijóo eleva el tono contra el Gobierno y exige la vuelta de las competencias a Galicia*». Vostede pedía descentralización de forma continua en toda a primeira onda, e agora que vostede ten todas as competencias adicouse durante moitas semanas a criticar que as puidese ter, a criticar o estado de alarma e a criticar a situación. Polo tanto, perdeu un tempo que era necesario e unhas capacidades fundamentais para que, dende o seu goberno, dende a Consellería de Economía, dende a Consellería de Sanidade e dende a Consellería de Política Social, se fixeran os deberes que Galicia necesitaba.

O 26 de outubro vostede dicía que había que estar en contra do estado de alarma, que era unha cuestión que afectaba o capital reputacional. ¡Coa que estaba pasando no país esa era a súa preocupación, falar do capital reputacional! Por certo, sen entender nada do que implica nos modelos de reputación e nos modelos de evolución económica da marca dun país. Iso era o 26 de outubro. Pero é que o día 30 de outubro, catro días despois —non ría, señor Tellado, porque son cuestións graves do país— de que o presidente da Xunta dixese que era un estado demoledor, vostede tivo que pechar sete cidades. Iso tres días despois de que vostede se negase a blindar Galicia. E o día 4 de novembro houbo que pechar 60 concellos, blindalos nos seus perímetros e ademais pechar a hostalería. En todo ese tempo vostede estivo perdendo a capacidade da Xunta de traballar para estar preparado ante unha pandemia de tanta gravidade e de facer todos os deberes, e non os fixo. Claro que hai inconsistencias e que aínda hoxe é posible vir de Madrid a Cedeira, pero non é posible vir da Coruña a Cedeira; ou é posible vir de Madrid a Baiona, pero non se pode ir de Vigo a Baiona, porque vostede se negou a blindar esta comunidade nunha liña de acción na que seguiu vostede á presidenta de Madrid, a Ayuso, que non é o modelo que nós queremos para Galicia, nin cando se nega a blindar Madrid, nin tampouco cando reduce o número das PCR para así non ter explicacións que dar cando o número de positivos é maior. Hai inconsistencias e pedímoslle que as



rectifique. Nós queremos medidas ponderadas porque nunha crise de tanta gravidade a saúde é o primeiro, e á vez hai que darlle posibilidades á economía.

Vostede contará coa lealdade do Partido Socialista de Galicia, unha responsabilidade crítica da que vostede, señor Feijóo, non debe ter queixa, porque temos distintas formas de ver as cousas, pero vostede ten as competencias de determinar cales son as medidas que hai que tomar en cada momento para poder loitar contra o virus. Vostede ten toda esa información, esa información que non lles dá aos concellos, que non nos dá aos distintos grupos da oposición, e vostede ten que exercer e tomar esas responsabilidades. Pero cando vostede se nega a tomar unha decisión e en catro días ten que tomar decisións moito máis dramáticas, evidencia que vostede estaba fóra de xogo. Estaba fóra de xogo. O presidente da Xunta estivo fóra da realidade do que estaba acontecendo, centrado na súa estratexia de oposición ao Goberno de España contra o estado de alarma, en vez de preparar os colexios, en vez de preparar a atención primaria, en vez de preparar as residencias, en vez de preparar a Xunta para salvar a xente. Vostede traballou para salvar o Partido Popular en vez de traballar para salvar a cidadanía ante a crise de maior gravidade que estamos vivindo no país, e pedímoslle que rectifique. *(Aplausos.)* Porque, mire, o seu relato en cuestión é moi claro. En Galicia non hai rastrexadores. Vostede dixo que había 6.152. E como non hai rastrexadores, despois non hai unha posibilidade de buscar as orixes do virus nin hai a trazabilidade, e por iso agora vostedes xustifican facer menos PCR.

Pero díxoo o conselleiro de Sanidade con total claridade nunha entrevista que deu a volta a España. Porque lle preguntaban: «¿Cuántos rastreadores hay en Galicia? —No voy a cambiar el discurso. —Es que usted no da el dato. —No lo digo tanto por eso. —¿Y qué le da miedo? —Que yo no sé qué hacen en otra comunidad. —Le pregunto por Galicia. ¿Cuántos trabajan en la Central de Seguimiento de Contactos? —Los necesarios. Ya, al principio, en mayo, había 20. Y contesta el consejero: —Ha crecido, el número es variable, no se lo voy a decir».

Esta é a política de escurantismo que vostede está plantexando dende a Xunta de Galicia. O 62 % do total de casos detectados da covid en Galicia, segundo o Instituto de Vixilancia Epidemiolóxica da Carlos III, non ten rastro, non se desvela ningún contacto. Dous de cada tres contaxiados en Galicia non sabemos de onde veñen, e vostedes carecen dunha estrutura de rastrexadores para seguir a orixe do virus. E cando non se sabe a estratexia para plantexar ese tipo de elementos, vostedes reducen o número das PCR. Nos últimos quince días fixéronse arredor de sesenta e tantas mil PCR. Na quincena anterior fixéronse 125.000. ¿Por que reducen á metade o número de PCR que se fixeron nas últimas dúas semanas en Galicia? É que dirán: non temos a trazabilidade para saber a quen testar. Pois poñan rastrexadores para poder testalo.

Esta é unha situación grave nunha atención primaria que vostedes queren converter en teleasistencia médica en vez de presencial, e, ademais, cunha campaña da gripe que quedou desbordada, que foi un espectáculo bochornoso para o Goberno de Galicia. Este goberno, que sacaba en todos os xornais (*O señor Caballero Miguez mostra o cartel publicitario de vacunación contra a gripe da Xunta de Galicia.*), «Contra a gripe, temos vacina», atopouse rapidamente con que non había vacinas e con que, cando daban vostedes as citas a tantos galegos para vacinarse, chegaban ás súas citas e os mandaban para a casa. Esa é a falla de xestión da que



vostede ten que falar, señor Feijóo. Ese escenario hai que corrixilo, e hai que corrixilo tamén nas residencias, onde vostede nalgún momento asumiu que había un erro, un fallo e que había que cambiar de modelo, pero non o fixo. No día de hoxe nas residencias hai contaxios masivos, non se tomaron as medidas de blindaxe necesarias, non se tomaron medidas contundentes para illar e sacar delas, con contaxios masivos, os maiores infectados, e hoxe en día os maiores que están nas residencias seguen tendo medo ante a improtección que teñen en tantos lugares. Non hai día, non hai xornada na que non teñamos noticias dramáticas do que ocorre nas residencias, e non podemos seguir así.

Hoxe, tamén toda España se levanta con noticias nacionais de residencias en Galicia (*O señor Caballero Miguez ensina unha noticia de prensa.*): «*Galicia encuentra ancianos encerrados y con úlceras en una residencia*». Eu non quero caer na demagogia nin en ningún tipo de plantexamento excesivo, pero isto é unha realidade, e hai que aclaralo e hai que explicar o que está pasando con estes maiores. (*Aplausos.*) É unha investigación que se debe e que a Consellería ten que abordala tamén. Non queremos estar escarvando nos problemas, pero non se poden tapar as realidades. Hai que dicirlle ao país a realidade que está acontecendo.

Señor Feijóo, no eido económico, vostede é o gran ausente. Hoxe, mentres estamos aquí, decenas de hostaleiros están manifestándose en fronte do Goberno de Galicia, da Xunta de Galicia, para reclamar axudas, porque vostede ata hoxe non deu unha soa axuda directa a hostalaría do noso país, cando estamos en estado de emerxencia dende o mes de marzo. Todos estes meses, nin unha axuda directa. E claro que estivo ausente, ausente nas decisións para respaldar a hostalaría, o comercio, o turismo, a cultura...; ausente nas medidas das políticas económicas de curto prazo para salvar un país en situación de emerxencia; pero tamén carente de rumbo e carente de orientación para sacar o país a medio e longo prazo desta crise.

Señor Feijóo, escurantismo, falla de datos, falla de orientación, son erros que son sinónimo do seu goberno, e ten que cambiar. Ten que cambiar a forma de trasladar a información, ten que cambiar a forma de comprometerse nos eidos fundamentais, ten que rectificar os erros que cometen na política sanitaria, na política de residencias de maiores e especialmente na política económica. A economía de Galicia está sufrindo unha crise sen precedentes, como a sofren o conxunto dos países e tamén a economía española, e é certo que con menor entidade e con menor profundidade que noutros lugares, fundamentalmente porque o peso que ten o turismo no PIB de Galicia é moi distinto ao que teñen comunidades como Baleares ou como Canarias, é algo evidente. Pero a afección desa crise é tan profunda que necesitamos que o Goberno de Galicia se poña a traballar e teña un plan de acción, e non o ten.

Cando vostede fala dos fondos europeos, amosa a súa falla de compromiso, a falla de rumbo e a falla de estratexia de país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Non sabemos que modelo económico de país quere. Vostede cre que, plantexando unha estratexia e dicindo que quere gastar máis para que lle dean fondos europeos e mandando unha folla de Excel ao Goberno de Madrid dicindo que ten 108



proxectos —que ninguén coñece, que están no seu caixón, que vostede oculta e que nin quere amosar nin quere debater—, esa é a forma de facer política. Nin ten estratexia nin ten rumbo, pero, dígolle máis, esa non é a forma de conseguir o respaldo dos fondos europeos, porque soamente cun acordo de país e cun acordo parlamentario conseguiremos trasladarlle a Europa e ao Estado español que hai unhas prioridades no país. Esa estratexia de dicir que hai 7 proxectos e logo mandar un Excel que recolla 108 —que ninguén coñece— é unha estratexia errada.

Consensúe vostede unha estratexia de país...

O señor PRESIDENTE: Grazas

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...fronte á crise e plantexemos os mellores proxectos para sacar a Galicia adiante.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Contará coa man do PSdeG, porque en momentos complicados xa lle dixen nunha ocasión que a súa sorte, a sorte do Goberno, é tamén a sorte de toda Galicia.

Grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Señor presidente da Cámara, señor presidente da Xunta, señorías, conforme o tempo vai avanzando, máis clara vemos a esencia da crise da covid. Os sete meses de experiencia que acumulamos fannos ver que isto non é un conflito exclusivamente sanitario, que non é un problema exclusivamente económico, que non é un problema exclusivamente social, e que tampouco é un problema exclusivamente político. É, como en tantas outras cousas e como en tantos outros episodios dos seres humanos, un problema de loita pola vida. A manifestación máis evidente deste feito son os máis de 1.000 falecidos que sufrimos en Galicia como consecuencia desta pandemia, os máis de 5.300 hospitalizados ao longo da pandemia, os case 600 en UCI ao longo da pandemia e os 32.000 que superaron con éxito a enfermidade.

Desde logo, a todos eles, a nosa maior solidariedade, comprensión e apoio. Pero xunto cos que a sofren directamente, tamén a pandemia é unha loita pola vida familiar, pola vida social, pola vida económica e tamén pola liberdade e pola democracia, porque no fondo somos unha sociedade de individuos libres que queremos amar, queremos traballar, queremos saír cos amigos, queremos abrazar os seres queridos, compartir as festas e tamén os duelos e, como non, temos o condicionamento do virus.



E o problema da pandemia é que se trata de vivir convivindo co virus, vivir convivindo coa pandemia; primeiro, protexendo a vida biolóxica, pero tamén protexendo a nosa forma de vida, en familia, en sociedade, no traballo, nos centros de estudo, nos hospitais, nas rúas, nas prazas, nos fogares. Son falsas as dicotomías que se queren presentar entre sanidade-economía, sanidade-democracia, sanidade con covid ou sanidade sen covid. Todos temos que convivir co virus, pero facéndoo compatible con todos os aspectos da vida.

Certamente, como explicou o presidente, as cifras de contaxios e de baixas en Galicia son mellores que as da media de España, pese a que vivimos nun dos peores países neste aspecto. Como dicía un analista político galego ben coñecido, aquí isto só pode ser froito de dúas cousas: ou ben da intercesión do apóstolo, cousa que a oposición, evidentemente, e con motivo, non valora, ou porque hai un diferencial na actuación pública, na actuación dos distintos gobernos. Hai un diferencial na actuación do Goberno de España en relación cos demais países de Europa e tamén hai un diferencial no comportamento e na acción do Goberno da Xunta en relación cos demais gobernos autonómicos de España.

Certamente, isto non é un consolo, senón unha motivación para seguir actuando o mellor que saibamos. Os resultados menos malos son consecuencia, primeiro, dun mellor comportamento individual dos galegos, e segundo, dun mellor comportamento social, pero tamén dun mellor comportamento político. E hoxe, tras varios meses de actuacións políticas, a diferenza de actuación dos distintos gobernos e a experiencia acumulada por este permítenos chegar a catro conclusións sobre como está a traballar o Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo, cun obxectivo: compatibilizar a vida social, familiar e económica coa pandemia todo o que sexa posible, minimizando ao máximo, en primeiro lugar, o impacto sanitario, pero tamén o impacto económico, social, familiar e persoal.

E fíxoo, segue a facelo e nós apoiamos que o siga facendo con catro principios bastante elementais: en primeiro lugar, respecto aos criterios da autoridade, dos expertos. Isto é o que nós entendemos facer política con maiúsculas, á marxe de calquera outra consideración partidaria ou ideolóxica.

A Xunta constituíu un comité clínico, un comité económico, co mellor da Administración pública e da sociedade, do mundo da universidade e do mundo da empresa. Actuou recorrendo sempre a expertos. As decisións sempre foron baseadas nos criterios de autoridade dos expertos, da autoridade científica.

Os dous comités —que teñen composición coñecida—, que ao longo das comparecencias que tiveron os seus membros na Comisión de Reactivación deixaron claro que contan con toda a información dispoñible e mesmo eloxiaron a receptividade e a aplicación inmediata das súas propostas por parte da Xunta, foron sempre respectados e determinaron as actuacións da Xunta, tanto no ámbito epidemiolóxico como no social e no económico. Os criterios técnicos, sempre con plena información, con reunións permanentes e con conclusións que se aplican despois dun consenso acadado entre os propios membros científicos desas comisións.

E cando a oposición critica as medidas ou propón cousas contraditorias, porque estes días escoitamos, por un lado, acusar de improvisación ao Partido Socialista, cando era respaldado



polo Comité Clínico, cando o propio ministro socialista aplaude as decisións que se tomaron en Galicia, cando se acusa de improvisación e ao mesmo tempo se pide ponderación e cando o BNG pide o peche total, eu preguntome: ¿esas afirmacións están baseadas nalgún criterio experto? ¿Están baseadas no diálogo entre expertos, que á súa vez lles propoñen aos responsables políticos que fan estas declaracións algunha medida concreta? ¿Están baseadas no coñecemento dispoñible, en información plena? En fin, a utilización dos defuntos que se fai algunhas veces por algunha portavoz eu déixoa á consideración dos que nos escoiten; eu son incapaz de referirme a ela. (*Aplausos.*)

A falla de certidume é consubstancial ás ciencias empíricas, e particularmente á medicina, pero o noso compromiso é estar con eles e facer o que eles indican, porque saben o que saben, pero saben moito máis que calquera de nós.

O segundo principio de actuación da Xunta foi o de anticiparse e reaccionar, non improvisar medidas; todas elas viñeron respaldadas polos comités técnicos correspondentes. Hai que diferenciar entre o que é a improvisación e a rapidez na adopción de decisións. Vímolos xa no pasado. A oposición tomaba decisións e facía propostas, por exemplo, sobre o adiamento electoral, que non tiñan nada que ver cos propios informes científicos que deu a Xunta e que se validaron como certos vendo cal é a situación epidemiolóxica en xullo e cal é a situación epidemiolóxica agora. Vímolos nas propostas que fixo a Xunta durante o estado de alarma, por exemplo, no impacto que tivo o pechamento dos nenos nas casas e na petición de que se abrise para que os nenos puidesen saír a pasear.

Na segunda estámolo a ver co IVE das máscaras, que son esenciais para combater o virus, e no que pasamos dunha desculpa baseada nunha suposta prohibición da Unión Europea, cando en Portugal e en Bélxica está no 6 %, en Italia e nos Países Baixos está no 0 % e aquí mantense no 21 %, e a desculpa, ao final, eran os 1.600 millóns de euros de custo para a Administración.

Pero tamén vemos esa capacidade de anticipación e reacción en materia sanitaria. Eu creo que poucas comunidades poden dicir que hai unha exemplar separación dos circuítos covid e non covid nos hospitais aos que pode acudir con todas garantías calquera persoa que sinta a necesidade de asistir a un hospital. E creo que isto debemos dicilo, que os hospitais galegos son dos máis seguros que hai en España.

En segundo lugar, porque tamén houbo acopio de materiais. Aquí hoxe fixéronse insinuacións sobre as PCR, sen ter en conta que as PCR se determinan polo método dos propios médicos e que, ademais... En fin, vostede fixo unhas insinuacións que tería que demostrar porque son realmente graves. Ou chegan con conclusións de denuncias anónimas cando a Xunta fixo unha inspección sanitaria e social inmediatamente ao ter coñecemento dunha —insisto— denuncia, que ademais é anónima.

Eu estes días, anticipándome a todo o que din da sanidade, pensei: ¿que estarían vostedes pensando cando viron a visita do ministro de Sanidade, acompañado do alcalde de Vigo e do delegado do Goberno, ao Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo? Asistiu a un laboratorio, e aquí, ao longo de meses e anos, estivemos escoitando que era un hospital privado, que non ía ter



laboratorio e que ía ser un desastre para a sanidade pública da área metropolitana viguesa. *(O señor Puy Fraga ensina unha noticia de prensa.)* «O señor ministro aplaudiu o cribado periódico que fai Vigo aos servizos esenciais», e vostedes disto non din nada. Cando o presidente di que a preparación previa permitiu afrontar a crise sanitaria mellor porque as instalacións eran mellores, vostedes din que iso é falso, e o ministro vai e desménteos; desménteos visitando un laboratorio que non existía, nun hospital que é privado, segundo vostedes, e que seguen defendendo. *(Aplausos.)*

A anticipación e a preparación está nos máis de 89 plans, programas e protocolos de actuación que todas estas consellerías da Xunta, todos os departamentos da Xunta, aprobaron ao longo das últimas semanas, destacando, evidentemente, no ámbito social e no ámbito educativo, os liderados, a través da nova vicepresidencia económica, no ámbito económico.

Evidentemente, a anticipación está cos proxectos «tractores». Fomos das primeiras comunidades en elaborar proxectos tractores antes de que se deseñara o plan de axudas europeo. E, por suposto, cos que se están a realizar e que se están a coñecer. ¿Teñen algún inconveniente, por exemplo, ou algo que dicir sobre o que se presenta no ámbito biotecnolóxico con Zendal ou o que antes se presentou no sector do automóbil?

O terceiro criterio de actuación, o terceiro principio, é o da mínima intervención e a máxima protección, actuando en función da realidade epidemiolóxica en cada momento e en cada lugar. E sobre isto o importante é a posición que temos sobre a lexislación. A oposición só presume de ter ou ben estado de alarma ou ben unha orde ministerial que limita os dereitos fundamentais. Neste Parlamento debatemos a proposta dunha lei orgánica que permitise afrontar concretamente, con garantías, unha situación epidémica como a que vivimos hoxe. Os grupos da oposición abstivéronse, e esta semana vai ir ao Congreso esa proposta de lei. Esperemos que haxa unha reacción para dar seguridade xurídica, para dar respaldo ás decisións que se adoptan, cando vemos que os tribunais toman decisións que non son sempre coherentes e, ademais, con todas as garantías, prudencia e vantaxes para a cidadanía e os pacientes. Estamos a ver os problemas que ten o estado de alarma. Pregunten aos seus compañeiros de Asturias para que lles sirva o estado de alarma cando piden o confinamento.

O grupo maioritario, neste sentido, presidente, apoiamos os seus anuncios, e colaboraremos coa rápida tramitación das leis sanitarias e económicas que no ámbito autonómico permitan responder máis eficaz e rapidamente á pandemia.

E o cuarto e último principio de actuación foi a lealdade. Seguimos sendo leais. Informar e a transparencia foron, durante o período que estaba disolto o Parlamento, algo excepcional, comparable, por exemplo, sen ir máis lonxe, co que se fixo no Parlamento vasco, onde non compareceu o seu presidente nada máis que unha vez. Pero é que aquí está o presidente tamén comparecendo hoxe. Eu non podo máis que pensar que vostedes, os dous grupos da oposición, que acaban de apoiar un estado de alarma no que o presidente do Goberno, que é o principal responsable das medidas que se adoptan no estado de alarma, non ten que dar conta nin ás Cortes, nin ao Congreso, que é o constitucionalmente encargado de facer o control do estado de alarma, e vostedes, que acaban de votar unha prórroga de seis meses...,



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...veñen aquí dicir que o presidente non comparece, cando está comparecendo, e a pedir que compareza cada quince días, cando o Bloque se conformou con dous meses do informe do presidente do Goberno de España, que é o responsable das medidas que se adoptan. ¡É realmente sorprendente!

Remato.

Señor presidente, teña vostede e ten vostede o noso apoio persoal, porque sabemos que no persoal este tipo de situacións desgastan e fan pasar a un moitas veces por momentos duros e difíciles, pero sobre todo apoiámolo no ámbito político para que siga traballando para compatibilizar a vida coa pandemia, antepoñendo a saúde, respectando os criterios científicos, con diálogo coa sociedade, anticipándose e reaccionando cando as circunstancias o demandan e facéndoo con gradualidade e con lealdade e con propostas construtivas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora portavoz do BNG, é sorprendente que vostede me fale de anticipación, señoría. Vostede pensa que as 35 persoas do Comité Clínico non saben de epidemioloxía, nin de propostas sanitarias, e vostede vénnos dar aquí unha lección do que hai que facer.

Eu estou aberto a todas as súas leccións, tamén ás leccións dunha portavoz que conta cunha amplísima experiencia na xestión pública, pero debería ser vostede un pouco máis humilde en relación cos médicos, co persoal sanitario, cos infectólogos, cos urxenciólogos, cos ucistas, cos preventivistas, cos microbiólogos, co persoal de enfermería e cos médicos de atención primaria que conforman o Comité Clínico ao Servizo Galego de Saúde e que levan anticipándose todos os meses durante os últimos sete ás medidas do Goberno central e a boa parte das medidas das comunidades autónomas.

Que vostedes me falen de anticipación ambos os dous, señor portavoz do PSdeG, é algo sorprendente. Recordarán vostedes que a súa proposta responsable, sería, que o único que tiña como obxectivo era coidar a vida dos galegos, consistía en facer eleccións durante a segunda ola. Esa era a súa proposta, señora Pontón e señor Caballero; proposta que os perseguirá durante toda a lexislatura. Nesa proposta dicían que o que queríamos era protexer os inte-



reses do Partido Popular de Galicia, cando resulta que, se me guiase por vostedes, estaríamos no mes de outubro celebrando eleccións; é dicir, estaríamos sen posibilidade de celebrar eleccións na segunda ola da pandemia na comunidade autónoma.

Un pouco máis de rigor e un pouco máis de humildade non sería malo para todos, e neste momento, na miña opinión, é imprescindible.

Efectivamente, señorías, hai 1.024 persoas das que xa nunca máis recuperaremos as súas vidas, señora Pontón. ¿Sabe por que vostede pode dicir este dato? Porque informamos diso diariamente. ¿Sabe por que non sabemos o número de persoas que morreron en España? Porque vostede apoia un goberno que non acredita o número de mortos en España.

Por iso, señora Pontón, que nos veña dar aquí clases de rigor, é, cando menos, sorprendente. Mire, que veña intentar manipular, intoxicar, co número das PCR que se fan e con que todo o sistema sanitario, 40.000 persoas, traballan para facer menos PCR e para que o presidente da Xunta compareza na Cámara, non é un insulto cara a min, é un insulto a 40.000 profesionais dos que vostede di que fan menos PCR para que o señor Feijóo se poida lucir na Cámara.

Pero, señora Pontón, ¿vostede vai seguir así durante a lexislatura? Realmente un disparate como este, ¿vostede o vai manter na réplica? ¿Vostede pode dicir que nós damos instrucións para facer menos PCR co obxectivo de comparecer na Cámara con menos contaxiados? ¡É lamentable, señora Pontón! Nin coñece o sistema de información do Servizo Galego de Saúde, nin lle importa, nin o consulta, nin lle interesa, e ademais o intoxica, e intoxica o traballo do Servizo Galego de Saúde. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, as PCR que notificamos o luns traen causa maioritariamente das que se fan o domingo, e por iso os luns o número das PCR normalmente baixa, igual que o número de falecidos durante a fin de semana baixa porque se actualizan o luns.

É evidente, señorías, que o Ministerio de Sanidade non dá un só dato nin os sábados nin os domingos. A pandemia, o estado de alarma, acredita que o Ministerio de Sanidade non ten que dar contas durante dous días dos sete da semana. O Servizo Galego de Saúde, si, dá todos os datos, e recomponos, se hai algunha urxencia, durante os primeiros días da semana. O Ministerio de Sanidade nin sequera reflicte o número de mortos que notifican as comunidades autónomas.

¡E vén vostede dar aquí clases de información, de transparencia, señor Caballero! Pero, de verdade, fai falta ter, cando menos, un pouco de honestidade profesional e de honestidade política.

Mire, unha das razóns polas que me dedico á política é porque a verdade ten que vencer á mentira, *(Risos.)* porque se a mentira vence á verdade nin é política nin é democracia. *(Aplausos.)* Por iso, señorías, está moi ben denunciar o que non se fai ben, por suposto, é correcto; agora, insinuar con datos falsos, intoxicar, poñer en dúbida os datos do Servizo Galego de Saúde, señora Pontón, é lamentable.



Dicir, señorías, que vostedes convocan folgas nos hospitais non é nada novo, por suposto; que o BNG, a través da central sindicalista CIG, convoca folgas nos hospitais é o normal. (*Murmurios.*) O normal sería que non as convocaran, iso si que sería unha excelente noticia. Vostedes están fóra de todo, fóra do diálogo social, fóra da concertación, fóra das mesas de negociación. Vostedes van por libre, porque pensan que vostedes son superiores aos demais e, lamentablemente, a maioría dos galegos pouco a pouco xa saben quen son.

Mire, pon en cuestión os consensos. ¡Pero se fixemos a Comisión de Reactivación para buscar o consenso, e di que non hai ningún consenso! Comparezo a petición do BNG, e dime que non son transparente. Como dicía o portavoz do grupo maioritario da Cámara, o único deputado que teñen nas Cortes votou que si a un estado de alarma durante seis meses sen comparecencia do presidente, sen nin sequera o presidente estar presente na Cámara cando se vota o estado de alarma, e vostede vén aquí dicir que a comparecencia...

¡Señor Caballero, que non compareza o señor Sánchez está ben e que compareza o señor Feijóo tamén! Pero, ¿en que quedamos? Se o señor Sánchez, que é o que delega as competencias, non ten que comparecer, ¿por que temos que comparecer os delegados, se non comparece o delegante? Isto é, cando menos, sorprendente, señor Caballero. Estas varas de medir, estas formas de pensar que os galegos somos parvos e que non sabemos ler, nin multiplicar, nin dividir... Non, non, señor Caballero, sabemos perfectamente as regras básicas, e sobre todo o que non nos van é intoxicar con determinados paralelismos falsos. (*Aplausos.*)

Mire, poñer en cuestión a gripe, a campaña da gripe, é moi desafortunado. Cualificar de fracaso a campaña de maior participación na historia da Comunidade Autónoma de Galicia é, lamentablemente, sorprendente. Vacináronse 151.500 persoas, un 35 % máis que na campaña anterior. A estas alturas do ano xa se vacinaron o 9,8 % máis de persoas maiores de 65 anos, un 57 % máis de persoal sanitario e máis menores de 65 anos, un 64 % máis. Este domingo o Sergas recibiu 70.000 vacinas —70.000 novas— para menores de 65 anos, aumentando o stock ata máis de 150.000. Temos todas as doses que se necesitan en función das citas previas solicitadas, e estamos vacinando a persoas que non están dentro do parámetro de saúde pública no ámbito da vacina da gripe; é dicir, a persoas que nin son vulnerables, nin pertencen a colectivos con factores de risco, nin a profesionais sanitarios, nin a mulleres embarazadas. Adquirimos 985.000 doses, un 45 % máis que na campaña anterior, e veñen aquí falar da campaña da gripe, cando esa campaña pode chegar ata o 30 de decembro, que é cando finaliza, cun —insisto— 35 % máis de vacinados, e veñen poñer en cuestión o traballo dos profesionais sanitarios.

Veñen vostedes falar das suspensións das intervencións. ¿Pero é que hai algún lugar en Europa onde non se suspenda a actividade programada como consecuencia da pandemia? ¿Ten vostede algún manual de xestión hospitalaria, señora Pontón, onde acredite que debemos de proseguir coa actividade programada normal durante a pandemia? E vén aquí falar, porque llo dixo non sei quen, de que se suspenderon 3.000 intervencións. ¡Menos mal que non lle dixeron que se suspenderan 6.000! A vostede dálle igual. ¡Se non sabe o número de intervencións que se fan, que máis lle dá falar de 3.000 que de 6.000! Vén a boleo. Iso si, o BNG colle as cifras, e se nós collemos as cifras, facemos demagogia. ¿É que acaso se pode medir unha pandemia sen recoller as cifras comparativas de comunidades autónomas que



compartimos España ou dos mellores países da Unión Europea? ¿Pero pode facerse máis demagogia en menos tempo, señora Pontón? É difícil. Eu, dende logo, nunca vin en dez minutos, nunha pandemia, a unha deputada ou a un deputado facer máis demagogia da que vostede fixo na súa intervención. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, está vostede coa teima das residencias, por intentar dicir que o Partido Popular privatiza as residencias. ¡Outra máis! ¡Pero se non privatizamos ningunha residencia dende que chegamos ao Goberno! ¿É que acaso non hai contaxio nos domicilios particulares, señora Pontón? ¿É que acaso non hai contaxio nos lugares de traballo? ¿É que acaso non hai contaxio na Moncloa? ¿Entón? Resulta que as persoas máis vulnerables, 25.000, onde traballan 17.000 persoas, ¿cre vostede que están libres de calquera contaxio?

Miren, vostedes trouxeron aquí unha comisión de investigación para as residencias. ¿Por que non a presentan dunha vez se realmente teñen vostedes ese interese? Non, porque hai que dicir que si, pero despois, non.

Mire, con todos os respectos, claro que nós imos seguir traballando nas residencias, por suposto: 300 inspeccións en residencias; 38 procedementos sancionadores; número de cribados —é como se traballa, señora Pontón—, 51.564 entre os traballadores; porcentaxe de positivos, o 1 %; número de cribados entre residentes, 53.280; porcentaxe de positivos, o 2,4 %; número de residencias sen covid neste momento, o 85 %. E estes datos ¿non se poden dicir?, ¿non se pode dicir que hai 408 casos detectados nas residencias, que é o 1,8 %?

Mire, o número de falecementos nas residencias na primeira onda foi de 274, e agora son 160; isto fai un total do 43 %. Non podemos dicir aínda, porque non o sabemos, o número de falecidos en España, porque se nega a dar o dato o Goberno de España. De vostede nunca escoitei pedir o número de falecidos en España. Pero os datos que dan os medios de comunicación acreditan que do número total de falecidos o 49 % lles corresponden ás residencias; en Galicia, 7 puntos menos. E a ratio de falecidos covid sobre prazas de residencia en Galicia é do 2,1 %, menos da metade que en España, que é o 4,41 %. Hai países que si dan datos da xente que falece nas residencias. En Canadá, por exemplo, o 80 % do total das mortes do coronavirus, de acordo co Goberno canadiano, prodúcese nas residencias; en Noruega, Israel e Irlanda, o 60 %; en Bélxica e Francia, o 50 %; en España, o 49 %; en Galicia, o 43 %. ¿E parécelle mal que digamos estes datos?

¿Resulta que temos máis consideración do nacionalismo vasco que do nacionalismo galego por aceptar que en Galicia se están xestionando as cousas con mellores resultados ou con resultados menos malos que no resto das comunidades autónomas? ¿É que a vostede lle interesa realmente Galicia ou vén simplemente utilizar Galicia como unha escusa política para intentar sementar dúbidas sobre se o número das PCR as fai o señor Feijóo para maior honra e lucimento? Todo é posible, pero hai cousas que cando se pasan do límite non son en ningún caso aceptables. E eu veño pedir un respecto polo Servizo Galego de Saúde, pola enfermería e polos profesionais sanitarios. *(Aplausos.)* E por iso creo que me corresponde plantexalo. *(Aplausos.)*

¿Como se pode vir aquí dicir que non temos ningunha axuda para a hostalería se somos a única administración pública que hai en Galicia que temos axudas directas para a hostalería?



¿Como me pode dicir aquí que non demos axudas directas para a hostalería se estamos negociando con eles dende hai máis de quince días e levamos máis de tres semanas na Mesa do diálogo social negociando coas organizacións sindicais axudas para os autónomos, axudas para a hostalería? ¿Como se pode dicir isto, cando resulta que non coñezo os municipios gobernados polo PSOE e o BNG onde digan: miren, non imos cobrar o IBI, non imos cobrar a taxa da auga, non imos cobrar a taxa da terraza, non imos cobrar a actividade...? ¡Iso é o lóxico! Esa é a nosa proposta, e esa é a proposta que poñemos enriba da mesa. E o IVE vaise reducir o 4 %. Esas son as propostas que, xunto coas axudas directas de entre 2.200 e 7.000 euros, poden realmente facer unha axuda á hostalería, que o está pasando realmente mal.

Mire, imos —como en todas as residencias— analizar con detemento todas as situacións que se trasladen en calquera delas. ¿Como se pode dicir que non hai altura institucional nunha residencia que está intervida pola Xunta de Galicia e que é unha residencia que non está dentro do perímetro do sector público, como no caso de Salvaterra? ¿Ou como se pode omitir dentro dese comunicado que se di por parte dos comunicantes que a asistencia mellorou en canto foi intervida pola Comunidade Autónoma? ¿Por que non se fixeron estas denuncias antes para poder activar a inspección dos servizos sociais e comprobar esa residencia? Señora Pontón, se vostede cre que hai residencias onde non se cumpre, por favor, facemos as denuncias correspondentes para activar as inspeccións.

O que está claro, señorías, é que vir aquí falar das propostas do BNG, que se un plan de educación virtual... ¡Pero se foi presentado e boicoteado polo BNG ao minuto seguinte! ¡Se hai que comparecer en estados de alarma e resulta que o que dita o estado de alarma non comparece e vostedes o apoian! A única proposta do BNG que realmente é unha proposta distinta é o confinamento, o confinamento total da poboación galega. Señora Pontón, ¿vostede plantexa o confinamento total da poboación galega ou iso era a proposta da semana pasada e agora mudou esa proposta? Supoño que teremos dereito a sabelo, e que será a proposta estrela do nacionalismo galego: confinar a toda a poboación e pechar todos os centros de traballo e todos os centros económicos. E resulta que vostede chega a este Parlamento e cala sobre a proposta que vostede... De vez en cando ocórreselle a gran proposta epidemiolóxica, sen dúbida, baseada en criterios de xestión contrastados. Mire, non sei exactamente que é o que pretende vostede. Non sei se o que pretende é simplemente volver ás andadas do nacionalismo ou se realmente lle interesa o país. Como a min me interesa o país, nós imos seguir xestionando.

E por iso me sorprende, señor Caballero, que vostede me veña aquí dar leccións de que hai que comparecer. Pero, señor Caballero, ¿vostede non se dá conta de que o seu líder máximo nin sequera comparece na Cámara cando pide seis meses de estado de alarma? ¿E parécelle que non hai un custo reputacional? Eu non falei de capital reputacional. Diso sabe vostede moito, do capital; eu falei do custo reputacional que supón nun país estar seis meses en estado de alarma e cargarse o Nadal e a Semana Santa. (*Murmurios.*) ¿Por que non fala vostede co sector da hostalería?, ¿cos turoperadores? ¿Como se poden facer reservas para os hoteis de España, a terceira potencia mundial do turismo, e declarar o estado de alarma ata o 9 de maio? Simplemente, ¿para que? Para non comparecer na Cámara cada quince días. ¿E os sectores económicos? ¡Que máis dá! Se o noso problema non é ese, o problema é conseguir as maiorías para conseguir un estado de alarma durante quince días. Así é realmente como se está levando España neste momento.



¡Claro que desacreditei que o Goberno de España se metera en todo e agora resulta que non se meta en nada! ¡Pero é que hai un termo medio, señor Caballero! ¡Claro que eu critiquei que non se deixara pasar dun concello a outro con situacións epidemiolóxicas iguais! Nós deixamos. ¡Claro que critiquei que se confinara toda a poboación, con independencia de que houbera moitísimos concellos en Galicia onde non houbera un só caso de coronavirus! Nós confinamos a 60; os 250 restantes non están confinados. ¡Claro que critiquei que non se puidera acudir a asistir os animais, por suposto, señor Caballero!, e sígoo criticando. ¡Claro que critiquei que os nenos non puideran saír á calle e os cans si, claro que o critiquei!

E tamén critiquei que iamos a 17 estados de alarma, e non estamos en 17, realmente estamos en 19; pensei que Ceuta e Melilla eran responsabilidade do Goberno de España, pero non. Os únicos hospitais que manexa o Goberno de España son os de Ceuta e Melilla. Vostedes — que lles interesan os datos epidemiolóxicos — comproben e verán que Ceuta e Melilla son os lugares peor xestionados de España polo Goberno de España e polo Ministerio de Sanidad do Goberno de España. Pediron o confinamento os dous, o número de taxa de incidencia nos últimos catorce días en Ceuta é de 1.066, e en Melilla, de 1.059. Os únicos dous hospitais e os únicos médicos que dependen do Ministerio de Sanidad son os dos peores datos de todo o país. ¡E vén vostede aquí dar clase de epidemioloxía e de xestión sanitaria! Pero, señor Caballero, ¿de verdade que a vostede nin sequera se lle ocorre mirar a responsabilidade directa do Goberno? ¡É sorprendente!

É sorprendente, señorías, que veñan tamén falar de que consideran oportuno que a hostalaría se estea manifestando; pero quedoulles un pequeno detalle: diante das subdelegacións do Goberno. (*Murmurios.*) Ese detalle é nimio, ¿que máis dá? ¡Se o importante é que te collan, a ver se me din iso, e xa está! ¿Que máis dá onde se diga?

Pero, mire, respecto dos 108 proxectos que ninguén coñece, ¿vostede cre que o Comité de Expertos Económicos, onde está un expresidente da Xunta —bastante máis sensato, por suposto, ca vostede—, non coñece as propostas que fan os propios expertos? ¿Vostede cre que os 108 proxectos son unha cousa que se nos ocorre a nós e que non se lle ocorre ao sector forestal, ao sector da automoción, ao sector da madeira e que non se lles ocorre aos sectores primarios, aos sectores enerxéticos, aos sectores tecnolóxicos? E agora di que se o consensuamos vai saír. Señor Caballero, case lle pido que vostede me pase os proxectos que ten o Partido Socialista a sabendas de que van saír, porque podemos facer un cruce rápido e, entón, así, ao mellor, conseguimos algo. Pero, señor Caballero —dígollo con toda a cordialidade—, ¿de verdade que vostede fala en serio sempre que intervén? ¿Ou non? Creo que é unha pregunta non menor, porque eu intento falar en serio, e os temas económicos claro que me preocupan. ¿Vostede está de acordo co confinamento xeral que plantexa o BNG ou non? ¿Non? Bueno, pois está ben, recoñezo que a oposición ten propostas bastante coherentes e coincidentes.

O certo e verdade é que a min me gustaría saber, señorías, todo o que facemos mal para melloralo. Pero vir aquí poñer en cuestión os datos do Servizo Galego de Saúde, a actividade diagnóstica dos microbiólogos e da enfermería, o número de tests que realizamos as fins de semana, o funcionamento das residencias da terceira idade, a capacidade de transparencia do Goberno de Galicia ou simplemente falar mal do país, cando resulta que somos —xunto



con Valencia— a comunidade autónoma peninsular cos mellores datos de España e cando temos a porcentaxe de camas de UCI e de camas en planta coa segunda mellor porcentaxe de toda España... E pensar que todo iso non é porque algunhas cousas —a maioría— se están facendo mellor que no resto do país...

Eu estou moi orgulloso da sanidade pública, estou moi orgulloso dos profesionais sanitarios e síntome moi orgulloso de ser galego, e para min é unha honra presidir Galicia nos momentos de maior dificultade. Lamento que para vostedes non o sexa; para min éo e seguirá séndoo ata o final.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, teño que dicirlle que esperabamos moito máis de vostede. Esperabamos moito máis. Desde logo, esperabamos que non caera nun triunfalismo absolutamente inútil no medio dunha pandemia na que Galiza está moi lonxe de ter controlados os datos. E, desde logo, o que me pregunto é se vai seguir así toda a lexislatura e se cada vez que sinalamos un problema a súa resposta non vai ser como solucionalo senón como atacar a quen está denunciando a situación neste país. *(Aplausos.)* Esa é a súa resposta, o ataque persoal, o insulto, a descualificación. Esa é a política coa que vostede quere embarrar o Parlamento galego no medio da maior pandemia económica, social e sanitaria e, desde logo, da peor situación que vive o país nas últimas décadas. Isto é o que lles ofrece vostede aos galegos e ás galegas. Non vai ter de min nunca nin un insulto persoal nin unha descualificación. *(Aplausos.)* Ao contrario, imos seguir sinalando os problemas e imos seguir poñendo o acento nas medidas nas que é necesario actuar porque, de verdade, non son tempos de triunfalismo.

Mire, nesta crise necesitamos un goberno que lidere e un presidente que se poña á fronte, non que se esconda nin que bote balóns fóra, como está facendo vostede continuamente. Necesitamos a alguén que lidere —insisto— e que non se esconda. E vostede, durante a pandemia, primeiro escondeuse na TVG, escondeuse detrás do mando único, e agora quere esconderse detrás do Comité Clínico, que, mire, na comparecencia na Comisión de Reconstrución, a persoa que veu comparecer deixóunolo moi claro: quen toma as decisións é o Goberno. Polo tanto, señor Feijóo, asuma cales son as súas responsabilidades. *(Aplausos.)*

E si, eu fixen unha pregunta que merece unha resposta, non unha descualificación, señor Feijóo, porque creo que os galegos e as galegas teñen que saber por que cae en picado, cunha redución que non ten precedentes na última serie histórica, o número das PCR que se realizaron nas últimas 48 horas. Explíquenos vostede por que hai esa redución, porque é evidente que vostedes lles deron instrucións aos médicos para que fixesen menos PCR. Si, si, temos



unha instrución que tivo que retirar o Sergas pedíndolles aos médicos de atención primaria que non reclamasen PCR, e tiveron que retirala. Entón, que hai interferencias nese ámbito é evidente e ao que ten que vir aquí, a este Parlamento, é a dar respostas e non a insultarnos nin a faltarnos ao respecto, señor Feijóo, (*Aplausos.*) porque non está o país para que ese sexa o exemplo. Desde logo, a fin de semana anterior non caeron as PCR nesa medida e, se non, vaia aos datos; fixéronse 7.610 e 6.000.

Polo tanto, señor Feijóo, non veña aquí única e exclusivamente coa súa trécola de sempre, de intentar descualificar as persoas para non dar os debates sobre a política, porque, mire, eu non lle falto á súa capacidade nin á súa valía persoal. Xa sei que vostede iso é o que quere facer nesta sesión. Desde logo, nós imos seguir denunciando o que está pasando.

Mire, claro que temos unha teima coas residencias. ¿É que como non imos ter unha teima cando faleceron moitas persoas no noso país e seguen sendo o centro dos contaxios? E o que é bochornosa é, señor Feijóo, a súa intervención, porque, miren, a nosa teima é defender a dignidade das persoas maiores neste país (*Aplausos.*) e a nosa teima é que se explique por que hai un colectivo de 20.000 persoas que absorbe case a metade dos falecementos no noso país.

E mire, o colmo, señor Feijóo, é que vostede diga que a situación da residencia de Salvaterra é responsabilidade das traballadoras, que a culpa de que estivesen encerrados é responsabilidade das traballadoras. ¿Sabe o que nos din nese escrito —vostede parece ser que só le unha parte—? Que hai catorce días que a Xunta sabe isto e o propio comunicado que emitiu a Consellería onte di que van empezar a actuar. Van empezar a actuar cando se fai público e non cando o coñeceron. E miren se hai precedentes que esta denuncia non aparece hai uns días, no ano 2017 xa se denunciaron ante a Xunta de Galiza os problemas que había nesta residencia. Explíquenos por que non actuaron, señor Feijóo. É o que ten que explicarnos. (*Aplausos.*) Pero é que despois veu un informe do Consello de Contas que volvía poñer o foco no problema que había nas residencias de maiores, e o seu goberno, en vez de actuar, o que fixo foi reducir o número de inspeccións. Ten unha responsabilidade, señor Feijóo, e, desde logo, o que non pode é vir aquí eludila constantemente, porque se poden tomar máis medidas para evitar que a covid volva ás residencias. E o que nós non imos aceptar é que se nos diga que non hai absolutamente nada que facer.

Miren, tocou vostede tamén a proposta que o Bloque Nacionalista Galego fixo a semana pasada con todo o rigor, con toda a responsabilidade, porque, miren, nun momento no que se están poñendo sobre a mesa datos cada vez máis alarmantes, a obriga dun goberno é tomar as mellores decisións para que o efecto na vida e na economía sexa o menor posible.

Hoxe temos unha noticia en *La Voz de Galicia*: a economía sofre a metade co modelo duro de restricións durante menos tempo. E se le esta noticia verá que o que nos di é que o Comité se debatía dende hai unha semana entre seguir co modelo de restricións brandas, sostidas no tempo, ou optar por un modelo duro. Facíano analizando, entre outras cousas, un estudo australiano que comparaba os custos económicos que supoñían diferentes niveis de limitacións e que demostra dúas cousas: a economía sofre a metade impondo medidas duras e o custo de vidas é tamén moito mellor.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Menos custo de vidas e menos custo económico. Pero vostede está instalado na mentira, na manipulación e na demagogia. E isto, señor Feijóo, que nós estabamos alertando era o mesmo debate que estaban tendo os expertos deste país. Deixe de atacar o BNG...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e asuma as súas responsabilidades, *(Aplausos.)* porque a súa responsabilidade é actuar canto antes. Nós imos seguir defendendo as nosas opinións con todo o rigor.

Hoxe trasladámoslle...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora PONTÓN MONDELO: ...propostas, trasladámoslle iniciativas que son importantes para saír da crise e volvemos tenderlle a man, e o que vemos, señor Feijóo, é que vostede xa non é que unha man nola tenda e coa outra nos dea unha labazada, é que para o único que quere vir aquí é para facer de oposición da oposición. E este país...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora PONTÓN MONDELO: ...necesita un goberno que o lidere no medio dunha pandemia. Póñase á fronte e deixe de botar balóns fóra, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Caballero Miguez.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, a súa comparecencia hoxe queda sen nada: nin hai máis transparencia, nin dá máis información, nin plantexa reforzamento daquelas liñas nas que hai debilidade no seguimento do virus, na atención das residencias ou na liña económica para reactivar o noso país.

Vostede fai unha intervención na súa liña na que se escusa en distintas cuestións. Eu, dende logo, hai algunhas das súas cuestións que si referendo, como cando di vostede que a verdade ten que vencer a mentira. Eu creo que esa é unha máxima que subscribo plenamente, o que pasa é que, cando vostede chegou a falar de que en Galicia había 6.152 rastrexadores, vostede fixo a *fake new* máis grande que se presentou en toda esta segunda onda en Galicia: un engano ao noso país, *(Aplausos.)* uns números que non existen, uns datos que nin tan sequera



o conselleiro pode referendar. Ninguén cre nesa palabra, e esta é a orixe de tantos problemas, porque, se non hai rastrexadores e en 2 de cada 3 contaxiados pola covid non sabemos como determinar de onde vén o virus, vostede logo non ten a capacidade de seguir a trazabilidade da orixe e de facer todas as PCR posibles. Polo tanto, é necesario dar unha resposta distinta. É necesario facer unha aposta por máis rastrexadores. Se vostedes dicían neste Parlamento que non sabían cal era a definición, lexísleno se fai falla, pero poñan a todos os profesionais sanitarios a rastrexar o virus. Dous de cada tres contaxiados polo virus teñen a orixe dese virus —que non está contrastado— en Galicia, e dino os médicos, o Instituto da Carlos III.

Vostede, que tanto fai referencia aos compoñentes científicos e clínicos, dígame: ¿por que Galicia ten os peores datos de rastrexos do virus que hai en calquera comunidade autónoma, cun 62 % dos contaxiados nos que non se detecta a orixe? Comprométase hoxe de forma concreta.

Mire, o debate das PCR é un debate que pode ter moitos prismas, pero creo que hai unha cuestión clara: se hai capacidade de facer PCR, o Goberno da Xunta ten que conseguir que non se dea un paso atrás. Se se poden estar facendo 8.500 PCR nunha xornada, comprométase hoxe aquí, no Parlamento de Galicia, a que en toda a segunda onda da covid cada vez haberá máis, pero nunca menos, porque cando hai 60 concellos con restricións é clave fundamental buscar onde está a orixe do virus e por que existe. Consigan poñer todo á disposición do sistema para seguir o virus e déixense de negar que os médicos de atención primaria poidan tamén facer chamamentos a facer PCR a aqueles contactos de contaxios positivos, cousa que vostedes negaron. Creo que hai que tomar esas medidas. Comprométase hoxe, señor Feijóo, a plantexar aquí, no Parlamento de Galicia, na súa próxima comparecencia —que esperemos que sexa en quince días ou nun mes—, un status transparente sobre o número de rastrexadores, unha información que complementa todo o que non se sabe e, ademais, un plan de acción da Xunta de Galicia para reforzar o sistema de rastrexo do virus, e a facelo, ademais, cun compromiso de que o número das PCR sempre vai ir en aumento e nunca en retroceso. Se hai capacidade para facer as PCR e hai tantos milleiros de persoas co virus, hai que facer as PCR, porque é a mellor forma de illar, de evitar os contaxios, de poñer unha liña de acción que sexa o máis positiva posible.

E claro que sabemos o que din os responsables porque claro que falamos con eles. E claro que sabemos todo o que se está dicindo. Pero pedímoslle, señor Feijóo, que vostede non engane, porque, mire, este era o cartel da Xunta (*O señor Caballero Miguez mostra nunha man o cartel publicitario contra a gripe da Xunta de Galicia.*): «Contra a gripe, temos vacina». E esta foi a realidade, (*O señor Caballero Miguez mostra, na outra man, unha fotografía.*) a realidade da Xunta de Feijóo, que anunciaba vacinas para todos, pero que lle puxo a vacina á xente que non tiña prioridade de poñela porque non estaba en situación de risco, e á xente con idade, a maiores, que queren poñer a súa vacina estanlles dando citas dentro de meses, dun mes a outro, ata o mes de decembro. En Galicia hai milleiros que o saben. As súas *fake news* non poden coa realidade dun país que sabe que chegaron aos centros de saúde e que non había esas vacinas e que hai problemas incluso con vacinas dispoñibles para nenos e nenas.

E quería dicirlle tamén, señor Feijóo, que nese plantexamento hai que tomar medidas: para a maior crise, un gasto extraordinario, e na liña de acción económica está sen rumbo. Cando



o Goberno da Xunta plantexa unha lei de reactivación para solventar a maior crise económica que hai no noso país, está dicindo que non teñen orientación nin plantexamento. E cando vostede me di que algúns dos expertos que están no Comité son da nosa organización, claro que si, claro que o presidente Laxe, amigo e compañeiro, está tamén nesa comisión como un síntoma de que o PSdeG quere colaborar e de que de forma regular está cooperando con esas cuestións.

Por certo, non lles contaron os 108 proxectos que hai e que vostede presentou. Diga vostede a verdade, os 108 proxectos descoñécenos incluso os expertos que están asesorando a Comisión de Reactivación. (*Aplausos.*) Non engane a este Parlamento, señor Feijóo. Esa é a realidade porque eses 108 proxectos son o escurantismo das súas políticas, e non sabemos se detrás diso hai interese de país ou hai un amiguismo con caciquismo, con nepotismo, con estratexias ocultas de a onde queren ir os fondos públicos. E así non van ben porque a Unión Europea lles vai dicir, señor Feijóo, que non se poden sacar proxectos da chisteira porque o diga un señor, vanlles exixir acordos, e non vai haber un financiamento para todo o que levante a man. O financiamento vai buscar os mellores proxectos...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...e para que haxa mellores proxectos hai que contrastalos. Aí está a reactivación.

Remato, señor Feijóo, dicíndolle unha cuestión máis. Vostede escapa das súas responsabilidades como pode, pero no día de hoxe non hai un hostaleiro en Galicia que estea recibindo as axudas directas despois de que vostede decretase o seu peche, ¡nin un só! E vostede di que levan quince días negociando, que levan... Vostede perdeu moito tempo adicándose a confrontar co Goberno de España, anunciando que non quería o toque de queda, e o conselleiro dicindo que se ía levantar o 9 de novembro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...en parte de Galicia o toque de queda pola noite. Está en *La Voz de Galicia*, publicado no xornal, todo o mundo ve. Aí vese unha mostra da súa improvisación.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Goberne Galicia, pónase a traballar e deixe de vir ao Parlamento a escapar, porque ten unha man tendida e vaina seguir tendo...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...a pesar de que a súa intervención non estivo á altura do que as circunstancias do país exixen.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Caballero. Rematou o seu tempo.



O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Grazas, señor presidente.

Señora Pontón, eu creo que cando a un o contradín nun debate político, e máis aínda cando a contradición é con datos, iso non é faltarlle ao respecto; non é faltarlle ao respecto nin ao Bloque nin é faltarlle ao respecto a vostede. Eu creo que o que deberíamos todos é respectar os datos e construír o debate sobre iso e, evidentemente, se respectamos os datos, respectamos a verdade, e a partir de aí poderemos construír un debate. Non como o que vostede fai, que vén aquí e di que o discurso do presidente se resume en que mente, porque o presidente trouxo moitos datos. O que pasa é que, ao mellor, non lle gustan os datos se non se corresponden co seu discurso, pero iso non quere dicir, por suposto, que se lle falte ao respecto. *(Aplausos.)*

Por suposto, eu tampouco apreciei triunfalismo no discurso do presidente, senón vontade de perseverar no traballo ben feito, que é distinto, e mesmo de corrixir as eivas que hai no traballo feito, porque moitas das eivas teñen que ver co coñecemento que temos do comportamento do virus.

Triunfalismo foi o que fixo o presidente do Goberno de España —do que a vostede non se lle escoitou dicir nada— cando dicía no verán que xa venceramos o virus e que xa estabamos todos listos para saír de copas e desfrutar do verán. Iso si que foi triunfalismo.

Dixo vostede que o presidente se escondía. Resulta que o presidente se esconde no Parlamento e nos medios de comunicación social. ¡Home!, eu pouco sei de como funciona unha sociedade democrática, pero cando unha persoa responde ante os medios de comunicación, que lle poden facer as preguntas sen ningún filtro, todas as que queiran, e cando comparece na Cámara para que vostedes lle fagan as preguntas que queiran, é unha forma rara de esconderse. Eu véxoo realmente pouco escondido. Outra cousa é que despois vostedes non coincidan co que el di ou entendan que, ao mellor, están pedindo demasiadas comparecencias porque xa se piden cada quince días ou un mes e non vaia ser que veña cada quince días e gañe o debate o presidente, porque, ao final, esa é a impresión que dá.

Señor Caballero, vostede dixo que a comparecencia quedou en nada. Polo menos, coincidiu en que referencia a verdade, aí estamos de acordo —acabo de dicilo tamén en relación coa señora Pontón—. A verdade é que vostede está minusvalorando a capacidade da Xunta de facer análises e de facer tests, primeiro das PCR, porque non hai ningunha carencia das PCR, e, segundo, de non darse conta de que eu lle mencionei o señor Illa, que veu eloxiar como está funcionando o laboratorio do Hospital Álvaro Cunqueiro porque ten un método innovador, eficaz e rápido de detección de casos. *(Aplausos.)* Sexamos honestos coa verdade e recoñezamos que, en relación cos tests, a Xunta non só está facendo o que fan todas as comunidades, senón que mesmo está innovando, e que veu o ministro socialista recoñecer



o laboratorio do Álvaro Cunqueiro, ese hospital que vostedes non querían nin que abrise porque era privado e que está traballando moi ben.

Señorías, a situación xeral depende —obviamente, para reaccionar fronte á crise— da capacidade previa; vímolos onte en relación co teito de gasto, vémolos coa capacidade de reacción económica dos distintos sectores e vémolos tamén en relación coa sanidade.

No ámbito económico, estamos intentando axudar a todos os sectores. Non se mencionaron aquí, por exemplo, as axudas que está a ter o sector primario. Ata a Organización de Autónomos puxo a Galicia como exemplo das axudas que se lles están a dar. Estamos a negociar un labor estupendo do vicepresidente primeiro e da conselleira de Emprego para concretar como podemos facer que as axudas á hostalería realmente sexan de axuda complementaria ás que reciben doutras administracións, como o Estado, que está tamén a ter plans de apoio ao emprego, que nós aplaudimos. Por suposto, depende da capacidade previa, da capacidade presente, onde é moi importante concienciar a sociedade de que, mentres a ciencia non avanza, imos ter un problema co virus. E tamén depende a capacidade presente da estabilidade. Eu, a verdade, despois de escoitalos a vostedes estes días, a un pedindo o peche completo durante quince días e a outro dicindo que había que ir con prudencia e con ponderación, pois alégrome de que haxa un goberno, primeiro, que respalda todas as decisións que se adoptan porque ten cohesión interna e, ademais, de que o faga en relación co que din os expertos.

E, finalmente, a futura. A futura realmente vai depender moito dos recursos que saibamos empregar ben —disto case non se falou hoxe—. Dos 108 proxectos finalmente xa veremos cantos saen adiante. O que nos interesa é que a repartición sexa racional, por concorrencia con factores demográficos ou de renda per cápita, e que teña en conta a situación da transición enerxética industrial de cada comunidade autónoma co obxectivo de poder saír da pandemia o mellor posible.

Estes días é difícil ser optimista. Mesmo esta fin de semana un filósofo caracterizado polo seu optimismo sobre a capacidade humana de resolver os seus problemas, Steven Pinker, dicía que deberíamos todos de aprender a tratar as pandemias como unha ameaza constante, como parte dun organismo vivo que é vulnerable a patóxenos. A historia da humanidade estivo pragada de pandemias. Deberíamos tratalas como outras ameazas, como, por exemplo, a do lume. Antes cos incendios xerábanse moitos mortos, e todos os países teñen agora bos servizos de extinción nas cidades e en todos os lugares.

Pois ben, nós debemos de pensar que isto vai durar, que debemos de prepararnos para as pandemias e aprender leccións para a vida, porque temos entre todos moito que aprender. Eu confío en que a oposición nos dea cousas que poidan mellorar os plans e as actuacións da Xunta. Pero, de entrada, certamente, apoiamos a Xunta e apoiamos o seu presidente. A actuación pode ser perceptible, pero, certamente, vaise aprendendo coa experiencia, vaise aplicando o aprendido e vaise aplicando o que fan os expertos. Desde logo, nós mantemos o optimismo de que poderemos saír desta e de que poderemos ter unha vida boa, saudando os amigos, bicando as persoas que queremos, podendo participar en reunións cos amigos e traballando ou estudando sen ningunha complicación.



Eu animo, polo tanto, o presidente do Goberno a seguir traballando nesta liña.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Puy Fraga.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o turno de dúplica, ten a palabra o presidente da Xunta de Galicia, o señor Núñez Feijóo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Pontón, se repasa vostede a miña intervención, non atopará ningún párrafo que invite ao triunfalismo. Primeiro, porque levamos sete meses consecutivos xestionando unha pandemia e, segundo, porque levamos sete meses consecutivos tomando decisións na xestión desa pandemia. Evidentemente, vostede non ten que tomar ningunha decisión e, por iso, probablemente, vostede non coñeza a dificultade, o alcance e o contido da xestión máis difícil aos que están sometidas as autoridades sanitarias de todo o mundo.

O que non é razoable, señora Pontón, é vir aquí facer demagogia. Se lle parece mal, síntoo moito. Pero vostede acusoume de que esta intervención estaba preparada, facendo menos PCR a fin de semana, e iso non soamente é demagogia, señora Pontón, iso é unha insidia. Comprenderá que as insidias sobre diminuír o diagnóstico dos enfermos para que un político poida ter unha comparecencia máis cómoda son algo que non podo aceptar.

Vostede di aquí que non vén atacar. ¿Hai algunha insidia superior a esta? ¿A vostede pareceríalle normal que eu viñese aquí dicirlle as cousas que vostede me trasladou durante a súa comparecencia? E, lamentablemente, na réplica continúa, porque segue manipulando. Di que é evidente que pedimos menos PCR porque non lles deixamos facer PCR aos da primaria, intentando mezclar unha cousa desta fin de semana, cando a primaria soamente funciona nos puntos de atención continuada. Pero, ¿en que quedamos? Durante varias semanas estivemos escoitando que a primaria estaba sometida a unha tensión burocrática enorme e resulta que cando queda claro que a primaria ten todo o dereito do mundo a pedir unha PCR a un paciente —cando ten sintomatoloxía, por suposto— e cando é a única responsable de facer o seguimento dese paciente, cando o paciente é positivo, por suposto —a través dos servizos de prevención, da Central de Rastrexo, dos servizos das xefaturas territoriais e dos rastrexadores militares dáselles o seguimento continuado a pacientes asintomáticos e, polo tanto, a pacientes que non teñen confirmación do virus—, iso lle parece que é un interese por ocultar o número das PCR en Galicia. Iso volve ser outra vez unha demagogia impropia dunha deputada ou dun deputado desta Cámara. E, como comprenderá, non me vai facer calar, señora Pontón; non me vai facer calar porque levamos moito tempo, moitos días, moitas noites e as que fagan falta para intentar parar e intentar ter uns datos epidemiolóxicos menos malos que o resto do país.



Dicir que eu botei a culpa aos traballadores da residencia de Salvaterra outra vez e dicir que iso non é facer demagogia... ¿Pero eu que dixen dos traballadores de Salvaterra? Se simplemente o que dixen foi que, por suposto, se inspeccionará, que por suposto que se abre unha información e que por suposto que os mesmos traballadores que vostede intenta manipular din que dende que a Xunta de Galicia tomou o control da residencia se está facendo unha asistencia sanitaria correcta.

Polo tanto, ¿que cre, que eu vou calar simplemente porque si, porque a min me toca calar, por ser o presidente da Xunta, e que vostede pode dicir o que lle pete por ser a responsable do nacionalismo en Galicia? Non, non vou calar.

A terceira manipulación no seu turno de alegación é que colle un dato que publica hoxe *La Voz de Galicia* duns expertos sobre que na economía europea é mellor facer cirurxía, desde o punto de vista económico, durante menos tempo que adoptar medidas máis suaves durante máis tempo, e intenta mezclar iso co tema do Carballiño e da hostalería... ¿Pero pódese manipular dunha forma tan axeitada? Vostede vén cun confinamento xeral e despois faime o símil do Comité de Expertos, de que se tiña unha proposta máis intensa ou menos intensa o modelo Carballiño ou o modelo Ourense... ¿Pero que ten que ver iso co confinamento xeral? ¡Se iso o fixemos para evitar o confinamento xeral! ¿Pero pensa —insisto— que os que están sentados nesta bancada son parvos? ¿Pensa que nós non entendemos o que vostede intenta intoxicar? Por suposto que si, señora Pontón, e se vostede intoxica, saiba que como presidente dos galegos o vou denunciar. E se vostede aporta, como presidente dos galegos teño que valoralo. Se non valoro as súas aportacións, é un problema meu, equivócome; agora, non conte comigo para calar cando vostede intenta intoxicar o Servizo Galego de Saúde, o conselleiro de Sanidade, os responsables sanitarios e a todo o Goberno de Galicia. Non intente intoxicar sobre isto. (*Aplausos.*)

Intenta vostede dicir que se o representante da Comisión de Expertos veu aquí dicir que as medidas as tomaba o Goberno. ¡Por suposto! ¿É que acaso as ordes non as asina o conselleiro de Sanidade e os decretos non os asino eu? Por suposto, e asumimos todas, absolutamente todas as responsabilidades. Fíxese se será independente que non pertence a ningunha organización, só preside a Sociedade Galega de Urxencias e Emerxencias. E di o que lle peta na comisión, ¡ata aí poderíamos chegar! ¿Non entende que hai xente que non ten que ser militante de nada máis que da verdade e do seu criterio independente, técnico e sanitario? Por suposto que di iso. E tamén dixo que había un comité clínico que funcionaba, e que en España non o coñecemos. Tamén dixo que todas as propostas do Comité Clínico estaban sendo referendadas maioritariamente polo Goberno. Nós asumimos a nosa responsabilidade, pero non veña aquí dicir e intoxicar sobre o Comité Clínico.

Señora Pontón, non sei exactamente o que pretende, non o sei, ¡alá vostede! ¡Alá vostede e a súa estratexia política e alá vostede e a súa conciencia! Eu, dende logo, veño aquí dicir que estamos nunha situación moi complexa, que o Goberno vai seguir adoptando decisións, que nós imos seguir traballando co único obxectivo de acertar e que non temos ningún compromiso con ninguén nin con nada.

Se vostede quere intoxicar, eu vou contestarlle, e se vostede quere aportar, eu voulo agradecer. Reitero que se non acepto as súas propostas, equivocareime; analizarémolas, por su-



posto, pero se quere vostede que analice o confinamento xeral da poboación galega, dígao dunha vez. Non acuda á Comisión de Reactivación, na primeira xuntanza, a dicir que o que hai que facer é o confinamento xeral da poboación galega e cando hai un pleno no Parlamento de Galicia vostede cala sobre esa proposta. ¿Que ocorrería se lle fixésemos caso? Que probablemente hoxe estaríamos sinalados por confinar toda a poboación de Galicia. ¿E que ocorre se non lle facemos caso? Entón, que non intentamos coidar os galegos.

Mire, creo que estas cousas son o suficientemente serias como para non andar con este menudeo, con esta política con minúsculas. Non lle podo aceptar, señora Pontón, que poña en cuestión se hai unha instrución política para facer menos PCR. É que vai en contra da miña biografía e da miña forma de pensar e, ademais, de calquera principio moral básico. Si, si, xa sei que vostedes cren que nós non temos principios. (*Murmurios.*)

Este é o nacionalismo do país (*O señor presidente, Núñez Feijóo, sinala co dedo cara aos escanos do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.*) e, por iso, este nacionalismo nunca gobernará no país. (*Aplausos.*)

Mire, sería bo poñerse de acordo no que se nos imputa: denuncias ante a Fiscalía, 18 —arquivadas 11 e abertas 7—; inspeccións realizadas pola Consellería de Sanidade, 300 en residencias da terceira idade; 38 procedementos sancionadores; número de persoas falecidas en Galicia en relación co número de prazas de residencias, o 2,17 %, e en España máis do dobre; número de persoas falecidas nos principais países do mundo, nalgúns deles o dobre que en Galicia, como Canadá, Noruega, Israel, Irlanda, e tamén 7 ou 8 puntos por riba de Galicia, Francia, Bélxica e incluso a media de España, que se negan a dar o número de falecidos en residencias en España.

¿Señor Caballero, vostede defende iso, que non coñezamos o número de falecidos nas residencias en España cando as comunidades autónomas llo temos que dar ao Ministerio de Sanidade todos os días? ¿Por que non se fai pública esa estatística, que non é un número, son familias que teñen dereito a coñecelo? ¿Por que vostedes ocultan o número de mortos totais pola pandemia en España e por que cambia de criterio de forma continuada?

En canto ao paciente covid, se o paciente morre con covid, entón, é unha morte por covid; se o paciente ingresou na UCI con covid, antes de expirar, no último test, non tiña covid, entón, non é un paciente falecido por covid. ¿Esa é a súa moral? Así é como temos que rellenar os datos, señor Caballero. E vén aquí falar de que debemos de publicar, de coñecer e de dar conta a Galicia. Eu doulle conta a Galicia de que os datos que nos obrigan a cubrir son eses, pero rebélome ante ese tipo de técnicas absolutamente impropias. (*Aplausos.*)

Mire, agora vén vostede dicir que me comprometa a facer máis PCR. ¡Pero se o primeiro servizo de saúde de España en facer o autocovid foi este, o galego; en Vigo, precisamente! ¡Se temos dos mellores servizos de microbioloxía do país, dotados con máquinas absolutamente novas e innovadoras! ¡Se fomos os primeiros no *pool* das PCR de España e os primeiros nos tests de saliva de España! O único problema que temos é o dos reactivos, de que non temos o número de reactivos suficientes para facer os tests de saliva como nos gustaría.



Nas PCR, señoría, non se computan os cribados masivos. ¿Por que? Porque ao Ministerio de Sanidade non lle interesa. ¿E por que non se computan? ¿Por que non se computa o cribado masivo a todo o persoal educativo, o cribado masivo —tres veces— ao persoal sanitario, o cribado masivo —cada quince días— aos traballadores das residencias da terceira idade? ¿Por que non se computan?

¿Vostede, que me pide: máis PCR, máis tests de antíxenos, máis tests de dobre banda e máis tests rápidos ou de antíxenos dobre banda, test rápidos...? Iso a vostede non lle interesa. ¿Cal é a proposta concreta do Partido Socialista? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, ¿PCR? ¡Perfecto! Ou sexa, que os 300.000 tests de antíxenos que imos facer, eses non contan. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Rastrexadores? Volvemos outra vez cos rastrexadores, como se houbera aquí algún problema. ¡Pero, mire, se somos a comunidade autónoma con menos incidencia de camas UCI —a segunda— e con menos incidencia de camas hospitalarias! ¿Cre vostede que está funcionando mal o sistema de rastrexo? Entón, ¿onde funciona ben?, ¿onde están colapsados os hospitais? ¿Que é o que se intenta? Evitar os internamentos. ¿E como se evitan? Rastrexando, diagnosticando, illando, corentenando e onde funcione o sistema de seguimento.

«Menos telemedicina». Esa é unha frase que vai pasar á historia da xestión hospitalaria. «Menos telemedicina», ¡pero se o mundo vai por aí, señorías! (*Aplausos.*) ¡O mundo vai por aí! Detrás da telemedicina hai un médico, hai un persoal sanitario constantemente e continuamente. Mire, nós temos xefaturas territoriais, servizos de medicina preventiva, persoal de rastrexo, militares, centro de seguimento de contactos, máis de setecentas persoas, e o número de persoas que temos en primaria —médicos e enfermeiras— son máis de 5.600. ¿E parécelle que todo este colectivo non ten nada que ver co rastrexo? Máis de setecentas persoas se adican de forma directa o cen por cento do seu tempo ou maioritariamente ao rastrexo, e o resto, o persoal sanitario —por suposto, o de atención primaria—, así o fai. Así é o que di Andalucía ou Valencia, que, por certo, estivemos intentando saber onde están as cifras de rastrexadores, porque depende de como me faga a pregunta eu contéstolle. Pero, mire, en Galicia, Andalucía e na Comunidade Valenciana todos recoñecemos que os médicos de atención primaria por suposto que teñen capacidade para facer isto, pero hai máis de setecentas persoas adicionalmente que se adican a isto de forma total, a tempo completo, con horas extraordinarias continuadas.

Se vostede vai ás xefaturas territoriais das delegacións e lles di que ese traballo é menor, dírelle que hai xente que está traballando sábados e domingos, durante sete meses continuados. Por tanto, ¿como que non facemos rastrexo, cando resulta que temos os datos menos malos do conxunto do país? ¿Como que non facemos tests, se a vostedes lles dá igual falar de tests? Vostedes agora pensan que as PCR e nada máis, pero resulta que do resto, nada.

Pero, mire, o protocolo das PCR é un protocolo aprobado en abril, e resulta que vostedes o descubren en novembro. Non discutiron nunca dende abril a novembro dos protocolos das PCR e do papel da atención primaria, e agora resulta que se lles ocorre. ¿Por que? Porque como non hai forma de buscar como podemos, pero por que, non sumamos. ¿Por que o seu obxectivo exclusivamente é restar e cuestionar?



Mire, hai un protocolo para facer as PCR en sintomáticos e en asintomáticos, hai un protocolo de contactos estreitos, hai un protocolo de corentenados... Hai un protocolo para todo, e ese protocolo está publicado, é coñecido pola sociedades científicas e está avalado polos microbiólogos. Non está avalado nin por vostede, nin por vostede, nin por min. As PCR fanse cando os microbiólogos consideran que deben de facerse, e se non hai PCR, hai un test rápido, e se non hai un test rápido, hai un test de antixenos, e, se non, de dobre banda, e todo ese sistema diagnóstico se vai perfeccionando semana a semana, como semana a semana estamos tendo información sobre posibles vacinas.

Pero, non sei exactamente o que se pretende, dígoo honradamente, porque non sei, non sei... Colle vostede dous papeis e vén falar aquí da verdade e fala da gripe, cando lle acabamos de acreditar que hai un 35 % máis de persoas vacinadas contra a gripe. ¿Que vén criticar, que esteamos vacinando a persoas que non son de risco? ¿Esa é a súa crítica? Entón, ¿de que se nos critica?, ¿de vacinar un 35 % máis? ¿Críticasenos de ter a campaña de vacinación de gripe máis ampla da historia sanitaria do país? Mercamos un 45 % máis de vacinas da gripe —que finaliza a campaña o 30 de decembro— e eu acabo de trasladarlle que os datos son que tanto para persoas maiores de 65 como para menores temos doses en stock suficientes. E vén vostede aquí cos dous papeis falando en nome da verdade, en nome do rigor e intentando trasladarnos unha sensación de que non estamos vacinando contra a gripe, cando nunca se vacinou máis contra a gripe que agora.

Igual que na hostalería. Di que non temos axudas na hostalería. Temos entre 2.200 e 7.000 euros, sábeno todos os hostaleiros. Levamos tres ou catro reunións con eles o vicepresidente primeiro do Goberno e a conselleira de Emprego. ¿Sabe o que non ten axudas para a hostalería? O Goberno central limita as axudas para os hostaleiros. Si. O Goberno exclúe da prestación extraordinaria por cesamento de actividade, obrigando a suspender a actividade no caso dos restaurantes ou das cafeterías que leven comida a domicilio. Si, señoría, e nós incluímoslos. *(Murmurios.)* ¡Ah!, ese é un tema menor. *(Murmurios.)* ¿É un tema menor? Vostede cre que se un restaurante dá comida a domicilio non ten dereito ás axudas do Estado e, sen embargo, ese é un tema menor. A nós parécenos absolutamente sorprendente. Resulta que por intentar traballar polo menos, como mínimo, para buscar algunha renda, iso é penalizado, e o que hai que facer é non facer nada. Se non fas nada, tes máis axudas, e se traballas un pouco, tes menos axuda.

O Estado exíxelles unha caída dos ingresos mínima do 75 %, e en Galicia exixímoslles unha caída dos ingresos do 50 %. ¿E non hai axudas para a hostalaría? Efectivamente, equivocouse de Goberno, señor Caballero, non hai axudas para hostalería no Goberno central. *(Aplausos.)*

E agora vén intentando sembrar dúbidas sobre os proxectos de reconstrución. ¿Pero de verdade que merecemos isto? Son 108 os proxectos de reconstrución que anotei, e di que se pode esconder amiguismo ou nepotismo. E di: ¡Claro! Bueno, os 108 proxectos están no palacio da Moncloa; todos eles, alí están. ¡Ah!, ¿non están? *(Murmurios.)* *(Risos.)* Pois nada, non sabía que vostede levaba o rexistro do palacio da Moncloa, pero, en fin... *(Risos.)* Non sabía que traballaba no rexistro do palacio, pero dáme a sensación de que a vostede nin sequer o informan do máis elemental. Non soamente están, senón que tiñamos comprometida unha reunión co señor que leva a oficina da Moncloa. Na Moncloa hai unha oficina que fala



de que se pode e de que non se pode facer, de que se financia e que non se financia. Tiñamos unha reunión con el e, bueno, deixóunola sen efecto hai uns días, imaxine o rigor. Pero seguro que vostede, que leva o rexistro da Moncloa, pode conseguir esa entrevista. *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.) (Risos.)*

Os 108 proxectos, señor Caballero, están notificados á oficina da Moncloa. Hai empresas moi grandes en Galicia que estiveron traballando neses proxectos. Hai máis de mil millóns de euros en investimentos sanitarios. ¿Non os coñece? ¿Pero non hai unha comisión de reconstrución onde se van debater este tipo de cousas? *(Risos.)* Exactamente, señoría, ¿de que se nos acusa?, ¿de cumprir os compromisos co Goberno central, que lles pediu ás comunidades autónomas a partir de outubro os proxectos, de levalos adicionalmente á Comisión de Reconstrución, de facer un comité de expertos para contrastalos, de presentar todos e cada un dos proxectos unha vez que se aproba o Regulamento de distribución do Fondo Europeo e de que coñezamos os criterios do Goberno central? Exactamente é o que estamos facendo, e tamén se nos acusa diso.

Por tanto, como comprendo que aquí se acusa de todo, pois mire, nós imos seguir traballando, dando conta ao Parlamento, dándolles conta aos galegos, comparecendo despois dos comités clínicos, informando de cada actuación que teñamos, pero o certo e verdade é que parece que este Parlamento non está á altura do país. ¡Bueno, alá cada un! O *Diario de Sesións* dará conta dos datos, das propostas, das concrecións e dos contidos das intervencións.

Somos o 5,7 % da poboación de España. Se os datos da pandemia correspondesen á porcentaxe da poboación, teríamos a metade —ja metade!— de hospitalizados, a metade dos ingresos de UCI, a metade de falecidos e a metade de infectados que nos corresponderían teoricamente por esa poboación. E vostedes consideran que non hai acertos na xestión da covid. Os acertos son dos galegos, señoría, os acertos son das familias, dos traballadores, das empresas, dos sanitarios... Si, hai unha xestión menos mala que no resto do país, de momento, porque, ao mellor, o próximo mes non o podo dicir. Eu veño aquí comparecer e explicar cal é a situación do meu país, e dentro dun mes haberá, por suposto, outra situación, que non sei se será mellor ou peor; dende logo, estamos traballando para que sexa mellor.

Xa me lamento anticipadamente de que dentro dun mes seguirá este sistema de dicir que cando se fan moitas PCR e a porcentaxe é menor é porque nos interesa. ¿Interésanos que en Ourense as PCR baixen os positivos? ¿Estaba todo preparado para que eu puidese comparecer hoxe? ¿E no Carballiño tamén? ¿Vostedes cren que isto é serio? ¿Vostedes cren que é serio dicirlle a un presidente dunha comunidade autónoma que é capaz de manexar o número das PCR e manipular os datos das PCR para dicir...? Bueno, non sigamos por aí.

Eu téndolles a man outra vez, creo que procede. Non se van arrepentir nunca de axudar durante a pandemia. Estou convencido de que ambos os dous están arrepentidos de propoñerme facer as eleccións no mes de outubro. *(Murmurios.)* ¡Menos mal que había testigos! *(Risos.)* Porque, que veña o señor Caballero dicir que, efectivamente, a política consiste en non confundir a verdade coa mentira... O problema é que hai xente que non sabe nin cal é a verdade nin cal é a mentira.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Rematou aquí a comparecencia.

Agora continuamos co punto sexto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa rebaixa, polo Ministerio de Educación, a través do Real decreto lei 31/2020, do nivel e dos requisitos para que un alumno aprobe, promocióne ou se titule no curso 2020-2021 con independencia do número de materias suspensas

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición, ten a palabra o señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bos días a todos e a todas.

Non foi a través das reunións sectoriais coas comunidades autónomas nin tampouco despois das xuntanzas estratéxicas e de posta en común cos representantes da comunidade educativa. Non. Foi a través dos medios de comunicación cando a comunidade educativa de Galicia e o resto do Estado se enterou do contido do Real decreto lei 31/2020, de medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria, que foi aprobado polo Consello de Ministros do 29 de setembro. Unha parte do contido deste decreto, en concreto, a pretensión do Ministerio de Educación de permitir que o alumnado pase de curso e se titule sen límite de materias suspensas non foi abordado na última Conferencia sectorial en materia de educación, onde si se trataron e acordaron outras cuestións efectivamente recollidas neste real decreto lei.

Esta medida, que afectará o curso 2020-2021, debe verse como unha deslealdade institucional e unha imposición do ministerio que dirixe Isabel Celaá, xa que, como dicía, non foi tratada previamente non só na Conferencia sectorial coas comunidades autónomas senón nin cos sindicatos nin coas organizacións profesionais ou educativas. Galicia mantivo sempre un respecto e unha lealdade institucional imprescindible para que a educación funcionase mesmo en tempo de pandemia e mesmo tendo que aguantar os bandazos ou falta de liderado por parte do ministerio, en palabras do vicepresidente dese mesmo goberno, que foi o que dixo esa falta de liderado.

Dicía que mantivemos unha lealdade que, entre outras decisións, nos fixo apoiar a flexibilidade no aprobado do alumnado coas escolas pechadas no final do curso 2019-2020, porque valoramos situacións excepcionais en momentos excepcionais, aínda que non estivésemos de acordo coa forma xurídica de facelo, xa que o ministerio modificou a Lei de educación en vigor, que é unha norma superior, a través dunha orde —que, como todos sabemos, é de rango inferior—, e que neste momento a Fiscalía ten aberto un proceso contra esta decisión.



Mais agora non nos poden vir con que comulguemos con rodas de muíño e aprobar sen ningún tipo de consulta e de información un real decreto que aproba poder pasar de curso e mesmo titularse sen límite de suspensos, é dicir, aprobar un aprobado xeral; dende logo que é unha aberración pedagóxica en toda regra. Ou, como o titulou tamén algún medio de comunicación, que o ministerio con esta medida legaliza a ignorancia.

Ademais das críticas a este real decreto realizadas por diferentes comunidades autónomas, tamén profesores e sindicatos, que están molestos con esta medida por entender que dana a calidade da educación en todo o Estado. Máis ben o que cremos que busca esta normativa é maquillar as estatísticas educativas, como, por exemplo, o número de repetidores ou o número de titulados en ESO ou bacharelato; ou sexa, retorcer a estatística para que esta reflicta unha situación da ensinanza a nivel do Estado que non é real. Pero o peor de todo é que prexudicará directamente o alumnado e xerará desigualdade.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia opónse a unha medida habilitada a través do devandito real decreto porque converte unha situación puntual acordada de xeito excepcional ante a aparición da covid nunha decisión unilateral para o curso 2020-2021, que xa está iniciado e que conta cos correspondentes protocolos de actuación. Lonxe de facilitar o traballo no curso 2020-2021, a decisión do Ministerio de Educación de rebaixar o nivel e os requisitos para aprobar e promocionar en nada axuda a mellorar a educación. Ao contrario, significa unha merma da calidade educativa e racha coa función do sistema educativo como xerador de igualdade de oportunidades. Este xeito de proceder por parte do Goberno do Estado, ignorando a normativa orgánica e ocultando a información nunha decisión tan importante para toda a comunidade educativa, desprestixia a educación, o traballo dos docentes, o alumnado e as súas familias, e vai en contra da cultura do esforzo e ataca a equidade nesta decisión de rebaixar os criterios de avaliación, promoción e titulación, permitindo que calquera alumno ou alumna pase de curso sen importar o número de suspensos.

Ademais, esta medida —tal e como xa denunciou a Xunta de Galicia e como apuntan tamén outras comunidades autónomas mesmo gobernadas polo propio Partido Socialista, como Aragón ou Navarra— pode xerar desigualdades entre o alumnado en función do seu lugar de residencia, e ademais crea inseguridade xurídica e confusión normativa. Galicia leva anos poñendo en marcha medidas e plans que favorecen a motivación pola aprendizaxe e que proporcionan un reforzo ao alumnado máis vulnerable, medidas que facilitaron —como todos saben— unha baixada moi importante de máis de dez puntos na taxa de abandono escolar, pasando no ano 2009 de 25,8 % a 12,6 % no último curso.

Por iso, o Grupo Popular cre necesario un pronunciamento desta cámara, porque está en risco o futuro dos estudantes, que son —e convén recordalo— o futuro de Galicia e de España. Como todos poderemos estar de acordo, a calidade da educación non se consegue igualando o nivel cara a abaixo senón fomentando a mellora e a modernización do sistema educativo do conxunto de España e propiciando que cada comunidade autónoma mellore o seu sistema para sumar e non para restar. Reais decretos como este fan que España estea cada vez máis lonxe dos niveis educativos dos países da nosa contorna. O Ministerio de Educación confunde o necesario apoio ao alumnado en tempos de pandemia cunha baixada do nivel educativo, como denuncia a práctica totalidade da comunidade educativa.



A ministra Celaá recorre a baixar o nivel en lugar de artellar reforzos educativos, como se está a facer a través de distintos programas como os contratos programa ou o programa Arco. En Galicia, e no exercicio das competencias propias, a Xunta está a traballar para paliar os efectos que tería para o alumnado galego a aplicación deste real decreto ao pé da letra.

Neste senso, a Xunta de Galicia vén de crear un grupo de traballo formado por docentes e por inspectores co obxecto de elaborar unhas normas propias de desenvolvemento do decreto de aprobado xeral para atallar as súas debilidades, preservando a calidade do sistema educativo e fomentando a cultura do esforzo; normas que se materializarán a través dunhas instrucións da consellería nas que se abordarán os criterios de promoción, titulación e avaliación do rendemento do alumnado tendo en conta as circunstancias existentes en cada momento, como poden ser as corentenas de longa duración.

Coa elaboración destas normas preténdese preservar a calidade e a equidade do sistema educativo galego, corrixindo as evidentes debilidades do decreto. Porque o alumnado galego non pode estar en risco de discriminación fronte ao alumnado doutras comunidades autónomas pola deixadez do Goberno central, que, ademais de non exercer as súas competencias, está a fomentar grandes diferenzas entre as distintas comunidades autónomas.

Por iso, dende o Grupo Parlamentario Popular presentamos a proposición que teñen todos vostedes, onde se propón que o Parlamento de Galicia acorde pronunciarse en contra de que a través do real decreto lei que ignora o previsto na normativa orgánica de Educación e que non foi pactado coas comunidades autónomas o Ministerio de Educación decida rebaixar o nivel e os requisitos para que un alumno aprobe, promocióne ou se titule no curso 2020-2021 con independencia do número de materias suspensas, ao entenderse que esta medida non é acorde coa situación actual do sistema educativo e que suprime tamén a función da educación como xeradora de igualdade de oportunidades entre o alumnado.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodeiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, permítanme que con carácter previo faga unha reflexión sobre a repetición de curso en España. Hoxe isto vai moito de ensinar gráficas e eu non vou ser menos. Señor Rodeiro, señorías do Partido Popular, señorías do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia, esta gráfica *(O señor Álvarez Martínez mostra un documento.)* reflicte a taxa de repetición na Unión Europea dos alumnos en educación primaria e en educación secundaria. A primeira liña corresponde a Luxemburgo e despois estamos pegados o Reino de España. Aquí abaixo, cun 0,2 % en primaria e un 0,3 % de repetidores en secundaria, está ese espello idílico no que nos miramos todos que é Finlandia. E esta é a realidade.



Isto debería chamar a unha reflexión de forma conxunta, evidentemente nun foro que transcende as competencias dun Parlamento autonómico, porque a dualidade, señor Rodeiro, entre a posibilidade de promoción e a estratexia de repetición ten dado lugar a extensísimos debates na literatura educativa sobre que alternativa resulta máis favorable para o alumnado. Os defensores da repetición argumentan que a promoción dos alumnos con baixo rendemento supón enfrontalos a unha situación para a que non están preparados, consideran que a repetición pode ser un estímulo para favorecer a disposición ao estudo ou o incremento do esforzo e mesmo facelos máis conscientes da súa responsabilidade no seu desempeño académico. Con todo, existe unha fortísima evidencia empírica que cuestiona os efectos benéficos da estratexia de repetición, que pode dar lugar non só a problemas de autoestima ou adaptación senón que dá lugar a menores taxas de asistencia a clase e, no longo prazo, a maiores taxas de abandono escolar e tamén menores salarios.

E isto ¿por que o digo? Porque vostedes argumentan que, lonxe de facilitar o traballo no curso 2020-2021, a decisión do Ministerio de Educación de rebaixar o nivel e os requisitos para aprobar e promocionar en nada axuda a mellorar a educación. Segundo vostedes, significa unha merma da calidade educativa e racha coa función do sistema educativo como xerador de igualdade de oportunidades. En fin, sería desexable unha argumentación máis robusta que a que expoñen na súa iniciativa, que se sintetiza en que a rebaixa dos criterios de promoción e titulación, permitindo que calquera alumno ou alumna pase de curso sen importar o número de suspensos, vai ir en detrimento da calidade educativa. E iso é falso, porque o real decreto lei non pon iso.

Supresión da avaliación final da etapa en primaria e en educación secundaria obrigatoria. Señor Rodeiro, sabe vostede perfectamente que esas avaliacións final de etapa nunca se aplicaron. ¿Como veñen argumentar que a supresión desas avaliacións vai en detrimento? Logo, ata este momento, ¿que estivo pasando?

Sustentan tal argumentación dicindo que Galicia leva anos poñendo en marcha medidas e plans que favorecen a motivación pola aprendizaxe e que proporcionan un reforzo ao alumnado máis vulnerable, medidas que facilitaron a rebaixa de máis de dez puntos da taxa de abandono escolar, pasando no ano 2009 —poñen na súa iniciativa— dun 21,6 neste ano —é unha permutación perniciosa, é un *lapsus calami*, é dicir, un erro de escritura, é o 12,6, como vostede dixo—. E quero chamar a atención sobre este gráfico número 2. (*O señor Álvarez Martínez mostra un documento.*) Señorías do Partido Popular, señorías do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia, é a taxa de abandono escolar; a liña de arriba é a estatal e a liña de abaixo é a galega.

¿Que ocorre? Pois ocorre sinxelamente que no ano 2009, pese á tremenda desfeita que se organizou no sistema educativo durante o Goberno bipartito, Galicia xa estaba 5,1 puntos por debaixo da media estatal. Pero tamén ocorre que neste momento a diferenza entre Galicia e España é inferior. E iso, se retorremos as estatísticas, como vimos habituados ao longo de toda esta mañá, podería dar lugar a conclusións erróneas.

Miren, a tendencia descendente da baixada na taxa de abandono escolar é unha boa noticia para todos; é unha boa noticia para España, é unha boa noticia para Navarra, para Asturias,



para Andalucía, para todas as comunidades autónomas, pero non é un fenómeno exclusivo de Galicia. Se vostedes me din que hai unha diverxencia entre as tendencias de Galicia e o resto de España, diría: ben, Galicia estao facendo ostensiblemente mellor que o resto do Estado, pero resulta que non é o caso.

Vanme permitir, simplemente con ánimo didáctico, que lles mostre como se manexan as estatísticas e as conclusións ás que se pode chegar.

Señorías do Partido Popular, señorías do Bloque Nacionalista Galego, señorías do Partido Socialista de Galicia, (*O señor Álvarez Martínez mostra un documento.*) estas dúas gráficas, que practicamente son idénticas, teñen unha correlación estatística practicamente de 1, o que significa que hai a priori, se non o analizamos ben, unha correlación causal entre unha cousa e outra. E non é o mesmo que haxa correlación con que exista causalidade. ¿E por que? Porque unha das gráficas reflicte o consumo medio de queixo nos Estados Unidos por persoa e outra o número de persoas que se estrangulan coas sabas mentres dormen. (*Aplausos.*) (*Murmuros.*) E isto é como se manexan as estatísticas. É triste pero é real, é real.

¿E que é triste tamén? Que vostedes na súa iniciativa falan do que di o real decreto. E é tristísimo, señor Rodeiro, que, cando este grupo parlamentario trouxo na X lexislatura unha iniciativa para que se prohibise nos centros a repartición dos panfletos de *Hazte Oír* sobre a diversidade sexual, vostedes votaran que non, porque confiaban na profesionalidade dos docentes para impedir que se levase a cabo tal repartición. Pero, ¡caramba!, non confían na profesionalidade dos docentes para decidir se un alumno pode ou non pode promocionar. (*Aplausos.*) Hai que ter un pouco de coherencia, señor Rodeiro.

¿Que pasa con isto? O que pasa con isto é que vostedes están metidos nunha cruzada, non sei se con Cruz de Malta ou sen Cruz de Malta na capa, en todo caso unha cruzada contra toda canta normativa veña do Estado. ¡E o que nos queda por ver neste parlamento coa tramitación da modificación da Lei orgánica de educación, o que virá, o que veremos e o que oiremos! Porque ¿que é o que di o real decreto? O real decreto di que, co obxecto de facilitar a elaboración das programacións didácticas e a súa adaptación ás circunstancias derivadas das decisións sobre a presencialidade do alumnado nos centros, os estándares de aprendizaxe avaliábles terán carácter orientativo. Que os centros, de acordo co regulado polas súas administracións educativas, poderán modificar de maneira excepcional os criterios de promoción en todos os cursos de educación primaria e secundaria obrigatoria, así como na correspondente á promoción a segundo de bacharelato. A repetición, señor Rodeiro, sabe vostede que en toda a lexislación educativa está sempre prevista como unha medida excepcional, non ordinaria, pese a que lamentablemente a estatística que mostrei ao inicio da miña intervención amosa que esa repetición non é tan extraordinaria.

Señor Rodeiro, ¿todo ese rigor que vostedes demandan neste momento non o poderían tamén ter demandado con respecto á obtención de determinados títulos de mestrado por algún dirixente do Partido Popular sen que constase nin asistencia nin presentación de traballos, nin avaliación nin nada de nada de nada? ¿Por que piden tanto rigor nuns casos e son tan laxos noutros?



Miren, durante os meses que estivo a actividade lectiva suspendida, a Consellería de Educación ditou normativa —que non teño tempo a ler— de idéntico contido ao que pon o real decreto lei que agora vostedes cuestionan. Porque se dicía naquel momento, tanto en abril, 27 de abril, como 28 de maio, en que se ditaron instrucións, que os currículos e as programacións de actividades que se deberan desenvolver durante o terceiro trimestre terían especialmente en conta a circunstancia e flexibilizaríanse e adaptaríanse para axudar en todo o posible a que o alumnado poida alcanzala. ¿Isto que é, isto que é? ¿Un aprobado xeral en diferido ou que estratexia é esta? Esta é a normativa da consellería, señor Rodeiro.

Tamén se establecía que os centros de bacharelato para titular podían flexibilizar de maneira excepcional os criterios, considerando non a eliminación do número de asignaturas aprobadas senón que o alumno tivese adquirido suficientemente os obxectivos xerais da etapa que lle permitiran continuar co seu itinerario académico. Daquela vostedes confiaban nos docentes para que decidiran se un alumno promocionaba ou se titulaba; agora non, porque a normativa é estatal.

Señor Rodeiro, é unha auténtica mágoa que non teñamos un debate serio sobre educación neste parlamento, un monográfico, pero, con iniciativas como estas, evidentemente non imos a ningunha parte.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Presidente, señorías, eu debo recoñecer que, nunha primeira ollada liviá a esta iniciativa, pois achegueime a ela con expectativas positivas. E entendino así nese primeiro momento porque eu quería entender que, dalgún xeito, tras desta iniciativa axexaba unha certa reflexión, un debate sobre a educación, sobre a avaliación, sobre as ferramentas e os instrumentos que precisamos sempre, tamén nestes tempos —estas cousas de ser neófito se cadra—, mais o certo é que, ao pouco que iamos debullando a iniciativa, a evidencia e a realidade do obxectivo verdadeiro desta iniciativa amósase implacábel.

É unha iniciativa que nada ten que ver coa educación, é unha iniciativa que nada ten que ver coa avaliación, que nada ten que ver coa xestión e a realidade dos centros que estamos a vivir, e o único obxectivo que está detrás desta iniciativa é empregar as dificultades e a situación dramática que está a vivir o alumnado galego, unha vez máis, como ese machado arreboladizo, ese pim pam pum do Partido Popular sistemático e permanente co Goberno de Madrid. *(Aplausos.)*

E é falso, señor Rodeiro, señores do Partido Popular, é falso o que se establece nesta propia iniciativa. É falso que calquera alumno pase sen importar o número de suspensos, é falso o que vostedes din do aprobado xeral. É algo tan sinxelo como ler o artigo 5, apartado a), dese



Decreto 31/2020. Porque alí o que se establece é que os profesores, ante unha circunstancias excepcional, na que entendan que hai alumnos que traballaron, que aprenderon, pero que a pandemia lles impediu facelo en toda a súa dimensión e demostrar estas aprendizaxes, poídan ter ferramentas que non penalicen dobremente eses alumnos: que non os penalicen por non ter recibido aprendizaxe no seu momento e que non os penalicen obrigándoos a perder un ano.

E vostedes din que este decreto desprestixia a educación e os profesores. Señores do Partido Popular, os que están desprestixiando o profesorado son vostedes cando non os consideran capacitados para establecer que alumnos si poden promocionar neste contexto e cales non.

Entón, eu creo que, avanzando un pouquiño nesta PNL, hai cousas que chaman tamén poderosamente a atención. Di que conta co rexeitamento dos sindicatos. Eu quero dicirlle, señor Rodeiro, que benvida sexa a súa sensibilidade ante as críticas dos representantes sindicais deste país. *(Aplausos.)*

Pero outra pregunta: ¿vostede coñece cal é a distribución da Xunta de Persoal docente deste país, señor Rodeiro? ¿Vostede coñece cal é o equilibrio de forzas? 142 representantes, dos cales 114 se manifestan a favor desta medida. Máis do 80 % do profesorado representado nesas organizacións é partidario desta medida. E vostedes din que os sindicatos non avalan.

En todo caso, como eu creo que os datos son importantes, fíxese que ten unha enquisa elaborada polo sindicato maioritario deste país a máis de seis mil docentes —por certo, unha mágoa que vostedes, que tanto chamamento fan a ese diálogo coa comunidade educativa, non a tivesen feito— que ofrece os seguintes resultados: o 95 % do profesorado considera que o papel da Consellería de Educación foi insuficiente; *(Aplausos.)* o 66 % do profesorado, que non recibiu orientación de ningún tipo; e o 79,8 % do profesorado considera que ante este caso que nos ocupa o mellor criterio é a promoción de curso, no que as excepcións teña que fixalas o equipo docente, exactamente o mesmo que se establece nese Real decreto 31/2020.

E incido nunha idea que adiantou o señor Álvarez, en que o problema deste país non é que os alumnos teñan que repetir máis, senón que o problema, o que se está dicindo no informe de 2019 sobre o estado do sistema educativo —e que ademais se repite por parte dos países da OCDE—, é que —fíxense— o promedio de repetidores á idade de 15 anos nos países da OCDE é dun 12 %; no caso do Estado español é dun 30,8 % á idade de 15 anos. Pero é que, se imos ao caso galego, fíxense que tamén estamos por riba da propia media do Estado, no sentido de que temos un 10 % de media de repetidores e un 12,5 % de repetidores en 1º da ESO fronte a un 9,2 % da media do Estado. E vostedes, ante esta situación, o que lle están proponendo á nosa comunidade educativa é que teñen que repetir máis, cando é xusto o contrario do que se está a facer en toda a Comunidade Europea, en todos os países que teñen sistemas educativos avanzados.

Pero é que eu creo que xa a éxtase da manipulación desta iniciativa, señor Rodeiro, é cando vostedes falan da igualdade de oportunidades. Vostedes, dende que gobernan —datos do ano 2009 ata a actualidade— incrementaron nun 6,35 % o profesorado do ensino privado, de



7.886 a 8.174; dende que vostedes gobernan incrementouse un 8,4 % o profesorado do ensino privado concertado, de 5.283 a 5.727; e dende que vostedes gobernan reduciron nun 4,25 % o profesorado do ensino público, (*Aplausos.*) de 31.375 a 31.041.

E vostedes, con este papelón, veñen falar de igualdade de oportunidades; vostedes, que continúan a contratar e a concertar colexios que segregan alumando por sexo, veñen falar de igualdade de oportunidades; vostedes, que endureceron os requisitos dun xeito obsceno para acceder ás becas universitarias, veñen falar de igualdade de oportunidades; vostedes, que non perden ocasión de atacar a lingua galega, cando temos que escoitar as vergoñentas declaracións do señor Feijóo, a pesar de que a realidade é que un 74 % dos nenos de ata 14 anos neste país falan só castelán e só un 14 % nese tramo de idade fala galego sempre, temos que escoitar que o Partido Popular se propón aquí como adaíl de igualdade de oportunidades. É unha absoluta obscenidade, señores do Partido Popular.

Pero é curioso que veñen tamén falar do discurso da imposición; é unha imposición porque non se negociou coas organizacións sindicais. E claro, cos axentes educativos, señor Rodeiro, ¿onde xestionaron vostedes a ratio durante toda esta pandemia?, ¿con que axentes?, ¿con que organizacións sindicais? ¿A semipresencialidade, o profesorado, o plan de ensino presencial, o protocolo de necesidades educativas especiais? (*Aplausos.*) E claro, vostedes non negociaron absolutamente nada. Pero, cando se trata de botar balóns fóra, consideran que non negociar é unha imposición. Señores do Partido Popular, isto é aquilo que dicían os meus vellos de «díxolle o pote á tixola».

Pero tamén veñen falar de que, claro, este decreto —xa o adiantou tamén o señor Álvarez— suprime a avaliación final de ESO e primaria. Iso fíxose no ano 2016, cun goberno do Partido Popular. Real decreto 5/2016, do 9 de decembro, que establece no seu artigo 2.3.a): «*La evaluación no tendrá efectos académicos.*» b): «*Tendrá un carácter meramente muestral y de finalidad diagnóstica.*» Señores do Partido Popular, vostedes son os que establecen estas medidas e agora, cunha PNL presentada polo Partido Popular, veñen criticar aquelas medidas que vostedes implementaron. De verdade, ¡que esquizofrenia política!, é digna de tratamento inmediato, señores do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Eu quería rematar con tres pequenísimas reflexións. A primeira é a relación que existe entre os niveis de repetición que estamos ter neste país e as taxas de abandono escolar temperán, que, como moi ben sinalaba o señor Álvarez, é moi diferente do fracaso escolar, como vostede sabe, señor Rodeiro.

Esas taxas de abandono escolar temporal contémpanse entre os 18 e o 24 anos. Se nós temos máis alumnos que repiten e que deberían estar no sistema educativo de educación secundaria ata os 17 e o prolongamos ata os 19-21, loxicamente esa realidade ten incidencia tamén na taxa de abandono escolar, ademais de moitas outras —un debate moito máis complexo, concordo—, como pode ser o mercado laboral, etc.

Polo tanto, eu creo que está moi ben, non podemos aforrar esforzos —vou rematando, remato, presidente— nestes aspectos, non podemos aforrar esforzos na loita contra o abandono escolar, o fracaso escolar, seguir mellorando resultados.



Simplemente matizar tamén nalgúñas afirmacións que se fan con PISA e que, por suposto, é un referente que debemos ter en conta, que debemos ter sempre presente, pero, simplemente, sinalar que os países que sacan mellor resultados en PISA son Macao, Singapur, Hong Kong, Corea, etc. Eu non sei se non se presta un debate de se é ese o modelo de sociedade que queremos para as galegas e os galegos.

Polo tanto, remato, simplemente, dicíndolles, señores do Partido Popular: isto é algo moi serio, a educación require do esforzo de todos, deixen vostedes ese pim pam pum permanente, deixen vostedes de empregar a educación como ferramenta arreboladiza, por intereses partidistas, e póñanse a traballar, porque iso é o que demanda, hoxe máis que nunca, a comunidade educativa de todas e todos nós. Nese aspecto, non dubide que terá todo o noso apoio.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Álvarez, falou vostede aquí de moitas cousas. Falou sobre todo de establecer un debate serio e ata introduciu tamén certas teses. Tamén se podería falar de certos plaxios de máster, pero creo que non convén para nada embarrar o debate con este asunto.

Falou vostede tamén de datos de PISA. Pois quero dicirlle tamén —e creo que debemos estar todos ben orgullosos— que o alumnado galego é o máis concienciado coa igualdade entre homes e mulleres para seguir loitando contra a violencia de xénero —dicíao vostede—, porque non sei que pasou no ano 2009. Polo tanto, confíe en que o sistema educativo galego está dando bos resultados. E tamén en todos os parámetros do Informe PISA Galicia está á altura de calquera comunidade autónoma ou mellor, tanto en competencias científicas como en competencias matemáticas como tamén no último dato que acabamos de coñecer, de globalidade, de respecto a outras culturas.

Polo tanto, creo que, señor Lourenzo, tan mal, tan mal como o describe vostede —que, por certo, ben pouco falou desta PNL, falou máis doutros asuntos—, creo que non está tan mal a nosa educación, sobre todo no que vostede critica permanentemente, o profesorado. *(Mur-murios.)* Quero recordarlle que se incrementaron as plantillas do profesorado un 7,3 %. Claro, xa sei que os datos a vostedes pois ás veces non lles gustan, porque é máis fácil vir cun relato sen datos, e cos relatos sen datos é moi fácil confluír, pero cando un se enfronta aos datos, pois efectivamente ese relato pois claro que cae.

E, ademais, Galicia sitúase —como se ten dito aquí nesta cámara en varias ocasións— nunha das primeiras comunidades autónomas na mellor ratio de profesorado-alumno, con ese



7,3 % de incremento da plantilla e con 2.300 profesores. Dígoo porque vostede falaba de como estaba o sistema educativo galego.

Pero miren, eu creo que neste debate nós non estamos, ou polo menos neste debate eu creo que alguén se engana: o propio presidente Sánchez, cando nos di na presentación do plan de recuperación e transformación da resiliencia da economía española que prometeu aproveitar a pandemia para construír unha economía máis dixital ou innovadora; ou equívocase a ministra, cando di que este real decreto pois permite aos alumnos titularse con varias asignaturas suspensas. Ou unha cousa ou outra. ¿Ou vostedes pensan que Google ou calquera empresa punteira a nivel de tecnoloxía contrata un mozo ou unha moza que suspendeu varias materias por un título, por moito que avale ese título, se ten materias suspensas? As empresas o que buscan é a economía real. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

As empresas buscan a economía real, que require de traballadores con coñecementos reais e non de traballadores cun título na man, que iso non lles vale para nada. E este real decreto abre a porta a unha educación que é a antítese do esforzo, do traballo e da constancia. *(Aplausos.)* E digo esforzo porque é moi importante a cultura do esforzo. Todos os países, os máis avanzados, os máis innovadores, os máis competitivos e os máis transformadores, apostan por reforzar a cultura do esforzo. E estes valores non se acreditan neste real decreto. Imaxinen vostedes o que pode pensar ou polo que pode pasar un docente que traballa cos seus alumnos que saben que fagan o que fagan todos van pasar de curso ou todos se van poder titular. Isto non é prestixiar a figura do mestre. Imaxinen vostedes a moral dun alumno que se esforza, que quere aprender, que quere mellorar día a día na clase, cando os seus compañeiros, fagan o que fagan, van ter o mesmo trato que el.

Hai que primar a avaliación, non pasar con suspensos, e é necesaria unha avaliación continua, aberta, flexible e individualizada. Este real decreto abre as portas a unha inxustiza, aos docentes, aos alumnos e ás familias, unha inxustiza para todos, menos para o ministerio, que vai poder inchar o peito coas súas estatísticas de aprobados e titulados, polo menos uns anos, ata que o Informe PISA lle dea nos fuciños coa desfeita que están a provocar.

E é verdade: os alumnos hai que axudalos, con reforzos educativos, axudándoos no que precisen pero non rebaixando o seu nivel.

Polo tanto, este real decreto anticipa unha lei. Dános a sensación de que veñen impoñer un modelo educativo sectorial e ideolóxico. Polo tanto, nós non estamos de acordo, e este grupo vai estar sempre en contra de medias educativas como as que plantexaron neste real decreto.

E, ademais, a Xunta de Galicia está traballando para que se poida establecer un marco e unhas instrucións que melloren esta situación para non rachar coa función do sistema educativo como xerador da igualdade de oportunidades e que merme a súa calidade. Polo tanto, o rexeitamento a este asunto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor RODEIRO TATO: ...é porque estamos ante unha decisión de gran transcendencia que desprestixia a educación, os docentes, as familias, que vai en contra da cultura do esforzo. E, polo tanto, temos que seguir traballando para que Galicia siga tendo un dos sistemas educativos máis equitativos e inclusivos do Estado e non se vexa afectado por unha normativa estatal que desprestixia esta educación.

Máis nada, moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rodeiro.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a posición que debe defender o Goberno galego diante do Goberno central e das institucións europeas en relación coa distribución dos fondos europeos para afrontar a crise da covid-19

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-000427, doc. núm. 3878).

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego:

1. Acorda constituír de xeito urxente unha ponencia para conformar unha posición de país en torno a priorización dos proxectos que deben optar a asignación dos fondos europeos, para a súa defensa na Conferencia Sectorial de Fondos Europeos a celebrar entre o goberno e as Comunidades Autónomas.

2. Insta a Xunta de Galicia a remitir á Cámara galega, de xeito inmediato a listaxe dos 108 proxectos enviados pola Xunta de Galicia para a súa inclusión no Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, con explicación detallada sobre a natureza do proxecto, o seu impacto na creación de emprego, criterio de selección e nome da empresa ou entidade, pública ou privada, executora do proxecto.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 3878 (11/PNP-000427).

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a que estableza un sistema de reparto dos fondos europeos baseado na transparencia e na obxectividade, que teña en conta os principios que se expoñen a continuación:



1) O principio de subsidiariedade e goberno multinivel, de modo que as comunidades autónomas participen no proceso de definición destes criterios.

2) O principio de concorrencia competitiva, que disipe calquera risco de discrecionalidade ou arbitrariedade no proceso.

3) O principio de cohesión social e territorial, de maneira que a distribución teña en conta factores como a renda per cápita, a porcentaxe de poboación que vive no rural, o reto demográfico ou a transición industrial>>.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos, ou case xa boa tarde.

Nós cremos desde o BNG que non se nos escapa a ninguén que estamos nun momento absolutamente excepcional, cunha crise económica, social e sanitaria sen precedentes e que, polo tanto, precisamos aproveitar todas as ferramentas posibles para saír adiante e para posicionar Galiza no que xa é un mundo novo, con novos problemas e que necesita de novas respostas. E neste contexto pois non vai ser menor o resultado que teña o papel do noso país no debate dos fondos europeos. Sabemos que estes fondos non van ser automaticamente a solución e o milagre para todos os nosos problemas, porque, de feito, para os máis inmediatos vai ser algo que chegue tarde, pero é evidente que, se nós estamos quietos mentres outros se moven, iso significará que o noso país quede moi atrás seguramente nun punto sen retorno, e sabemos que Galiza non pode permitirse tampouco máis historias de oportunidades perdidas.

Pensamos que é fundamental neste momento traballar para conseguir unha repartición xusta, porque para a reactivación económica é imprescindible o papel das institucións e dos recursos públicos, algo que xa nin sequera cuestionan os pais da austeridade. Desde o FMI ata o señor Feijóo, xa nin sequera eles se adhiren a esas teses, e, desde logo, nun contexto no que non sabemos canto vai durar a pandemia nin a cantos gromos nos imos enfrontar, cada euro é importante, cada euro conta.

Entendemos tamén que é fundamental apostar por unha estratexia de país neste momento para acertar no destino destes recursos, porque necesitamos cambios profundos no movemento deste país a nivel económico e tamén social, no noso modelo económico e produtivo para poder ter unha sociedade xusta e ter benestar e calidade de vida, e tamén porque sabemos, se ollamos a nosa historia, as repercusións negativas das malas decisións do pasado. Temos exemplos no noso país de fondos europeos que non se empregaron adecuadamente, temos exemplos das consecuencias da mala execución que leva á perda de importantes millóns de euros, temos tamén as consecuencias dun modelo que abandonou o investimento público en I+D+i, temos a certificación de que iso nos fai máis débiles, ou temos exemplos de como o abandono da participación pública na economía deixa no noso país exemplos de



empresas estratéxicas do sector enerxético ou do aluminio que van baixar a persiana a cambio de nada. Ese modelo económico de neoliberalismo e dependencia é hoxe un problema engadido á pandemia, e para cambialo necesitamos —insisto— unha repartición xusta e acertar no uso deses fondos.

Por iso, desde o BNG, estamos profundamente preocupadas polo que estamos a vivir por parte do Partido Popular: parálise, improvisación e escurantismo; parálise, improvisación e escurantismo que podemos resumir na cronoloxía da infamia que vimos estes meses.

Hai apenas dous meses, na sesión de investidura, o señor presidente facía unha mención dos fondos europeos para dicir que coa perspectiva que había agora mesmo poderíamos perder ata un 40 % dos denominados fondos tradicionais. Para ser tan importante, aínda non temos enriba da mesa unha soa proposta da Xunta de Galiza para que Galiza non perda neses fondos tradicionais.

Pero tampouco é máis alentador o panorama respecto dos novos fondos. O 6 de outubro o Partido Popular vetaba unha proposta do BNG neste Parlamento para abrir unha ponencia e posionarse neste debate e para falar de criterios, de proxectos e de obxectivos. O 8 de outubro xa comezaron co seu baile de cifras: 8 de outubro, 1.700 empregos a través dun investimento de 1.300 millóns de euros, a millón por emprego; o 16 de outubro, 3.200 millóns e 18.000 empregos, con 7 proxectos; pero o 22 de outubro xa estabamos en 108 proxectos, 9.500 millóns de euros, despois de ridiculizar que deberíamos aspirar a, cando menos, poñer como punto de partida a porcentaxe que nos correspondería por poboación. A verdade é que eu, cada vez que abro o xornal e que escoito ese baile de cifras crecente por parte do Partido Popular, ao que me recorda é a esa imaxe do pato Donal coa máquina dos cartos. Parece que ese é o método do Partido Popular para optar aos fondos europeos.

E, insistimos, dende o BNG temos propostas ao respecto, por exemplo, unha proposta de obxectivos. Nós entendemos que Galiza debe recibir, cando menos, a contía correspondente á porcentaxe por poboación, pero cun plus por esa baixada nos fondos tradicionais e tamén por factores como os nosos problemas estruturais, e unha contía non inferior a 12.600 millóns de euros. (*Murmurios.*) Hai un deputado do Partido Popular que, se atendera un pouco máis en lugar de estar rumiando de fondo, podería comprender a proposta do BNG. (*Aplausos.*)

É unha proposta para o debate, e por moito que rumien xa é bastante máis do que fixo o Goberno galego ata este momento, que non ten nin unha soa enriba da mesa. Porque, ¿que fai a Xunta de Galiza? Diante da presión política por parte da oposición —porque hai outras nacións que xa están poñendo debates enriba da mesa, porque o propio Estado empezou a falar desta cuestión—, crearon unha comisión *Next Generation*, que basicamente é o Consello da Xunta cun plóter por detrás que pon «*Next Generation*»; esa é a gran proposta da Xunta de Galiza. (*Aplausos.*)

Despois tentaron vendernos a moto de que esa manida Comisión de Reactivación do Parlamento ía ter un gran papel. Incluso o presidente da Xunta de Galiza volveu mentir hoxe á mañá aquí e volveu dicir iso unha e outra vez; mentiras que non se sosteñen. Xa veu a esa comisión o señor vicepresidente segundo, o señor Conde, e o único que fixo foi ler notas de



prensa; veu o señor Corgos, da comisión de *Next Generation*, e fixo exactamente o mesmo. ¿E sabe quen veu tamén? Expertos independentes deste país a dicir que, efectivamente, era impensable que o Parlamento non tivera un papel. É indecente que o señor presidente da Xunta de Galiza se atreva a vir a esta tribuna a dicir que este Parlamento non está á altura. Quen non está á altura desta sociedade galega e deste Parlamento é o Partido Popular, a Xunta de Galiza e o presidente da Xunta. *(Aplausos.)*

É unha vergonza, e as súas mentiras non tapan que isto é un atentado democrático. É profundamente antidemocrático o que está a facer o Partido Popular coa cuestión dos fondos europeos.

Onte, máis anuncios. *(A señora Presas Bergantiños mostra unha noticia de prensa.)* Ao final, neste país, van saber máis de que van eses proxectos persoas fóra deste Parlamento que este Parlamento. Vostedes mírense no espello: non queren a participación do Parlamento, non remiten a documentación que se pide, non se reúnen con universidades, non se reúnen con centros tecnolóxicos deste país, e nin sequera o CES —Consello Económico e Social— parece ter un papel mixto.

Reúnense coas empresas que a vostedes lles apetece, así de literal. Porque nós tamén falamos con sectores económicos deste país e con empresarios que se preguntan que tipo de criterios escolle o presidente da Xunta de Galiza para decidir con quen si e con quen non. Iso é arbitrariedade, *(Aplausos.)* e nós o que propoñemos é que haxa igualdade de oportunidades para escoller as mellores alternativas, con planificación pública, non para as empresas que decidan os abrazos de Feijóo, porque neste país ten que ter as mesmas oportunidades calquera pequena e mediana empresa ou calquera pequeno centro investigador que aqueles proxectos seleccionados a dedo por parte da Xunta de Galiza. Debemos, ademais, ter un debate sobre cara a onde debemos camiñar. *(Murmurios.)*

Por iso hoxe, por responsabilidade, este grupo trae esta proposta, porque é importante que nos marquemos obxectivos, porque é importante tamén que defendamos unha xestión territorializada e porque estes fondos non poden volver ser unha coartada para máis recentralización. Debemos evitar que os recursos se centralicen desde Madrid, pero tamén que se centralicen a nivel de criterios que non sexan xustos para o noso país, e poñamos exemplos. Os centros investigadores, maioritariamente, moitos deles, aínda que teñan ramificacións polo resto do Estado, teñen a súa sede en Madrid; hai un certo efecto sede tamén no sistema innovador respecto de Madrid. Ou poñamos máis exemplos: ¿de verdade, coa experiencia histórica deste país, podemos asumir que a xeopolítica e a negociación política non vai interferir o máis mínimo na repartición dos fondos europeos?

Podemos ir sector a sector e atopar exemplos, por exemplo, o naval, co que tamén se reunía hai pouco o señor presidente da Xunta de Galiza. Podemos recordar que aconteceu neste país cando a decisión sobre se os barcos se facían en Ferrol ou en Cádiz se tomou desde Madrid. Creo que algún deputado ou deputada desta sala debería ter memoria sobre iso.

Entendemos que Galiza ten unha gran capacidade para competir, pero é que tamén hai que poñer criterios obxectivos enriba da mesa, porque sabemos que criterios ten a Unión Europea para repartir os estados, pero non sabemos a segunda parte, e hoxe o señor presidente da



Xunta de Galiza laiouse diso, pero non ten unha soa proposta. Hoxe desde o BNG traémola para poñer enriba da mesa. Traemos criterios que entendemos que son obxectivables e que hai que ter en conta, porque non se pode obviar a situación demográfica deste país, non se poden obviar factores como que vaian pechar dúas centrais térmicas á hora deses fondos e á hora de abordar a transición enerxética, ou non se pode obviar algo tan evidente como o avellentamento e o que iso supón.

Insisto, son criterios e obxectivos razoables que podemos discutir, pero non podemos seguir nesta deriva de ocultación, arbitrariedade e falta de planificación, porque nin é democrático nin é intelixente, e iso é o que hoxe queremos poñer enriba da mesa. *(Aplausos.)*

Desde logo, aspiramos a que o noso país teña algo máis que un goberno conformista, que parece que o único que está esperando é que cheguen malas decisións desde o ámbito do Estado para nós para ter unha cousiña máis coa que patalear, e mentres parece que non gobernan vostedes ou que non son conscientes de que gobernan unha nación que ten que decidir cal é o seu futuro e como quere xestionalo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Señor presidente, deputados e deputadas, boa tarde xa neste momento.

Diante desta iniciativa do BNG, a primeira cuestión que temos que salientar, basicamente, é o nivel de resposta que están dando as institucións europeas neste momento ante dunha crise económica moi grave e moi profunda, dramática, e que está afectando o conxunto dos estados, o conxunto do mundo, e especialmente tamén a Europa, aquí a España, e nomeadamente tamén a Comunidade Autónoma de Galicia. Un nivel de resposta, desde logo, que non ten nada que ver coa resposta que as institucións europeas deron no seu día no ano 2008 respecto dunha crise absolutamente distinta, de ámbito estatal, no conxunto do Estado, ligada ao sector inmobiliario, e logo unha crise que foi de débeda pública e tamén financeira. Era unha saída naquel momento baseada nunha resposta que buscaba a contracción do gasto público, o axuste fiscal e, polo tanto, que provocaba en moitos países desigualdade e inxustiza, especialmente aquí en España.

A resposta hoxe é absolutamente distinta, é unha resposta baseada en políticas expansivas do gasto público. Nós felicitámonos deste tipo de respostas que teñen a súa translación neste tipo de fondos dos que están a dispor os estados. Polo tanto, é unha resposta en clave solidaria que nos fai entender que esta Europa —esta si— si é posible, e nós estamos satisfeitos de que España teña contribuído desde o Goberno do Estado a adoptar unha saída diante desta crise neste senso.



Evidentemente, diante da iniciativa do BNG, en fin, creo que convén facer unha pequena reflexión sobre de que estamos falando. Eu creo que todos o sabemos, estamos falando dunha magnitude de fondos importantísimos, dunha magnitude de fondos dos que, no que atinxe ao Estado español, sae perfectamente beneficiado, e que están establecidos en función de criterios que beneficien o conxunto da economía; polo tanto, que permitan reactivala, que permitan facela máis forte e que permitan orientala tamén cara a obxectivos de transición no ámbito medioambiental e mesmamente na transformación no ámbito dixital. E tamén se buscan obxectivos que teñen máis compoñentes horizontais e que afectan o conxunto dos estados; obxectivos que teñen que ver co cambio climático, con cuestións medioambientais e que están definidos nos obxectivos de desenvolvemento sostible das Nacións Unidas.

Creo que o Estado español ten feito, no ámbito das institucións europeas, unha boa negociación en relación con estes fondos. Do conxunto dos fondos da Unión Europea que están á disposición dos estados, o Estado español vai percibir o 18,66 %, o cal é unha boa negociación. Entendo que a posición do Estado está perfectamente defendida, e neste sentido eu creo que convén felicitar o Goberno do señor Sánchez.

Evidentemente, a nivel europeo, non se entra nos criterios que os países internamente teñen que adoptar para repartir estes fondos, deixando marxe de manobra aos estados neste sentido, e, iso si, orientando a saída e a execución destes fondos a criterios, que, evidentemente, xa están fixados —hoxe si— e que xa están desbloqueados entre o Consello na Unión Europea e o propio Parlamento. Polo tanto, son uns obxectivos perfectamente definidos, e aí é onde hai que orientar os proxectos no conxunto do Estado e tamén aquí, en Galicia.

Efectivamente, son 750.000 millóns, dos cales 140.000 millóns, hipoteticamente, lle corresponderían ao Estado español; e digo hipoteticamente porque 70.000 millóns son de subvencións, de execución ou de asunción directa polo conxunto do Estado. Setenta mil millóns serían préstamos —que aínda non hai unha efectividade clara de que eses se vaian recibir ou se vaian solicitar nese concepto— e teñen como obxectivo, a través do mecanismo de resiliencia e de recuperación da actividade económica, facer unha economía moito máis forte, fortalecer a economía desde o punto de vista da cohesión social, mitigar as repercusións que a pandemia está tendo no conxunto do Estado español, tamén en Galicia, como consecuencia da covid e, evidentemente, orientala, como xa dixen, a eses fondos, a unha transformación económica ligada á transición ecolóxica e á transformación dixital.

Nesa xestión dos fondos no ámbito do Estado español van participar as comunidades autónomas. Xa houbo unha conferencia de presidentes onde estivo representada Galicia a través do señor Núñez Feijóo e onde se acordou que o 50 % dos fondos fosen executados polas comunidades autónomas. Vaise constituír unha conferencia sectorial de fondos europeos neste sentido e aí é onde nós entendemos que Galicia debe defender unha posición de país. Por iso, recollendo un pouco tamén o que o BNG mantiña en iniciativas que foron debatidas neste pleno, nós apelamos tamén a esa ponencia no seo do Parlamento para que o conxunto das forzas políticas fixe un criterio de país e defenda os proxectos que se deben priorizar para Galicia nesa conferencia sectorial.



Evidentemente, nós imos estar aí e esa é a nosa posición, porque é aí onde se van defender os criterios das comunidades autónomas. A cuestión é que posición ten a Xunta neste sentido, que posición ten a Xunta en relación cos fondos europeos, con estes fondos, cos fondos covid.

Evidentemente, aquí —xa se falou— o señor Núñez Feijóo hoxe mesmamente na comparecencia volveu repetir que Galicia ten remitido ao Goberno 108 proxectos. A algúns deles, efectivamente, vostede, señora Presas, facía referencia porque saen nos medios de comunicación, e o último que saíu onte foi un proxecto ligado á automoción: 1.300 millóns para crear 900 empregos. Evidentemente, o señor Feijóo dicía que os galegos sabíamos multiplicar, sumar e dividir, e é verdade. Se multiplicamos ou dividimos os miles de millóns, 1.300 millóns, entre 900 empregos, resulta que sae a máis de 1.200.000 euros o emprego, o cal non está mal, pero eu creo que os proxectos teñen que ter máis dimensión, máis capacidade de desenvolver actividade económica e, por suposto, máis impacto no emprego.

Por tanto, e neste sentido, nós apelamos á Xunta de Galicia, nós apelamos a que o señor Feijóo —xa se fixo hoxe no debate, na comparecencia— dea traslado ao Parlamento de Galicia de cales son os proxectos remitidos nese Excel a Madrid. E dicímolo basicamente porque o PSdeG, e este deputado, recolle as manifestacións máis ou menos textuais que na Comisión de Reactivación Económica fixo un dos especialistas que alí compareceron, o señor Santiago Lago Peñas, onde dicía textualmente que o Parlamento ten dereito a coñecer os proxectos que, neste caso, se remiten para a asunción dos fondos europeos. Nós estamos nesa posición, queremos coñecer que tipo de proxectos, cal é o modelo de proxectos, cal é a estratexia empregada pola Xunta de Galicia para definir os proxectos ou para seleccionalos, quen está detrás e que empresas públicas ou privadas, se é o caso, son as que promoven este tipo de proxectos. Dende logo, estamos lonxe da opacidade e lonxe do silencio que neste sentido mantén a Xunta de Galicia.

É verdade —dicíao a deputada propoñente desta iniciativa— que Galicia se xoga moitísimo con estes fondos, e é verdade porque Galicia, lamentablemente, ao longo destes últimos anos, ten recibido fondos europeos, moitos deles mal gastados e moitos deles mal executados ou inexecutados. Falaba vostede dos fondos ligados a I+D+i, o 25 % de execución no período 2014-2018.

Polo tanto, finalmente, en relación coa iniciativa do BNG e fixando a posición do Partido Socialista, do PSdeG, nós podemos entender que vostedes dende o nacionalismo, dende o BNG, aspiren a 12.600 millóns de euros, pero eu creo que isto non vai disto, isto non vai de asignar os proxectos en función de criterios que son propiamente do financiamento autonómico ou ligados máis a un marco de discusión no ámbito do financiamento autonómico, isto vai de presentar proxectos con calidade, capaces de asumir fondos. Polo tanto, nese ámbito, en fin, 12.600 millóns supón practicamente o 18 % dos 70.000 millóns das subvencións, e creo que iso está moi por encima do que representa Galicia na economía do conxunto de España, que creo que anda polo 6 %. Entón, eu apelo ao realismo. Non desboto que nesa ponencia, se finalmente se constitúe, poidamos entre o conxunto das forzas políticas, propoñer ou apelar a que Galicia saia reforzada nesa conferencia sectorial con proxectos de calidade capaces de asumir os fondos públicos que están a dispor, pero temos que ser, evidentemente, realistas e non caer no ilusionismo que, ao meu xuízo...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...representa esta iniciativa.

Polo tanto, a nosa emenda está plantexada, vai un tanto no sentido que plantexaba o BNG non hai moito e recolle tamén parte do plantexamento do Partido Popular respecto da posición que debe ter Galicia en relación cos fondos europeos.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Señora Presas, o certo é que esa crítica de que a Xunta non fixo nada non lla podemos aceptar porque, en primeiro lugar, non é verdade e, en segundo lugar, é inxusta non só co Goberno galego, senón cos integrantes desa comisión de expertos que dende o pasado 15 de abril levan traballando para definir cales debían ser os proxectos tractores para lograr a recuperación económica da crise na que nos atopamos nestes momentos.

Polo tanto, vostede non só lle fai oposición á Xunta de Galicia, senón aos mellores expertos económicos da nosa comunidade, que teñen definida a liña de traballo dende o 15 de abril, mentres vostedes estaban pensando nas eleccións e nós estabamos loitando contra a pandemia para definir cal debía ser o camiño. Polo tanto, a súa crítica é inxusta, inxusta co Goberno galego e inxusta cos expertos económicos máis reseñables de Galicia. ¡Alá vostedes!

Miren, señores deputados do BNG, creo que hai unha única cuestión na que nós coincidimos con vostedes neste debate. Nós coincidimos con vostedes no fondo, e é que nós non nos fiamos do Goberno socialista. Ese é o resumo da súa iniciativa e tamén da emenda que nós propoñemos dende o Partido Popular de Galicia.

Temos que defender Galicia, temos que asegurarnos de recibir os fondos europeos que necesitamos para impulsar a recuperación social e económica do noso país. Temos que garantir que o Goberno socialista non utiliza os recursos que nos corresponden, os recursos que lle corresponden a Galicia, como moeda de cambio para os seus favores políticos, como intentar lograr a aprobación dos orzamentos xerais do Estado.

Estamos preocupados, ademais, polo que dixo esta mesma mañá o señor Gonzalo Caballero dende esta tribuna, porque a realidade é que puxo en dúbida que houbese diñeiro suficiente para todos os proxectos que manexa e impulsa a Xunta de Galicia. Deslizou na súa intervención se haberá ou non diñeiro para tanto. Iso si que nos preocupa. E, polo tanto, eu creo que deberíamos estar unidos nesa preocupación e nesa reivindicación.



Mire, o Goberno de Pedro Sánchez deixou tirada a Galicia en cada oportunidade que tivo ao longo dos últimos meses. Negouse a transferir as mensualidades pendentes do IVE do ano 2017, 204 millóns de euros; negouse a transferir a Galicia os 170 millóns de euros polo bo desempeño fiscal dos anos 2017 e 2018; apenas destinou aos galegos un 4,5 % dos primeiros fondos covid, cando a Galicia lle corresponderían máis do seis e medio por cento. ¿Como nos imos fiar do Goberno socialista e da repartición que poida facer dos fondos europeos? Pois claro que non, claro que temos motivos para desconfiar da repartición que poida facer o Goberno socialista. ¿Como nos imos fiar de Pedro Sánchez se vén de presentar os peores orzamentos xerais do Estado para a nosa comunidade nos últimos quince anos? ¿Como nos imos fiar do Goberno de Pedro Sánchez se subiu o investimento en case todas as comunidades autónomas, incluso nalgunha ao 50 %, como é o caso de Cataluña, e lle baixa a Galicia un 11 %? ¿Como nos imos fiar do Goberno de Pedro Sánchez se lle adica un 6,5 % do investimento territorializado a Galicia —dos máis baixos que se recordan—, cando o Goberno de Rajoy nos mellores anos adicaba máis do 13 % e a vostedes lles parecía pouco? ¿Como nos imos fiar do Goberno de Pedro Sánchez se nas súas contas descende o investimento en dependencia, se esquece do reto demográfico, abandona deliberadamente o Xacobeo, e, iso si, outorga diñeiro para caprichos dos seus socios independentistas? ¿Como nos imos fiar de Pedro Sánchez se acaba de presentar uns orzamentos desequilibrados, irreais e irresponsables?

Eu agradezo ao BNG que rectificase, porque a primeira saída pública do BNG foi felicitar os orzamentos xerais do Estado. Logo, vendo a resposta social na nosa comunidade, mudou de posición e acompañou o Partido Popular na súa crítica ás contas. (*Aplausos.*) ¿Como nos imos fiar de Pedro Sánchez? Nós, dende logo, non nos fiamos.

Mire, quizais a diferenza entre o PP de Galicia e o BNG é que nós non temos cargo de conciencia. ¿Sabe por que? Porque nós non fixemos presidente a Pedro Sánchez, vostedes, si; e nós, dende logo, non mantemos o Goberno co noso voto; nós non, e vostedes, si. A nós non nos enganaron con ese pacto da vergoña, ese pacto que firmou Ana e Adriana, eses vinte anos de experiencia política para un gran acordo, ¿traducido en que? En nada, en absolutamente nada. ¿Sabe para que serviu o pacto de Ana e Adriana realmente? Pois para lograr que o Bloque Nacionalista Galego vicepresida a Deputación da Coruña —deputación na que non cren— ou para que teñan a vicealcaldía do Concello de Lugo. ¿Pero en que beneficiou a Galicia o pacto de Ana e Adriana? En nada, esa é a realidade. ¡Alá cadaquén coa súa conciencia!

O importante, señorías, é que no ámbito dos fondos europeos estamos de acordo no esencial e compartimos un obxectivo común. E por iso nós presentamos unha emenda que recolle o fundamental da proposta do BNG, aportando algo de orde, algo de concisión —se mo permiten—.

Dende o Grupo Popular queremos propoñerlle este texto que tamén presentamos como iniciativa para o próximo pleno coa vocación de que enviemos ao Goberno de España unha mensaxe unánime e clara, e é que Galicia non se vai deixar tomar o pelo por parte do Goberno socialista unha vez máis. Galicia debe recibir as axudas que lle corresponden. (*Aplausos.*) Esa é a nosa iniciativa, trasladada hoxe en forma de emenda e presentada para o seu debate no próximo pleno. Para logralo defendemos uns criterios de repartición claros, marcados pola transparencia e a obxectividade; criterios baseados en tres principios que recollemos na nosa emenda:



En primeiro lugar, o principio de subsidiariedade e gobernanza multinivel. É fundamental que as comunidades autónomas participen na definición dos criterios de repartición e, en todo caso, que os coñezan, porque non coñecemos cales son os criterios que quere aplicar Pedro Sánchez. Isto non é ciencia ficción, señores do PSOE, é o que están facendo outros países como Alemaña. É de recibo que para repartir uns fondos territorializados se teña en conta a opinión dos territorios. Queremos ser escoitados, e é o que reivindicamos no primeiro dos nosos principios.

En segundo lugar, o principio de concorrencia competitiva, que disipe calquera risco, calquera dúbida de discrecionalidade ou arbitrariedade por parte do Goberno de Pedro Sánchez. É unha especie de seguro antirrobo ou seguro anti Pedro Sánchez. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iso vostedes, señores do BNG, saben que vai pasar. Saben que Pedro Sánchez, o seu goberno, vai sisar cartos que lle correspondan a Galicia para dállelos a outras comunidades autónomas. Sábeno. E, se calan, é que vostedes queren ser cómplices dese comportamento. Dende logo, non conten con nós para esa tarefa.

Deben establecerse criterios serios, criterios transparentes e criterios obxectivos e obxectivos que permitan presentar proxectos viables que se valoren pola súa calidade; niso coincidimos co que dicía o señor Gonzalo Caballero. Iso si, Gonzalo Caballero dicía que non vai haber diñeiro para todos. ¿É que acaso o PSdeG-PSOE sabe algo máis ca nós? ¿Xa sabe que a Galicia non lle van dar o que a Galicia lle corresponde? Cando menos, das declaracións do señor Gonzalo Caballero nesta tribuna deslízase esa idea: non vai haber diñeiro para tanto. Foi o que pronunciou nesta Cámara. Nós defendemos criterios serios, transparentes, obxectivos, obxectivos, sen atender a criterios políticos nin ás necesidades puntuais do Goberno socialista para manterse no poder, como está ocorrendo cos orzamentos xerais do Estado.

En terceiro lugar, o principio de cohesión social e territorial, porque debemos compaxinar a concorrencia competitiva que nós defendemos cun mapa de axudas coherente coa realidade dos diferentes territorios, de maneira que a distribución teña en conta factores como o nivel de renda per cápita, a porcentaxe de poboación que vive no rural, o reto demográfico, que hoxe esquece o Partido Socialista, ou a transición industrial.

Defendemos criterios que nós, dende logo, non inventamos; son recomendacións da propia Comisión Europea. Eses son os criterios que nós defendemos para Galicia, garantindo que os fondos incidan nas desigualdades estruturais e impulsen os territorios menos dinámicos para recuperar a destrución do seu tecido produtivo.

En resumo, señorías, o que propoñemos é un criterio de repartición serio e obxectivo, que respecte as comunidades autónomas, que son as que mellor coñecen as súas necesidades, e que sexa xusto e evite a discrecionalidade á que nos ten habituados o Goberno de Pedro Sánchez, ese goberno que vostedes apoian, respaldan e manteñen. Nós, dende logo, non estamos dispostos a iso.

En canto á emenda do PSdeG-PSOE, está claro que vostedes actúan nesta Cámara como embaixadores de Pedro Sánchez en Galicia e non como representantes dos galegos, que son os que os votaron; pouco, votáronos pouco, pero son aos que vostedes se deben. E esquéceno



todos os días, porque cando teñen que elixir entre Galicia ou o seu partido, elixen sempre o seu partido, e así lles vai. Como sigan así, pronto volverán as Mareas de Podemos a esta Cámara, señores do PSdeG-PSOE. Fraco favor lle fan a Galicia pensando que cando hai que elixir entre Galicia e o seu partido, elixen sempre o seu partido e traizoan sempre a súa comunidade.

Vostedes quéixanse de que non coñecen os proxectos. Mire, os proxectos están —díxollo antes o presidente— onde teñen que estar, no Palacio da Moncloa, presentados para a súa validación. Nós o que agardamos é menos sectarismo por parte do PSOE e que o PSdeG-PSOE dunha vez se poña do lado de Galicia, cando teñen que elixir.

¿Por que non se coñecen os proxectos concretos? ¿Vostedes coñecen os dalgunha comunidade autónoma? Non. ¿Coñecen os dalgún país? Non. ¿Saben por que? Porque hai cláusulas de confidencialidade, porque hai dereito de propiedade intelectual e dereito de...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...propiedade industrial, que, polo tanto, os gobernos, os serios, os responsables, teñen que respectar. Eu entendo que para o PSOE as normas dos demais non valen.

Miren, nós defendemos na nosa emenda establecer criterios obxectivos que defendan a Galicia da arbitrariedade e do sectarismo do Partido Socialista. Ao BNG tócalle elixir entre ese sectarismo que sempre castiga a Galicia e mantén a Pedro Sánchez no Goberno ou defender a Galicia. Decidan dunha vez pensando en Galicia e menos...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...nas súas siglas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Xa está ben de trapicheos presupostarios do Goberno socialista...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...no noso país. Representen aos galegos, que...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado. Terminou o seu tempo.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...son os que os votaron.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Quero agradecer ao voceiro socialista o seu ton, aínda que temos evidentes discrepancias. Por exemplo, respecto do nivel de resposta da Unión Europea, nós somos menos eufóricos, porque o propio Parlamento Europeo aspiraba a 2 billóns, e a cantidade é moito máis inferior, é inferior incluso á caída que se prevé do produto interior bruto. Temos debatido tamén sobre a letra pequena, sobre a condicionalidade dos semestres europeos que van supoñer estes fondos, que non son nin moito menos un regalo.

En todo caso, a cuestión que nos parece máis relevante é ese elemento da ponencia. Nós fixemos esa proposta o 6 de outubro nesta Cámara. As emendas do Partido Socialista e do Partido Popular ían no sentido de reencamiñar iso á Comisión de Reactivación. É evidente que esa non era a alternativa, nós xa o advertiamos e pareceríanos ben retomar a cuestión da ponencia. Propoñemos engadir esa emenda como adición porque si que non estamos dispostas a renunciar ao resto de contidos que propuñamos.

O que si que teño que dicir que me parece unha mala noticia é que ao Partido Socialista de Galiza lle pareza que sería suficiente con que Galiza obteña o 6 %. Eu creo que iso é unha mala noticia. Nós comprometémonos a intentar non caer no ilusionismo do que nos acusaba, pero eu aspiro a que o Partido Socialista —polo menos o galego— nesta batalla non caia no centralismo no que parece que está a caer unha vez máis o Goberno central. *(Aplausos.)*

Respecto do señor Tellado, eu creo que vostede ten unha frustración: que quería ser deputado no Congreso dos Deputados e Deputadas para comezar hoxe o debate dos orzamentos, e, entón, trouxo o argumentario ao Parlamento galego.

Dicíame que non podía dicir que a Xunta non fixo nada. Ten razón, vou dicir outra cousa: a Xunta di que fixo moito, pero ninguén sabe neste país que fixo ou deixou de facer, porque non remiten documentación a este Parlamento. *(Aplausos.)* Aplíquense o que dixeron os expertos económicos nesa comisión: que o Parlamento tiña que ter un papel e que, incluso habendo elementos indubidables de confidencialidade —efectivamente, non imos ter que saber cada punto e coma de cada proxecto—, hai 108 dos que non temos nin o titular. Ou sexa, dalgúns temos un titular, pero é que doutros non temos nin iso, señor Tellado. *(Aplausos.)* Iso, se non é trapicheo, ¿que é, señor Tellado? Desde logo, esa cuestión non nos convence, porque unha cousa é a confidencialidade de determinada información e outra cousa é a clandestinidade, que é no que están instalados vostedes, señor Tellado. *(Aplausos.)*

Sorpréndeme que veña aquí dicir que estamos de acordo no esencial sen poñerse colorado. Se quere que esteamos de acordo, nós estamos dispostos a retomar esa cuestión da ponencia, pero, claro, veu vostede co mesmo discurso que o señor Conde, que tamén nos pedía unidade. Vostedes teñen aí unha disrupción léxica. Eu recoméndolles que miren o dicionario. Unha



cousa é a unidade e outra cousa é a fe cega. E, desde logo, o que non pode pedir é que a oposición deste país teña fe cega no que vostedes fan, señor Tellado.

Sobre a súa emenda, antes de desviarme con outras cuestións, quero dicirlle que vostedes propoñen aquí tres xeneralidades. Se xa as van traer ao próximo pleno, pois xa as debatiremos, pero, desde logo, quen si pon enriba da mesa criterios obxectivos e concretos, ata dez, somos o Bloque Nacionalista Galego.

Claro, vostede dicía unha cousa, que era que propoñen os mesmos criterios que a Unión Europea para repartición cos estados. Pero é que iso sería prexudicial para Galiza, porque pense vostede, por exemplo, no criterio do produto interior bruto per cápita. O peso dese indicador entendemos nós que debe ser superior, efectivamente, ao que formula a Unión Europea, porque se o Estado español aplicase literalmente os mesmos criterios, tendo en conta as diferenzas demográficas, os fondos concentraríanse en catro comunidades: en Andalucía, Valencia, Cataluña e Madrid; absorberían máis do 50 % dos recursos.

Tamén entendemos que debe terse en conta a situación demográfica, e propoñemos dous elementos concretos para que se compense a situación do noso país. Respecto de elementos como a taxa de desemprego, non se pode ter en conta en abstracto sen complementar, porque nós, como país que sufrimos un enorme proceso de emigración de poboación activa, pois, loxicamente, perderíamos nesa balanza.

E como isto, moitas outras cuestións: o peso do territorio rural, a dispersión poboacional ou o avellentamento, que tamén supón un esforzo orzamentario, cando menos, no país no que nós aspiramos a vivir, no que todo o mundo ten que ter dereito á sanidade pública, con esa atención ás doentes pluripatolóxicas. Entendemos que tamén todo o mundo ten que ter dereito a unha praza nunha residencia pública e que hai que poñer enriba da mesa tamén elementos como ese peche das térmicas ou a baixa taxa de reposición do persoal sanitario.

En resumidas contas, claro, vostede di que é inxusto dicir que a Xunta non fai nada, pero é que, unha vez máis, viñemos a este Parlamento con toda a modestia e con todo o espírito construtivo a facer o seu traballo, señor Tellado, porque non sabemos que criterios manexa a Xunta de Galiza, e nós temos unha proposta que é obxectiva, que é clara e que é debatible, porque o principal problema que temos nesta cuestión é que vostedes non queren debater, vostedes queren dar tres roldas de prensa á semana e que os demais aplaudamos coas orellas, cando non sabemos cales son as súas intencións. (*Aplausos.*)

E poño exemplos, claro. Saía aquí a cuestión dos anuncios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—e con isto remato— de onte, da automoción. Pois, efectivamente, igual este país necesita dous laboratorios centrados nese sector, ou tres, ou cinco, ou os que sexan, pero haberá que ter un debate, non como nestes últimos dez anos, que non sabemos a onde foi cada euro que se investiu no sector da automoción porque non hai transparencia nas axudas, porque non se auditaron... Haberá que ter un debate, por exemplo, de



cal é o compoñente do reequilibrio territorial, porque, efectivamente, temos un polo da automoción moi potente, pero temos tamén comarcas con polígonos industriais pechados...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...temos comarcas nas que vai pechar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...unha central térmica... Teremos que ter unha visión de país...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e debater con profundidade que modelo queremos...,

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...porque, desde logo, o modelo económico dos últimos dez anos fracasou.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo xa, señora Presas.

¿A emenda do PP entendo que a acepta?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Aceptamos como engadido a emenda do Grupo Socialista, e respecto da emenda do Partido Popular, entendemos que a nosa é moito máis completa; polo tanto, non a aceptamos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Vale, todo o contrario entendín eu, pero ben...

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, no marco do futuro plan galego de oncoloxía, dunha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada, así como a posta en marcha en Galicia dun centro de terapia CAR-T

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-000436, doc. núm. 3945).*)

Emenda de adición.



Débese engadir, ao final do parágrafo da parte resolutiva da proposición non de lei, o seguinte contido:

Engadir in fine: «..., intensificando o apoio para que o desenvolvemento integral do proceso de terapia CAR-T se realice de maneira completa no sistema público de Galicia.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.

Sabemos que o cancro é unha enfermidade grave, pero o certo é que no día de hoxe a perspectiva de curación desta patoloxía que moitas vidas ten levado mudou de maneira espectacular. Cada vez estase máis preto de que todos os doentes que padecen cancro poidan curar ou polo menos converter o seu proceso nunha patoloxía crónica, alcanzando a vellez con boa calidade de vida.

Nos últimos anos vimos como mesmo en casos moi graves se triplicou a esperanza de vida. Nalgúns tipos, como o cancro de mama, a expectativa de vida mellorou de maneira moi espectacular e no día de hoxe estase moi a pouco de conquistar que non haxa nin un só caso incurable. A principios dos anos oitenta as mulleres diagnosticadas de cancro de mama tiñan unhas posibilidades de estar libres de recaída aos cinco anos tras o diagnóstico que se situaban no 70 %; na actualidade, esa cifra aproxímase case a un 90 %.

No que atinxe á diagnose con técnicas máis avanzadas e menos invasivas, mellorouse mediante probas pouco invasivas como a análise de fluídos biolóxicos. Agora, ademais, engadiuse a biopsia líquida, que é un detector de cancro a través do sangue. Esta biopsia dá máis información e en menor tempo.

No que atinxe aos tratamentos, ata o de agora os tratamentos máis coñecidos son tres tipos básicos:

O cirúrxico, que consiste nunha operación para extirpar o tumor que contén as células malignas.

A radioterapia, que é un dos métodos máis utilizados cando se trata de eliminar fundamentalmente tumores sólidos, tanto a modalidade externa, a máis coñecida, que é a través de aceleradores lineais que utilizan ondas de alta enerxía para destruír o tumor, como a modalidade interna, tamén chamada braquiterapia, onde unha fonte radioactiva se coloca dentro do propio tumor ou moi preto durante unha curta sesión ou uns poucos días. Son dous métodos que teñen gañado precisión e reducido os seus efectos secundarios nos últimos anos. Son técnicas localizadas e moi pouco invasivas, xa que tratan zonas moi localizadas, pero, desgraciadamente, non son aplicables a todos os tipos de cancro, como poden ser os oncohematolóxicos nin permiten atacar as células que poidan ter escapado do tumor para formar futuras metástases.



E, en terceiro lugar, está a quimioterapia, é dicir, o tratamento con distintas substancias químicas tóxicas para as células cancerixenas. O gran problema da quimioterapia son, sobre todo, os seus efectos secundarios, xa que os fármacos utilizados na maior parte dos casos tamén son tóxicos para as células sas. Sen embargo, tamén na terapia con fármacos a tendencia vai especializarse cada vez máis. Xa hai unha nova liña de medicamentos dirixidos contra as moléculas presentes en certos tumores, como poden ser os tumores de mama, de estómago, o melanoma, o de pulmón e os linfomas. Son terapias moito máis específicas e con menos efectos tóxicos, como as de anticorpos monoclonais e as de fármacos que inhi-ben a formación de vasos sanguíneos no tumor e, polo tanto, impiden que este se alimente.

Imos cara á medicina personalizada, pero tamén no cancro hai un antes e un despois. Nos últimos anos asistimos a un gran cambio no tratamento dos tumores oncohematolóxicos coa aparición das terapias dirixidas. Mellorouse a eficacia de moitos tratamentos e tamén a súa seguridade. E, sen dúbida, o grande avance no que se están poñendo máis esperanzas é o da inmunoterapia celular como substitución da quimioterapia, que sexan as nosas propias defensas as que destrúan as células malignas, xa que moitas veces estas usan métodos para pasar desapercibidas.

A denominada terapia de células T con CAR, que vén do inglés *Chimeric Antigen Receptor* —receptor de antíxenos quiméricos—, pretende lograr, mediante técnicas de modificación xenética, que as células T do sistema inmune do paciente, os linfocitos T, se reeduquen e teñan a capacidade de recoñecer e de destruír de forma selectiva as células tumorais. As células CAR-T deron resultados moi sorprendentes en pacientes que foran refractarios a calquera outro tratamento. Un 90 % deles responden en fase temperá, e alcanzan a remisión total entre o 50 % e o 80 % dos pacientes tratados, para os que xa non existía ningunha outra alternativa terapéutica e na maioría dos casos o prognóstico de supervivencia non superaba os seis meses.

Estes fármacos CAR-T están catalogados dentro dos chamados medicamentos de terapia avanzada. Segundo a orixe da súa produción, adóitase diferenciar entre os CAR-T industriais e os CAR-T académicos. As dúas terapias industriais autorizadas ata o momento en Europa corresponden ás empresas multinacionais do sector farmacéutico Novartis e Gilead.

Segundo o establecido no plan de abordaxe das terapias avanzadas no Sistema Nacional de Saúde, medicamentos CAR-T do Ministerio de Sanidade e Consumo poden ser administrados a través dunha rede de quince centros de referencia designados no Sistema Nacional de Saúde —ningún deles en Galicia na actualidade—.

A comezos do ano 2020, a Xunta de Galicia anunciou que comezaba os traballos para elaborar un novo plan galego de oncoloxía, na estela dos avances no tratamento contra o cancro que levaron a crear en 2017 a Unidade de Oncoloxía Pediátrica de Galicia, que uniu os recursos das estruturas organizativas de xestión integrada de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña. Esta unidade serviu como exemplo para trazar un plan que lograra axilizar o itinerario de visitas médicas e acelerar o diagnóstico e inicio do tratamento.

Ante as eleccións autonómicas do ano 2020, o Partido Popular incluíu o desenvolvemento dese proxectado plan no seu programa electoral, pero quixo facelo concretando algunhas



das melloras que ese plan debería introducir. En particular, fíxose referencia ao seguinte compromiso: «Incluíranse terapias avanzadas poñendo en marcha un centro de terapias CAR-T en Galicia e elaborando unha estratexia de medicina personalizada xenómica e de terapia celular avanzada para que os galegos poidan beneficiarse deste tipo de tratamento dunha forma máis próxima».

Como comecei dicindo ao principio da miña intervención, a chamada terapia CAR-T é aquela coa que se pretende que o sistema inmune do paciente recupere a capacidade de recoñecer e destruír de forma selectiva as células tumorais, que forma parte da inmunoterapia, unha forma de tratamento do cancro que se pretende que no futuro complemente os clásicos tratamentos de radioterapia e quimioterapia. E ter en Galicia un centro CAR-T implicaría dotar Galicia da posibilidade de dotar no noso propio territorio os medicamentos indicados para estes tratamentos, desenvolver ensaios clínicos para os que non existe alternativa en medicamentos industriais e poder tratar pacientes nun estado moi fráxil sen ter que saír da nosa comunidade.

O deseño de tratamentos alternativos CAR-T académicos está a ser iniciado ou planificado en distintos centros do Sistema Nacional de Saúde. Por pór algún exemplo dos centros nos que está moi avanzado, hai que dicir que o Hospital Clinic, de Barcelona, o Hospital Santa Creu i Sant Pau e o Hospital Universitario de la Paz son algúns destes centros.

Galicia conta con centros hospitalarios punteiros con servizos que son referentes nacionais, e aínda así no momento actual non dispoñemos na nosa comunidade autónoma de ningún centro en funcionamento, nin en proceso de creación, para a fabricación propia de medicamentos CAR-T. O avance neste eido, no que se teñen dado algúns pasos por parte do Sergas, requirirá un importante esforzo organizativo e económico. Trátase dunha aposta política de primeiro nivel que o Grupo Popular cre que a Xunta debe levar a cabo baixo o amparo dun mandato parlamentario firme.

E, señores, por todo o exposto, desde o Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en pleno: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no marco do seu futuro Plan galego de oncoloxía, elabore unha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada e poña en marcha un centro de terapia CAR-T en Galicia».

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día, ou mediodía xa.

Antes de comezar, quería aproveitar para felicitar a José Manuel Castro Tubío, investigador galego sobre cancro. Lin estes días que foi recentemente premiado pola Asociación Española



de Investigación contra o Cancro como mellor investigador novo de España. Polo tanto, creo que é un bo logro da investigación galega e dos investigadores galegos que está ben mencionar.

É difícil facer un debate sen pensar que todo avance necesario, todo avance posible, sobre a loita contra o cancro necesita do maior respaldo posible e ademais un traballo pausado, acompañado e dotado de recursos. Nós cremos que a importancia destas terapias é evidente e, polo tanto, imos estar a favor da iniciativa. Presentamos unha emenda que imos explicar, e que agardamos que sexa tida en conta.

Pero hai dúas cuestións sobre as que quixeramos plantexar non dúbidas pero si algunhas mencións, ou algunhas aportacións, que cremos que son importantes dado que podemos debater sobre esta cuestión hoxe.

En primeiro lugar, e especificamente sobre o tema que estamos a tratar, a emenda vai dirixida —unha emenda de engádegas— a alimentar ou apoiar a iniciativa de que toda intensidade sexa pouca no sentido de dotar de reforzo a investigación e desenvolvemento de terapias deste tipo CAR-T en Galicia. ¿Por que a emenda? Cremos que debemos fortalecer o noso sistema en Galicia —o sistema público— para que desenvolvamos aquí todo o proceso. Se no día de mañá ou en «x» tempo o desenvolvemento deses traballos pois fai que sexan centros galegos os que, en colaboración co Clinic de Barcelona, poidan desenvolver completo o proceso, deberíamos estar seguros de que temos o financiamento, os recursos ou os medios necesarios para que ese traballo sexa desenvolvido tamén aquí, pois teremos máis vantaxe para poder facelo. E, ademais, porque, aínda que é imprescindible contar —é innegable e non é posible saír diso— co traballo que fan algunhas farmacéuticas, creo que a realidade e que —nos últimos meses especialmente— destaca o valor da investigación pública, do traballo público sobre novas terapias. ¿Por que? Falaba a poñente sobre algunhas entidades farmacéuticas que están traballando moi especificamente sobre estas terapias. Nós celebramos ese traballo, pero si que é certo que son algunhas farmacéuticas que veñen de ter algúns casos preocupantes nalgúns entornos. Falaba do caso de Novartis. Novartis ten casos bastante preocupantes nalgúns países cos tratamentos e a súa relación co poder, e coa xestión dos medicamentos nos que participa. Hai graves casos de corrupción, non hai moitos anos, en Grecia; ou algún caso bastante duro, como, por exemplo, o que a ten enfrontada ao Estado de Colombia por negarse ou por denunciar que o Estado declarase de interese nacional algún medicamento porque non tiñan cartos para pagalo. A farmacéutica preferiu denunciálo en vez de facilitar que o medicamento se puxese en circulación.

Traballamos, ou neste caso se traballa, no debate sobre medicamentos contra o cancro, precisamente. Polo tanto, nós entendemos o investimento das farmacéuticas, pero cremos que, se os elementos son tan decisivos —e neste caso sono—, deberíamos protexer o investimento a través do sistema público. E por iso aí vai a nosa iniciativa, que defende que teñamos este traballo desas terapias fundamentado no sistema público. Non ten por que ser exclusivo, pero si fundamentado e baseado no sistema público para non quedar a expensas de que outras entidades —neste caso de multinacionais farmacéuticas— poidan despois ternos agarrados no que é a execución de terapias coma esta, que poden ser sen dúbida un avance na loita contra o cancro, que, como todos os expertos veñen advertindo, estamos preto —aínda



non chegamos, pero estamos preto — de conseguir que se converta máis nunha enfermidade crónica que nunha enfermidade cos niveis de mortalidade nos que se ten desenvolvido ata o de agora. Por ese lado vai a explicación da nosa emenda.

En segundo lugar, sobre a cuestión que ten que ver coa oncoloxía en xeral —e xa que, ademais, aquí foi exposta unha análise máis global das terapias oncolóxicas—, temos algunhas cuestións que se nos transmiten con bastante preocupación. A oncoloxía é probablemente un debate delicado —probablemente, non; é un debate delicado—. Ten detrás de si un tipo de tratamento ou de atención aos pacientes que necesita en moitas ocasións unha atención moi específica. No entanto, os especialistas apuntan a que recentemente, durante estes meses de pandemia, os afectados por cancro teñen ou sofren unha dobre pandemia. En primeiro lugar, todos sufrimos sanitariamente, pero tamén é un problema a posible redución de diagnósticos, porque os recursos do sistema están máis orientados á loita contra a covid e estamos perdendo de atender algúns outros pacientes, os pacientes non-covid. ¿En que se detecta isto? Detéctase, como apuntan algúns especialistas, na redución, comparativamente cos anos anteriores, do número de casos detectados en determinados tipos de cancros; o cal non é facilmente explicable por ningunha outra razón que a de que se diagnostican menos porque se atende menos e porque os recursos están máis dedicados a outra cuestión. Están falando os especialistas da perda de oportunidades; é dicir, da incapacidade de detectalo a tempo, o suficientemente a tempo, para que as terapias e o tratamento contra o cancro —que depende en moi alta medida da capacidade de detectalo a tempo— sexa traballado coa velocidade que é necesaria. E por iso estamos preocupados tamén, porque temos problemas para atender os pacientes non-covid. E esta é unha área, a oncoloxía, onde probablemente o sistema poida ter un problema se non dedicamos os recursos suficientes.

Por iso tamén, cando nós traemos aquí a necesidade de reforzar recursos, estamos falando de que, ante a pandemia, necesitamos duplicar en moitas ocasións o sistema de tratamento, o sistema de atención, aos pacientes. Sobre isto tamén é sobre o que estamos falando. O desvío de recursos para atender a covid supón perder de atender outras cuestións, cuestións que en moitas ocasións poden ser derivadas, poden ser demoradas, como no caso de cirurxías menores ou de asistencia non prioritarias, non urxentes. Pero no caso de oncoloxía non é que ocorra con exceso pero os especialistas apuntan que si ocorre. De feito, algúns datos que poden ser interpretados en positivo é necesario, como mínimo, analizalos. Por exemplo, poño un dato sobre o que recoñecemos que non temos unha capacidade de definir o que conclúe o dato, pero pode ter algunha interpretación negativa, e é o seguinte: a maior parte de estados veñen detectando que os pacientes con determinado tipo de cancro —por exemplo, o cancro de pulmón— teñen unha afectación maior de contaxios por covid, existe unha taxa de contaxios algo elevada respecto do contaxio da poboación xeral. En Galicia non se ten detectado este aumento. Quere dicir que o nivel de afectados por covid entre os pacientes de cancro de pulmón non aumentou. Isto ten dúas posibles interpretacións: unha é asumir que vai todo ben e que non pasou nada —e é posible, e oxalá—, pero pode ser que esteamos tendo un déficit de diagnóstico, porque ¿que outro factor explicaría que aquí non teñamos ese aumento? Dito doutra maneira: se non existe ningún elemento diferenciador entre os pacientes de cancro de pulmón aquí, ou noutras comunidades ou noutros países, entón é que ese 3 % aproximado no que se está elevando noutros lugares estamos perdendo de diagnosticalo aquí; polo tanto, estaríamos ante un problema de ausencia de diagnóstico. Todos



estes elementos nos que aínda non tivemos o tempo suficiente, ou a marxe temporal suficiente, para telos analizados, para analizar esa investigación ou para comparar os datos, poden estar levándonos a pensar que pode existir —como din algúns especialistas— un infradiagnóstico causado por estar derivando os recursos a outras atencións, neste caso fundamentalmente á atención á covid.

Por tanto, nós queremos facer ese chamamento ou esa advertencia sobre a necesidade de que o sistema estea máis reforzado e os profesionais —os da área oncolóxica— teñan a capacidade de ter os recursos, e tamén os circuitos duais, perfectamente deseñados para poder ter a capacidade asistencial que necesitan. Porque este non é un campo —como todos sabemos— onde poidamos demorar ou poidamos retrasar algún tipo de atención. É difícil facelo, é un reto facelo en moita maior medida que noutras áreas sanitarias, que noutros campos sanitarios, pero é necesario facelo, é imprescindible. E non é fácil detectar se realmente está ocorrendo ou non. Os especialistas falan deste problema e, por tanto, é necesario telo en conta.

Con estas dúas apreciacións, e non entrando a discutir sobre algúns brotes problemáticos que puideron xurdir no sistema na área oncolóxica nalgúns hospitais —feito que pasou e aínda non se recibiu ningunha explicación sobre isto, e é importante dicilo, aínda non houbo unha explicación real do que pasou con algúns brotes nalgúns servizos oncolóxicos—, máis alá diso, con estas dúas apreciacións do obxectivo da nosa emenda e da lembranza de que necesitamos atender ao feito de que podemos estar sen atender o suficiente os pacientes oncolóxicos por causa de derivar recursos para a covid e desatender algúns pacientes non-covid, manifestamos que agardamos o apoio á emenda. Cremos que contribúe. Por tanto, con ese apoio á emenda estaremos encantados de votar a favor e desexamos que este tipo de terapias sexan unha realidade canto antes. Sabemos que hai algún traballo feito, e sabemos que en xeral, e non custa nunca dicilo porque isto é así a pesar das nosas discrepancias, o traballo xeral que se vén desenvolvendo nos últimos anos en Galicia nos servizos oncolóxicos —con algunha discrepancia puntual que poidamos ter—, tanto dos profesionais como —tamén hai que dicilo— das direccións das EOXI, da Consellería, é un bo traballo. Na área de oncoloxía hai un bo traballo. Os sistemas de cribado —no que existen algunhas críticas pero nós non as compartimos— cremos que son bos, que funcionan ben. Sempre van saber a pouco, pero cremos que o sistema oncolóxico en Galicia funciona, e funciona ben. E por iso tamén queremos dicilo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Bo día, deputadas e deputados.



Facía mención a señora Amigo ao recollido no programa electoral do Partido Popular nestas últimas eleccións, e gustárame ler todo o punto dese mesmo programa: «Posta en marcha do Plan galego de oncoloxía, que suporá un avance para a abordaxe integral dos pacientes e terá como medidas prioritarias axilizar o itinerario de visitas clínicas e acelerar o diagnóstico e o inicio do tratamento. Incluíranse terapias avanzadas, poñendo en marcha un centro de terapia CAR-T en Galicia, elaborando unha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada para que os galegos poidan beneficiarse deste tipo de tratamentos dunha forma máis próxima».

Chámame poderosamente a atención que, sendo algo que o Partido Popular propoñía, comezase polo final e se esquecese da primeira parte, esa que precisamente é a que fala das medidas prioritarias. A base da medicina debería ser sempre, sempre, a prevención, evitar a aparición da enfermidade. Por ese motivo, coa situación que temos actualmente coa covid, puideron escoitar falar tanto desde este lateral do hemiciclo do establecemento de medidas para evitar aglomeracións en centros de ensino e sanitarios ou, por exemplo, do financiamento de máscaras ao alumnado e de busca e detección de contactos e do seu illamento. Porque a base da sanidade debería ser evitar a aparición de calquera enfermidade, tamén a da infección polo novo coronavirus. *(Aplausos.)*

Pero hai veces —é certo— que pese a todo, e aínda que se poñan todas as medidas necesarias, a medicina non chega a tempo e a enfermidade comeza a desenvolverse. E aí entra en xogo a prevención secundaria: detectalo o antes posible para evitar que progrese e cause danos maiores. De aí vén a demanda de rastrexadores, da realización de probas PCR e cribados masivos en poboacións de risco, ou do reforzo da atención primaria para facer o seguimento destes pacientes. Como ven, non falabamos de temas que non fosen unha cousa importante, senón que xa ven que todo vai ligado.

Do mesmo xeito que acontece coa covid acontece co cancro. É fundamental o traballo na súa prevención, no establecemento de programas de hábitos saudables para a poboación. Precisamos plans de concienciación que vaian máis alá da culpabilización das pacientes e de crear un estado de pánico e de terror ante a palabra «cancro». Precisamos tamén que os esforzos se centren no diagnóstico precoz, en actualizar e revisar os programas de cribado que xa existen e adaptalos ás máis recentes evidencias científicas, e en facer programas de detección temperá de neoplasias axeitados para a poboación galega, tendo en conta as nosas características epidemiolóxicas específicas.

Para este diagnóstico precoz precisamos que o sistema sanitario sexa accesible, que as pacientes poidan consultar cando aparecen os novos síntomas. Imaxinemos, por poñer un exemplo, unha paciente, unha muller nova que está preocupada porque lle apareceu un vultíño nun lateral do pescozo. Se quere pedir cita coa súa médica de cabeceira, vai atopar no primeiro instante un atranco: que non vai haber citas para o día seguinte e que a que poida coller seguro que vai ser telefónica.

A atención primaria ten que ser accesible, non pode ser que existan listas de espera para a médica de cabeceira de cinco, de sete ou de dez días. *(Aplausos.)* E non son casos puntuais, non son casos puntuais, son casos que cada vez son máis xeneralizados, ata o punto de que semella que esta é a nova normalidade. É inasumible, porque atenta directamente contra a



base do que é a atención primaria, atenta contra o principio de proximidade e de accesibilidade. Non pode ser que as pacientes se perdan nun labirinto de citas telefónicas, cando resulta obvio que en moitísimos casos vai ser precisa unha exploración física. Porque a atención telefónica —coa que tanto sacan peito— non é a medicina en maiúsculas, perdemos aí un tempo que pode resultar vital.

E, por certo, señora Amigo, a respecto de algo escoitado nunha das comparecencias desta semana na Comisión de Reactivación, está moi feo poñer as médicas de cabeceira como responsables para que as pacientes poidan ter unha cita presencial. As médicas de atención primaria non son xuízas que deciden se as pacientes merecen unha segunda cita presencial ou non. Non o son nin as médicas nin as enfermeiras nin as dentistas nin as matronas. (*Aplausos.*) Quen decide que os pacientes van ter, si ou si, unha cita telefónica é o Sergas. É o Sergas, co conselleiro á fronte, quen decide capar o sistema e que, por defecto, só se poidan coller citas telefónicas. A cita telefónica pode axudar con trámites administrativos ou con consultas burocráticas, pero non pode ser a única vía de entrada no sistema. (*Aplausos.*) Onte aprobamos nesta Cámara unha moción para reactivar a atención presencial. Agardo, de verdade, honestamente, que non quede no papel.

Despois de valorar unha paciente por teléfono e ver a necesidade de que hai que valorala presencialmente, dámoslle outra cita. E no tempo en que chega esa cita pasa o tempo. Porque, se se pretende vela ao día seguinte, ou incluso no propio día, será a expensas de forzar unha cita a maiores da axenda habitual. As axendas non son precisamente escasas, e é evidente que todos nalgunha ocasión vimos pacientes a maiores, pacientes fóra de axenda, ou incluso fóra de horario. Pero algo que debería ser a excepción é a norma diaria. Confunden deliberadamente a vocación de servizo coa explotación laboral (*Aplausos.*), porque quen queda rematando a consulta ata as catro ou cinco da tarde, ou vai a esa hora facer as visitas domiciliarias, está facendo horas extras que non van ser retribuídas. E non son casos excepcionais. (*Murmurios.*)

Pero continuemos outra vez coa paciente que traía de exemplo, esa que ten o vultio aquí no pescozo. Unha vez é valorada presencialmente, se houberse algunha sospeita diagnóstica, sempre se pode pedir unha proba complementaria —tampouco moitas, que o catálogo de atención primaria é máis ben limitado—. E aí metemos outra vez tempo de agarda. Porque non pode ser que unha analítica de sangue nun centro de saúde tarde máis dunha semana en ser realizada. E, como sucede no caso das citas presenciais, o criterio de urxencia imposto será a base de pedir favores a compañeiras e de sobrecargar axendas unha vez máis.

E no caso de precisar unha derivación hospitalaria, pode ser que dea cun destes servizos hospitalarios que agora só reciben e-consultas, estes servizos nos que, igual que na atención primaria, o primeiro contacto que teñen coas pacientes é telemático. E a consulta tampouco é inmediata. Pode acumular unha, dúas ou tres semanas de espera ata ter unha resposta por parte da especialista do hospital. E pode ser que esa resposta sexa simplemente: «Citarémola para valoración presencial», e outra vez a agardar por outra cita presencial. Ao final vémonos con que ese diagnóstico precoz xa non vai ser tan precoz despois de acumular semanas e semanas en listas de espera.

E xa sei que ao Partido Popular lle gusta moito sacar peito e presumir das súas listas de espera «reducidísimas» para a primeira valoración hospitalaria. Pero ¿que acontece coas se-



gundas e coas sucesivas visitas? ¿Que sucede coas revisións? ¿Que sucede se esta paciente ten que agardar por outra proba complementaria que lle solicita esta médica hospitalaria? ¿Cando terá esta cita de revisión? Porque estamos vendo como hai servizos que, aínda que poidan ter unha primeira visita nun tempo medianamente aceptable, marcan para as revisións prazos de tres, catro, cinco ou seis meses porque non hai ocos antes. E se alguén queda coa preocupación do paciente, evidentemente citarao a maiores outra vez, forzando unha axenda que xa está sobrecargada e facendo norma do que debería de ser a excepción. *(Aplausos.)* ¿Como pode ser que haxa pacientes oncolóxicas cun alto risco de recidiva que queden no limbo dos xustos e vaian padecendo adiamento tras adiamento de citas e que cheguen á consulta cun segundo tumor que puido ser detectado moito antes?

Non xoguen coa sanidade e non fagan demagogia coa vida das persoas. As terapias CAR-T poden supoñer —e supoñerán— un grandísimo avance para o tratamento oncológico. Pero de nada valen se non chegamos á fase na que as pacientes son candidatas a ese tratamento. *(Aplausos.)* De nada vale un tratamento punteiro e eficaz se non somos quen de facer a prevención nin o diagnóstico precoz. De nada vale ter un tellado fantástico e marabilloso que non deixa pasar nin unha soa pingueira cando chove se se inunda a casa por baixo cada vez que orballa. De nada vale ter cincuenta tellados espectaculares, cando non hai ningunha base que os sustente.

E, reitero, non malinterpreten as miñas palabras. O problema non son as terapias CAR-T. Benvidas sexan todas as medidas que supoñan unha mellora na calidade de vida das persoas. O problema é que lles esquece que antes de chegar á terapia CAR-T hai un mundo, un mundo que teñen totalmente esquecido e abandonado. A sanidade pública non pode seguir subsistindo nestas condicións. Non pode estar a atención primaria, base para un diagnóstico precoz, con axendas de trinta, de corenta ou de sesenta pacientes.

E, por certo, manifesto aquí unha curiosidade que teño. Gustaríame saber como se calculou a media que comentou o señor conselleiro de Sanidade nun dos primeiros plenos que tivemos, esa de que eran 30 consultas ao día. Porque ou se meten sábados e domingos nese cómputo ou a min non me saen as contas. *(Aplausos.)*

Onte trouxemos aquí unha moción e dixéronnos xa que era amplísima. E xa respondeu a miña compañeira que iso era tan só o urxente. Non se eclipsen con fogos de artificios, señora Amigo, e centrémonos no importante.

Moitas grazas, e bo día. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.



Ben, eu vin falar aquí da CAR-T, pero paréceme importante facer algunha aclaración. Señora Carreira, eu non sei canto tempo leva vostede traballando no Sistema galego de saúde. Eu levo trinta anos, máis de trinta anos, e paréceme importante facer algunha aclaración. Porque respecto desa señora á que vostede alude, que di que ten un tumor aquí no cuello, ¿vostede pensa que, se realmente chama o seu médico de cabeceira, non lle vai dicir que vaia alí para facer unha exploración física? (*Murmurios.*) E fago outra aclaración. Mire, é o médico de cabeceira, cando se fai unha chamada telefónica —entre o médico de cabeceira e o paciente—, o que acorda se se debe facer unha consulta física ou non. É así, sempre é así e sempre foi así. E, mire, mesmo o señor Martín —que o outro día estivo na Comisión— dixo que levaba máis de quince anos facendo visitas telefónicas. E, claro, negar hoxe a telemedicina, negar hoxe as TIC, mire, non é corrente; ou sexa, en ningún país avanzado, en ningunha medicina do mundo, se nega iso. A min paréceme que, ¡vamos!, que hai cousas que..., desde logo...

Alégrome de que lera o programa electoral, señora Carreira. Pero, mire, aplíquese o conto, non xogue coa sanidade e, desde logo, non faga política con ela. ¡Vamos!, eu... (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

E, falando de protocolos, en todos os hospitais hai unha vía rápida. Cando un detecta que un paciente pode ter un cancro chama a enfermeira e hai unha vía rápida pola que van todos eses pacientes. Iso sábeo calquera paciente oncológico de Galicia. (*Murmurios.*) Ou sexa, é así. A xente que traballamos no sistema sabémolo. É o que estamos facendo todos os días, non se pode negar o que é evidente.

Señor Torrado, agradezo moito o seu apoio. E agradezo tamén ese recoñecemento que fai aos servizos oncológicos da nosa comunidade. E, desde logo, eses protocolos que hai de cribado de cancro de colon, de mama e de cervix non se descoidaron nestes meses de pandemia. Non ten nada que ver, non. Pódolle asegurar que non.

Tamén temos hoxe, señor Rivera —que o vexo aí—, unha boa noticia. Porque hai pouco que se debateu aquí o tema do IVE. E, como se di no meu pobo, caeron da burra e recoñeceron que o IVE tiña que baixar ao 4 %. (*Aplausos.*) Penso que iso hoxe témolo que celebrar todos. Seguro que todas as familias galegas hoxe celebran isto.

Como dicía, falabamos das patoloxías e das terapias dos CAR-T, que teñen moita importancia. E non ten nada que ver, non podemos mesturar as cousas. Galicia ten servizos de oncohematoloxía punteiros en varios hospitais da nosa comunidade. E eses avances importantes que hai tamén teñen que estar en Galicia. Estamos falando de terapias xénicas, nas que temos moitas autoridades nesta materia, de tratamentos innovadores que se fabrican individualmente. E non ten nada que ver, señor Torrado —outra aclaración que lle quería facer—, o deses laboratorios, de Gilead e Novartis, que fan CAR-T comerciais. Nós estamos a falar aquí de CAR-T académicos, que se produzan aquí e que se poidan aplicar e facer estudos de investigación aquí, na nosa comunidade. A posibilidade de contar con este tipo de tratamentos permitíranos poder facer tratamentos á carta aquí para os nosos pacientes, e que ningunha familia teña que saír fóra con todo o que supón o diagnóstico do cancro. Saben que estes tratamentos teñen que ir a terapias intensivas. E á parte da dor do primeiro diagnóstico pois hai moito sufrimento posterior.



No mes de maio do ano 2019 coñecía-se unha listaxe oficial dos centros que foron designados polo Goberno e que pasarían a ser hospitais especializados en terapias CAR-T. E todos sabemos que Galicia quedou fóra. Ningún hospital galego foi seleccionado. E os hospitais galegos vense na obriga de derivar estes pacientes a centros de referencia máis próximos. Unha vez máis o desequilibrio territorial foi evidente, e a sanidade estatal deulle as costas a Galicia e ao conxunto do norte de España mentres que se favoreceu o nordeste, concretamente a Cataluña. Ningún dos centros designados polo Goberno central está situado no norte de España, a pesar de que Galicia ten centros con dilatada experiencia en transplantes de medula ósea, con máis de dez anos realizando transplantes aloxénicos e con servizos de hematoloxía que teñen recoñecido prestixio e unha importante capacidade investigadora. Dos tres centros designados para o tratamento de menores, dous están en Cataluña. Dos oito centros hospitalarios de adultos, tres están Cataluña, dous en Valencia, un en Salamanca, un en Madrid e un en Andalucía. Galicia, cero. É dicir, que máis da metade, cinco de once, van estar situados no nordeste, a pesar da alta cualificación demostrada polos hospitais galegos. Galicia e os galegos non merecemos esta discriminación, e temos a obriga de pelexar por unha sanidade igualitaria en todo o Estado español. Todas e cada unha das comunidades autónomas teñen dereito a ter as mesmas oportunidades en todos os eidos, e máis en materia de sanidade.

Nós imos aceptarlle a emenda, señor Torrado. Por suposto que estamos pedindo que se faga con medios públicos. Nós o que queremos é seguir avanzando.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Suspendemos a sesión ata as 16.00 horas, as catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e dous deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego dun plan de axudas directas a fondo perdido dirixido a paliar o impacto económico da covid-19 no sector da hostalaría en Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Borja Vereja Fraiz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-000441).



Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego, dentro da súa capacidade orzamentaria e tendo en conta a marxe fiscal derivado da flexibilización das regras de déficit autorizadas polo Ministerio de Hacienda, insta a Xunta de Galicia a seguir adoptando de xeito urxente axudas directas a fondo perdido dirixidas a paliar estragos económicos que a covid 19 está a producir no sector da hostalaría en Galicia».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos os deputados.

No último pleno, hai pouco máis de vinte días, efectivamente, subiamos a esta tribuna e reclamabamos ao señor Núñez Feijóo explicacións ao redor das medidas de confinamento que se adoptaron na provincia de Ourense, especialmente na cidade e nalgunhas vilas —O Carballiño, Verín, Barbadás— e pobos que conforman as comarcas desas vilas. Pedíámoslle explicacións, non dende un punto de vista médico nin clínico —o conxunto da cidadanía e, por suposto, os deputados e deputadas do PSOE, nese sentido, acatamos as decisións leal e responsablemente—, senón dende o punto de vista de que a cidadanía merecía explicacións porque ese confinamento levaba consecuencias de índole económica importantes, especialmente nun sector, o sector da hostalaría, que xa viña dunha época en que estaba sufrindo bastantes prexuízos. O confinamento, en si mesmo, naquela cidade e nas vilas, conlevaba unha limitación de aforos, conlevaba unha limitación de acceso aos locais e conlevaba a presenza limitada nas terrazas, única e exclusivamente, a conviventes. Por tanto, estíbese causando unha ruína importante, un prexuízo importante a ese sector.

Reclamabamos explicacións do señor Feijóo, basicamente porque o señor Feijóo se dedica a cuestionar día si e día tamén —fíxoo hoxe tamén na comparecencia que tivo neste pleno— o Goberno do Estado sobre as medidas que adopta este goberno en relación coa pandemia.

Daquela, o señor Núñez Feijóo cuestionaba a declaración de estado de alarma que se declarara en Madrid, colgándose da man da señora Ayuso —neste caso para criticar o Goberno do señor Sánchez—, cando, en realidade, na provincia de Ourense se estaba producindo un estado de alarma encuberto respecto do cal nós pediamos explicacións.

Tiveron que pasar vinte días, e hoxe, o señor Núñez Feijóo comparecía no pleno, por instancia do BNG, e daba as explicacións que entendía convenientes.

Eu creo que o señor Núñez Feijóo debe comparecer no Parlamento, non porque sexa un delegado, un representante ou a autoridade delegada do Goberno do Estado na xestión da pandemia. Eu creo que debe comparecer no Parlamento basicamente porque é o presidente de todos os galegos e galegas, e os cidadáns merecen explicacións ao redor das medidas que se



están adoptando, que están limitando dereitos fundamentais e que están afectando a súa vida económica. Por iso entendemos que o señor Núñez Feijóo debe comparecer.

Nesa intervención de hai —insisto— máis de vinte días e ao longo destes últimos tempos, presentamos distintas iniciativas no sentido de que diante dunha situación dramática como a que está vivindo o sector, neste caso da hostalaría, as administracións públicas necesitan adoptar medidas de compensación. Non se pode confinar a cidadanía, non se pode obrigar a pechar os establecementos sen establecer medidas de compensación económica ao respecto.

Coñecemos a situación do sector. É absolutamente dramática, agónica: un sector que se está manifestando; un sector que está sendo inxustamente estigmatizado, como todos sabemos, dado que o nivel de contaxios nese ámbito non é importante en relación co que se produce noutros ámbitos e, dende logo, un sector que, estigmatizado e sen ter culpa de nada, necesita axuda. Iso é o que vimos reclamando ao longo dos últimos tempos. Mesmo na última Comisión de Economía reclamamos, por instancia, neste caso do BNG —e sumándonos á iniciativa, mesmo nós presentáramos en anteriores comisións unha iniciativa semellante—, axudas directas ao sector da hostalaría. A resposta da Xunta de Galicia, do Partido Popular, no ámbito parlamentario, foi votar en contra e, en fin, dar escasas explicacións.

Estamos nunha situación complexísima. Todos somos conscientes. Aquí ninguén..., en fin, nin eu nin o meu grupo pretendemos facer ningún tipo de demagogia. Eu creo que isto exige unha reacción áxil e inmediata da Xunta de Galicia. Unha reacción que, cando menos, teña o mesmo teor ou parecido que a que se está adoptando desde moitos concellos de Galicia, que intentan axudar, modificar os seus orzamentos e prestar todo tipo de axudas ao sector, mesmo axudas directas; axudas e unha reacción idéntica á que están adoptando outras comunidades autónomas e unha reacción similar á que adoptou o Estado español, o Goberno do Estado español, cando tivo que adoptar medidas de confinamento para o conxunto da cidadanía: 280.000 galegos recibiron prestacións en concepto de axudas por ERTE; 80.000 autónomos, prestacións por peche de actividade. Mesmo hoxe, o Ministerio de Inclusión e Seguridade Social anunciaba a flexibilización de acceso dos hostaleiros á prestación por cesación de actividade. En consecuencia, demandamos da Xunta de Galicia unha reacción no plano económico de xeito inmediato e nun ámbito similar a como están reaccionando o resto das administracións públicas.

Nós non dicimos que a Xunta de Galicia non fixera nada neste ámbito. Non o dicimos. Pero entendemos que a reacción está sendo cativa, de escasa profundidade, lenta, de escaso impacto e que, dende logo, se non se axiliza e se poñen fondos encima da mesa, dentro de pouco tempo, un sector hoxe xa moi prexudicado, como é o da hostalaría, se verá aínda moito máis prexudicado.

Entendemos que o Igape ten que xogar un papel moito máis importante do que está xogando na dinamización da actividade económica de Galicia, como un instrumento de financiamento da actividade económica, basicamente neste momento.

Entendemos que os anuncios que fai o señor Núñez Feijóo respecto dos plans de axudas a autónomos de 70 millóns teñen que efectivizarse no DOG. Non pode ser que o señor Núñez



Feijóo anuncie un plan, hai quince días, de 70 millóns para autónomos —30.000 autónomos e 10.000 micropemes— e aínda non se efectivizase. Non pode ser que se anuncien 12 ou 15 millóns de euros para o sector da hostalaría hai uns días e que se diga hoxe en sede parlamentaria que cada hostaleiro vai recibir entre 2.200 a 7.000 euros, cando, o señor Feijóo, nos fala de que hai que... os galegos sabemos sumar, multiplicar e dividir, o cal é certo. Eu invito a calquera a que faga aquí unha división dos 12.800 establecementos hostaleiros que están afectados polo peche nos 60 concellos, en relación cos 12 ou 15 millóns que ofrece o señor Núñez Feijóo de axudas, e o divida entre os 2.000 a 7.000 euros que pretende asignar a cada negocio. Eu creo que, en fin —operacións matemáticas á parte—, 12 ou 15 millóns son absolutamente insuficientes, son absolutamente ridículos neste momento para paliar as consecuencias do peche que vai afectar —insisto— 1.800 negocios aproximadamente e que vai afectar, en termos de emprego, máis ou menos 30.000 persoas en Galicia. Eu creo que se necesita un plan moito máis ambicioso. Nós poderíamos vir aquí cunha cantidade determinada, cunha cantidade pechada. Non imos facelo. Simplemente imos pór o exemplo do País Vasco, que anunciou 45 millóns de euros para o sector nestes últimos días; ou tamén a rexión de Murcia, 38 millóns, se non me equivoco.

Por tanto, entendemos —con humildade— que é o momento de que a Xunta de Galicia, que recibiu, ao longo destes últimos tempos, importantes transferencias do Estado e participou neste fondo en cuestión de 16.000 millóns para a covid, que ten capacidade orzamentaria e que vai ter para o ano 2021, como consecuencia da aprobación do teito de gasto de onte e do suplemento de gasto, que implica 1.516 millóns de euros, poña encima un plan inmediato, áxil e eficaz, dotado de fondos para o sector. E que non nos falen de 12 a 15 millóns, que non nos falen das contías de 2.200 a 7.000 euros para 12.200 ou 12.800 negocios, cando iso, dende logo, é instalar a cidadanía nunha estratexia de confusión evidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: Esta non é unha iniciativa do PSdeG. Esta é unha iniciativa do sector, que hoxe o está pasando mal.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor...

O señor FRANCISCO RIVERA: Por tanto, deixo á súa consideración a votación.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Vereá Fraiz.

O señor VEREÁ FRAIZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.



Nestes momentos especialmente complicados para todo o sector da hostalaría, dende o Grupo Parlamentario Popular quixeramos trasladar unha mensaxe de apoio político e institucional a un dos motores económicos de Galicia; un dos motores económicos que está nunha crise sen precedentes, que está sufrindo un golpe sen precedentes tras un ciclo extraordinario. Viñamos de cifras récord, viñamos dunha tendencia alcista que, en última instancia, era mérito da propia industria turística e tamén, dalgún xeito, de toda a sociedade galega, que entendía e respectaba este sector como un sector fundamental para o futuro do país. Había unha estratexia consolidada entre a Xunta de Galicia e o sector turístico que estaba mellorando a nosa competitividade. Cada ano tiñamos mellores produtos turísticos e con maior valor engadido —co que iso significaba para a riqueza do país—. E esta fortaleza ou estas cifras de resistencia notáronse especialmente nos meses de verán, cando todo o diferencial do sector turístico galego estaba por riba da media estatal. Non imos repetir aquí as cifras de apertura de establecementos hoteleiros, as cifras da quinta comunidade con maior número de turistas e incluso as do sector da restauración e da hostalaría —cun nivel de actividade en moitos casos semellante ao do ano 2019, cando, ademais, neste ano 2020 tiveron que levar a cabo unha importante readaptación do negocio, tanto nas instalacións como na busca de nova clientela ante a perda da clientela internacional—.

Entendemos que estas cifras de resistencia axudarán no momento da recuperación sempre que entre todos acertemos coa estratexia adecuada. Sen dúbida, é un dos sectores máis afectados desde o comezo polas restricións na mobilidade —na mobilidade internacional, na mobilidade doméstica—, pola especial actividade ou natureza desas actividades, que van moi vencelladas ao contacto entre as persoas —un contacto prolongado—, e, por suposto, tamén ante a inseguridade. Todos vimos como no momento en que había unha alerta, en que había unha restrición, en que había un gromo, automaticamente as cancelacións eran masivas.

Entendemos que non é o momento dos reproches. É o momento da unidade. Así o pide o sector e así tamén o pide a sociedade. Todos estamos notando esa especial sensibilidade que a xente ten co mal que o está pasando a hostalaría e o turismo. A semana pasada na Comisión de Recuperación non estaba vostede, estaba a deputada Leticia Gallego, pero alí si nos trasladaron esa mensaxe de unidade e de que todas as administracións activen todas as súas competencias para salvar o sector. Todos estamos de acordo en que, ante un pechamento obrigatorio, a única solución é a solución de rescate —comentábámolo a semana pasada—, e fundamentalmente por dous principios: un principio de eficiencia e un principio de xustiza. É menos custoso salvar agora estes negocios, estes empregos. E, sobre todo, é máis xusto que esperar uns meses e atoparnos coa práctica desaparición do sector.

A Xunta de Galicia así o trasladou. Vai activar todas as posibilidades orzamentarias. No momento en que procede a unha restrición total da hostalaría activa inmediatamente unhas axudas, que van desde 2.200 ata 7.000 euros —completadas, para chegar a estas cifras, co Plan de autónomos—. Está cumprindo, e, ademais, ten un reto importante por diante. Porque estas axudas teñen que chegar a un gran número de beneficiarios. Para iso é preciso mobilizar gran cantidade orzamentaria, e, sobre todo —e é o máis importante—, chegar canto antes. Eses cartos teñen que estar canto antes no sector hostaleiro. Estamos convencidos de que a Xunta vai cumprir con ese reto. Antonte o vicepresidente da Xunta reuniuse co sector, e alí, nunha xornada de traballo, fíxose ese chamamento á unidade e a seguir traballando xuntos.



Por suposto que estamos preocupados dende o Grupo Parlamentario Popular, porque, se hai un instrumento que é fundamental para reactivar un sector, son os orzamentos xerais do Estado —os orzamentos de Pedro Sánchez—. E ao analizar eses orzamentos non atopamos unha soa medida de impacto concreta e específica dedicada a este sector. O que é unha terrible declaración de intencións —e aseguro que a algún deputado lle vai sorprender, e especialmente á industria turística— é que non hai nin un só euro, ¡nin un só euro!, para o Xacobeo 2021, unha terrible declaración de intencións.

Por suposto, no Parlamento de Galicia solicitouse a baixada do IVE turístico ao 4 %. O seu grupo parlamentario abstívose, por certo. Entendemos que é unha medida fundamental para dinamizar a demanda no momento en que esteamos na recuperación. Esperamos que recapiten, como acaban de recapacitar co IVE das máscaras, e esperámoslos, da man do sector, nesta baixada do IVE turístico, que é unha das súas peticións fundamentais.

O sector coñece o documento do sector da hostalaría onde están todas as medidas, que afectan a todas as administracións. Por suposto afectan á Xunta de Galicia, por suposto ao goberno de Pedro Sánchez e, por suposto, tamén aos concellos, que son esa administración cercana que coñece as peculiaridades das cidades e das vilas e que pode activar medidas moi eficaces e moi eficientes a través de axudas ou modulando a tributación municipal, os impostos e as diferentes taxas.

Remato xa.

Dende o Grupo Parlamentario Popular queremos poñer en valor ese chamamento á unidade, queremos apoiar a súa PNL. Propoñemos un axuste formal na nosa emenda para instar a Xunta de Galicia a que siga apoiando, de xeito urxente, todas as axudas directas ao sector da hostalaría e siga activando, dentro dos límites orzamentarios, todas as solucións de rescate posibles. Polo tanto, señorías, esperamos que os tres grupos parlamentarios poidamos acadar ese acordo e trasladar esa mensaxe de unidade a todo o sector.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vereas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Señor presidente.

Señores deputados e deputadas, boas tardes.

Comezo por mandarlle todo o meu apoio e o do Bloque Nacionalista Galego a todos os homes e mulleres que traballan no sector da hostalaría e que están a sufrir especialmente o impacto económico desta crise da covid. *(Aplausos.)*

As medidas para paliar a covid teñen que levar parellas as medidas para salvar a economía e salvar o emprego. E ambas as dúas teñen que ser contundentes. A situación na que nos



atopamos é delicada, pero quen ten a responsabilidade de gobernar ten que tomar as decisións necesarias para atallar os efectos da pandemia. E cando estas decisións afectan negativamente un sector económico, este ten que ser axudado de maneira rápida e con medidas reais que garantan a súa subsistencia.

O sector da hostalaría é un dos máis afectados e non ve saída. Ve o seu futuro moi incerto e piden axudas e medidas para a súa subsistencia. Están na corda frouxa e precisan axudas para garantir os postos de traballo. E o Goberno do Partido Popular vai tarde, mal e a rastro. Vai tarde porque dende marzo, mes no que estivemos pechados e no que pecharon por primeira vez os locais de hostalaría, estes non recibiron por parte da Xunta de Galiza ningunha axuda directa que evitase o peche dos negocios. Ir tarde significa que xa quedaron polo camiño moitos traballadores e traballadoras da hostalaría e que hai un regueiro de establecementos pechados que vai a máis.

Mentres que a maioría das comunidades autónomas do Estado convocaron axudas directas dende os primeiros meses da pandemia, o señor Feijóo acaba de anunciar unha liña urxente de axudas para a hostalaría. Logo de oito meses de pandemia, a Xunta de Galiza anuncia a primeira convocatoria de axudas, cando o resto das comunidades autónomas van pola segunda convocatoria.

¿Saben cal é a diferenza entre Galiza e o resto do Estado? En Galiza, entre setembro de 2019 e decembro de 2020 hai un 0,7 % de autónomos menos; case o dobre da media do Estado. E ¿saben por que outras comunidades autónomas aguantaron mellor a crise e non pecharon os negocios? Porque os gobernos autonómicos fixeron o seu traballo e axudáronos para poder seguir abertos e salvar os postos de traballo, cousa que non fixo a Xunta de Galiza, que os deixou sos.

A Xunta de Galiza vai mal, porque, como xa nos ten acostumados dende o comezo da pandemia, actúa sen previsión, sen contundencia e improvisando. En vez de sacar medidas que garantan o emprego e a estabilidade económica con previsión, a súa política foi actuar unha vez que os distintos sectores e colectivos se mobilizaban. Vímolos co ocio nocturno e agora vémolos coa hostalaría. Sectores como o da cultura, o do lecer ou o do comercio tamén están sufrindo esta crise. Señoritas e señores do PP, non esperen a que saian á rúa para artellar axudas que palíen as súas dificultades.

Van a rastro, porque as persoas que traballan na hostalaría son homes e mulleres que, ao longo destes meses, sufriron unha forte redución dos seus ingresos, e nalgúns casos chegaron a non ter ningún ingreso. Esta situación límite está levando a moitas familias, que dependen dos ingresos dos seus negocios, á exclusión social. Falo de mulleres e homes que traballan na hostalaría e que se ven na obriga de acudir ás ONG para poder dar de comer ás súas familias. Falo de que non poden pagar a luz, a auga, o alugueiro ou a comida. Falo de que están en situación de pobreza. Falo de que forman parte desas vergoñentas colas da fame que vemos nas nosas vilas e cidades. Esa é a realidade que están a sufrir no noso país moitas das persoas que traballan no sector da hostalaría e moitas das persoas doutros sectores que traballan para a hostalaría.



A resposta que estas persoas reciben da Xunta de Galiza é que —en palabras do señor Rueda, que se atopa aquí— a convocatoria destas axudas previsiblemente comezará este mes de novembro. ¡Previsiblemente no mes de novembro! ¡Señor Rueda, estas axudas teñen que ser convocadas xa! A hostalaría non pode esperar nin un día máis. Convoquen estas axudas de inmediato para garantir a subsistencia do sector.

O Plan de rescate para persoas traballadoras autónomas e microempresas foi anunciado o 22 de outubro e estas axudas aínda non están convocadas. Van para alá vinte e un días. Se as axudas directas para a hostalaría van levar a mesma velocidade, xa lles digo eu que non saen en novembro. E xa veremos se chegan para salvarlles o Nadal, como di o señor Feijóo. Unha liña de axudas que tarda un mes en ser convocada non debe parecerlles moi urxente a vostedes.

Señores do PP, son vostedes moi afeccionados aos anuncios. E este país precisa menos anuncios e máis convocatorias de axudas publicadas no DOG. Ademais, as axudas que anunciou o señor Feijóo son claramente insuficientes para uns negocios que levan oito meses pechados ou con importantes restricións de aforo. E así llo está facendo saber o sector coas súas mobilizacións na rúa. As perdas ás que están facendo fronte son moito maiores que as cantidades que van recibir coas axudas. Xa o dicía o señor deputado do PSOE, se tomamos os datos que dá a Xunta —non os inventamos— e facemos unha simple división —12 millóns de euros entre os establecementos, e contabilizamos os das 60 cidades afectadas, que son 12.000, só os das 60 cidade afectadas— sáennos sobre 1.000 euros por establecemento; cantidade que queda moi lonxe dos 7.000 euros que publicitaron con grandes titulares. ¿De verdade vostedes pensan que con 1.000 euros de axuda van conseguir salvar a hostalaría deste país, que leva arrastrando perdas dende marzo?

Hai que tomar medidas como as do Goberno alemán, que garanten a cobertura do 70 % da perda dos establecementos. Só con medidas coma esa se poderá garantir a supervivencia dun sector que está en caída libre, dun sector que supón o 20 % do PIB galego e dá emprego a máis de 66.000 persoas, polo que ten unha gran repercusión na economía de Galiza e, ademais, un importante papel na vertebración do territorio. As axudas que anunciou a Xunta ata agora son claramente insuficientes e, como xa dixeran, chegan tarde. É preciso amortecer o impacto da covid na economía do país, e para iso a estas alturas temos dúas opcións: tecer unha rede de protección para a hostalaría con axudas directas que garanta os postos de traballo ou esperar a que o seu número siga caendo e pechen máis e máis negocios. E despois, bueno, xa crearemos plans de emprego para as persoas do colectivo que queden no paro; coa particularidade de que unha boa parte das persoas traballadoras deste sector están no grupo de idade de máis de 50 anos e outra boa parte son mulleres. Calquera destes dous grupos teñen unha inserción laboral difícil, coa dificultade engadida de que levan toda a súa vida laboral no sector.

A situación de emerxencia na que está a hostalería é máis que evidente. En palabras do propio colectivo, está na UCI e necesitan coidados paliativos para salvala. A hostalería deste país está ao límite e precisa que esteamos á altura, que respondamos con axudas á medida das súas necesidades, porque xa imos tarde e o colectivo precisa poder facer fronte aos gastos que o asfixian.



Señor Feijóo, señor Rueda, non chega con pedir desculpas, como fixo o presidente. Publiquen xa a convocatoria de axudas directas e faciliten que as familias que dependen do seu negocio na hostalería teñan non só un Nadal feliz, como dixo o señor presidente, senón que teñan unha vida feliz garantíndolles unha vida digna.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Iglesias.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Señor presidente.

Señor deputado do Partido Popular, primeiro, agradezo o ton da súa intervención. Eu esperaba que comparecese o señor Tellado cunha machada na man, neste caso contra o señor Sánchez e contra o Goberno do Estado. *(Murmurios.)* Creo que neste sentido me vai tomar esta licenza o señor Tellado con distancia, e neste sentido agradezo o ton empregado.

Eu creo que aquí todos somos conscientes realmente da situación que hai no país. É un sector, como efectivamente dicía a deputada do BNG, no que traballaban 66.000 persoas no ano 2019, que supuña o 4,5% do PIB galego, que facturaba 4.700 millóns de euros, que perdeu 10.000 empregos dende o ano 2019 ata o día de hoxe, e que é un sector que está nunha situación agónica, unha situación motivada por moitas cuestións, fundamentalmente polo confinamento ultimamente decretado, co peche de negocios. O sector viña arrastrando ao longo destes últimos tempos a caída do consumo, a caída da demanda e, como consecuencia, tamén a afectación na súa actividade de negocio. E necesita reaccións inmediatas, reaccións inmediatas.

Eu teño oído aquí falar de plans de 3.000 millóns de euros, plans de reactivación económica por parte da Xunta de Galicia de 3.000 millóns de euros. Ben, un anuncio importante, e sería bo que parte dese plan que vostedes teñen para a reactivación económica do país o empregasen inmediatamente na adopción de axudas ao sector da hostalaría. Son 12.800 negocios, máis ou menos, pechados como consecuencia do confinamento. Algúns —como é o caso dos negocios da miña vila, Verín— foron pechados no último mes, ao longo de todo o mes, como consecuencia dun acordo entre o sector e o propio Concello. E aí si, ¡aí si!, houbo axudas directas do Concello aos establecementos.

Por tanto, reclamamos da Xunta de Galicia que empregue toda a capacidade de gasto público, toda a capacidade de endebedamento —e que o faga de xeito áxil, que o faga de xeito rápido—, e que poña enriba da mesa un plan que escape —e vanme permitir que o cualifique así— do ridículo anuncio que nos fixeron nos últimos días en relación coas axudas ao sector de entre 12 e 15 millóns de euros. Fixo a conta moi ben a señora deputada do BNG: 12.800 establecementos a menos de 1.000 euros, non é dos 2.200 ata os 7.000 dos que fala o señor Núñez Feijóo.



Por tanto, nesa estratexia de confusión na que está instalado o señor Núñez Feijóo, nós dicímoslles: fagan vostedes política económica a medio prazo e, por suposto, inmediatamente poñan vostedes fondos. Teñen capacidade económica, recibiron fondos do Estado para a loita contra a covid. Teñen capacidade de endebedamento con cargo ao orzamento do ano 2021, con cargo ao déficit, con cargo aos fondos europeos. Van percibir 430 millóns do fondo europeo de recuperación, 430 millóns que teñen como obxectivo finalmente, entre outras cuestións, apoiar os autónomos e apoiar as pemes. Fagan uso da capacidade orzamentaria da Xunta e poñan un plan que estea á altura, como mínimo, do que se está anunciando no resto das comunidades autónomas: 45 millóns no País Vasco ou 38 en Murcia —anunciado onte—, ¡nada que ver co que están anunciando vostedes, nada que ver! Dean unha saída urxente, rápida, inmediata a esta situación.

En fin, nós podíamos vir aquí, e xa llo dixen antes, cunha cantidade, plantexar o que vostedes fan noutros ámbitos da administración e botar culpas a todo o mundo. Nós vimos cun plan-texamento entendo que serio e compartido. Hai que axudar a hostalería. Señor Rueda, vos-tede está conforme con este tipo de apreciación, ¿non?

O señor PRESIDENTE: Non lle pregunte, non dialoguen.

O señor FRANCISCO RIVERA: Nese sentido, apelamos ao sentido común, apelamos á responsabilidade de todas e todos os deputados. Dende logo, non imos aceptar unha emenda que é nin máis nin menos que unha pequena triquiñuela.

Se queren vostedes axudar, voten esta iniciativa, poñan un plan serio, dotado orzamentariamente e áxil, e póñano á disposición de todo o sector no prazo máis rápido posible.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate sobre as proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo. Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, o incremento do Fondo de Cooperación Local e o establecemento no ano 2020 dos criterios de distribución das subvencións ás entidades locais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Aquí pon que é por iniciativa do señor Bará, pero é iniciativa da señora Alexandra Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa liña ferroviaria Vigo-O Porto.

Fanme chegar unha transacción. É unha transacción un pouco longa pero eu considero que a debo ler, porque é unha proposta que ten o seu calado. Polo tanto, voulle dar lectura. Valora así a Presidencia esta cuestión. E di:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Incluir na axenda postcovid a modernización da liña ferroviaria Vigo-O Porto e a súa consideración como proxecto estratéxico e prioritario para a eurorexión, co obxectivo de contar cun tren competitivo, moderno e rápido que garanta a mobilidade sustentable e segura. Con este obxectivo, o Goberno galego impulsará ante os gobernos españois e portugueses as seguintes actuacións: modernización da liña ferroviaria entendida como traxecto de media distancia que dá continuidade ao eixo A Coruña-Vigo; a redacción dun estudo de conxunto da rede ferroviaria da área metropolitana de Vigo para a súa vertebración; impulsar a inclusión do tramo Vigo-O Porto na rede básica TEN-T do corredor atlántico ferroviario de mercadorías; impulsar a aprobación do proxecto de saída sur de Vigo e a súa construción; estudar e aprobar unha alternativa ao paso da vía férrea polo centro da vila do Porrriño; completar a electrificación da vía nunhas condicións homoxéneas a ambos lados do Miño; e mellorar as condicións de seguranza do trazado e suprimir os pasos a nivel.

2. Demandar ao Goberno do Estado, na medida en que a situación sanitaria o permita, o incremento da oferta de servizos e mellora da combinación de horarios no traxecto Vigo-O Porto.

3. Reclamar do Goberno do Estado que transitoriamente acometa a modernización dos vehículos que circulan pola liña Vigo-O Porto.

4. Solicitar ao Goberno español o acordo coa Xunta de Galicia das fases e os prazos de execución da modernización da infraestrutura entre Vigo e o Miño, así como dar saída sur de Vigo, co obxectivo de que a conexión entre Vigo e O Porto cunha duración de menos dunha hora sexa unha realidade no ano 2030, en consonancia cos prazos marcados polo Goberno portugués.»

Este é o texto que imos votar.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa liña ferroviaria Vigo-O Porto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don Ovidio Rodeiro.

Non hai emendas.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa rebaixa polo Ministerio de Educación, a través do Real decreto-lei 31/2020, do nivel e dos requisitos para que un alumno aprobe, promocióne ou titule no curso 2020-2021 con independencia do número de materias suspensas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Presas.

Acéptase como emenda de engádegas a do Grupo Parlamentario Socialista e non se acepta a do Grupo Parlamentario Popular.

O señor FRANCISCO RIVERA: Aceptamos a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE: Acepta a votación por puntos. Pódeme desglosar cal é o punto que queren separar.

O señor FRANCISCO RIVERA: Votaríamos separadamente a emenda do Partido Socialista respecto dos puntos que inclúe a PNL do BNG.

O señor PRESIDENTE: Pero iso non sei se é posible. Que me oriente o letrado nesta cuestión. Non sei se isto é posible ou non. (*Murmurios.*) A ver, imos consultar, señores, que para iso están os letrados. Vou consultalo.

¿Vostede entendeu o que propón el? (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Hai que explicalo. El pretende votar por separado a súa emenda. Non é unha votación por puntos, é separar a emenda que vostede lle aceptou como engádegas, votala soa, e despois votar a súa PNL. ¿Está de acordo?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si, teño un especial interese en ver se o Partido Popular cambiou de opinión respecto da cuestión da ponencia.



O señor PRESIDENTE: Está ben. Iso é válido.

Entón, votamos en primeiro lugar a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

É de engádegas. ¿Que facemos? *(Risos.) (Aplausos.)*

¡Claro! ¡Téñenmo que dicir! ¡Eu non o sabía! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

¡Non pasa nada! *(Murmurios.)*

Votamos a emenda do Grupo Socialista. *(Anúlase a primeira votación por unha deficiencia no dispositivo electrónico e repítase.)*

Repetimos a votación porque isto quedou mal. *(Murmurios.) (Risos.)* Vamos repetila, non pasa nada. Está mal, non dan aquí os números. *(Murmurios.)*

Repetimos a votación.

Votamos, en primeiro lugar, a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia á Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a posición que debe defender o Goberno galego diante do Goberno central e das institucións europeas en relación coa distribución dos fondos europeos para afrontar a crise da covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos en concreto a propia proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da Proposición non de lei do G. P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a posición que debe defender o Goberno galego diante do Goberno central e das institucións europeas en relación coa distribución dos fondos europeos para afrontar a crise da covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 40; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa da señora Amigo Díaz.



Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa da D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, no marco do futuro plan galego de oncoloxía, dunha estratexia de medicina personalizada e terapia celular avanzada, así como a posta en marcha en Galicia dun centro de terapia CAR-T.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e dous deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego dun plan de axudas directas a fondo perdido dirixido a paliar o impacto económico da covid-19 no sector da hostalaría en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións e continuamos coa orde do día. Pasamos ás interpelacións.

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e tres deputados/as máis, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de atención residencial

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Máis de mil persoas faleceron por covid en Galicia. Lamentablemente esta cifra está marcada polos centros de atención residencial de maiores, que desbordaron as cifras ata ocupar case a metade; cifras que son nomes e apelidos, vidas que nos deixaron e dramas familiares, que non se puideron nin despedir dos seus.



Estamos inmersos nun contexto moi duro e, lamentablemente, os falecementos non son o único drama nesta cuestión. Onte os medios de comunicación amosaban unhas fotografías da residencia de Salvaterra —incriblemente intervida hai quince días pola Xunta de Galicia— nas que a palabra «horror» queda curta. As imaxes, non aptas para persoas sensibles, amosan feridas graves no corpo dunha persoa maior —as traballadoras indican que o 90 % dos residentes tiñan úlceras como consecuencia da falta de hixiene e do absoluto abandono— e o estado lamentable das instalacións. Estas fotos son o espello dunha realidade á que a gran parte da sociedade non ten acceso, unha realidade que amosa os extremos aos que se chega cando existe falta de recursos, falta de persoal e negligencia contra a propia normativa.

Señora conselleira, terá que aclarar como é posible que o día 27 de outubro a Xunta interviñese a dita residencia cun comunicado oficial que dicía textualmente o seguinte: «*Una vez evaluada la situación de la residencia, las consellerías de Sanidad y Política Social acordaron tomar esa medida. Un equipo de profesionales sanitarios del Servicio Gallego ya está desplazado en el centro y se ocupa de hacer un seguimiento médico permanente sobre la situación de los residentes, así como de vigilar la correcta aplicación de las medidas de prevención, seguridad e higiene frente a la covid-19 aprobadas por la Xunta de Galicia*».

É un tema moi grave e delicado, e por iso temos que ter cautela pero estar vixiantes. Agardo que expoña os ditos informes e aclare se as traballadoras da Xunta avisaron de tal situación o día 30 e sucesivos a instancias superiores da Administración, e por que tiveron que denunciar por escrito na fin de semana, nos pasados días, facéndose público onte a través dos medios. ¿Por que?

Antes da pandemia xa advertiron de que este tipo de situacións podía suceder ao Consello de Contas, ás propias traballadoras do sector e ás familias dos usuarios. Tras ver a dramática noticia da residencia de Salvaterra, lembrei as verbas da propia conselleira nesta Cámara en repetidas ocasións —e cito textualmente—: «Todas, todas as residencias de Galicia —xa sexan públicas, privadas ou de iniciativa social— están baixo a tutela da Xunta de Galicia e baixo estrito e continuo control das autoridades sanitarias». ¿Como é posible entón, señora conselleira —se esa tutela rigorosa existe en todas as residencias—, que Salvaterra chegase a tal situación, produto dun abandono, claramente prolongado no tempo, dos coidados das persoas maiores?

A cronoloxía do relato non comeza ao inicio da pandemia senón anos atrás, tras as denuncias das traballadoras —sen ser escoitadas pola Administración competente—, cando as familias advertían de que existían incumprimentos da normativa e cando o Consello de Contas aglutinou toda a información no informe demoledor de hai uns anos, no que indicaba que existían incumprimentos nas ratios de persoal, nos recursos, e incumprimento dos pregos das contratacións.

E, mentres subían as prazas residenciais, as inspeccións previstas pola Consellería de Política Social baixaban. Hai uns días, señora conselleira, vostede afirmou nesta Cámara que este ano se fixeron 250 inspeccións a centros de maiores e de discapacidade; cando, por exemplo, no ano 2011 —segundo o Consello de Contas— fixeran un total de 418. Neste momento é vital aumentar as inspeccións, hoxe máis ca nunca. E non só iso, senón que o PP, vostedes, señora



conselleira, votaron que non querían que se investigara o acontecido nas residencias de maiores nunha comisión específica para iso. Vostede, señora conselleira, dixo nesta Cámara que todo ía ben nas residencias de maiores, que só existía un 1 % de casos de contaxios nas residencias. O grave desta afirmación é que o dixo o 23 de setembro, e catorce días despois, o 7 de outubro, fixo un corta e pega e repetiu exactamente o mesmo obviando todos os casos que foron sucedendo, amosando unha gran irresponsabilidade na propia incapacidade para interesarse pola evolución dos datos —que son, por suposto, da súa responsabilidade—. Hoxe xa imos polo 22 % dos centros de maiores afectados; ou sexa, 57 centros de maiores de Galicia teñen dentro o coronavirus. ¿Cales son os criterios obxectivos que fan que se interveña unha residencia e como se intervén? ¿Que medios puxo a Xunta de Galicia nas residencias intervidas? ¿De que xeito tutela —como di— todas as residencias? ¿De que xeito?! ¿Por que agardar a intervir unha residencia cando os contaxios xa invaden esta e non abordalo antes? E o máis importante: ¿por que non se evacúan inmediatamente todos, ¡todos!, os casos covid do propio centro residencial? Cando unha persoa maior accede a solicitar unha praza residencial asina como requisito de acceso un documento no que declara non ter ningunha enfermidade infectocontaxiosa, igual que un cativo cando accede a unha praza de gardería. E se hai un contaxio no propio contexto dunha gardería, evacúase inmediatamente. ¿Por que non se fai coas persoas maiores?

O contexto hoxe é totalmente distinto ao de marzo. Existen medios de protección e unha capacidade de testar que entón non tiñamos. Pero o certo é que o incremento de casos no contexto residencial hoxe é máis preocupante ca nunca. ¿Como é posible chegar a que nun centro aparezan de golpe máis de cen positivos —como sucedeu, por exemplo, en Pereiro de Aguiar, Salvaterra e en moitos outros casos—? ¿Como? ¿De que forma están tuteladas entón todas as residencias de Galicia, como di a conselleira?

Os propios expertos na materia indican que a clave está na evacuación inmediata dos positivos, e máis aínda tendo posibilidades. ¿Podería aclararse se é certo que na primeira onda os dous centros intermedios habilitados, en Baños de Molgas e o de Porta do Camiño, non se ocuparon nin ao 50 %? ¿É isto certo? ¿Por que non se usan os recursos existentes? Pero, peor aínda, ¿por que na segunda onda da pandemia se habilitan dous centros con menor capacidade de prazas aínda e segue a acontecer o mesmo?

Hai uns días unha investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas analizou o contexto da covid nos centros de atención residencial co título *¿Que se pode facer mellor?* E unha das ideas centrais do estudo ratifica o que o noso grupo leva tempo propoñéndolle ao Goberno da Xunta: un protocolo de evacuación inmediata ante un caso positivo, porque é unha cuestión de prevención da saúde pública, e de garantir ao cen por cento a asistencia sanitaria a todos os nosos maiores. Isto evitaría en gran medida os contaxios abruptos e masivos que estamos a vivir nos últimos meses.

O que non podemos permitir é que a nosa cidadanía teña que ver todos os días titulares de focos masivos nos nosos centros de maiores. E, por suposto, non podemos permitir deshumanizar o contexto, ¡nunca! Non cansaremos de propoñer liñas claras de acción aínda que fagan caso omiso, señora conselleira. Primeiro, elaboren de xeito urxente un protocolo de evacuación de todos os positivos dos centros residenciais, onde os que precisen hospitali-



zación sexan atendidos en tempo e os que non a precisen sexan evacuados a centros intermedios para evitar que contaxien o resto de residentes —medida clave non só para evitar os contaxios senón para permitirlles unha vida o máis parecida á normalidade aos residentes que alí viven—. (Aplausos.) É vital para manter a súa saúde física, cognitiva e mental. (Aplausos.) Hai persoas maiores que están pechadas nas súas habitacións baixo chave. Isto está pasando en Galicia, señora conselleira, iso dino as traballadoras.

É vital mellorar os tempos de reacción —janticipación, señora conselleira!—, iniciar xa a ansiada coordinación sociosanitaria —estamos esperándoa—. Tomen en serio os rastrexos e reforcen a atención primaria, incrementen a protección ás traballadoras —e sobre todo escóitenas, séntense con elas—. Son cuestións vitais para tratar e abordar un contexto moi complexo no cal sabemos que un contaxio masivo nun contexto residencial determinará a crónica dunha morte anunciada para ata o 30 % dos nosos maiores —como aconteceu en residencias como, por exemplo, a de San Lázaro, en Santiago—. Non nolo podemos permitir máis, non son os propios falecementos senón tamén que os nosos maiores convivan cun abandono dos seus coidados por incumprimentos da ratio ou da propia normativa, como pasou en Salvaterra. A covid abriu as portas a un submundo antes oculto para a nosa sociedade, e tras oito meses de pandemia e coa experiencia, con máis recursos e materiais e máis probas xa tiñamos que observar avances e melloras no proceder da xestión da pandemia neste contexto. E o feito é que estamos igual.

Está claro que a situación é complexa, pero hai que mudar o *modus operandi* —canto antes xa— para cortar de raíz os contaxios masivos, porque teñen consecuencias dramáticas neste contexto máis que en ningún. Algo está fallando. Si foi capaz de recoñecelo o propio conselleiro de Sanidade en declaracións aos medios —textualmente dicía: «Hai que analizar e ver que foi o que fallou». Así o declarou. Recoñeceuno. Vostede tamén o debería de recoñecer. Así ao mellor irían mellor as cousas.

Atendamos o urxente. O seguinte será mudar non só o modelo residencial, senón o modelo de atención integral aos nosos maiores. Temos unha débeda moral cos nosos maiores. Non só falamos de vida, senón do tipo de trato que lles damos aos nosos maiores.

E permítanme que termine coas verbas textuais que me transmitiu o fillo dunha muller falecida por covid nunha residencia, nun gromo masivo, en concreto en Pereiro. Dixo textualmente: «A miña nai non morreu por covid, era asintomática, morreu de soidade e de pena».

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta da conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente, deputadas e deputados, señora Ortega, boas tardes.



Subo a este estrado por terceira vez en pouco máis dun mes para explicar as medidas tomadas pola Xunta de Galicia ante os contaxios de coronavirus nalgúns residencias de Galicia. Teñan por seguro que volverei a esta tribuna todas e cantas veces faga falta para recalcar que o Goberno galego está utilizando todas as ferramentas que están á nosa disposición para facer fronte a esta pandemia, con todos os medios que son necesarios, con todos os recursos necesarios, con todo o tempo, toda a atención e os traballos que son necesarios para minimizar o risco de que o coronavirus entre nas residencias de maiores, xa que mentres non haxa unha vacina este risco non pode ser cero.

Este seguimento tan estreito acompaña o excelente traballo que están a desempeñar as traballadoras na práctica totalidade das residencias de Galicia, polo que non deixarei en ningunha ocasión de trasladarlles dende aquí o noso máis sentido agradecemento. Os profesionais sociosanitarios e os profesionais sanitarios deixaron a un lado as súas necesidades persoais para dedicarse á xente que máis o necesitaba, para dedicarse ás persoas máis vulnerables, que son as persoas maiores e as persoas con discapacidade. A combinación do compromiso dos profesionais coa actuación das autoridades sociosanitarias permitiu que no día de hoxe máis do 98 % das prazas residenciais de Galicia estean libres de covid. A estas alturas xa somos conscientes de que, por desgraza, ningunha residencia é un búnker ante o virus. Pero aplicar os protocolos con rigor, aplicar os protocolos con sentidiño, axuda a evitar que o virus se propague. Así o demostran as máis de 400 residencias que hoxe non presentan ningún contaxio na nosa Galicia.

E hai apenas un mes que expliquei nesta mesma Cámara por que non sería xusto nin práctico intervir o cen por cento das residencias de Galicia, esas máis de 400 residencias que están totalmente libres de coronavirus, ben porque se superou xa a doenza, ben porque nunca entrou o virus, e que funcionan con total normalidade nun contexto tan difícil e tan complicado como é o que estamos a vivir. Porque non sería xusto para as entidades que xestionan estas residencias e que están a cumprir os protocolos e están a actuar con dilixencia. Non sería xusto tampouco para o seu persoal, que traballa con profesionalidade e traballa con compromiso diario. E tampouco sería xusto para as familias de todos eses usuarios, que verían cuestionada a súa confianza na residencia e alterada a súa contorna cun motivo pouco xustificado.

As intervencións das residencias, señora Ortega, son medidas excepcionais que se aplican en situacións excepcionais e por criterios puramente sanitarios. E cando, en función deses parámetros, os profesionais entenden que a calidade asistencial está comprometida, a Xunta de Galicia actúa.

É importante tamén desterrar a imaxe das intervencións como unha medida punitiva, porque o obxectivo non é castigar os responsables nin castigar os traballadores. O obxectivo é apoiar, é axudar e é atopar solucións. E se nalgún caso a inspección sanitaria ou a inspección dos servizos sociais da Xunta de Galicia detecta situacións irregulares, teñan por seguro que a Xunta de Galicia actuará con toda contundencia, como sempre o fixo, para garantir o cumprimento da normativa e a calidade asistencial das persoas maiores. Non podemos deixarnos levar por outras motivacións que, aínda que non quero dubidar de que sexan ben intencionadas, non sexan puramente sanitarias. Nunha pandemia coma esta debemos deixar actuar os expertos.



Vostede preguntame na pregunta escrita —non cando fixo a intervención— por que non se interviñeron as residencias de Lobeira e de Monterrei. Pois a resposta, señora Ortega, é por que, despois de que os profesionais sanitarios valorasen a situación, consideraron que a mellor vía era garantir a calidade asistencial na propia residencia. Que non interveñamos unha residencia non significa en ningún caso que non poñamos todos os medios que están ao noso alcance para supervisala, para atendela e para dotala de todos os recursos que esta residencia necesita. Simplemente é que os expertos nos indican que a fórmula óptima é esa.

Nos casos destas dúas residencias realizouse unha monitorización moi estreita da súa situación, e hoxe téñolle que transmitir que, afortunadamente, o cen por cento das residencias de Lobeira e de Monterrei están libres de coronavirus. Lamento profundamente que houbera persoas maiores que xa estaban febles e que non puideron superar a doenza, pero sei que as súas familias son tamén conscientes de que o Servizo Galego de Saúde fixo todo o posible ata o final para salvar as súas vidas.

Galicia pode ter moi claro que as seguiremos mellorando, como as melloramos durante estes oito meses de pandemia sanitaria. Hoxe as residencias de Galicia están máis preparadas para facer fronte a unha enfermidade infectocontaxiosa, cun persoal máis formado, cunha mellor atención integral sociosanitaria —que imos reforzar con esa nova dirección xeral—, con protocolos que conxugan a prevención dos contaxios e o contacto con todas as familias, cunha subministración de material de protección centralizada pola Xunta de Galicia, con inspeccións dos servizos sociais continuas —máis de 300 nestes momentos, tanto as rutinarias como as extraordinarias—, e con cribados quincenais dos traballadores de todas as residencias.

Mire, señora Ortega, vostede preocúpase moito pola residencia de Salvaterra e eu tamén. E tras ter coñecemento dese escrito sobre a situación da residencia de Salvaterra de Miño e das imaxes que a acompañan, na Xunta de Galicia estamos analizando moi detidamente a situación que se está a producir nesa residencia. No momento no que chegou a denuncia inmediatamente se trasladaron ao centro residencial unha inspección sanitaria e unha inspección dos servizos sociais. Porque a nosa única prioridade é atender, é coidar, é salvar todas esas persoas maiores que viven na residencia e comprobar, a través das inspeccións sanitarias e sociais, que se cumpra escurpulosamente a normativa vixente. Se non se cumpre ou se non se cumprixe a normativa vixente, teña seguro que a Xunta de Galicia abrirá expedientes sancionadores. Pero nestes momentos, e despois da intervención pública da residencia de Salvaterra, reforzouse de xeito moi substancial a plantilla de enfermaría, de auxiliares de enfermaría, a dotación técnica do centro residencial, con preto de 50 profesionais que están alí ao pé do canón atendendo, coidando e mimando todas esas persoas maiores. E de feito —pero vostede esa parte non a conta— ese escrito do que vostede fala tamén di que, coa intervención da Xunta de Galicia, se mellorou a calidade asistencial das persoas maiores. E nese camiño, señora Ortega, é no que imos traballar e no que continuaremos traballando sempre, para salvagardar os coidados e salvagardar a saúde das persoas maiores que viven alí. *(Aplausos.)*

Señora Ortega, eu tamén lle pido a vostede que sexa prudente e, cando lles traslade a todos os galegos e ás galegas unha información, que sexa unha información veraz. Eu, sincera-



mente, fíome máis dos inspectores dos servizos sociais da Xunta de Galicia que dunha información que traslada vostede ou algún medio de comunicación.

Señorías, por suposto que aínda temos que recoñecer que nos queda moito camiño por andar, e créanme que seguiremos avanzando. E nesta liña tamén irá o novo modelo de residencias que será dialogado cos expertos sociosanitarios e con todos os profesionais do sector. Eu asegúrolles que seguiremos traballando sempre sen descanso e mentres haxa un só caso de coronavirus nalgunha residencia de maiores de Galicia. Dixen ao comezo da miña intervención que estamos empregando todos, absolutamente todos, os medios que están á nosa disposición para coidar e para salvar as persoas maiores que viven nas residencias de Galicia. E seguiremos utilizando todos os medios que estean á nosa disposición, porque isto é un compromiso de todos: a loita contra o virus, coidar, mimar e salvar as persoas máis vulnerables de Galicia, que son as persoas maiores e as persoas con discapacidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica da señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, ¿como pode falar das traballadoras cando levan denunciando que levan vinte semanas pedindo para que se reúnan con vostede e vostede lles nega esa reunión? ¿Como é posible? *(Aplausos.)* ¡Explíqueo!

Se tantos eloxios quere dar, será que seguramente se estea escusando, señora conselleira. *Excusatio non petita, accusatio manifesta*, lémbreo.

Di tamén: «Subo a esta tribuna por terceira vez en menos dun mes». Pois debería subir moitísimas máis, todas as posibles, porque é o tema central que debe ocupar a Xunta de Galicia, este e a sanidade, señora conselleira.

E outra cousa que me parece gravísima: ¿acaba de recoñecer aquí neste Parlamento que actuaron despois da denuncia que meteron na fin de semana en canto á residencia de Salvaterra? ¿Iso quere dicir que levaba intervida quince días e non actuaron? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non? ¿Actuaron hai quince días? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Pero hai quince días actuaron?

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen.

A señora ORTEGA OTERO: E ¿por que existían estas camas? ¿Por que existían estas camas? *(A señora Ortega Otero amosa unha fotografía desde o estrado.)* ¿Viu o telediario de Telecinco hoxe? Estaban repoiñendo os colchóns hoxe. Onte aínda os mercaron e leva quince días intervida a residencia. ¡Señora conselleira, por favor, seriedade, que é a responsable de política social!



¿Por que non se nos informa do tipo de sancións nos centros —se é que as houbo— e dos motivos? ¿Por que non se nos informa do tipo de recursos que se invisten nas residencias de maiores? ¿Por que non se informa do número diario de contaxios en residencias e por desglose de centros na páxina oficial da Xunta de Galicia? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, por desglose de centros! ¿Por que?

A cidadanía ten dereito a coñecer a realidade das residencias. Deixen de omitir información, porque non serve máis que para crear incerteza na cidadanía. Ademais, como dixo unha recoñecida xornalista a nivel nacional hai uns días en canto á entrevista do conselleiro de Sanidade ao negase a dar os datos dos rastrexos, «vostedes non son conselleiros delegados dunha empresa privada, senón representantes públicos da cidadanía e están a xestionar as partidas económicas de todos os galegos e galegas e decidindo protocolos que afectan ao seu benestar e a saúde directamente. Trátase dun deber, non dunha acción, dun deber». (*Aplausos.*)

E esta non pode ser a liña de acción, señora conselleira, a de non recoñecer os erros e amosar un semblante de aparente tranquilidade cando a cousa se desmadra, coma se todo fose ben. Porque é falso. Non pode ser que, por unha banda, as súas intervencións públicas se baseen continuamente en alabanzas ás traballadoras do sector e, cando sae por esa porta, pecha e non hai focos nin medios de comunicación, nin as recibe para escoitalas. As traballadoras do sector, así como as do SAF, precisan ánimo non só de palabra, senón tamén de obra, señora conselleira. Non pode ser que as traballadoras estean baixo un estrés inasumible e cun nivel precario na maioría dos casos. Non pode ser que existan contaxios abruptos e masivos, numerosos, en centros residenciais de Galicia e que moitos con persoal contaxiado —a nivel masivo na súa maioría— se cubra a práctica totalidade por persoal doutras residencias. Isto chámase «a técnica de usar un roto para un descosido». Non se pode coller persoal doutras residencias e deixar estas desprovistas de persoal para cubrir outras, como pasou.

¿Onde está a suposta tutela da Administración de todas as residencias? ¿Onde? Non pode ser que a Xunta non expoña cales son os medios, os recursos humanos e materiais que se poñen na mesa sobre esta pandemia, se é que se poñen. Na primeira onda da pandemia a Consellería de Política Social renovou altos cargos do organigrama da súa carteira, excepto o propio de conselleira. E anunciou vostede con moitos titulares a nova Dirección Xeral de Atención Sociosanitaria. Dende entón a xestión da covid segue igual, polo que entendemos que non depende das direccións xerais senón da falta de liderado por parte de propia Consellería. Os eloxios pola súa parte ás traballadoras non nutren a súa precariedade laboral. Anímoa a que se reúna con elas, que levan tempo denunciando a Consellería de Política Social. Advertiron de que as cousas non ían polo bo camiño e que iso derivaría nun detrimento da atención aos nosos maiores. E hoxe aquí quero facer publicamente o recoñecemento e a valentía por parte das mesmas, que non miraron para outro lado e que, grazas ás cales, hoxe coñecemos situacións como as de Salvaterra, residencia apodada polos medios como «a residencia dos horrores». Se non fose polas traballadoras deste eido que denunciaron, non coñeceríamos esta situación, señora conselleira. ¿Cantas residencias máis poden existir así en Galicia? ¿Como exercen esa suposta tutela nas residencias? ¿Cal é a cronoloxía da acción por parte da Consellería en canto á intervención en Salvaterra? Porque leva quince días intervida e coñecemos onte estes feitos de tal gravidade. E, o que é peor, ¿cando tomou a propia Administración medidas de inspección?, ¿con que data?



Adiántome á súa segunda intervención —á que non terei oportunidade de resposta—, na que sempre aproveita para tirar balóns fóra contra o Goberno. E dígolle: céntrese, as competencias sempre estiveron na Consellería de Política Social, na Xunta de Galicia, antes, durante e despois do coronavirus.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: O tempo corre en contra dos nosos maiores. Evacúen absolutamente todos os positivos, protexan e dean calidade de vida aos negativos. Os nosos maiores merecen un respecto e un cambio de perspectiva respecto dos mesmos, como persoas que teñen moito que ofrecer á nosa sociedade. Merecen unha dignidade e respecto. Sempre, sempre, temos que garantir o seu benestar, señora conselleira. Anímoa a que rectifique e tome canto antes solucións neste asunto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación pola conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Ortega, dende que comezou a pandemia todos e cada un dos traballadores do ámbito sanitario e do ámbito asistencial da Xunta de Galicia dedicaron cada un dos seus minutos do seu día a día a loitar contra a pandemia. E grazas a esta experiencia, grazas a esta dedicación, xunto co apoio das consellerías de Sanidade e de Política Social, traducíuse nun traballo organizado e nun traballo profesional que busca frear o máximo posible a entrada do coronavirus nas residencias, que dotou as residencias de protocolos de prevención, de seguridade, de hixiene, que son eficaces e son claros en todos os centros de persoas maiores e de persoas con discapacidade. Son protocolos que detectan os contaxios para poder detelos o antes posible e que garanten unha atención sanitaria e humana aos nosos seres máis queridos.

Señora Ortega, eu non sei como non lle dá vergoña vir aquí a esta tribuna e dicir que a Xunta de Galicia non publica os datos. Se non, ¿como sairían todos os días nos medios de comunicación os contaxios en cada unha das residencias de Galicia? *(A señora Ortega Otero nega coa cabeza.)* ¿Aínda segue dicindo que non? Señora Ortega, rectifique e faga o favor de falar cos seus compañeiros do Goberno central, que eses levan oito meses de escurantismo, oito meses agachando os datos das comunidades autónomas, oito meses privando a todas as familias de todos eses falecidos de cal era o índice de contaxios por comunidades autónomas. Vostede aquí di que non, pero os datos non están publicados. ¿Onde están? Eu non quero pensar que o Partido Socialista desta Cámara dispoña duns datos dos que non dispón nin o Goberno nin os cidadáns.

Vostede fala tamén do Servizo de Axuda no Fogar. Vostede foi concelleira no Carballiño, se non me equivoco, e vostede sabe perfectamente quen contrata as auxiliares do Servizo de



Axuda no Fogar. Non facemos dende a Xunta de Galicia máis que continuar incrementando cada día máis horas a todos os concellos de Galicia para darlles un mellor servizo a todas as persoas maiores, a todas esas persoas maiores que nos din que queren continuar vivindo nas súas casas. Por iso lles damos cada día máis horas de servizo de axuda no fogar, máis coidados, máis teleasistencia avanzada, máis centros de día, máis casas do maior cen por cento gratuítas para todas as persoas maiores que viven no rural galego.

Mire, señora Ortega, a residencia de Salvaterra foi intervida pola Xunta de Galicia, e dende ese mesmo momento comezaron a chegar todos os medios materiais e humanos que foron necesarios a esa residencia para sacar a adiante a esas persoas maiores. Preto de 50 profesionais están traballando nestes momentos na residencia de Salvaterra. Vostede pode dicir que non, pero convídolle a que vaia á residencia de Salvaterra e comprobe alí se están traballando grúas para poder mover as persoas maiores. Por favor, señora Ortega, infórmese ben antes de vir a este Parlamento a dicirlles falsidades ás persoas maiores e aos galegos e ás galegas. *(Aplausos.)*

A verdade é que creo que é unha situación moi difícil a que estamos a vivir. Creo que é unha situación moi dolorosa como para andar por aí movendo papeis con fotiños. Eu penso que é o momento de arrimar o ombro, de darlles as grazas a todos os traballadores que están ao pé do canón todo o día traballando coas persoas maiores, de acompañar a todas as familias que perderon un ser querido. Penso que é unha situación tan difícil, tan dolorosa e tan delicada, que non se debería facer a política que se está a facer. Deberíanse facer críticas ao Goberno, pero críticas construtivas. Se son críticas construtivas, sempre imos estar aí, señora Ortega, para escoitalas, para valoralas, para poñelas en marcha se son necesarias, se son ben valoradas e se son de aplicación.

Mire, eu sei moi ben que queda camiño por percorrer. Mentres haxa unha soa vida en risco dunha persoa maior que poida ter coronavirus, o noso compromiso sempre seguirá tendo como principal obxectivo erradicar esta pandemia das residencias de maiores e das residencias de persoas con discapacidade. É moi doloroso botar a vista atrás e ver os estragos que deixou en todos esta pandemia, ver as vidas que segou e o xeito no que está a alterar a nosa forma de relacionarnos e a nosa forma de achegarnos aos demais. Pero tamén sabemos que todo o que levamos superado tamén serviu para algo, porque agora contamos con profesionais máis expertos na loita contra o virus —descoñecido ata hai apenas uns meses—. Contamos con residencias máis preparadas, contamos cunha sociedade máis concienciada, contamos con protocolos máis eficaces. A firme aposta por unha xestión profesional, sanitaria e asistencial desta crise permitiunos saír da primeira onda, feridos polas vidas que o virus deixou atrás pero tamén máis preparados para afrontar esta segunda onda.

A experiencia demostrounos que Galicia é responsable, que Galicia é loitadora e que Galicia está disposta a facerlle fronte a esta pandemia con todas as ferramentas que están ao seu alcance. E nós, como goberno, por suposto que tamén. Por iso estou segura de que entre todos imos saír desta situación. Cando todo isto pase, retomaremos todos os nosos plans de futuro e recuperaremos as ilusións do noso día a día. Pero, mentres tanto, toca traballar e estar ao pé do canón para coidar, para mimar e para darlles vida a todas esas persoas maiores



que merecen seguir vivindo. Imos estar ao seu carón, imos traballar da man de todos os profesionais para traballar polas persoas maiores, pero tamén para traballar e para axudar a todos eses traballadores das residencias de maiores e das persoas con discapacidade de Galicia. A eles, novamente, moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa información aos concellos respecto da incidencia da covid-19

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Boa tarde, señor conselleiro.

Plantexamos hoxe unha iniciativa sobre algo que nos preocupa, que é a utilización da información deste Goberno sobre a pandemia, dos datos, da información que teñen —curiosamente cando vemos estes días ao señor Feijóo queixarse da manipulación da información; ¡xa ven!, díxolle a pota ao cazo—.

En todo caso, o problema da información nace —e permítanme unha reflexión inicial— de que probablemente este Goberno e o noso grupo parlamentario temos un concepto diferente do que é a xestión da información. Vostedes teñen unha evidente e lexítima responsabilidade de gobernar e de xestionar, entre outras cousas, a información, de xestionala. Pero non teñen o poder sobre a información; ou, mellor dito —para que non exista confusión—, non teñen o poder de conservar a información. Xa sei que é un goberno ao que lle gusta moito o de conservar, pero non teñen o poder para decidir a información que se pode compartir e a que non.

É certo que é tentador decidir «quen sabe que» e «a quen se lle facilita que». Pero compartir a información —especialmente nun caso como o que temos diante con esta crise— non é unha vontade magnánima deste Goberno. Polo tanto, señor conselleiro —permítame—, a entrevista que se fixo tristemente famosa recentemente non é decente dun gobernante. Vostede non pode dicir “non lle vou facilitar esa información” cando lle demandan unha información. E non o poden facer porque esa información non é súa. Vostede ten a responsabilidade lexítima, e por suposto plena, de xestionala, pero non ten o dereito a non compartir esa información. Polo tanto, nós queremos trasladar que, en primeiro lugar, esa información non é súa. Teñen a responsabilidade de xestionala. Pero tamén entra niso o que hoxe dixo aquí o señor Feijóo sobre a verdade e a mentira. A verdade e a mentira é un concepto que tristemente hoxe en día é subxectivo. Tamén é mentira non compartir toda a verdade —sobre todo cando se fai sabéndoo—. Así que, se a vostede lle preguntan novamente



e vostede di que sabe cantos rastrexadores hai en Galicia, debe dicir cantos hai. Sobre todo porque o problema que temos é que hoxe veu o señor Feijóo aquí a dicir que había 700 —creo que foi o que dixo hoxe—. Hoxe xa son 700. Eran 20, 500, 50, dous millóns e medio, logo non había, eran 6.000 e agora 700. Vai pasar como con Facenda, que os rastrexadores somos todos.

Temos un problema coa información se vostedes cren que está na súa propiedade. E iso non é certo. Así que nós plantexamos desde ese punto de vista que a información non é do seu poder, é da súa xestión. Decía Silvio Rodríguez: *«si saber no es un derecho, seguro será un izquierdo»* Máis alá da poesía cantada, a verdade é que vostedes non teñen ese dereito de protexer a información nese sentido.

Trasladamos este debate porque existen problemas sobre a información. Mire, o máis claro: vostedes publican recentemente —¡non foi sen tempo tamén!— un mapa de afectación da covid por concellos, un mapa de afectación sobre o que os concellos teñen un problema á hora de interpretar por que se toman algunhas medidas. E é que ten que ver basicamente con que a Xunta publica unha información sobre os concellos que non vale para interpretar as medidas porque a información coa que se toman as medidas está noutros mapas que vostedes non publican.

Este curioso fío ten que ver con que vostedes publican unha información que non utilizan para nada. E é normal, porque é unha información absurda a que se publica. É absurda en termos porcentuais. Non é o mesmo —e vostede sábeo, falámolo moitas veces— 25 casos en Narón que 25 casos en Petín. No mapa están no mesmo nivel e non é o mesmo. Por tanto, ¿de que vale se non é para xerar máis desacougo, máis confusión, máis dúbidas? ¿De que vale que sigan un día máis confundindo —a propósito— casos activos con positivos? ¿De que serve? Non é o mesmo o incremento de casos activos que o incremento de positivos. ¡Non é o mesmo!

Por tanto, non podemos seguir difundindo unha información que é falaz só para contribuír á confusión xeral para poder seguir tendo a propiedade da información. Porque a propiedade da información permite, ademais, xestionar e tomar decisións sen ter que dar moitas explicacións. E iso xa sabemos que lles gusta moito, pero non é o que nós demandamos.

Cremos que vostedes teñen ese problema coa información. Recentemente, grazas a unha iniciativa do noso grupo aprobada aquí, foi publicado —catro meses despois— o estudo serolóxico da Xunta de Galicia, que se terminou en xuño; estudo sobre o que ninguén deu unha explicación, e o que nós xa plantexamos aquí. E é que, se ese estudo contestado por todo o mundo é certo —e se vostedes cren ese estudo—, seguimos tendo un dato, e é que a ratio de falecidos por contaxiados en Galicia é non só a peor de España senón das peores de Europa. Porque ese estudo di que se contaxiaron ata esa fin de xuño en torno a 30.000 persoas, o cal, nunha conta directa sobre os 600 falecidos que tiñamos naquel momento, dá un falecido por cada 50 contaxiados. Insisto, é unha das peores ratios de Europa e a peor de España.

Ninguén deu ningunha explicación sobre iso. ¿Por que? Porque probablemente pasa como coa información sobre os concellos, os rastreadores, os datos abertos e calquera outros: que



vostedes non están nisto. Porque ¿de que estamos falando realmente? Estamos falando de que vostedes manipulan intencionadamente a información para construír un relato egocéntrico do señor Feijóo, ao que non lle importa se se resolve o problema, impórtalle como se conta. E ese é o problema, que estamos sumidos todos, todos, toda Galicia, nunha historia persoal de sentirse o máis guapo da clase. E así nos pasou que estabamos en contra do estado de alarma, logo estabamos a favor; cando volveu, volvíamos estar en contra; cando se quitou, estabamos a favor. Logo eran «estadiños de alarma», logo era demoledor e logo que isto non podía ser porque tiña un custo reputacional enorme. Pero cando o 9 de novembro se puido quitar, vostedes seguiron utilizándoo. ¿Por que? Porque ao final saben que todo o que din e a utilización que vostedes fan da información é falaz, é intencionada e é, sobre todo, malintencionada.

E así pasa cos rastrexadores. ¿Que pasou cos rastrexadores, señor conselleiro? Pasou o que todos sabemos, que o señor Feijóo é un [bocazas mentireiro] (*Expresión retirada do Diario de Sesións polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*), e que dixo o que dixo en campaña. (*Murmurios.*) Dixo o que dixo en campaña porque estabamos en campaña. E deulle igual dicir 6.150 que 10.500.000 que 4. ¡Deulle absolutamente igual! (*Aplausos.*) E pasou o que pasou: que vostede, señor conselleiro, lle tivo que pintar a cara. E vostede, cando lle pintou a cara ao señor Feijóo... Por certo que hoxe el vén a contradicir, porque, se el di que hai 700 e vostede sostén que non se pode dicir cantos hai, pois póñanse de acordo polo menos nun criterio. Nós podemos discutir o criterio, pero polo menos teñan un só. Cando vostede lle tivo que pintar a cara ao señor Feijóo, pasoulle o que lle pasou, que tivo que empezar a calar sobre o asunto. Xa fixera o que quixo facer, que era presumir de que eramos moi «non sei que», porque iso é o que lle importa. ¡Que máis daba, en realidade! ¡Que lle importaba ao señor Feijóo cantos rastrexadores hai! ¿Que lle importa? Impórtalle poder contalo, e, unha vez que contou todo o que quixo, despois xa dá igual. Agora xa son 700. E mañá, se teñen que ser 1.300, serán 1.300. ¡Que máis dá! ¡O que necesite cada día! ¡Que máis dá, se o criterio sobre o rigor é unha cousa menor!

E pasa o que pasa, e así vostedes despois discrepan contra o estado de alarma, pero pechan bares; pechan bares pero deixan abertos os prostíbulos. Pechan teatros pero abren igrexas. (*Murmurios.*)

Bueno, á señora Prado parécelle moi, moi perigoso que se manteñan abertos os prostíbulos, non sei se ri. A min non me fai ningunha graza, pero se non lle importa... (*Aplausos.*) A verdade é que non pensei que lle fose facer graza. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non pensei que lle fora facer graza. Pois lamento que lle faga moita graza, síntoo. Se non lle importa, eu vou seguir defendendo que hai que pechar os prostíbulos. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Vostedes, señor conselleiro, seguen trasladando que a culpa dos grandes contaxios nalgúns cidades era dos estudantes. Houbo cribados de estudantes que din que a porcentaxe de afectación é a mesma que a da poboación xeral. Ninguén dixo nada sobre iso. Porque ¿que pasa? Xa vostedes colocaron a mensaxe, xa vostedes colocaron a mensaxe de que a culpa era dos estudantes, porque a culpa sempre é doutro, sempre é doutro, e para iso utilizan a información. E ese é o problema.



¿Lembra vostede —eu lémbroo— como nesta tribuna, nesta mesma, un voceiro do PP dixo en plena pandemia na primeira onda que as mascarillas defectuosas do Goberno contaxiaron a 70 traballadores sanitarios? Porque aquí había que botarlle a culpa ao Goberno. ¿Sabe o que pasou despois, cando as mascarillas as distribuía a Xunta de Galicia? Que o dos contaxiados sanitarios xa era culpa deles, porque se contaxiaban nas máquinas de café. E esta é a historia, botarlle a culpa a alguén, ao Goberno, logo aos sanitarios, logo a quen faga falta.

¿Lembran vostedes esa utilización da información e das medidas sobre o teatrillo de se nos Peares se podía ir á farmacia ou non porque había que cruzar a ponte? (*Murmurios.*) ¿Imaxinan hoxe en día que puidésemos facer ese mesmo patético teatrillo que fixo aquí o señor Feijóo contando por que pode estar aberto un establecemento en Sanxenxo e non no Grove? ¿Ou por que si en Cervo e non en Burela, a 30 metros un de outro no límite municipal? Por certo, en Cervo hai máis contaxios que en Burela con menos habitantes. (*O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor Balseiro di que é mentira. ¿Non ve que temos un problema de información? ¿Non ve que temos un problema de información porque os datos oficiais din que si e, sen embargo, o PP di que non? Entón, a ver se polo menos somos capaces de non discutir os feitos. Publiquen os datos.

Vostedes utilizan esa información malintencionadamente, e así pasa que o señor Feijóo fixo esa comparecencia queixándose de que na semana seguinte no Consello Interterritorial non lle daban os asuntos. E pechaba concellos nunha comparecencia en televisión na que os alcaldes estaban entrando por televisión. E este é o problema que temos coa información, que a vostedes non lles importa transmitir a información senón que o que lles importa é utilizala

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Para que? Para un relato ególatra. Porque diso é do que vivimos, dun ególatra que quere facer un relato persoal construído para dicir que é moi bo. E con iso sálvanse algunhas eleccións, sálvanse votos, pero non se salvan vidas. E ese é o problema, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Señor Torrado, vostede é un parlamentario que xa ten aquí certa experiencia, e eu creo que hai determinadas formas de utilizar determinados vocábulos. Eu voulle pedir que retire, en concreto, o de «bocazas mentiroso» en referencia ao presidente.

O señor TORRADO QUINTELA: Se me permite, teño que dicirlle que foron palabras utilizadas polo señor Feijóo nesta mesma tribuna...

O señor PRESIDENTE: Non, non, agradézolle... (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Non utilizou iso; se non, teríallo pedido tamén a el. Non creo que iso forme parte do diálogo entre parlamentarios. Agradézolle que o retire. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*)



Grazas. Queda retirado, por suposto. El dixo que aceptaba que se retirase. Entón, queda retirada esa expresión.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señor Torrado, teño que discrepar con vostede, porque creo que a relación da Xunta de Galicia cos concellos en relación con esta pandemia foi absolutamente leal e transparente. E voume explicar. Pero antes quero insistir en que a información importante, a información clave, era a que tiñan que ter os centros de saúde, as xefaturas territoriais e os servizos de medicina preventiva que conforman o Servizo Galego de Saúde. E esa información, dende o minuto un da pandemia, estivo dispoñible para eles, nas ferramentas informáticas e nos boletíns informativos que se manexan con eles. Tivérona en absolutamente todas as accións nas que necesitaron esa información, porque eles son os que están traballando cos cidadáns e tomando as medidas preventivas no ámbito sanitario.

Dito isto, quero dicir tamén que na primeira onda da pandemia, e cando se decretou a emerxencia sanitaria en Galicia e o estado de alarma en España, a Xunta de Galicia creou o Cecop, o Centro de Coordinación Operativa, no que o presidente da Fegamp participaba de todas as decisións loxísticas que a Xunta tivo que tomar nunha situación tan complexa; un contraste coa actitude do Goberno de España, que celebraba conferencias de presidentes para repetir-lles aos presidentes autonómicos o que xa escoitaran na rolda de prensa do presidente do Goberno do día anterior. Por certo, veño do Consello Interterritorial, no que o ministro de Sanidade acaba de anunciarnos *a bombo y platillo* a creación e a obrigatoriedade das PCR nas 72 horas anteriores cando un cidadán estranxeiro chega a España, medida que por suposto celebramos, e media hora antes xa a tiña a Cadena Ser. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Dito isto, cómpre lembrar que esta crise sanitaria comezou coa Xunta sendo moito máis leal cos concellos que o Goberno de España coas comunidades autónomas. Rematou o estado de alarma e a Xunta continuou a ser leal cos concellos. Evidentemente non os incorporou á toma de decisións puramente sanitarias, porque para iso ten un comité clínico, pero si á posterior xestión operativa desas decisións sanitarias.

Cando se tomou a decisión de facer un peche perimetral en determinados concellos da Mariña en xullo, a Xunta mantivo reunións periódicas cos alcaldes daqueles concellos para dar-lles información, resolver dúbidas e solucionar os problemas da xestión e da loxística que supoñían aquelas restricións sanitarias.

Xa naquel momento esa actitude de lealdade non foi correspondida. Nunha actitude electoralista, o PSdeG utilizou eses alcaldes para facer unha campaña en contra do presidente da Xunta de Galicia, acusándoo de pretender facer votar aos veciños nunha situación de inseguridade. Foi aquel momento no que o señor Caballero e vostede, señor Torrado, defendían que votar en xullo era unha lotería, e que o óptimo era agardar a setembro. Afortunada-



mente, o presidente da Xunta fixo caso aos informes sanitarios e non ao PSdeG e aos seus alcaldes de Galicia. E Galicia puido votar con seguridade. (*Aplausos.*)

Non obstante, os concellos non teñen culpa da actuación de determinados alcaldes, e a Xunta decidiu manter esa actitude de colaboración e transparencia. Cando se tomaron medidas na comarca da Coruña, na comarca de Bergantiños, no Deza, no Baixo Miño, en Pontevedra, no Salnés e en Ourense, a Xunta volveu manter reunións informativas con todos os alcaldes afectados. Dende que eu mesmo tomei posesión como conselleiro o 7 de setembro de 2020, a Consellería de Sanidade mantivo 72 reunións con alcaldes dos concellos nos que se aplicaron restricións. Cada semana, o secretario xeral da Consellería e o director xeral de Asistencia Sanitaria pasan unha ou dúas mañás completas falando cos alcaldes que están baixo medidas restritivas e resolvendo todas as súas dúbidas. E seguiremolo a facer, porque é o correcto. Polo tanto, considero que non pode existir reproche ningún contra a Xunta na súa relación de absoluta vontade de colaboración e lealdade cos alcaldes e alcaldesas dos concellos onde temos que aplicar restricións.

Posteriormente existiu tamén un interese por parte dos alcaldes non afectados por restricións de ter unha información que os orientase sobre a situación epidemiolóxica dos seus concellos —evidentemente complementaria á que teñen os profesionais sanitarios xa comentada—. E, entendendo esta demanda, o mes pasado puxemos en marcha un portal que incrementou substancialmente os datos ofrecidos á cidadanía e aos concellos, ofrecendo, entre outras cousas, o rango de incidencia de cada concello. Dubidouse moito de se colocar os datos de incidencia acumulada. Pero, bueno, vostede acaba de dicir que estes datos son relativos. Imaxine os de incidencia acumulada como son de relativos.

Vostede di que ese mapa non permite establecer posicións. Eu non sei se vostede cre que o obxectivo da información nesta pandemia é establecer unha especie de ránking ou competición entre concellos. Dende logo, non é o obxectivo da Xunta de Galicia, nin cremos que deba selo de ninguén. Di tamén que non é posible establecer evolucións, cousa que non é real, pois todos os días vemos nos medios de comunicación información sobre que concellos pasan de vermello a laranxa ou viceversa.

Non obstante, entendemos que esta información pode ser mellorable, por suposto. E melloraremos. E por iso nos próximos días, despois de que así o avalase o Comité Clínico onte mesmo, comezaremos a publicar na web un novo formato, aumentando a concreción sobre o número de casos e a incidencia acumulada de cada concello. E aproveitando ese cambio, e ante esa demanda de maior concreción, tamén comezaremos a dar datos concretos de todos aqueles concellos que teñen 10 ou máis casos positivos. ¿E por que non por debaixo? Pois porque somos coherentes e seguimos considerando perigoso dar datos que poidan permitir identificar a persoas concretas. Por iso nos concellos que teñen entre 1 e 9 casos seguiremos publicando o rango.

E por iso o que en ningún caso imos facer —tal como ten solicitado reiteradamente algún alcalde do seu partido— é proporcionar nomes e apelidos das persoas positivas. A colaboración dos concellos é importante, pero a confidencialidade das historias clínicas é un dereito fundamental e é unha responsabilidade nosa. Xa non é un tema de propiedade da informa-



ción, é de responsabilidade. Non imos dar os datos de nomes e apelidos. E se segue a insistir nese camiño —que é efectivamente moi perigoso— láméntoo, pero aí non nos imos poder entender.

Critica vostede que os mapas sobre niveis de incidencia que se ofrecían aos concellos e á po-boación non permiten predicir con exactitude a toma de medidas restritivas porque a Xunta toma en consideración outros datos a maiores —algo que, por certo, seguirá pasando cando comecemos a publicar o número concreto de casos activos en cada un deles—. E, efectiva-mente, é así, por iso existe un comité clínico de 34 persoas expertas, con nomes e apelidos, para estudar moitos factores e axeitalos ás circunstancias concretas de cada caso. Se puidé-remos introducir os datos nun mapa e que nos sinalase automaticamente os concellos onde hai que tomar restricións, xa non faría falta o comité clínico. Se cadra, por iso foi tan difícil coñecer quen formaba parte do comité que decidira a desescalada no Ministerio, porque, se vostedes consideran que cunha simple regra de tres pode resolverse este tipo de decisións, non lles fai falta ningún estudando diariamente e detidamente os casos.

Eu síntome orgulloso de que en Galicia non se tomen as decisións con regras de tres simples, senón con ponderacións de múltiples factores e contando coa participación das autoridades sanitarias que están sobre o terreo —os servizos de medicina preventiva, as xefaturas te-rritoriais, as xerencias de cada área sanitaria—, e así vai seguir sendo. Efectivamente, o mapa da web nunca vai substituír o comité clínico á hora de predicir onde se toman as me-didas, afortunadamente.

E, por certo, señor Torrado, tampouco un mapa de cores políticas pode decidir onde se toman as medidas. E por iso creo que vostede ten unha boa oportunidade de rectificar o seu com-pañeiro, o presidente da Deputación de Lugo, que insinúa que a Xunta toma as medidas sa-nitarias segundo quen goberna nos concellos. Creo que esas palabras son unha inxuria enormemente inxusta, e tamén perigosa. O PSOE criticou moitas comunidades autónomas que insinuaron que había criterios políticos cando o Goberno central lles permitía a certas comunidades —a unhas si e a outras non— avanzar na fase de desescalada. Aquelas críticas fixéronse sobre decisións dun comité de expertos anónimos —que vostedes, tan defensores da transparencia, se negaron a revelar—. Meses despois, ante un requirimento do Consello de Transparencia, recoñeceron que non existía ningún comité que fixera aquela avaliación. Pola contra, as decisións sobre cales foron os 60 concellos obxecto de restricións da semana pasada tomounas un comité clínico de 34 membros cuxos nomes son públicos. Iso é o que diferencia un goberno transparente do que non o é.

E precisamente por iso, por poñer en dúbida a independencia destes profesionais e afirmar que actúan con criterios partidistas, sería oportuno que o PSdeG censurase publicamente as declaracións do señor Tomé. Agardo que aproveite esta oportunidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Réplica do señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Ben, señor conselleiro, creo que é posible que poidamos concretar. Nunca un detalle concreto pode explicar un debate, pero vostede argumenta que non manipulan a información, que non utilizan a pandemia con carácter electoralista —iso vén de defender—. E puxo como exemplo os Cecop e a reunión cos Cecop para explicar as decisións. Fágolle unha pregunta dicotómica: ¿sabe se a última reunión que houbo do Cecop foi antes o foi despois do 12 de xullo? Doulle unha pista: despois non foi. É que xa podíamos terminar aquí. Empezou aquí dando unha explicación e dicindo: «¿Como imos utilizar nós a pandemia e a información se estivemos dando explicacións ante o Cecop?». E pasado o 12 de xullo deixaron de reunilo. Coxea un pouco o seu argumento aí.

Vostede dime que vén do Consello Interterritorial e lamenta que algunha información que se compartiu alí xa a tivera a Cadena Ser media hora antes. Compártoo, eu na súa posición tamén me sentiría molesto. Iso en Galicia nunca pasa, jeh!. Non, non acostuma pasar, non acostuma pasar que a teña a Cadena Ser. Non acostuma pasar iso, nunca se filtra a información aquí. De feito, coincide. Hai periodistas que publican e, casualmente, coinciden sempre. Eu sempre creo que é un gran labor periodístico. Tamén digo que ás veces algunhas cousas cóntanse. Pero seguro que vostede ten razón ao queixarse, e eu creo que a ten. E entendendo que se queixaría no Consello Interterritorial. Imaxino que pasa aquí noutras ocasións, pero supoño que non virá aquí facer un debate sobre a filtración da información aos medios de comunicación. En fin, ¡supoño que non, vamos!

Vostede di que non comparten a idea de dar datos concretos por debaixo de 10 contaxios. Correcto, compartímolo. ¡Se ninguén discute iso, e está ben! O que dicimos é que, se se van utilizar criterios para tomar decisións —nin sequera dicimos que todos os criterios teñen que ser tan públicos todo o día—, se saiban os criterios. Porque así é moi difícil compartir unha decisión e os concellos executala, porque ao final son os que teñen que estar pendentes de que as policía locais —onde existan— poidan estar controlando, e é onde as licenzas teñen que estar suxeitas a algunha variación, onde no caso de ter que abrir liñas de axudas teñan que facelo —cos autónomos e pequenas empresas—. En todo iso que fan os concellos, en todo iso, está ben que se enteren —ou polo menos que saiban— con base en que criterios se vai facer. Por suposto que as decisións teñen que tomarse onde teñen que tomarse, e a información ten que nacer e estar principalmente onde ten que estar. O que nós trasladamos é que se compartan os criterios, porque, se non, ¿que diferencia iso de decisións absolutamente arbitrarias? ¡Nada!, porque ninguén pode saber se o son. ¡Se realmente vostede veu aquí discutir hai un momento un dato oficial do concello de Cervo —que creo que foi o que se discutiu aquí— cando os datos oficiais que publica a Xunta din unha cousa! —salvo que teñan datos distintos ou teñan datos que non comparten cos demais—. E vénme a min con que critique eu o presidente da Deputación de Lugo, do que teño a mellor das opinións, a mellor das opinións. Señor conselleiro, se quere facemos unha retahíla do que pasa con algúns alcaldes e do que din —e tapamos a cor política da alcaldía—. Pero nós preguntámonos: se se queixan tanto e se queixan todos, ¿non será que non están compartindo a información? Porque quéixanse todos, jeh!



E é certo que vostedes non deben contribuír —e fan ben nesa parte de non contribuír— a sinalar e etiquetar individualmente, pero si contribuír a que os cidadáns saiban o que está pasando. Porque existe moito desacougo en xente que non entende por que o seu bar está pechado agora e a cen metros pode haber un que pode ser que estea aberto —ou algúns negocios que se os volvo mencionar lle fai graza a algunha deputada—. É que non o entenden. E, por tanto, é importante ter criterios, porque, se non, o que seguimos pensando todos é que vostedes, amparándose nalgúnhas decisións de outros —porque sempre as decisións son de outros e a culpa é de outros—, toman decisións así, que lles dá como lles vén. E iso non pode ser, porque non só é tomar decisións correctas, que ninguén ten a variña máxica para acertar sempre —¡ninguén!—, non se trata de tomar decisións correctas senón de ter a lexitimidade de poder tomalas e a validez social de poder tomalas porque alguén estea comprobando que polo menos existen criterios. Pódense discutir os criterios, pero é que, se non, é coma se un árbitro estivese pitando penaltis todo o día, e a uns pítalles penaltis dun lado e a outros, polo mesmo, non llelos pita. E iso, mire, os que somos futboleros discutimos que sempre llo fan ao Real Madrid. (*Murmurios.*) Pero estou seguro de que isto, señor conselleiro, non pode pasar na xestión pública dun goberno. E pasa, e pasa. Este Goberno fai iso, utiliza a información de maneira partidaria. E todo porque hai alguén que quere utilizar a información para sentirse máis guapo, máis listo e máis alto. E entón, cando existe un conselleiro que quere tramitar a información de maneira máis correcta, pasa o que pasa. Porque aínda non mo explicou: se non era posible dicir cantos rastrexadores hai, ¿por que hoxe podemos dicir que hai 700?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Quen se equivocou nese proceso, señor conselleiro?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Peché da interpelación.

Conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señor Torrado, respecto da pregunta da Cecop coa que comezaba, eu creo que a xustificación é ben clara. No mes de xuño, no mes de xullo, no mes de agosto e no mes de setembro practicamente non se reuniu a Cecop porque probablemente a situación que tiñamos non precisaba desa reunión. Por certo, creo que está a piques de convocarse proximamente.

Insistindo no tema da información, a ver, nós —como digo— sempre defendemos —e acáboo de dicir agora mesmo— que os criterios para poñer restricións nun concello non son unicamente o número de casos —creo que niso estamos de acordo—. Hai outros moitos factores. Hai factores obxectivos, como pode ser a incidencia acumulada a 7, a 14, a 65... Bueno,



non hai máis que ler o documento do Ministerio de Sanidade que consensuamos hai unhas semanas no Consello Interterritorial, despois precisamente de que o Ministerio pretendese facer un documento de tres regras básicas. Dixémoslle que non queriamos tres regras básicas, que había moita información e máis rica. Agora temos oito indicadores con certos matices, e ademais xa di o propio documento que é unha referencia e que cada comunidade autónoma toma as decisións.

E ademais diso nós insistimos e defendemos o labor fundamental da xente que está no terreo. Cando un valora tomar decisións nun concello —non vou poñer exemplos—, nesa reunión do Comité Clínico —que se celebra dúas veces presencialmente na semana e que practicamente fai un seguimento todos os días da mesma— valórase a opinión das xefaturas territoriais —que a min me parece que hai que explicar permanentemente o que fan as xefaturas territoriais porque parece que tampouco se coñece a súa función—. As xefaturas territoriais coñecen polo miúdo os casos, os nomes e apelidos de todos os brotes. E, sobre todo, fan a trazabilidade deses casos. E son eles os que coñecen exactamente se un caso ten trazabilidade ou non a ten. Ese é un parámetro fundamental para tomar decisións. Podemos ter un concello con 20 casos trazados ou un concello con 3 casos sen trazabilidade. É moito máis perigoso o concello de 3 casos sen trazabilidade; polo tanto, esa información non está en ningún cadro de mando, senón que alí, en presenza física ou ben por medios telemáticos, as xefaturas territoriais opinan e fan recomendacións.

Segunda cuestión, sobre os servizos de medicina preventiva das áreas sanitarias. Cando se produce un brote, ás veces temos a mala sorte de que non se produce nun cupo dun médico de familia senón que afecta varios cupos ou varios centros de saúde, e incluso ás veces varias áreas sanitarias. Polo tanto, os servizos de medicina preventiva —que ás veces os brotes teñen traballadores do ámbito sanitario— tamén participan nesa decisión e dan a información que consideran oportuna para tomar esa decisión.

E, por último, un dato fundamental tamén na toma de decisións —e quedou demostrado na área sanitaria de Ourense— é a situación asistencial da área sanitaria —como estamos de camas UCI e como estamos de camas de hospitalización—. Todo ese conxunto é o que fai tomar as medidas. Iso, señor Torrado, é imposible que estea nunha páxina web, nin nun cadro de mando nin absolutamente en ningún sitio, porque é información obxectiva e subxectiva. E ademais debe ser así. Por iso nos reunimos, valoramos pros e contras de todas as situacións, analízase polo miúdo, aporta todo o mundo a información, e tómase a decisión. ¿Deberían, ao mellor, estar aí os alcaldes? Eu dubído, porque non poden estar todos os alcaldes de Galicia nesa toma de decisións. O que si facemos —acábo de dicir hai un momentíño—, dende o primeiro caso na Mariña e hoxe mesmo nos casos que temos agora en seguimento, é que, cando se dá esta situación, os alcaldes son informados puntualmente. Repito, téñense feito 72 reunións desde que eu estou aquí e todas as de atrás. Hoxe mesmo pola mañá —repito— falei con dous alcaldes que non teñen limitacións pero que na reunión de onte puido deducirse dos datos subxectivos que acabo de comentar a necesidade ou conveniencia de que nos vindeiros días se tomen medidas. Eses alcaldes foron inmediatamente chamados hoxe pola mañá e informóuselles disto. Dos 60 concellos da semana pasada, chamouse un a un a todos os alcaldes. Eu chamei a doce deles e deilles información. E tivemos a reunión o xoves pasado, na que todos os datos que demandaron lles foron perfectamente



trasladados. Entón, neste caso concreto, na información aos alcaldes sobre por que se toman as medidas para poder explicarllos á cafetaría do seu pobo, pois non entendo onde está o problema. Porque realmente a información, como digo, estase dando puntualmente. E os alcaldes que non teñen restricións e que queren saber os casos téñenos dende hai un mes, e van ter aínda información máis detallada.

Polo tanto, señor Torrado, non é un problema de información nin do uso da información con non sei que intereses, como vostede dicía. A información trasládase, primeiro, aos sanitarios, que son os que teñen que tela para tomar decisións sanitarias e manexar os casos; segundo, ás persoas que toman decisións dende o punto de vista epidemiolóxico; e, terceiro —cando se toman medidas— aos alcaldes correspondentes. Polo tanto, señor Torrado, sinto dicirlle que a información que a Xunta de Galicia lles transmite aos concellos é leal e transparente. E vai seguir sendo así.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de D^a María do Carme González Iglesias e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos empresarios autónomos

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Pérez.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidente.

Moi boas tardes a todos e a todas.

Dende o comezo da pandemia, o BNG amosou responsabilidade e lealdade política e institucional apoiando as medidas sanitarias adoptadas dende o Goberno central e dende a Xunta de Galiza. Para nós o máis importante era e segue a ser a saúde das persoas. E creo que mantivemos durante estes meses de pandemia unha posición política construtiva e responsábel. Pero co paso dos meses as necesarias medidas sanitarias establecidas —restritivas, en moitos casos, de horario e de actividade— non foron acompañadas de medidas económicas efectivas por parte da Xunta que tiveran un impacto real nos sectores aos que ían dirixidas. Así, no relativo aos autónomos, as medidas de axuda adoptadas pola Xunta foron insuficientes. E en moitos casos tiveron un efecto máis pirotécnico que de impacto real.

Dende o BNG, dende o inicio do curso político, mantivemos xuntanzas cos diferentes sectores da sociedade galega para obter de fonte limpa unha visión clara e real de cal era a súa situación nese momento, de como valoraban as actuacións do Goberno da Xunta e de cales eran para eses sectores as medidas que debían adoptarse para, cando menos, aliviar a situación provocada pola covid-19 e así resistir. No seo desas xuntanzas escoitamos tamén os representantes das principais asociacións de autónomos do país, e o panorama que nos transmitiron foi desolador.



En setembro do ano 2020 había na Galiza máis de 207.000 autónomos. A Federación Nacional de Asociacións de Traballadores Autónomos, ATA, no informe de afiliación de setembro de 2020, constatou a tendencia negativa na afiliación. De setembro de 2019 a setembro do ano 2020 baixou a afiliación en 2.317 autónomos. Pero é que de agosto do ano 2020 a setembro do 2020 producíronse 844 baixas en relación con esas 2.317 en cómputo anual; é dicir, nun só mes produciuse un 36,4 %, en comparativa anual, de baixas de afiliación dos autónomos. E por sectores observaban como as baixas afectaban especialmente ao sector da hostalería, que lidera este triste ránking, seguido do comercio e da agricultura.

Se facemos un simple exercicio de superpoñer estes datos negativos de afiliación co espazo temporal no que a Xunta adoptou medidas de axuda ao sector, queda claro que esas medidas non foron efectivas nin impediron a destrución de emprego autónomo. As estatísticas son necesarias, e, ás veces, interpretadas dunha maneira honesta son esclarecedoras. Pero son números, son frías, non teñen cara e non transmiten a impotencia e a frustración dun sector, o dos autónomos, que hoxe se amosa desesperanzado e farto; farto porque as medidas implementadas pola Xunta ata o de agora, as de verdade, as que saen publicadas no DOG e que son as que producen efectos e poden solucionar os problemas, resultaron claramente insuficientes. Así, por exemplo, o Cheque Autónomo contemplaba axudas para loxística e gastos de prevención derivados da covid, e que, en palabras dos representantes do sector —entre eles asociacións como ATA ou Agtamar—, constituíron un fracaso por ser cuantitativamente insuficientes e porque non chegaron nin de cerca aos que serían os destinatarios, neste caso o sector dos autónomos.

Houbo tamén un plan de reactivación da cultura e do turismo, anunciado xa en abril, que se vendeu como un cáliz de salvación para os sectores aos que se dirixía e que contemplaba determinadas medidas económicas dirixidas a pemes e autónomos, como o aprazamento das cotas de amortización e xuros dos préstamos do Igape e de XesGalicia, ou a posibilidade de novos préstamos con xuros asumidos pola Xunta. E está ben. Pero os autónomos do sector non acudiron en masa a eles, non. E ¿por que? Porque non deixa de ser un crédito e hai que pagalo. Os autónomos amosáronse reacios a solicitar estes créditos porque o plan de reactivación non xerou confianza nos seus destinatarios. Os autónomos non vían clara a continuidade do seu negocio e, no caso de solicitar eses créditos, ían ter moitos problemas para devolver o importe financiado. Ter no horizonte o peche do seu negocio e seguir pagando ese crédito despois do peche non lles parecía moi boa idea. E creo que a ningún dos que estamos aquí tampouco nolo parecería.

Outra crítica constante dos autónomos era e segue a ser que o plan non continúa nin unha soa liña de axudas directas para sufragar os gastos correntes —alugueiro, taxas, gastos de mantemento e limpeza dos locais—, liñas de axudas directas que por parte do BNG reclamamos unha e outra vez neste Parlamento. A resposta da Xunta ata o día de hoxe foi non facer nada ao respecto. Bueno, houbo unha transacción, o PP transaccionou unha iniciativa nosa de hai ben pouco, do 4 de novembro, na Comisión 6ª, apoiada tamén polo Grupo Parlamentario do PSOE, na que instabamos a Xunta a adoptar estas medidas relacionadas coas axudas directas. Pero, claro, é que aí xa tiñan programadas xuntanzas neste caso co sector dos autónomos, coa hostalería e co clúster do turismo, para concretar dalgunha maneira o plan de rescate. E non era moi lóxico chegar a esa reunión votando en contra dunha iniciativa



deste tipo. Pero non houbo nin unha soa liña de axudas directas a fondo perdido aos autónomos en oito meses de pandemia, con restricións totais ou parciais da actividade. E iso a pesar de que noutros territorios xa van polo segundo plan de axudas directas. ¡Un sector de duascentas mil persoas sen unha soa axuda directa en oito meses! ¡Bravo, dende logo iso si que é xestión e anticipación! (*Aplausos.*)

O día 21 de outubro deste ano anunciaron —repito, anunciaron— un plan de rescate para axudar á actividade económica de autónomos e microempresas, ¡230 días despois do inicio das restricións da actividade! Permítanme a expresión, pero ¡vaia papo, vaia papo! En relación con estas medidas, despois do anuncio do plan de rescate, nunha reunión deste grupo parlamentario cos representantes de diferentes asociacións de autónomos transmitíannos que as axudas aínda que necesarias eran insuficientes. E entendían que era necesario un plan de rescate moito máis ambicioso non só no cuantitativo senón na propia estruturación do plan, debendo facerse por sectores e por subsectores, dada a diversidade e o diferente grao de afectación pola pandemia dos integrantes do sector. E non lles falta razón, porque, dadas as situacións distintas, son necesarias respostas adaptadas a cada subsector. Loxicamente isto dá moito máis traballo, pero realmente, para que as medidas fosen efectivas, era o que se requiría. E a Xunta non o fixo.

Estas asociacións diciánnos que esas axudas, por xenéricas e polos requisitos exixidos para poder acceder a elas, non tiñan o impacto que o sector demanda, e que deixaban fóra liñas de negocio asociadas ao turismo, como axencias de viaxe, guías turísticos, provedores e distribuidores do sector ou comercios turísticos. Ou tamén ignoraban os pequenos autónomos asociados ao turismo, como fotógrafos ou organizadores de eventos, por exemplo. E tamén ignoraban os autónomos do ocio infantil, sen actividade dende marzo a pesar de que puideron abrir en xuño —loxicamente coa que está a caer moitos cumpreanos non se celebraron—. Tampouco chegaron axudas aos autónomos do ensino regrado, e a Xunta esqueceuse con estas axudas e cos seus requisitos da particular situación dos autónomos que estiveran de baixa por IT, ou dos asimilados, como os autónomos contaxiados pola covid, ou dos autónomos con idade ordinaria de xubilación.

E ¿que lectura política podemos facer de todo isto? Que a Xunta, no relativo ao emprego autónomo, tan diverso e cun peso tan importante na nosa economía, pecou unha vez máis de falta de previsión. E esa falta de previsión ten moito que ver con que fosen incapaces de monitorizar a realidade do sector. Pero, claro, facer isto require escoitar os autónomos. E vostedes terían reunións co sector —non a desta semana, antes—, pero nesas reunións dende logo non escoitaron para nada o que lles estaba dicindo o sector. A proba está en que, sete meses despois da declaración do estado de alarma, é agora cando se sentaron en serio co Clúster do Turismo e con 12 asociacións de hostalería —curiosamente coincidindo coas mobilizacións e protestas do sector da hostalería—. Hoxe mesmo creo que teñen unha reunión. ¡Escoiten o sector, por favor, escoiten este sector! Porque, se non o escoitan, poden volver adoptar medidas xenéricas e improvisadas, o que lastra a súa efectividade.

Na comisión de reactivación do día 4 de novembro, o presidente do Clúster do Turismo fixo unha análise crúa e realista, e dixo textualmente que o sector estaba clinicamente morto. Nesa comparecencia lanzou un SOS desesperado, nun discurso honesto e nada compracente



nin coa Xunta nin co Estado. Quizais, só quizais, a mobilización do sector da hostalería e esa comparecencia tan pouco domesticada propiciaron as reunións que hoxe manteñen con estes sectores. Agora, despois de oito meses do inicio da pandemia, aínda están a concretar o plan de rescate anunciado a bombo e prato hai ben poucos días, cando o que se reclama dende o sector e dende hai xa bastantes meses son medidas contundentes e inmediatez. Hoxe os autónomos seguen considerando as axudas articuladas como insuficientes e son sabedores de que noutros territorios ese importe é moito maior. Euskadi, por exemplo —cun terzo dos establecementos galegos—, fixa as axudas en 45 millóns de euros e anuncia que o sector precisa tamén doutras medidas. Porque non escoitar ten un problema, é dicir, conleva que as medidas adoptadas ata o de agora sexan insuficientes e chegan tarde para moitos e moitas. Dúas mil empresas familiares cerraron xa na Galiza. A inmensa maioría dos peches son pequenos establecementos a pé de rúa; sobre todo tendas de actividade cultural privadas, perruquerías e axencias de viaxe.

E, desde logo, a insuficiencia das axudas da Xunta amósase graficamente nas colas da fame. Centos de galegos e galegas fan cola nas cociñas económicas para recibir unha bolsa diaria de comida. E non o dicimos nós. Pedro Pereira, presidente provincial do Banco de Alimentos de Pontevedra fai unha análise moi clara: «Estamos acostumbrados a ver os chamados pobres que viven na rúa, pero a clase de xente que xa tiña a vida arreglada é a que saíu absolutamente destrozada, e vai en aumento». Tamén indica que veñen dos sectores máis diversos, pero sobre todo da hostalería e dos autónomos. As colas da fame reproducense en todas as cidades de Galiza. ¡Isto é demoledor, demoledor! Creo que non hai imaxe máis gráfica da insuficiencia das axudas da Xunta a este sector que esas colas da fame. E esas axudas, para moitos galegos e galegas, se chegan...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PÉREZ LÓPEZ: ...—acabo xa, señoría— chegan tarde, moi tarde.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta da conselleira de Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Ben, a Xunta de Galicia por suposto que é plenamente consciente do tecido empresarial que sostén a economía da nosa comunidade. Máis do 95 % do tecido empresarial en Galicia está constituído por autónomos e por microempresas. Podo asegurarlle que dende a toma de posesión do Goberno no mes de setembro non pasou unha soa xornada sen que estivésemos á



orde do día das súas necesidades e en contacto cos autónomos e co diálogo social en Galicia. Todos eles, tanto os autónomos coma as microempresas, independentemente do sector de actividade ao que se dediquen, merecen un plan con apoios precisos para facer fronte ás dificultades que levan experimentando nestes últimos meses. E por iso reforzamos a Axenda de Emprego para mobilizar máis de 225 millóns de euros. Por iso contribuímos a resolver e a anticipar os ERTE adiantando a 3.400 traballadores as prestacións que estaban pendentes de cobrar do Estado.

Pero non veño hoxe a falar destes plans anteriores —e xa coñecidos por parte desta Cámara—, senón que veño a falar do Plan de rescate para persoas traballadoras autónomas e microempresas. Este plan foi aprobado no Consello da Xunta o 22 de outubro, é dicir, con carácter previo ao acordo do que vostede falaba, señoría, desta Cámara, e con carácter previo tamén a reunións, das que vostede falaba, co diálogo social e cos autónomos. E foi complementado e ampliado o día 5 de novembro, tamén con carácter previo á extensión a eses 60 concellos galegos das restricións para a hostalaría.

É un plan que nace, efectivamente, co obxectivo de apoiar os autónomos e os traballadores galegos para que poidan manter o seu emprego. É un plan que nace co obxectivo de paliar os efectos negativos causados pola pandemia e de impulsar a recuperación e garantir a estabilidade dos negocios que están máis afectados. Vou contar, pois, en que consiste efectivamente o plan.

O plan conta con tres liñas de axudas que se van distribuír en dúas ordes de subvencións. Unha liña de axudas é para autónomos, para persoas traballadoras autónomas, con independencia de que teñan ou non empregados; e hai outras dúas liñas que saíran nunha única orde de subvencións, unha vai destinada a microempresas ou autónomos que teñen empregados, e outra, a segunda, que complementa a anterior e que especificamente é para o sector da hostalaría que ten restricións de peche dende o mes de outubro.

Voulle explicar cada unha das liñas ás que fago referencia. A primeira das liñas do plan, a liña para traballadores e traballadoras autónomas, consiste nunha axuda de 1.200 euros para calquera autónomo ou autónoma, conte ou non con persoal, pero que cumpra exclusivamente ter recoñecida por parte da Administración estatal a prestación ordinaria ou extraordinaria por cesamento de actividade, prevista no Real decreto 30/2020, de setembro. Dicía vostede que non diferenciamos as actividades, que non falamos no diálogo social, que non falamos cos autónomos. Esta liña de autónomos, que coñecen todos eles, que coñecen as organizacións sindicais e empresariais galegas —porque foi sometida xa a orde ao informe do Consello Galego de Relacións Laborais—, conta cunha liña específica que, en lugar de 1.200 euros, é de 2.000 euros para os sectores aos que vostede facía referencia —sectores tales como as axencias de viaxes, ocio nocturno, como o transporte por taxi, como o exercicio do comercio en feiras—. E conta precisamente cunha liña específica porque así foi trasladado pola Mesa do Autónomo, polas tres asociacións de autónomos de Galicia, que propuxeron especificamente as actividades que teñen que estar incluídas. Todas e cada unha das actividades especialmente paralizadas que van na liña específica de 2.000 euros foron tratadas, negociadas e trasladadas por parte das asociacións de autónomos e do diálogo social de Galicia. Non partiron exclusivamente do Goberno galego.



A segunda orde, como lles digo, é unha orde que conta con dúas liñas de subvencións. Unha liña é para microempresas e para autónomos que contén con persoal. Esta liña consiste nunha subvención de 4.000 ou 5.000 euros dependendo dos casos. A liña ordinaria —por chamala dalgúnha forma— é de 4.000 euros, e é para todos os autónomos ou para todas as microempresas que contén con persoal contratado ao seu cargo, que tivesen autorizado nalgún momento dende a declaración do estado de alarma un ERTE —non ten por que estar o ERTE actualmente activo— e que contén cunha baixada media de facturación —comparando o exercicio de 2019 cos tres primeiros trimestres do ano 2020— igual ou superior ao 50 %. E, igualmente, esta liña de axudas leva unha axuda específica para os sectores especialmente paralizados. En lugar de 4.000, van ser 5.000 euros —para os mesmos sectores aos que acabo de referirme, respecto dos autónomos—.

Estas dúas liñas de axudas son as que, efectivamente, foron aprobadas no Consello da Xunta do 22 de outubro, pero posteriormente foi tomada a decisión por parte do Goberno galego, que vostedes xa coñecen, e como consecuencia da decisión do comité clínico, de pechar a hostalería —fundamentalmente en 60 concellos de Galicia—. Por iso mesmo, e con anterioridade á efectividade destas novas restricións, é dicir, o 5 de novembro, foi completado o plan cunha liña específica para a hostalería —plan que xa existía e do que se podía beneficiar a hostalería—. Esta liña específica —que, como lle digo, é exclusivamente para a hostalería en concellos afectados— é automática, é dicir, vaise conceder a todos e cada un dos establecementos da hostalería, incluídos todos os do canal Horeca —hoteis, cafés, restaurantes e bares—, simplemente polo feito de que estean nun concello que está especificamente pechado, e por parte da Administración autonómica. Son axudas que nun plantexamento inicial —porque aínda estamos negociando— consistirán en 1.000 euros por cada mes ou, se é unha fracción, na parte rateada que corresponda. E para aqueles establecementos que contén con máis de 10 traballadores a axuda aumentarase en 500 euros por mes. De acordo con isto, e para o sector da hostalería, poderían, segundo o caso, chegar as axudas desde 2.200 ata un máximo de 7.200 euros.

Como lles digo, trátase dun plan de rescate que chega xa a unha dotación orzamentaria de 79 millóns de euros, do que se poderán beneficiar ata trinta mil autónomos e dez mil microempresas da nosa comunidade.

Este plan chega aos galegos e ás galegas tamén da man —como lles dicía— dos interlocutores sociais e económicos que velan polos intereses colectivos dos que sufriron un maior impacto. É un plan no que estamos traballando, desde a súa aprobación, todos os axentes implicados para poder sacalo a adiante canto antes, e para que previsiblemente poidan saír publicadas no DOG neste mes de novembro as dúas ordes.

Mantemos un contacto permanente coas organizacións de autónomos, mantemos un contacto permanente coas organizacións representadas no diálogo social de Galicia. Sen contar este continuo contacto e traslado de mensaxes, de documentos, entre cada unha das persoas do meu equipo directivo e cada un dos representantes nestas mesas das que lles falo, efectivamente, témonos reunido dúas veces formalmente na Mesa do Emprego Autónomo, tres veces xa nas mesas de traballo de diálogo social e tamén temos mantido reunións co clúster de turismo e coas asociacións de hostalería, entre outras. Froito disto xa podemos dicir, como lle comentaba tamén, que a orde de axuda de autónomos foi suxeita a informe do Con-



sello Galego de Relacións Laborais e será publicada nos próximos días. Así mesmo, atopámonos ultimando e negociando a redacción do texto da outra orde.

Gustárame tamén engadir que consideramos imprescindible que a concesión destas axudas sexa unha concesión áxil, sexa unha concesión sinxela. Por isto, o único requisito que van ter os solicitantes é unha declaración responsable. E posteriormente, unha vez que estea ingresada na conta do beneficiario a cantidade correspondente á subvención, será a Consellería de Emprego e Igualdade a que fará a comprobación ulterior de que efectivamente a declaración corresponde cos feitos reais.

Este plan responde ás demandas do sector, quen así o confirma; porque ten alabado que se trata dunha das primeiras axudas polo estilo que unha administración pública destina a fondo perdido. Teño aquí, e pónoo á disposición das súas señorías, un informe coa totalidade das axudas ao sector da hostalería de todas as comunidades autónomas. Soamente Cataluña, efectivamente, ten publicadas axudas. E as axudas de Cataluña son axudas nas que cada bar, cada restaurante, ten que presentar as facturas correspondentes aos gastos para que, con esas facturas, se lle transfira o importe da subvención. As restantes comunidades autónomas ou non teñen ningunha axuda ou, se a teñen, simplemente a teñen anunciada ou está en estudo.

Ben, precisamos da suma de todos, desde administracións locais e deputacións a gobernos autonómicos, Goberno estatal, organismos europeos, sindicatos, partidos políticos, asociacións e os demais axentes sociais. Que cada un, na medida das súas posibilidades, contribúa co que poida a aportar beneficios a esta sociedade nesta época de pandemia. Nós, a Xunta de Galicia, a Consellería de Emprego e Igualdade, seguiremos traballando da man dos axentes sociais e das institucións públicas no fomento das políticas activas de emprego, no impulso á formación de calidade, na transformación económica, tecnolóxica e dixital do tecido empresarial galego, na loita pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e na inserción laboral dos colectivos máis desfavorecidos; e, por suposto, como labor primordial nestes intreos, no mantemento do emprego, no mantemento do acompañamento aos traballadores autónomos e ás microempresas en Galicia.

E, señoría, a resposta é si. O Goberno galego é moi consciente das dificultades que están pasando os traballadores e as traballadoras por conta propia, e por iso está acelerando e desenvolvendo estas ordes con axudas directas e a fondo perdido, con tramitación áxil e sinxela, aos negocios que máis están sufrindo. Estas axudas, por suposto, son compatibles e complementan as do Estado, igual que as de calquera outras administracións públicas. Son axudas compatibles, todas elas, entre si e tamén con outras habilitadas desde os distintos departamentos da Xunta de Galicia destinadas aos sectores máis afectados por estas limitacións; por exemplo, coas axudas que tramitou e publicou a Vicepresidencia primeira en relación co pago de alquileres para o ocio nocturno —axudas de 2 millóns de euros que se suman a estes 79 millóns de euros que van neste plan que lles acabo de anunciar—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Ben, para calquera outra dúbida, quedo á súa disposición no seguinte turno.



Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica do señor Pérez.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

E nós, señoría, tamén nos reunimos co sector. Tivemos diferentes reunións co sector ao longo destes meses. Ascega, Asociación de Emprendedores de Galiza: «Os responsábeis políticos das administracións públicas son os responsábeis da morte do sector hostaleiro e exiximos compensacións». Estas son notas de prensa de principios deste mes: «As decisións adoptadas nas últimas semanas lévannos a todos ao peche a curto e a medio prazo. Non somos partes do problema, somos parte da solución, e as axudas teñen que ser áxiles, directas e suficientes. Ou hai solucións ou estamos mortos». «Reclaman un fondo de rescate para compensar os hostaleiros e outros sectores, e reprochan que o anunciado polo presidente da Xunta de Galiza son parches». —abro comiñas porque, claro, é unha expresión que non é miña— «*Nos da la risa*». E consideran as axudas que poden chegar ata 7.000 euros como insuficientes.

O presidente da Asociación de Xóvenes Empresarios da Coruña, Miguel Miragaya, ten unha visión global e di: «Os nosos asociados de hostalaría, axencias de viaxe, negocios relacionados con espectáculos e eventos non rematan de arrancar, non hai traballo e todos son gastos». Tamén di: «As fórmulas de rescate deben ser distintas en función do sector».

César Ballesteros, presidente da Federación de Empresarios de Empresas de Hostalaría de Pontevedra: «Estás obrigado a pechar por lei, pero segues tendo gastos. Todas as taxas e impostos están pensados para unha facturación normal, pero coa caída do mercado é imposible». ATA, Asociación de Traballadores Autónomos: «Tomáronse solucións puntuais pensando que esta crise ía durar meses e que todo ía arrincar con normalidade. E iso en moitos sectores non pasou. Cremos que a xente vai ter moitos problemas para devolver a financiación que pediron para subsistir».

Pero ademais das asociacións —estes son todos recortes de prensa que eu non teño ningún problema en facilitarllos se vostede o considera oportuno, son de principios deste mes—, á parte disto, á parte das asociacións, tamén falaram persoas con nome e cara, e tamén saen na prensa.

Ana Belén, da Coruña, cociñeira nun restaurante e co marido traballando de camareiro: «Gañamos un total de 715 euros ao mes, pero 400 euros xa nos custa o alugueiro; e, co que queda, come, viste e lava a roupa». Pilar, A Coruña, «traballou toda a vida limpando portais ou de camareira, pero as súas ilusións e ánimos afogárona na desesperación» —bueno, isto pongo no periódico, loxicamente— «todo foi á papeleira do virus». José Antonio, transportista:



«Só vexo faladurías por parte dos políticos. Este tempo demostrou que á hora da verdade tes que arreglar ti». «Paula, autónoma cunha pequena tenda de zapatos, reduciu os seus pedidos para mercar a colección de inverno, “porque non podes meter mercadoría pagada na tenda sen saber se vas poder vender”». Estas declaracións —como digo— son todas recollidas da prensa.

«A resposta da Xunta ante as consecuencias da pandemia no sector autónomo resúmense en que as axudas articuladas pola Xunta son hoxe insuficientes, e foron insuficientes. Isto está provocado directamente pola falta de previsión e monitorización da realidade social e económica deste país, e en concreto deste sector.»

«Non escoitaron en oito meses os sectores máis golpeados polas consecuencias da covid-19, e o dos autónomos é un deses sectores que sofren no día a día desde a declaración do estado de alarma. E, se non os escoitan, non van acertar coas medidas que adopten. Os mesmos autónomos indican que a medidas adoptadas ata o de agora son parches», e mercadotecnia —isto si que é colleita miña—.

Escoiten e actúen. Xa que non o fixeron en oito meses, fágano agora. Xa que están tendo reunións, por favor, escoiten o sector. Por peticións que nos fixeran desde o sector e polo que vostede acaba de dicir aquí, sabemos perfectamente que algunhas das súas peticións si que as tiveron en conta.

Outra das eivas das axudas da Xunta que foi posta de manifesto polo sector é que esas axudas constitúen unha resposta xenérica, cando son imprescindibles plans de axuda e rescate por sectores.

Outra eiva que tivo e ten graves consecuencias é a falta de inmediatez na resposta da Xunta á insostible situación de miles de autónomos, o que supón que as axudas que poidan chegar, se chegan, van ir tarde para moitos galegos e galegas. Cada día que pasa pecha un negocio, negocio que lles dá sustento a varias familias e xera riqueza. Se permitimos que vaia caendo o tecido empresarial formado por miles de pequenos negocios familiares, agudizarase aínda máis a situación. ¿Que saída teñen eses pequenos autónomos de entre 45 e 55 anos —que son a maioría— que levan dende sempre traballando no negocio familiar?

E, por último, outro «debe» na actuación da Xunta é, hoxe en día, a falta de axudas directas para os gastos correntes que se devengan e se devengaron durante estes oito meses, ¡nada máis e nada menos!, independentemente de que o negocio teña actividade ou estea restrinxida.»

Agora reúnen co sector, e eu de verdade que estou encantado de que así sexa. Pero agora o que necesitamos é que o escoiten e que adopten medidas inmediatas, porque, se non, o sector neste caso non levantará cabeza. E iso, desde logo, creo que non o pode permitir este Goberno nin tampouco o pode permitir a sociedade galega.

Nada máis, señora Lorenzana Somoza. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pérez López.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra a señora conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, vicepresidente.

Ben, tomo de novo a palabra para aclarar varios dos puntos que vostede volve comentar, porque seguramente tampouco os entendeu como eu esperaba.

A Xunta de Galicia vai sacar dúas ordes con tres liñas de axuda, que son axudas directas, áxiles na súa tramitación e son axudas a fondo perdido. E son axudas, por suposto, para gastos correntes. Estas subvencións poderán solicitarse, polo tanto, cuns mínimos requisitos. Contarán con solicitudes doadas e tamén cunha concesión e posterior resolución rápida.

Penso que o feito de que un plan coma este se desenvolva e vexa a luz nun prazo tan curto de tempo dá boa, pero boa, mostra da dedicación que hai detrás. Porque este plan non se desenvolve e non se dialoga cos sectores nuns días. Polo tanto, coido que o que vostede fala da tardanza por parte da Administración autonómica se refire entón ás dezasete administracións autonómicas, que tardan na xestión destas axudas. Porque volvo dicirle que non hai unha soa administración —salvo Cataluña, e non son axudas áxiles nin rápidas— que hoxe teña axudas directas e exclusivas para a hostalería.

Volvo repetir que son axudas que son complementarias ás do Estado, que son axudas complementarias ás de calquera administración. Son compatibles e son acumulables. E non son axudas xenéricas. Son axudas adaptadas aos sectores, son axudas adaptadas aos sectores especialmente paralizados, son axudas que están complementadas para o sector da hostalería nos concellos que foron pechados e son axudas que van dirixidas aos máis afectados —garantido polo feito de que se exixa un mínimo dun 50 % de perda de facturación respecto do exercicio 2019—.

Como se di na prensa de hoxe, o Estado, efectivamente, tamén vai apoiar o sector hostaleiro, pero vaino apoiar coas axudas que xa tiña, coas axudas ou coa prestación por cesamento de actividade dos autónomos. E chama a atención que continúe insistindo no 75 % de perdas, cando, como lle digo, a Xunta xa está negociando cos sectores, xa o ten aquilatado cos sectores, que a perda media de facturación dos sectores en crise ronda o 50 %. E isto non é porque o saibamos nós dende a Consellería de Emprego, senón porque xa se ten falado con cada un dos sectores, ou coas asociacións que os representan.

Por outro lado, o Estado tampouco permite compatibilizar con carácter xeral esta prestación de cesamento de actividade; por exemplo, co feito de que o bar ou restaurante sirva comida a domicilio. As axudas da Xunta —que non o dixeran na primeira intervención— si son absolutamente compatibles. Entendemos que, dende o momento en que están nun concello pechado, é merecedor da axuda o bar, o restaurante ou o hotel con independencia de que sirva comida a domicilio.



Tampouco vou entrar a valorar a contía económica que se está anunciando nuns e noutras comunidades autónomas, porque eu estou de acordo con que os créditos son limitados. Pero, dende logo, creo que non é comparable o investimento que está facendo a Xunta de Galicia, de case 80 millóns de euros, co que se está investindo noutras comunidades autónomas.

Prégolle tamén ao BNG que, por favor, faga comparativas que sexan realistas, porque, por parte da súa portavoz, compáranse as axudas que se están dando por parte do Estado alemán coas da Comunidade Autónoma de Galicia. E, ¡home!, coido que isto non é serio. E coido que isto é alarmar os cidadáns —que xa están preocupados— dunha maneira que non é moi leal cos galegos e coas galegas. Prégolle tamén que, por favor, informen con rigor, porque a súa portavoz tamén exixiu desta Xunta de Galicia un plan de rescate para autónomos e para microempresas precisamente ao día seguinte de que o Consello da Xunta de Galicia aprobase o plan de autónomos e de microempresas.

A Consellería de Emprego e de Igualdade, igual que o resto dos meus compañeiros e das miñas compañeiras do Goberno, é plenamente consciente dos sectores económicos que se viron máis afectados pola normativa sanitaria, e por iso dedicamos o tempo necesario a establecer, xunto cos principais axentes sociais, cales incluíamos como especialmente paralizados. Como xa lle comentei, foron moitas as reunións e as chamadas en todas estas semanas para concretar un plan que se adapte ás exixencias de todos os implicados.

O crédito efectivamente é limitado, os recursos son limitados —os desta Administración e os de todas—, e as medidas sanitarias son imprescindibles. Agora ben, co diálogo social, co intercambio de opinións, coa participación de todos e de todas, estou segura de que conseguiremos chegar aos sectores económicos máis impactados pola pandemia e ao maior número de afectados posible. Entre os obxectivos que perseguimos por riba de todo coas nosas actuacións está o de facilitarlles liquidez inmediata aos negocios e con isto manter o emprego, que non se destrúa o emprego. Pero, evidentemente, non podemos nós sos, por iso lle pedimos ao Goberno central que estenda a tramitación dos ERTE que están activos, e que a estenda ao mesmo tempo que estendeu o estado de alarma.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Porque o estado de alarma chega ata o 9 de maio e a incerteza hoxe é que os ERTE soamente están activos e vixentes ata o 31 de xaneiro.

Agradecemos e felicitamos tamén dende aquí a todas as administracións locais galegas, que si teñen aprobados plans para autónomos e para microempresas, e que como digo se complementan cos da Xunta de Galicia. Solicitamos e animamos tamén a algún concello dunha grande cidade que non o fixo a que se sume ás restantes cidades, ás restantes grandes cidades e ás restantes deputacións da comunidade autónoma. Que quede claro, señorías, que os galegos e as galegas poderán seguir contando co apoio da Xunta de Galicia e que os autónomos e as microempresas poderán seguir contando co compromiso da Consellería de Emprego de que seguiremos traballando.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos agora ao seguinte punto da orde do día, que son as preguntas ao Goberno. En primeiro lugar, a 8.1.

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o recoñecemento polo Goberno galego do compromiso do Goberno central para satisfacer unha demanda histórica da sociedade galega como a rebaixa das peaxes da autoestrada AP-9

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, a nosa pregunta é se reconece o Goberno galego o compromiso do Goberno do Estado para satisfacer unha demanda colectiva da sociedade galega como é a rebaixa das peaxes da AP-9. Concretamente, señora conselleira, o Proxecto de orzamentos do Estado contempla 55 millóns que o Goberno propón destinar o ano que vén a minorar o que os condutores galegos pagan por usar a súa principal arteria de comunicación, que é a AP-9, importe ao cal hai que engadir unha partida de 8,2 millóns para seguir mantendo a gratuidade das peaxes dos tramos Vigo-O Morrazo e A Coruña-A Barcala, que levan sendo gratuítos para os usuarios dende que no 2006 o Goberno de Emilio Pérez Touriño e un goberno socialista en España acadaran ese acordo. Máis de 60 millóns en total van este ano para a AP-9.

E permítame que faga un pouco de historia. No ano 2000, o Goberno de José María Aznar ampliou a concesión da AP-9 ata 2048 —con Fraga na Xunta e con Feijóo no Goberno central—, unha prórroga de nada máis e nada menos que de vinte e cinco anos —como digo, ata o ano 2048—. Ese foi o regalo do señor Aznar e do PP á sociedade galega, unha prórroga de vinte e cinco anos. E, a diferenza da autoestrada galega, as concesións de tres autoestradas que se construíron ao mesmo tempo que a AP-9 remataron no 2019, e varias máis farano nos próximos anos.

Por certo, foi no ano 2003, con Feijóo de conselleiro de Ordenación do Territorio e cun goberno do PP, do señor Aznar, en Madrid, cando se privatizou a Empresa Nacional de Autopistas, con varias concesións de autoestradas, entre elas a AP-9, que rematou en mans de fondos de capital estranxeiros.

É sabido que o PSdeG, como única formación socialdemócrata que hai nesta Cámara, ten como valor esencial a solidariedade entre persoas e, como consecuencia, a solidariedade entre territorios —porque sen unha non pode existir a outra—. E o PP, no mellor dos casos, é un partido conservador, pero certamente é un partido neoliberal; o cal quere dicir que ideoloxicamente é reacio á solidariedade como vector de cambio entre persoas e entre territorios. O caso é que é un goberno socialista quen pon os medios para saldar unha asignatura pendente do Estado con Galicia, unha débeda contraída polo señor Aznar —co PP de Galicia aplau-



dindo—, que hipotecou a principal vía de comunicación de Galicia durante os últimos vinte anos. E tivo que ser tamén no 2006 un goberno socialista na Xunta e un goberno socialista no Estado o que eliminase a peaxe de A Coruña–A Barcala e a peaxe de Vigo–O Morrazo.

Con estes mimbres, ¿recoñecen o compromiso do Goberno do Estado ou van seguir difundindo a falacia absoluta de que son os peores orzamentos para Galicia, cando son os máis sociais da historia, cun incremento do gasto social do 10,3 %...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...que non pode senón beneficiar a Galicia, e que ademais está por riba da media do Estado en investimento directo? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Arangüena.

Pídolles aos técnicos que apareza o tempo na pantalla, que nesta ocasión o señor Arangüena non o tiña. Moitas grazas.

Ten a palabra agora a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, vicepresidente.

Señoría, eu non creo que deba de felicitar o Partido Socialista por ese interese repentino por recuperar a preocupación pola AP-9, por un asunto tan importante, cando nos dous últimos anos que leva gobernando Pedro Sánchez vostedes estiveron desaparecidos. Deixáronse de interesar completamente pola AP-9 durante estes dous últimos anos e medio de goberno de Pedro Sánchez, porque, cando a Xunta —é curioso, si— reclamaba a liberación da peaxe en Redondela, o Partido Socialista de Galicia calaba. E tamén, cando a Xunta mandaba propostas concretas, realistas e viables para revisar eses acordos —que eran negocios redondos con Audasa— e parar eses impactos da peaxe, o Partido Socialista en Galicia calaba. E tamén, cando denunciámos dende a Xunta de Galicia o desequilibrio e o agravio que era subir as peaxes da AP-9 polo Goberno de Pedro Sánchez cando viamos que noutras autoestradas eliminaban esa peaxe ou que a baixaban, o Partido Socialista en Galicia calaba. E vostede tamén calaba.

E agora o anuncio de bonificacións —queren arrimar a ascua á súa sardiña para sacar rédito— non lles coa, non lles coa, señor Arangüena. Os representantes públicos galegos deben sempre defender os intereses galegos, e así o entendemos dende a Xunta de Galicia dende sempre; dende que goberna Alberto Núñez Feijóo dende logo que si.

No ano 2009 gobernaba o señor Rodríguez Zapatero, e pediamos a transferencia da AP-9. Tres anos despois, co goberno do Partido Popular en Madrid, seguimos defendendo o mesmo, defendiamos o mesmo. Cando había retencións intolerables pagando a peaxe denunciámolo, e arranxáronse esas retencións. Co goberno de Mariano Rajoy creouse esa comisión da AP-9 onde puidemos defender os intereses dos galegos —no ano 2016—,



comisión que deu os seus froitos. En xaneiro do ano 2018 conseguimos o compromiso explícito da liberación da peaxe en Redondela. E por iso en marzo, señoría, co goberno de Mariano Rajoy, xa había traballo feito coa liberación da peaxe en Redondela. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, había traballo feito —logo falaremos da letra pequena—. E, polo tanto, había traballo feito para avanzar na dirección da liberación de peaxes que se freou en seco cando chegou ao Goberno o Partido Socialista de Pedro Sánchez. Freouse en seco a comisión e freouse en seco a liberación das peaxes da AP-9.

A min gustárame saber por que dixo si dúas veces para pagar co peto dos galegos a ampliación da autoestrada cando a ponte de Sevilla se amplía cos orzamentos. A min gustárame saber que lles parece e que me digan por que, cando o Consello Consultivo di que son nulos de pleno dereito eses incrementos, vostedes calan. E a min gustárame saber como, cando, e canta é a vixencia desa aplicación de bonificacións. Porque hai moito titular, pero letra pequena, ningunha. E interésanos. Mentres tanto, a alternativa súa e a do Partido Socialista é que Audasa se siga forrando.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Pois tiña eu interese en saber se son vostedes capaces —polo menos esta vez— de recoñecer cando se adopta unha decisión importante para Galicia e cando se acada un gran avance. Pero resulta que son incapaces, porque iso significaría recoñecer que é falaz, é absurdo e é un insulto á intelixencia colectiva o seu discurso dun goberno que maltrata a Galicia e de que todo o malo que sucede en Galicia é culpa dun goberno central que leva gobernando dous anos e medio e que fixo nese tempo un gran esforzo social; un esforzo social do cal unha das grandes beneficiarias é Galicia, porque ten máis dependencia das políticas sociais ca outras comunidades autónomas. E, por tanto, un goberno de marcado carácter social é intrinsecamente imposible que sexa malo para Galicia.

Fala vostede de decisións do pasado. Houbo moitas decisións respecto das autoestradas de Galicia no pasado, pero agora hai unha: 60 millóns de euros nos orzamentos xerais do Estado, 60 millóns de euros, señora conselleira. E, en troques diso, o regalo que lle fixeron vostedes a Galicia coa súa autoestrada foi o que antes lle mencionei: o regalo do señor Aznar, do señor Fraga e do señor Feijóo —porque nesa época estaba tamén en Madrid—, que foron vinte e cinco anos máis, ata o ano 2048. E un goberno socialista bipartito na Xunta de Galicia e un goberno socialista en Madrid eliminaron as peaxes que afectaban a Vigo e á Coruña —as do Morrazo e as da Barcala—. Eses son os feitos, señora conselleira. A partir de aí vostede pode negar a realidade, pero os feitos falan por si sos: (*Aplausos.*) 60 millóns de euros falan decididamente a favor do compromiso do Goberno do Estado cunha comunidade autónoma. E, por outra banda —insisto—, o incremento do gasto social dos orzamentos do Estado a



quen máis beneficia é a quen máis depende del. Unha das comunidades que máis depende é Galicia. Iso é así, señora conselleira, ¿non o vai recoñecer? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Arangüena.

Ten a palabra, para a réplica do Goberno, a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, vicepresidente.

Reclama vostede unha valoración festiva pola miña parte dunha medida imprecisa e dos peores orzamentos do Goberno de España para Galicia nos quince últimos anos, os peores orzamentos. E xa o dicía vostede: 100 millóns de euros menos —e, polo tanto, unha caída do 11 % respecto do orzamento no ano 2018—... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entendino, desculpe. Un 6,6 % do total estatal. Cando estaban no Bipartito dicían que o mínimo tiña que ser o 8 %. Agora válelles o 6,6 %. Galicia é das cinco comunidades autónomas que baixa. É incuestionable o déficit en materia de infraestruturas, pero, iso si, primase Cataluña e Valencia nos orzamentos do Estado e recórtaselle a Galicia. Iso é o que significan os orzamentos peores do Estado en Galicia. É flagrante o desequilibrio co corredor mediterráneo. É incontestable iso, esa brecha criminal que deixa o Goberno de España actual entre o corredor atlántico e o corredor mediterráneo. ¡Nin un euro para o acceso ferroviario ao porto de Langosteira!, que é un proxecto maduro, susceptible dos fondos de reconstrución. Nin un só euro e vai caducar. Dálles igual.

Sobre a saída sur de Vigo, vén o secretario xeral de Infraestruturas aquí para dar pasos para atrás, coma os cangrexos. Dende logo, a min paréceme que non lle pesan igual ao Goberno de España os portos de Barcelona e de Valencia que os portos galegos, e é lamentable. Hai ausencias increíbles e esquecementos totais das grandes cidades, da cidade da Coruña e da cidade de Vigo. Nada da autovía Vigo-O Porriño; en relación coa AP-9-Alfonso Molina, tampouco; co vial 18, tampouco; coa transformación urbana de Vigo, tampouco.

E pídeme aplausos para presupostos que borran dun plumazo do orzamento infraestruturas imprescindibles, como todas as que comentei e a autovía da Mariña, a autovía Lugo-Ourense ou Ponferrada-Ourense. E postergan para despois do Xacobeo, e moito máis alá, Santiago-Lugo. Polo tanto, as ausencias estas non tapan eses fogos de artifício, dende logo, dun anuncio inconcreto en relación coas bonificacións da AP-9.

Da AP-53 Santiago-Ourense olvídanse, queda fóra. Non pasa nada. Non sabemos nada do tipo de bonificacións das viaxes, nin do tipo de usuarios. ¿Os transportistas van entrar? Non sabemos o que quere dicir iso de supeditarse aos niveis de tráfico, iso que estamos a escoitar.

Eu insisto: ¿como?, ¿cando?, ¿canto vai supoñer de rebaixas?, ¿a quen van beneficiar? Porque non se sabe. Iso si, é un anuncio tras outro anuncio e con alternativas —como estamos acostumbrados— do Partido Socialista, e de negocios redondos de Audasa. Cando queira coméntolle o convenio do Bipartito no ano 2007 do Morrazo. Cando queira coméntolle ese negocio re-



dondo, ese enriquecemento inxusto que asinaron vostedes. Agora págase a metade do que deixaron firmado vostedes —o dobre—. Pero, en calquera caso, é un anuncio, soamente un anuncio, para agochar os peores orzamentos do Goberno de España en Galicia.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Gabriel Alén Castro e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre cales son os beneficios que lle reporta ao estudantado galego a rebaixa do prezo das matrículas universitarias no curso 2020-2021

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Boa tarde, conselleiro. Benvido.

Gustárame empezar sinalando que todo o Sistema universitario galego, tanto a Consellería como as universidades —dentro das súas competencias cada unha—, implementaron as medidas necesarias para poder dar o curso coa maior capacidade e mellor calidade posible. As universidades están a facer un esforzo grande, tanto en medios económicos como en medios técnicos e medios humanos; en boa parte facilitado por unha achega extraordinaria da Xunta de Galicia de 10,9 millóns de euros —que se suman aos 3 que xa enviaran en marzo ás universidades de forma urxente—: 4,2 millóns para a USC, 3 millóns para a UDC e 3,6 para a Universidade de Vigo.

Este esforzo vai na liña dos compromisos deste Goberno coa universidade, como o demostra o Plan de financiamento plurianual que a Consellería e as tres universidades foron quen de acordar por unanimidade para o período 2016-2020 —agora prorrogado—. Este plan mellorou substancialmente a achega económica da Administración, incrementándoa un 17,3 % para poder acadar os case 2.500 millóns de euros neste período, o que fai que Galicia sexa a terceira comunidade autónoma en porcentaxe de financiamento universitario en relación co PIB.

Na última década o Goberno galego apostou por colocar Galicia como a comunidade que aplica as taxas universitarias máis baixas do conxunto de España, un feito incluso posto en valor polo propio ministro do Goberno de España, o señor Castells, que dicía que Galicia era o modelo en tema de taxas.

Para organizar o inicio do curso 2020-2021, cumprindo os trámites pertinentes, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos



académicos e administrativos no Sistema universitario de Galicia. Este recolle a baixada dos prezos públicos das primeiras matrículas de másteres non habilitantes, conxela por décimo ano consecutivo as taxas de grao e por terceiro a de máster habilitante.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formúlanlle a seguinte pregunta en pleno: ¿que beneficio lle reporta ao estudantado galego a rebaixa dos prezos das matrículas universitarias no curso 2020-2021?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, a verdade é que neste curso o inicio de curso foi tremendamente complexo e tremendamente inédito. Todo o sistema educativo fixo un sobreesforzo organizativo, e está facendo un sobreesforzo económico e un sobreesforzo persoal. E tamén está tendo unha altísima implicación profesional e persoal a gran plantilla de profesorado que temos en Galicia —e tamén, por suposto, no ámbito universitario—.

Podemos concluír que, tanto na universidade como no resto do sistema educativo, o curso se iniciou e se está desenvolvendo cunha relativa ou gran normalidade tendo en conta a enorme excepcionalidade do momento concreto no cal nos atopamos.

Se respondemos de xeito específico á súa pregunta, creo que dende sempre este Goberno estivo moi comprometido coas familias e tamén cos estudantes. Partiu sempre dunha máxima que creo que ao longo destes anos se foi demostrando: dende o minuto cero este Goberno apostou por que ningún alumno quedase fóra do sistema universitario por razóns económicas. Para iso puxo en marcha e interveu naqueles elementos que podían ser barreiras económicas para o alumnado. Dende o primeiro ano houbo unha conxelación das taxas universitarias. Galicia é a comunidade autónoma onde un estudante paga hoxe o mesmo que hai dez anos. O custo dun grao —dunha carreira— é o mesmo hoxe que hai dez anos.

Posteriormente tamén se conxelaron as taxas dos másteres habilitantes; é dicir, daqueles que son necesarios para exercer unha profesión. É o terceiro ano consecutivo que se fai. E neste curso, como novidade, tamén se plantexa unha baixada dos másteres non habilitantes para homoxeneizalo cos anteriores e ter dalgún xeito os accesos universitarios, desde a perspectiva económica, máis baratos, máis accesibles, do conxunto de España. Iso creo que é un feito diferencial. Temos as taxas máis baratas, temos o acceso máis accesible do sistema universitario e máis equitativo. E neste sentido podemos estar orgullosos do traballo que se foi desenvolvendo nos últimos anos, xunto coas universidades, para lograr isto. E nós partimos tamén dun punto fundamental e é que preferimos que os recursos económicos —o diñeiro, por dicilo dun xeito moi resumido— estean nos bolsillos dos cidadáns e nos bolsillos



das familias en vez de sacárllelo para poder levar a cabo accións por parte da Administración pública. E, nese sentido, dende a posta en marcha destas accións no ámbito universitario, fomos capaces de aforrar 21 millóns de media para o conxunto dos estudantes universitarios, o que posibilitou —como xa digo— que Galicia teña...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...o sistema máis accesible de acceso á universidade no conxunto de España. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Para a réplica, ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Grazas, conselleiro, polas súas explicacións.

Dicía vostede «o máis accesible de España». Non sei se ten datos comparables co resto de comunidades autónomas ou coa media estatal.

E do que si falaba —creo que tamén tomei nota— é de 21 millóns de euros. Non sei se ten tamén o dato do que significa en función da media para as familias ou para os estudantes; porque, evidentemente, é unha importante cantidade de cartos postos á disposición da sociedade e das familias en Galicia.

E nada máis. Moi brevemente, quero animalo a seguir apoiando o Sistema universitario galego neste incremento de financiamento e nesas compensacións que creo que fan ás universidades para que esta conxelación non signifique unha baixa para os seus ingresos. E máis nada, non sei se ten esa comparativa co resto de comunidades, co resto de España.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): De xeito moi resumido, señor deputado, dicíamos que a nosa premisa era posibilitar que os recursos económicos se mantivesen nos bolsillos dos cidadáns fronte a outros gobernos que apostan precisamente polo contrario.

E, como vostede nos pedía exemplos comparativos, eu voulle poñer un que creo que se pode extrapolar a calquera tipo de grao ou de carreira universitaria. Por exemplo, un estudante de medicina en Galicia paga en torno a 1.150 euros pola súa matrícula, 1.150 euros. En Cata-



luña ou en Madrid pagan o triplo. Creo que iso é unha medida de equidade e unha medida de accesibilidade ao sistema universitario de gran importancia e, como xa dixeran, levamos moito tempo sendo a única comunidade autónoma de España que fai unha constante paralización, unha constante rebaixa, das taxas universitarias.

Certamente, esta política, que se mantivo constante dende o ano 2009, levou a que incluso o ministro Manuel Castells, nunha das declaracións máis razoables que fixo —por non dicir quizais a única—, puxese a Galicia como exemplo no ámbito da matriculación universitaria.

Galicia, no conxunto de España e a nivel de grao, ten os segundos prezos máis baixos de España. Só son máis accesibles en Canarias, pero cunha diferenza: nós levámolo sendo durante dez anos mentres que Canarias o fixo dende hai moi pouco tempo. En másteres non habilitantes temos os prezos máis baratos de España, os primeiros de España. E en másteres habilitantes, é dicir, naqueles que son necesarios para o desempeño dunha profesión, somos os terceiros —practicamente empatados con Canarias e Andalucía—. É dicir, posibilitamos que ningún alumno, ningunha persoa, quede por cuestións económicas fóra dos estudos universitarios ou se vexa obrigado a renunciar a labrarse un futuro a través do coñecemento e, neste caso, da formación universitaria.

Obviamente, a rebaixa dos custos da matrícula significa neste caso unha redución dos ingresos para a institución universitaria. Pero esa redución de ingresos é compensada pola Xunta de Galicia a través dos plans de financiamento para posibilitar unha estabilidade nos ingresos por parte da universidade e posibilitar que esas institucións poidan ano tras ano ir incrementando os seus orzamentos. Un dato: o último plan de financiamento —que precisamente remata este ano— posibilitou incrementar o orzamento público das universidades galegas, do Sistema universitario, nun 18 %; co cal temos o sistema máis equitativo, o sistema que ao longo do tempo máis posibilitou manter as taxas universitarias. E, por suposto, con isto hai un obxectivo básico e fundamental...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...que é que ningún estudante quede fóra do sistema universitario, da formación universitaria, por razóns económicas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Martín Seco García e D^a María Leticia Gallego Sanromán, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a carga de traballo para o cadro de persoal da planta de Siemens-Gamesa, nas Somozas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Si, grazas.



Señor conselleiro, a fábrica de Gamesa-Siemens nas Somozas está na corda frouxa. E o máis preocupante é que preto de trescentas familias da comarca de Ferrolterra están en perigo. Todo isto ante a impasibilidade da súa consellería e a falla de mecanismos de promoción e atracción da actividade industrial, un inexistente departamento de industria e unha preocupante incapacidade de facer políticas de éxito durante os doce anos de caída do sector industrial do noso país.

Dende a compra realizada por Gamesa-Siemens da fábrica de Vagos, en Portugal, os millonarios investimentos realizados nas súas instalacións e os novos proxectos planificados en terra lusa, as incertezas xorden entre os traballadores galegos, que ven como a fábrica das Somozas non recibe novos investimentos e novos proxectos para ter un futuro garantido. Unha vez máis estamos ante un novo proceso de deslocalización dunha empresa dende Galicia cara a Portugal e non sabemos que está a facer a súa consellería para evitalo.

Estamos a falar dunha planta industrial que fabrica pas para o eólico, señor Conde. Non estamos a falar de política enerxética nin tampouco de que os custos enerxéticos teñan incidencia nesa fábrica. Estamos a falar de política industrial, na que vostedes teñen plenas competencias, dunha fábrica que é referente na calidade de fabricación destes produtos e no cumprimento dos compromisos adquiridos cos clientes. E, aínda así, non teñen carga de traballo asegurada máis aló de decembro deste ano.

Nas instalacións da planta galega seguen a fabricar un modelo antigo e non aparecen novos investimentos que melloren as instalacións para poder fabricar modelos de pas de maior tamaño. A empresa non dá resposta aos continuos requirimentos do comité de empresa para formar unha mesa de traballo que analice a viabilidade da planta, que hoxe non atopa un aliado no seu departamento para que isto sexa posible —tanto que ata o día de onte, no que por fin vostede recibiu o comité de empresa, non contestaba ás súas peticións—.

Señor Conde, resultaría incomprensible que unha empresa como Siemens-Gamesa actuase de costas ao noso territorio e marchase sen que vostedes fixesen nada para evitalo, coas oportunidades que xorden en Galicia, co aumento que teremos da potencia instalada —que vostede ten na súa man autorizar—, coas oportunidades que xorden coa eólica mariña e a súa posible implantación en Galicia, e cos fondos que poden chegar de Europa para os proxectos nos que o sector eólico ten unha adaptación excepcional. Señor Conde, o debate sobre a construción de pas en Galicia debería versar sobre como As Somozas pode volver ter os 700 empregos que xa tivo e non sobre como pode perder os 300 actuais.

Señor vicepresidente, o outro día ante as preguntas que lle faciamos ao director do Igape non foron capaces de dicir nada sobre as actuacións da súa consellería para tratar de evitar esta deslocalización. Simplemente botaron, unha vez máis, balóns fóra dicindo que estaban a esperar o que facía o Goberno do Estado coas novas subastas eléctricas; é dicir, unha vez máis, a política da avestruz. Pero os traballadores e a comarca de Ferrolterra non poden esperar máis ante unha situación agónica, señor Conde. E por iso lle preguntamos cales son as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a carga de traballo para o cadro de persoal de Gamesa-Siemens nas Somozas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Seco.



Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Martín Seco, as miñas primeiras palabras loxicamente son de recoñecemento e de solidariedade nestes momentos cara aos traballadores de Siemens-Gamesa nas Somozas. Coñecémonos ben —tiven ocasión de estar en numerosas ocasións co propio comité de empresa— e si lle podó dicir que non merecen o trato que se lles está prestando por parte da empresa. E nese contexto, dende logo, a Xunta de Galicia está traballando xunto cos traballadores, xunto cos sindicatos, para identificar solucións e, polo tanto, para darlle viabilidade a unha planta que entendemos que ten sentido, que tiña sentido e, sobre todo, que cara ao futuro ten todo o sentido dende o punto de vista do desenvolvemento das enerxías renovables, tanto en Galicia como en España.

O que si lle pediría é un pouco de prudencia cando vostede fala de pasividade. E, sobre todo, pediríalle un pouco de realismo. Porque seguramente os traballadores o que queren son solucións. E para atopar solucións precisamos ser realistas. Desvincular o sector eólico da política enerxética é simplemente intentar desviar a realidade de como funciona unha empresa auxiliar do sector eólico e, polo tanto, de como nun territorio, como é España e como é Galicia, se poden atopar oportunidades dende o punto de vista industrial.

Vostede sabe perfectamente que o Goberno socialista chega tarde unha vez máis despois de tres anos —ano 2018, ano 2019 e ano 2020— sen convocar ningún tipo de subasta. E, polo tanto, a política enerxética, señor Seco, claro que ten consecuencias dende o punto de vista da política industrial. A pregunta que nos estamos facendo todos —polo menos dende esta bancada— é sobre cando o Grupo Socialista Galego vai deixar de defender o goberno de Pedro Sánchez e de Podemos e vai defender realmente os intereses dos traballadores en Galicia.

En calquera caso, señor Seco, nós estamos traballando coa empresa, co propio comité de empresa. Sabemos perfectamente cal é a solución da planta de Siemens-Gamesa, que non pasa por outro obxectivo que o de conxugar a política enerxética do Goberno en Madrid coa política industrial da Xunta de Galicia. Se traballamos xuntos, tanto o Goberno como a Xunta de Galicia, estamos convencidos de que encontraremos unha solución, porque é xuntar os obxectivos da política enerxética cos instrumentos que a Xunta de Galicia xa puxo á disposición da empresa e á disposición dos traballadores para atopar esa solución e darlle continuidade.

Polo tanto, nós acordamos pedirlle unha reunión ao Goberno precisamente co obxectivo de traballar xuntos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): ...Goberno, Xunta de Galicia e comité de empresa.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Si, grazas, presidente.

Resulta descorazonador escoitalo, señor vicepresidente. Nestes momentos, nos que a fábrica das Somozas baixou a produción de 9 a 7 pas semanais, nos que rematan os contratos dos eventuais e os contratados por ETT, nos que o comité de empresa nos transmite que temen que empecen os despidos, que o único que teñan que aportar sexa responsabilizar o Goberno do Estado sen poñer nada dende a Xunta de Galicia —que ten as competencias en política industrial—, nunha fábrica de produción de compoñentes que non está afectada por políticas enerxéticas ou de tarifa eléctrica, é realmente descorazonador. *(Aplausos.)*

Señor Conde, entendo que pidan axuda ao Goberno do Estado, xa que ata o momento é o único que puxo encima da mesa capacidade política de negociación e estratexia para intentar manter a nosa actividade industrial. Pero vostedes ¿que fan á parte de ser espectadores do deserto industrial no que se está a converter a nosa terra?

O seu goberno ten dúas posibilidades: ou propoñen unha modificación do Estatuto de autonomía para desfacerse das políticas en materia industrial —algo que xa fan de facto—, ou reforman o seu departamento, as súas políticas e a súa estratexia para ser un instrumento que xere actividade industrial no noso país. Porque, mire, vostedes no ano 2013 cambiaron as leis autonómicas para entregarlles as chaves da riqueza de Galicia ás empresas instaladoras do sector eólico. Renunciaron por lei a ter capacidade de vincular proxectos eólicos á actividade do noso país, e todo iso sen poñer enriba da mesa alternativas para facer que a actividade deixe maior riqueza entre os nosos cidadáns. Son vostedes, señor Conde, os que son incapaces de manter a actividade industrial, os que son incapaces de traer novos proxectos, os que renuncian a participar e promover novas fontes de riqueza. Son vostedes os que non fan de Galicia un polo atractivo para o investimento industrial.

Señores e señoras do Goberno do Partido Popular, non chega con sacarse fotos cun par de proxectos industriais de éxito no noso país. Poñan solucións ás familias que dependen da actividade de Gamesa e das Somozas e non os abandonen mirando para outro lado e buscando culpables. Os traballadores necesitan solucións e non culpables, e vostedes foron elixidos hai moi pouquiñas datas para todo iso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Seco.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Seco, vostede sabe que en Madrid está gobernando o Partido Socialista e Podemos, ¿verdade? Podían modificar a Lei do sector eléctrico para permitir que, efectivamente, o de-



senvolvemento das enerxías renovables se puidesen vincular a plans industriais, ¿verdade? ¿Por que non o propoñen?

Señor Seco, a política enerxética claro que ten consecuencias en materia de política industrial. Porque, evidentemente, non haberá posibilidade de desenvolver unha industria neste país dende o punto de vista enerxético se non hai unha política enerxética que a respalde.

E vólvollo repetir: no ano 2018, ano 2019 e ano 2020, ningunha subasta. Iso quere dicir que a subasta que se vai convocar agora non vai traer carga de traballo para a industria auxiliar da eólica en España ata o ano 2022. Esa é a realidade, señor Seco. Esa é a realidade. Porque, se non hai carga de traballo que se xere en España, evidentemente, as industrias non poden desenvolver ese traballo.

En calquera caso, nós si entendemos que hai oportunidades para As Somozas, claro que o vemos. Claro que vemos que hai oportunidades, porque temos uns fondos europeos que poden identificar proxectos que poden permitir a viabilidade desta planta e do resto da industria auxiliar vinculada á política enerxética. E, polo tanto, o futuro das Somozas pasa necesariamente por traballar conxuntamente.

¿Cal é o problema? ¿Que problema lle ve a que traballemos conxuntamente o Goberno de España e a Xunta de Galicia para defender 300 postos de traballo? Estámolo a facer —aínda que parece que a vostede non lle gusta— con Alcoa, e está dando resultados, porque, efectivamente, estamos intentando atopar esa solución. E parécenos razoable que nunha empresa do sector da industria de compoñentes do eólico —que depende directamente das oportunidades que se poidan desenvolver de cara ao futuro en España, non só coas subastas senón cos fondos europeos— atopemos conxuntamente o Goberno de España e a Xunta de Galicia unha solución industrial no eido da política enerxética. Isto non é un tema de buscar responsables, é un tema de buscar solucións, que é o que estamos trasladando.

Agora, negar que as decisións de política enerxética non teñen consecuencias é o que levan facendo vostedes moitísimo tempo. Negáronllo aos traballadores de Alu Ibérica, e mire como está Alu Ibérica. Negáronllo aos traballadores de Alcoa-San Cibrao, que aínda non teñen aprobado o Estatuto de consumidores electointensivos. Negáronllo tamén aos traballadores das Pontes, cunha posibilidade de que puidesen darlle continuidade. Mentres outros países —como Alemaña— manteñen as centrais térmicas nun proceso de transición ordenada, vostedes pecharon abruptamente as posibilidades para a central das Pontes.

Polo tanto, señor Seco, corresponsabilidade, que é o que estamos traballando. Trátase de traballar xuntos o Goberno de España, a Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): ...e o Comité de empresa para atopar unha solución ante unha empresa que lamentablemente non está dando respostas e non está á altura das circunstancias.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a María Isaura Abelairas Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o mecanismo previsto polo Goberno galego para garantir, dada a limitación das citas á atención telefónica, a atención sanitaria ás persoas con parálise cerebral

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Boa tarde, presidente.

Boas tardes, deputados e deputadas.

Boas tardes, conselleiro.

Desde o estado de alarma do pasado mes de marzo, un dos sectores máis afectados neste contexto de pandemia é o dos centros de atención a persoas con diversidade funcional, vendo reducidos aínda máis uns servizos que xa viñan sendo a todas luces insuficientes.

Os centros de saúde limitaron os seus horarios de atención. Sirva como exemplo o centro de saúde de Navia, en Vigo. O seu horario era de nove da mañá a nove da noite, e agora é de nove da mañá ás tres da tarde. Este centro de saúde, citado como exemplo, prestaba servizo ás persoas usuarias dos centros de APAMP, Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral, e de Alento, Asociación de Dano Cerebral, de Vigo.

Esta situación na atención primaria supón un retroceso no servizo para toda a poboación. Pero afecta de xeito especial as persoas con algún tipo de discapacidade, e máis gravemente as persoas con parálise cerebral. Resulta a maioría das veces imposible recoñecer a sintomatoloxía e trasladar o problema a través dun teléfono. Os médicos non se trasladan a ver as persoas pacientes nas residencias e estes vense na obriga de recorrer aos servizos de urxencias hospitalarias, coas dificultades que iso implica para esas persoas e para os seus coíddores e as súas coidadoras.

A pandemia puxo de manifesto a responsabilidade, a profesionalidade e o bo facer das entidades do terceiro xestor na xestión segura do centros. As entidades sociais creadas e xestionadas polas familias, e apoiadas polo tecido asociativo que traballa dende a solidariedade e a inclusión, son unha garantía de boa atención. Pero cabe salientar que son centros de servizos sociais, non son centros sanitarios. Non son centros sanitarios e necesitan sempre —e máis agora, neste contexto marcado pola covid-19—, tutela e atención sanitaria eficaz. *(Aplausos.)* Quero, desde aquí, darlles as grazas, por este gran labor que fan, aos profesionais e a todas as profesionais que traballan con persoas con diversidade funcional.

Señor conselleiro, ¿ten pensado o Goberno galego algún mecanismo para garantir a atención sanitaria ás persoas con parálise cerebral ante a limitación que supoñen para eles as citas telefónicas? A Xunta de Galicia debería facilitar a cita presencial para este colectivo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Gallego.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi boas tardes, presidente.

Señorías, como coñecen, na actualidade o Sergas está implementando as adaptacións organizativas necesarias á situación epidemiolóxica, xa que resulta imprescindible encaixar en todo momento os protocolos de actuación fronte á covid coa actividade cotiá dos centros de saúde.

Os centros de saúde permanecen abertos e son lugares seguros grazas a que se adoptan as medidas necesarias para garantir a seguridade dos nosos pacientes e profesionais. Os circuitos de actuación están en continua revisión segundo a evolución epidemiolóxica da pandemia na comunidade e os posibles contactos de casos positivos cos profesionais.

A atención á cronicidade segue a ser unha prioridade para o Servizo Galego de Saúde. Asegurámoslle que os pacientes con parálise cerebral, así como os seus coidadores, teñen ao seu dispor os mesmos recursos sanitarios dos que xa dispoñían. E, se se detecta algunha diferenza na atención destas persoas, non é por outra cousa diferente que non sexa acadar os máximos niveis de seguridade e evitar na maior medida posible o risco de contaxio dos pacientes considerados vulnerables.

No ámbito da atención primaria, a atención domiciliaria é unha das modalidades asistenciais máis importantes e que segue a desenvolverse diariamente sen interrupción. Na actualidade está apoiada pola consulta telefónica —xa dende o ano 2013 en Galicia—, que en numerosas ocasións é solución por ela mesma e noutras moitas é un complemento da atención presencial, tanto no centro de saúde coma no domicilio do paciente. Agora mesmo, cando un paciente contacta telefonicamente co centro de saúde, o facultativo que o atende é quen decide se finalmente ese paciente ten que ser visto de xeito presencial ou non. Isto está a ser en todos os centros e, en particular, no centro de saúde de Navia, que vostede comenta.

En todo caso, a atención aos colectivos vulnerables está garantida en calquera situación, unha vez que as consultas presenciais están activadas en todos os centros de saúde, e fállese neste colectivo a consulta presencial para patoloxías que non se poidan resolver a través da consulta telefónica, sempre coas máximas garantías de seguridade contra a transmisión da covid.

Ademais, para o seguimento dos pacientes crónicos, tamén contamos coa plataforma Telea —que permite a monitorización e o seguimento no domicilio de determinadas patoloxías— e con outras ferramentas, como a historia clínica electrónica ou as e-interconsultas, que poden incorporar imaxes e utilizarse para facer consultas de diferentes especialidades sen que o paciente teña que desprazarse.

No caso concreto dos centros que vostede comenta na súa pregunta, APAMP ou Alento, podemos confirmar co xefe de servizo en funcións do centro de saúde de Navia que a atención



a estes centros está sendo a habitual. O director ou a directora do centro comunica co centro de atención primaria calquera situación que se poida dar, e os profesionais do centro de saúde estanse desprazando —neste caso é cruzar a rúa, simplemente— a atender os pacientes en formato domicilio. Non obstante, estes pacientes dispoñen todos da tarxeta «dobre A», que, como vostedes saben, está dispoñible e pode usarse en todos os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde para ter esa atención preferencial.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra, para a réplica, a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Conselleiro, gustaríame que falase directamente coa directora de APAMP ou co director de Alento e que lle contaran eles como viven ese día a día, porque non está sendo así. De verdade que o invito a que fale con eles e que en primeira persoa lle digan como é. Porque, señor conselleiro, ¿sabe o que significa a limitación dos horarios nos centros de saúde e as citas telefónicas para estes servizos residenciais e para as persoas que viven neles? Significa que enferman pola tarde, por exemplo, e hai que levalos a urxencias, cando en moitos casos se resolvería coa pauta do seu médico de familia. Significa que nas citas por teléfono —nas que na maioría dos casos xa é difícil transmitir os síntomas dun paciente, canto máis se ese paciente ten dificultades de comunicación ou non ten comunicación oral— ese paciente debe trasladar esa sintomatoloxía a través dunha terceira persoa. Isto resulta moi, moi, complicado para esta persoa. E é tamén moi difícil para o médico facer un diagnóstico sen realizar unha avaliación do paciente. *(Aplausos.)* Significa que os médicos de familia deixaron de visitar os residentes que están na cama por mor dunha enfermidade.

É necesario asignar un médico de atención primaria para as residencias. Estas residencias para persoas con diversidade funcional apenas teñen dotación. Ter un médico facilitaría o coñecemento da saúde de cada un dos residentes e das súas enfermidades, e isto permitiría estar atento aos novos síntomas e ser moito máis preciso no diagnóstico.

As persoas con diversidade funcional son sempre as grandes esquecidas. Señor conselleiro, non se esqueza delas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego.

Para o turno de réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas.



Por suposto, tomamos nota deses comentarios. Repito que a información que nos trasladaron do centro de saúde é de normalidade, pero todo é revisable. Ao mellor o que temos que facer é unha reunión conxunta das dúas partes. E por suposto recollo ese guante.

Quero insistir en que a atención presencial se mantivo sempre en todos os centros de atención primaria, pero con motivo da pandemia introduciuse esa valoración da que falaba antes a través dunha chamada telefónica —a da necesidade real desa consulta presencial—. Esta ferramenta está dispoñible para todos os doentes dun cupo, e en particular para aqueles que están institucionalizados, como é o caso destas dúas residencias que vostede comenta. É unha medida razoable e de prudencia que non foi exclusiva de Galicia, senón común a todas as comunidades autónomas. Esa vía telefónica permite detectar as persoas con sintomatoloxía compatible por infección de covid-19, facilita a detección precoz e diminúe o risco de transmisión secundaria.

Estamos a vivir a segunda onda da pandemia. Polo tanto, faise imprescindible que as persoas con sintomatoloxía compatible non circulen polos centros de saúde, e unicamente acudan aos centros sanitarios para atención presencial só cando sexa necesario, garantindo sempre as condicións de seguridade para pacientes e profesionais.

E hai unha segunda circunstancia que afecta á presencialidade, e é o importantísimo labor que os profesionais de primaria están a facer na detección de persoas asintomáticas. Están a facer petición de probas PCR, seguimento domiciliario a persoas infectadas e control das residencias de maiores e persoas con discapacidade.

En resumo, as consecuencias da pandemia, tanto na necesidade de reducir no posible o contacto físico como nestas tarefas que están a desenvolver os profesionais, son o motivo deses cambios na prestación sanitaria que experimentaron os pacientes nestes últimos meses.

Señorías, estamos a vivir unha situación inédita e sen precedentes que fai que teñamos que adoptar as mellores decisións, cuxo único obxectivo non é outro que poder diminuír e eliminar a propagación desta pandemia e garantir a saúde de todos. A ese obxectivo responderán as medidas que tomemos para o progresivo incremento da presencialidade na primaria, sempre desde a máxima prudencia.

Respecto do que vostede di de que os docentes destes centros teñan un médico específico, quero recordarlle que o modelo de atención primaria, por unha banda, conta cos puntos de atención continuada —que se desprazan aos domicilios de xeito permanente, e en Vigo tamén, por suposto— e que a visita domiciliaria é unha ferramenta que utilizan a miúdo os profesionais, tanto médicos como os de enfermaría de atención primaria. Os residentes destes centros, por suposto, teñen todo o dereito do mundo a poder beneficiarse deste modelo de atención, da presencial e tamén da telefónica, como dicíamos. Contamos cos mellores profesionais, e non deixarei de darlles as grazas polo seu esforzo, dedicación e entrega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Comesaña.



Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan de asistencia ao ictus en Galicia, posto en marcha no ano 2016

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, o ictus é unha enfermidade cerebrovascular que ten unha gran relevancia na nosa sociedade. Cada ano prodúcese en España 120.000 novos casos de ictus e prevese que a dita cifra se incremente un 35 % no ano 2035, segundo datos da Sociedade Española de Neuroloxía, que lembra que cada ano morren unhas 27.000 persoas por esta causa.

Segundo datos do Grupo de Estudo de Enfermidades Cerebrovasculares, da Sociedade Española de Neuroloxía, o 59 % dos pacientes que tiveron un ictus teñen problemas para realizar as súas actividades cotiás, e máis dun 62 % teñen problemas de mobilidade; un 64 % sofren dor e malestar, e un 36 % perciben que o seu estado de saúde é malo ou moi malo.

Na nosa comunidade autónoma prodúcese arredor de 7.000 novos casos de ictus ao ano, e ocupa o primeiro lugar entre as causas de mortalidade. O feito de que o ictus ocupe o primeiro lugar entre as causas de mortalidade en Galicia —a primeira en mulleres e a segunda en homes— e que supoña a primeira causa de discapacidade permanente na idade adulta, entre outras, fai que o ictus ocupe un lugar relevante nas prioridades da Consellería de Sanidade. A repercusión que ten esta patoloxía no seo das familias no campo profesional, laboral e social é descomunal. As cifras que se manexan son o suficientemente importantes como para que as autoridades sanitarias consideren o ictus isquémico como un problema de saúde prioritario. E así o recolle a Estratexia Sergas 2020.

A Consellería de Sanidade, da Xunta de Galicia, coa finalidade de seguir avanzando na mellor atención á cidadanía galega, o 4 de xullo de 2016 presentou o Plan galego de atención ao ictus. Este plan nace tendo como obxectivo fundamental a creación dunha rede de atención ao ictus en toda Galicia, xestionada como unha área única para toda a poboación galega. Hoxe a ninguén das persoas que temos visitado un centro de saúde ou hospitalario lle resulta alleo o cartel cos tres «f» —fala, faciana e forza—. E se nos mesmos ou alguén do noso entorno presenta algunha alteración nestes eidos sabe que ten que chamar ao 061 para que se poña en marcha na nosa comunidade o Código Ictus.

Señor conselleiro, vendo a importancia que ten este proxecto, desde o Grupo Popular formulámoslle hoxe a seguinte pregunta: ¿que avaliación fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan de asistencia ao ictus en Galicia, posto en marcha no ano 2016?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.



Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Presidente, señorías, señora Amigo.

En 2016 o Sergas marcou como obxectivo a creación dunha rede de atención ao ictus en toda Galicia, xestionada como unha área única —como vostede ben dicía— para toda a poboación galega. O principio que levou á súa creación foi o de ofrecerlle a mellor atención ao ictus á cidadanía galega alí onde se producise este evento.

Creamos tres unidades de ictus —no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, no da Coruña e no Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo— entendidas como unidades específicas de coidados agudos non intensivos para o tratamento do paciente con ictus, nas que existen ademais servizos de neurorradioloxía intervencionista con capacidade de levar a cabo a denominada trombectomía mecánica.

Ademais, temos en funcionamento seis equipos de ictus nos hospitais de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, no da Mariña e en Povisa. Os equipos de ictus son grupos multidisciplinares de especialistas coordinados por un neurólogo ou outro especialista experto en ictus, que, sen dispoñer dunha estrutura xeograficamente delimitada, colaboran no diagnóstico e tratamento do paciente con ictus e contan con protocolos de coidados sistematizados.

Traballamos tamén para que os servizos de urxencias dos hospitais comarcais teñan a capacidade e a formación necesaria para realizar a fibrinolise no caso de identificar un episodio de ictus isquémico. Pero para acadar unha atención óptima, independentemente do lugar no que se encontre o paciente, creamos a Central de Atención ao Ictus —a denominada CAI—, conformada por un equipo de neurólogos expertos no manexo e diagnóstico do ictus, dispoñibles as vinte e catro horas do día e os trescentos sesenta e cinco días do ano, que lle ofrecen ao médico responsable do paciente soporte para o seu diagnóstico e tratamento a través da ferramenta da telemedicina. Os neurólogos da CAI contan cun acceso directo á videoconferencia do centro do Sergas no que se atope o paciente e usan a historia clínica electrónica do Sergas —o IANUS— como elemento integrador da información. Poden examinalo en tempo real mediante unha cámara web de alta resolución, analizar a imaxe radiolóxica do paciente e tomar unha decisión compartida sobre a actitude terapéutica que cómpre tomar co médico que está atendendo o paciente. Se a decisión é a fibrinolise, o neurólogo da CAI supervisará o proceso.

Por último, somos conscientes de que a formación tamén debe chegar aos centros de atención primaria, e nese sentido elabóranse accións formativas específicas para o persoal dos puntos de atención continuada, médicos e enfermeiras.

En consecuencia, señora Amigo, cremos que o desenvolvemento deste plan mellorou substancialmente a atención do paciente de ictus en Galicia, calquera que sexa o hospital da rede sanitaria onde se encontre.

De momento, máis nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitísimas grazas, señor conselleiro, por explicarnos dunha maneira tan precisa e tan clara como se está a desenvolver o Plan ictus en Galicia, unha patoloxía que provoca tanta dor e sufrimento na nosa sociedade. Deixounos claro que a atención ao ictus está garantida coa creación desas tres unidades que vostede nos dicía —en Santiago, A Coruña e Vigo—, que contan con esa neuroloxía intervencionista con capacidade para realizar unha trombectomía mecánica. Isto súmase a eses seis equipos nos hospitais de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, no da Mariña e no de Povisa, que configuran esa rede de colaboración no diagnóstico e tratamento do paciente con ictus —por iso que nos contou de que contan con protocolos de coidados sistematizados—. E ademais desa colaboración que hai cos hospitais comarcais, que teñen capacidade e formación necesaria para realizar unha fibrinolise endovenosa en caso de identificar un episodio de ictus isquémico, está a maiores a creación desa Central de Atención ao Ictus, conformada por ese equipo de neurólogos expertos que están vinte e catro horas ao día os trescentos sesenta e cinco días do ano.

É moi importante, señor conselleiro, vir aquí —ao Pleno do Parlamento— e contar como se está a traballar desde a Consellería de Sanidade na procura de seguir mellorando en todos os eidos que concirnen á saúde dos galegos. Eu quixera que neste segundo turno, se pode, me conteste a como vai o seguimento do plan e se teñen previsto implementar algunha mellora; e tamén se nos pode dicir o número de códigos ictus que foron activados e mais as fibrinolises endovenosas e trombectomías mecánicas realizadas desde a posta en marcha deste plan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, señora Amigo.

Efectivamente, seguimos avanzando coa finalidade de realizar un correcto seguimento do plan, avalialo e desenvolver, por suposto, accións de mellora continua. E para iso creamos a Comisión de Control e Seguimento do Ictus e o Rexistro do Ictus.

Coa creación do rexistro podemos analizar a actividade do ictus e avaliar os resultados obtidos para poder implementar as melloras necesarias. Neste momento, esta comisión está a realizar unha revisión do plan coa finalidade de actualizalo en aspectos relacionados co diagnóstico, o tratamento e a organización da resposta asistencial. Esta mellora estará baseada nas máis recentes achegas da evidencia científica, como por exemplo a ampliación, nalgúns casos, da ventá terapéutica.

Dende a posta en marcha do plan, o número de códigos ictus activados foi de máis de 8.000. As fibrinolises intravenosas realizadas superan as 1.700 e realizáronse máis de 900 trombectomías mecánicas.



Estamos a vivir unha situación sen precedentes provocada pola covid-19, pero non por iso deixamos de atender os pacientes que presentan outras patoloxías graves; e moito máis cando son patoloxías tempodependentes, como é o caso do ictus. E como proba está que, no que vai de ano, se activaron máis de 1.900 códigos ictus. Cando unha persoa sofre un ictus isquémico prodúcese rapidamente unha zona de tecido infartado irreversible, rodeada por outra de tecido hipóxico pero potencialmente salvable. Ábrese aquí unha ventá terapéutica dunhas catro horas e media que nos ofrece a posibilidade de actuar e así previr ou minimizar o tamaño do infarto cerebral. Por iso priorizamos o ictus como unha emerxencia médica para reducir ao máximo o tempo entre a aparición da clínica e o tratamento eficaz.

Por iso é importante que a cidadanía saiba que calquera persoa que pense que pode estar a sufrir un ictus non debe demorar acudir aos servizos asistenciais, xa que, tal como se recolle no plan, «o tempo é cerebro». Temos un bo sistema e uns excelentes profesionais para atendelo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Iria Carreira Pazos e dous deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a mellora da infraestrutura e reforzo do persoal da UCI de adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Boa tarde.

Grazas, señor presidente.

Antes de nada, quero mandar toda a forza e todo o apoio ao persoal da UCI de adultos do CHUS, que nos está escoitando e que iniciou esta semana pasada unha serie de mobilizacións para exixir as melloras necesarias nesta unidade.

Levamos tempo dicindo que a pandemia da covid non veu máis que a remarcar e acentuar a situación dramática que xa existía na sanidade galega. Estámolo a ver dun xeito moi notable na UCI de adultos do Clínico de Compostela. Esta unidade padece de grandes deficiencias estruturais, que, por certo, xa eran deficiencias antes de que coñecésemos a covid.

Fisicamente é unha gran sala aberta con unicamente dous cubículos pechados, un en cada unha das entradas. O resto son só 13 camas de pacientes, colocadas a un e outro lado do espazo, sen outra separación entre si máis que unha cortiniña. Esta situación o que provoca é que, fóra destes dous cubículos anecdóticos, calquera outro paciente que sexa portador



—asintomático ou non— da covid converta automaticamente a UCI nunha UCI sucia. Todas as pacientes e todas as traballadoras pasan a estar en risco de contaxio.

Isto o que supón é que o persoal se vexa obrigado a traballar durante toda a súa quenda laboral cun equipo de protección individual posto, un EPI que deben portar durante sete ou dez horas ininterrompidas; con todo o estrés psíquico e todas as molestias físicas e o cansazo que isto supón.

Por riba, isto súmase ás condicións precarias nas que se atopan as profesionais. A UCI ten moi ben estipulado cales son as ratios de persoal que debe haber por paciente, atendendo a criterios de calidade e de seguridade. E, aínda así, constantemente estas ratios están en cuestionamento, pois quítase persoal da UCI para cubrir outras áreas ou non se repón o persoal ausente. E, ante isto, a alternativa que reciben en moitas ocasións é unha escolla entre asumir máis carga de traballo ou que quen saía da quenda anterior prolongue a súa xornada laboral. Obvian nesta escolla dous factores: un é que máis carga laboral significa maior risco para os pacientes; e, dous, que as profesionais teñen dereito a ter unha vida fóra do hospital, a ter programado o seu tempo de ocio sen ter que depender da súa mala xestión.

Ademais, na danza do persoal polas plantas do hospital incumpren o que debería ser unha máxima en tempo de pandemia. Non atenden á posibilidade de que este persoal que se move entre unidades poida ser vector de transmisión da infección. E poñen así en risco os pacientes e o resto de traballadores do centro. Non existen hoxe criterios claros para estas rotacións entre unidades sucias e limpas, e moitas veces son mobilizados sen atender á carga de traballo nin ás cargas emocionais, físicas ou psíquicas de cadaquén.

Todas estas reivindicacións foron expostas en numerosas ocasións polo persoal da UCI e están recollidas nun acordo coa xerencia da área sanitaria, con data do 18 de xuño, no que se compromete a corrixilas e a ter unha UCI con cubículos pechados ao final do verán. Estamos a 11 de novembro e todo segue igual.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CARREIRA PAZOS: Por isto, señor conselleiro, ¿cales son as medidas previstas para a adecuación da UCI e o reforzo de persoal? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Carreira.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde de novo, presidente.

Señorías.

Señora Carreira, o Hospital de Santiago ten á súa disposición unha UCI que conta con 23 camas, un número equiparable ás doutras áreas sanitarias, como a da Coruña ou a de Vigo. A particularidade é que estas camas están distribuídas en dous hospitais —quince no Clínico



e oito no de Conxo—, a diferenza do que sucede nas outras áreas sanitarias, que concentran todas nun único hospital.

As unidades, tanto a do Clínico como a de Conxo, teñen unha configuración aberta, pero si que dispoñemos de cubículos pechados para pacientes que precisen illamento: dous na UCI do Clínico e un na de Conxo.

Pero é que, ademais, a área sanitaria de Santiago, do mesmo xeito que o resto de áreas sanitarias, dispón de camas de críticos para pacientes cirúrxicos nas denominadas UCI-unidades de reanimación. Isto é así porque no ano 2011 este Goberno decidiu construír unha nova unidade de reanimación no Clínico. Grazas a esta actuación, durante a primeira onda os pacientes de covid que precisaron ingreso en unidade de críticos foron atendidos na UCI e na unidade de reanimación do Clínico. Por suposto que esta configuración é mellorable, e a nosa aspiración é acadar unha reforma da UCI con todos os cubículos pechados. Así se lle trasladou ao persoal; iso si, advertindo de que só se faría se a obra podía estar lista antes de setembro para non atoparnos cunha UCI en obras en plena segunda onda. Mais o certo é que ningunha empresa se comprometeu a acometer a obra nun prazo tan curto de tempo. O prazo máis curto ao que se comprometían era de cinco meses, o que motivaría que as obras se puidesen prolongar ata xaneiro do próximo ano.

Tomar esa decisión era un risco. Vostedes agora din que o apoiarían pero permítame que o dubide —máis que nada polos precedentes—. O pasado abril fíxose unha intervención na UCI no hospital de Montecelo. Durou exactamente catro días e estaba destinada precisamente a habilitar dous boxes de illamento. Aproveitouse o momento que clinicamente se considerou máis axeitado —cunha baixada dos ingresos—. ¿Cal foi a reacción do BNG? Léolla, sacada de Twitter do seu partido o 25 de abril dese mesmo ano: «A Xunta pecha a UCI de Montecelo en Pontevedra. Para teleFeijóo o modelo son os hospitais de campaña». Polo tanto, cando agora nos reprochan que non asumimos o risco de facer esas obras na UCI de Santiago durante o verán, ¿é porque realmente pensaban apoiar esa decisión —se a faciamos— ou por que lles molesta perder unha oportunidade de volver facer demagogia cun tema así de serio?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Señor Comesaña, hai veces que este Goberno me recorda a algunha escena dunha película onde alguén está a piques de quedar durmido. Entón alguén o espabila, remexe un pouco nos papeis e despois volve adormecer. Non vale ir só a golpe de chamada. Non vale que toda a actuación deste Goberno sexa con base na improvisación e na urxencia. Que as UCI deben ter cubículos pechados é algo que sabemos moito antes da covid. Os pacientes con inmunosupresión grave, os pacientes portadores de microorganismos multirresistentes a biocidas, son algo que existe desde antes de onte. Son algúns exemplos daqueles que deberían estar illados; e non pasan desde hai tres días.



O que me está a dicir é que basicamente o que fixemos na situación de pandemia foi improvisar e o que nos queda para a segunda onda é continuar coa improvisación.

E a respecto do persoal, que escasee o persoal tampouco é unha cousa de onte nin de antonte. ¿Por que non se cobren as vacacións ou os días de libre disposición ata unhas horas antes, cando xa se ten coñecemento por anticipado? Se hai un transplante abdominal pola mañá e sabemos que isto vai implicar un reforzo de persoal, ¿por que chega a hora do cambio de quenda e este reforzo está sen avisar? ¿Parécelle de recibo que as profesionais, ademais do seu traballo habitual, teñan que estar pendentes constantemente de avisar as supervisoras de garda para que se cubran todos os postos de traballo?

Moi pouco custa asinar un papel, moi pouco custa falar e moi pouco custa vulnerar o dereito á seguridade das traballadoras e dos pacientes. Non hai medidas organizativas nin preventivas, non hai un plan de recursos humanos, non hai un plan de prevención de riscos laborais centrado no posto de traballo e adecuado ás súas particularidades e especificidades.

¿Van facer algo con todo isto ou van seguir esperando a ver se chove? Porque o único que nos deu hoxe o señor presidente como resposta é que o único que se facía desde o BNG era impulsar folgas, o que me parece unha falta de respecto gravísima cara ás traballadoras. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Carreira.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señora Carreira, durante o pico da primeira onda chegaron a estar ingresados simultaneamente 27 pacientes no Hospital Clínico. Os pacientes ingresaron primeiro nos dous cubículos de illamento da UCI e posteriormente nos cubículos de reanimación. Isto fíxose, por outra parte, en todos os hospitais de España —aproveitar os cubículos de illamento, precisamente—. Desta forma, a UCI puido seguir atendendo pacientes non-covid ata que, unha vez que se ocuparon todas as camas de unidades de reanimación, se tivo que volver á UCI.

No momento en que ingresou o primeiro paciente na zona aberta da UCI esta transformouse nunha UCI covid; e pasouse a habilitar o espazo da antiga reanimación para seguir atendendo os pacientes críticos non-covid, xunto coa UCI do Hospital de Conxo.

Acometeuse tamén unha actualización do equipamento con completa renovación do sistema de monitores e telemetría de todas as camas UCI, así como da antiga unidade de reanimación, que se dotou tamén de novos respiradores. E xa están operativas as 15 camas desta unidade, co cal hai capacidade para habilitar un total de 38 camas simultáneas.

Isto está contemplado nos plans de continxencia aprobados polo Comité Clínico e, polo tanto, consideramos que poderemos facer fronte á segunda onda —ademais, quero dicirlle que si hai un plan de prevención de riscos laborais, que vostede debería coñecer—; máxime se temos en conta que, neste mesmo hospital, acabamos de ampliar as urxencias, cun inves-



timento de 1,6 millóns de euros, creando unha nova área de observación que dispón de corenta postos de atención aos enfermos. Esta obra púidose facer porque se utilizou un espazo exento e non interferiu coa actividade ordinaria das urxencias.

Pero somos conscientes das molestias que a actual configuración da UCI supón para o persoal de enfermería. Por iso acordamos con este colectivo a compensación de cómputo de xornada para aqueles casos nos que o persoal teña que estar a traballar durante toda a xornada co EPI, como sucede cando se atenden pacientes covid en configuración aberta. Neste caso, computaranse vinte minutos de exceso por cada xornada en que teñan que estar a traballar co EPI.

Por outra banda, dentro dos acordos acadados co persoal da UCI está a limitación da mobilidade, que se realizará exclusivamente en situacións puntuais e por causas inevitables; e soamente a outras unidades onde se atende pacientes críticos, como a unidade coronaria, a unidade de reanimación ou a de despertar.

Estamos sempre abertos a escoitar as demandas dos nosos profesionais. Por iso podo avanzarlle que temos a intención de incluír nos orzamentos para o ano 2021 unha dotación suficiente para acometer esta reforma integral da UCI do Hospital Clínico. Iso si, farémolo cando esta actuación non supoña un risco sanitario para os pacientes.

Pero, señorías, a seguridade dos pacientes é a primeira prioridade. E por iso nestes momentos as mellores medidas para preservar a capacidade das nosas UCI son as medidas que tomamos a semana pasada seguindo as indicacións do Comité Clínico. Así o indicou a semana pasada a Sociedade Galega de Medicina Intensiva, que aplaudía estas medidas precisamente para protexer pacientes e profesionais dunha saturación que podería chegar se non nos anticipamos coas medidas precisas. E, precisamente polo noso compromiso con estes profesionais e co conxunto dos galegos, anticipámonos e tomámolas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Monserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o número de persoas rastrexadoras que hai en Galicia para o seguimento das persoas contagiadas pola covid-19

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde, conselleiro.

Levamos oito meses de pandemia e, se en algo hai unanimidade —desde os expertos ata a Organización Mundial da Saúde—, é en que na loita contra a covid-19 é vital actuar con rapidez, realizar test masivos para detectar positivos, identificalos, illalos e facer rastrexo dos contactos. Facer ben este labor é fundamental para parar a cadea de contaxios e frear o virus.



Non se pode parar a pandemia se non se sabe onde está o virus. A clave é ser proactivos, planificar, anticiparse, ir por diante do virus e non por atrás.

Polo tanto, a posta en marcha dun sistema de rastrexo debeu ser unha prioridade por parte da Xunta de Galiza. E ¿cal é a realidade, señor conselleiro? Que primaron a creación dun relato fraudulento fronte á realidade. O relato fraudulento de que en Galiza había máis rastrexadores que en ningún outro lado —nada máis e nada menos que 6.000 segundo dixo o presidente da Xunta sen aportar ningunha información máis alá de crelo coma se fose unha cuestión de fe—.

Se houbese 6.000 rastrexadores, señor conselleiro, traballando oito horas ao día coordinadamente, ¿teríamos en Galiza a situación de que ao 60 % dos contaxiados non se lles coñece a orixe, como repetidamente reconece a Rede Estatal de Vixilancia Epidemiolóxica? É evidente que non.

De 6.000 pasamos a que vostede se negase a dar ningún dato. E hoxe pola mañá o presidente da Xunta volveu dar un número redondo: 700. Señor conselleiro, ¿hoxe pola tarde cantos rastrexadores hai en Galiza? ¿Cando mentiu o conselleiro da Xunta?, ¿cando dixo 6.000?, ¿hoxe, cando dixo 700?, ¿os dous días?

Gustaríame que nolo clarificase porque non se pode enganar continuamente a xente, señor conselleiro. Fronte ao seu relato está a realidade que viven todos os días os miles e miles de galegos e galegas. A realidade é que tardan cinco, sete ou dez días en chamar os contactos directos de positivos, ou directamente non os chaman. A realidade é a dos centros de traballo onde aparece un positivo e que ao resto dos traballadores non os chama ninguén. A realidade é a de persoas que viven con positivos e non as chama ninguén. A realidade son as persoas ás que lles din que poden abandonar a corentena sen facerlles test de comprobación e, polo tanto, sen ningunha garantía de que non sexan positivos e contaxien o resto de persoas. A realidade é que hai tal descoordinación que a unhas persoas afectadas lles din que fagan unha cousa e a outras a contraria. A realidade é que, a pesar de que a atención primaria estivo soportando o peso fundamental da detección e seguimento dos positivos, acaban de dicirlle que non poden solicitar test dos contactos porque o vai facer o centro de seguimento porque aseguran que nuns días igual van mellorar.

¿Cal é a situación dos rastrexos en Galiza, señor conselleiro? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señora Prado, no último pleno de setembro dei resposta a unha pregunta do seu compañeiro —o señor Torrado— formulada practicamente nos mesmos termos. Posteriormente tiven



unha entrevista nun medio de comunicación na que dei exactamente a mesma resposta. «Non sei exactamente o que lle responde.» Se cadra esperaba vostede que nese medio de comunicación dese unha resposta distinta á que dei nesta Cámara. Fala moi mal do respecto que ten vostede cara a este Parlamento se cre que se pode actuar así.

Insiste vostede na mesma pregunta e teño que dar a mesma resposta: o rastrexo non é unha categoría profesional, senón que é un proceso no cal participan diversos colectivos. E por iso sería enganoso dar unha cifra que non os contemplase a todos eles. Vostede sostén que a cifra dos 6.000 que deu o presidente da Xunta é falsa por contar o persoal sanitario de atención primaria. ¿Vostede cre que eles non os contan? Acaba de dicir que si.

Sen embargo, fíxese vostede no enunciado concreto da súa pregunta: «¿Cal e o número de rastrexadores para o seguimento de persoas contaxiadas pola covid-19 en Galicia?». Señora Prado, precisamente o seguimento das persoas contaxiadas en Galicia asúmeo, case na súa totalidade, o persoal de atención primaria. A única excepción son as persoas contaxiadas que están hospitalizadas, cuxo seguimento corre a cargo dos servizos de medicina preventiva —dous colectivos críticos no labor de rastrexo, os médicos de atención primaria e a medicina preventiva—.

Polo tanto, na súa pregunta vai implícita a súa resposta: o seguimento dos contaxiados, é dicir, dos casos positivos —da súa evolución, das súas probas e da súa alta clínica—, faino o persoal de primaria, ese que vostede non quere contar como parte do sistema de rastrexo.

Isto permítame aclarar outra das malas interpretacións que vostedes están a facer do protocolo da Xunta de Galicia. Precisamente para que o persoal de atención primaria poida dispoñer do tempo suficiente para dar atención sanitaria e clínica ás persoas enfermas, o protocolo da Xunta de Galicia busca libéralos da atención aos contactos, que se encomenda á Central de Seguimento de Contactos. Este protocolo é público e transparente, e non dende onte nin dende hai unha semana, dende o 29 de setembro. Hai máis dun mes que está colgado na web da Xunta e á disposición de todos os profesionais. Sen embargo, vostedes nunca se preocuparon por esta información totalmente transparente. Nunca dixeron unha palabra sobre este protocolo, non, ata a semana pasada, cando un titular xornalístico lles abre a posibilidade de intentar propagar a falsidade de que a Xunta está a negar probas de PCR.

Polo tanto, cando vostede pide transparencia, lamentablemente teño que dubidar da súa boa vontade. Como acabamos de ver, a vostedes a información que lles proporcionan non lles parece útil mentres non lles sirva para enganar e propagar bulos sobre o sistema sanitario. Síntoo, señora Prado, para ese obxectivo non vai contar coa miña colaboración. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Mire, señor conselleiro, non precisa a miña colaboración. Ten o presidente da Xunta, que para transmitir bulos colabora entusiasticamente. *(Aplausos.)* ¡Entusiasticamente! Porque quen dá un día unha cifra e ao día seguinte outra contraria é o pre-



sidente da Xunta, non é o BNG. Quen está contribuíndo a crear alarmismo na poboación é precisamente o presidente da Xunta cando dá un día unha información e outro día a contraria. E vostede, entusiasticamente, tamén, ao dicir que non dá esa información.

Mire, diante dunha situación de extrema gravidade como a que estamos vivindo, o que precisa Galiza é liderado, asumir responsabilidades e tomar medidas precisas, nin propaganda nin improvisación nin comportamentos erráticos. Porque eses comportamentos erráticos o que fan é poñer en risco a saúde, a vida dos galegos e das galegas e estresar aínda máis os profesionais.

A pesar de existir a certeza de que unha onda nova de contaxios ía chegar, vostedes nin planificaron nin se anticiparon. Vostede dixo varias veces que o mellor plan de continxencias é a prevención e evitar o incremento de casos. Pero non actuou para que iso se convertese en realidade, señor Comesaña. Porque para que iso se verifique —non lle vou dicir o número que necesitamos ou que sexamos precisos— debe cambiar o de dicir hoxe 6.000 e mañá 700 por actuar. E iso é o que non están facendo.

Eu voulle pedir hoxe aquí, señor conselleiro, que faga dúas cousas.

Primeiro, un sistema de rastrexo eficiente —e que saibamos con claridade cantos rastrexadores hai en Galiza, que nos diga cal é a cifra certa e se mentiu o presidente da Xunta hoxe, se mentiu cando dixo 6.000 ou se mentiu nas dúas ocasións—; un sistema certo que identifique, que teña un único protocolo —que uns non digan unha cousa e outros a contraria—; un sistema que realmente funcione para o que ten que funcionar, que é ser áxil en detectar positivos e, polo tanto, cortar a cadea de contaxios. Iso é o que ten que facer.

E a segunda cuestión, señor conselleiro, é reforzar o sistema sanitario en xeral e a atención primaria en particular. Iso si que é actuar para converter en realidade o de que o mellor sistema de continxencias é actuar con antelación. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señora Prado, alégrome moito de que vostede fale de anticipación e prevención. Dende a Xunta de Galicia, a través do Comité Clínico, levamos dende o mes de xuño anticipándonos, tomando medidas nos concellos, nas comarcas, e poñendo medidas para que o virus non se propague.

Seguimos a ser a segunda comunidade peninsular con mellor incidencia acumulada a catorce días. Polo tanto, creo que o traballo de prevención que se fixo na comunidade autónoma por parte de todos os integrantes do sistema sanitario público está aí para velo.

No que respecta ao número de rastrexadores, non vou seguir no xogo no que vostede quere entrar, que é o de identificar exclusivamente como rastrexadores o persoal da Central. E non



o vou facer porque iso si que sería dar un dato falso. Sería negar o papel que no proceso de rastrexo teñen os servizos de vixilancia epidemiolóxica, os servizos de medicina preventiva e o persoal de atención primaria, que —efectivamente— cando diagnostica unha persoa con síntomas pide a súa PCR e, se atopa un positivo, tamén está a participar no sistema de rastrexo.

Polo tanto, vostede non está a pedir unha cifra que aclare, está a pedir unha cifra que confunda; unha cifra que vostede quere utilizar para excluír o resto do sistema de rastrexo na ecuación. Eu non vou participar dunha estratexia que busca minusvalorar o traballo de centos de profesionais sanitarios.

A Central de Seguimento de Contactos é un instrumento que está para dar asistencia e axuda a ese persoal sanitario nunhas tarefas novas e específicas derivadas dunha pandemia, que agardamos que sexan temporais e non estruturais. Precisamente por iso a súa plantilla varía dependendo das necesidades que a propia evolución epidemiolóxica vai requirindo; iso si, funcionando sempre baixo a supervisión dos técnicos da Dirección Xeral de Saúde Pública, que son os profesionais de referencia para orientar e formar as persoas que logo executan as tarefas máis burocráticas da enquisa, chamadas «seguimento e control».

Cremos que é unha boa ferramenta, cun funcionamento, por suposto, mellorable. Niso estamos de acordo. No que non estamos de acordo é en que en cada paso que damos para mellorar ese funcionamento nos atopemos cunha oposición que aproveita para terxiversalo.

Estamos en récord de probas diagnósticas en Galicia. Nunca se fixeran tantas PCR diarias —chegamos a topes de dez mil ao día—. Temos un sistema de *pooling* —que, por certo, non conta para o Ministerio de Sanidade como probas PCR feitas— e temos novos test de antíxenos. Usamos todos os test de dobre banda cos que contamos —por certo, ningún caducado a día de hoxe—.

O noso obxectivo é aumentar todo o posible a nosa capacidade diagnóstica para illar e vencer este virus. Pretender dar a entender que a sanidade galega está a negar probas non só é inxusto, é indigno. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á última pregunta.

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a demora na detección da presenza da covid-19 e na comunicación dos resultados das probas realizadas na Residencia de persoas maiores Os Gozos, no Pereiro de Aguiar

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.



Señorías, falaba antes a señora conselleira de Política Social de que xa comparecera tres ou catro veces neste Parlamento. Debe ser que quedou cansa. En todo caso, non pretendemos importunar, non pretendemos facerlles vir para nada; é que xa hai 435 persoas mortas que vivían en residencias. É por iso que existe unha alarma social, que existe unha preocupación que o BNG lle pretende trasladar con todo o respecto a este goberno, que é solidario, e a res-posta de calquera válenos.

De todas maneiras e pensando que podía ser a señora conselleira a que contestase, simple-mente vou facer unha reflexión: o Goberno é solidario. Cando na interpelación do Grupo Par-lamentario Socialista se falaba dunha denuncia dunhas traballadoras en Salvaterra, falouse dunhas «fotiños». Non, non eran unhas «fotiños», eran unha fotos dunhas persoas anciás, lesionadas, con chagas. Creo que non deberíamos frivolar ou que, cando menos, deberíamos ser delicados cos termos que emprega o Goberno ou, se é o caso, que emprega a oposición.

Mire, no día de hoxe poderíamos falar, sen saír de Ourense, de moitas residencias. Podería-mos falar da de Monterrei, poderíamos falar da de Barbadás, poderíamos falar da da Farixa ou poderíamos falar da de Viana do Bolo, pero ímonos tratar de centrar na residencia dos Gozos, no Pereiro de Aguiar, alcaldía do Partido Popular.

A finais de febreiro de 2020 acontecementos de Estados Unidos, en concreto, xa puñan de manifesto que existían indicios de que o coronavirus podía entrar nos centros, nas residen-cias de maiores, e que podería ser letal; xa en febreiro, antes da declaración do estado de alarma sanitario e non sanitario. Claro, ¿tiña avaliado a Xunta de Galiza cal era o estado das residencias nese momento? ¿Cantos controis se fixeran en 2019? ¿Cantas inspeccións en 2019? ¿Cales eran os recursos humanos e materiais que existían nas residencias, cando menos, nos Gozos, ou agora que se pon en evidencia para que non se poida demorar moito na resposta, en Salvaterra? A resposta en Ourense das consecuencias dese estado e da pan-demia vímolos en Celanova aos poucos días: moitas persoas infectadas; residentes, traba-lladores e moitas mortas.

Por certo, se Celanova non foi a máis, foi grazas á implicación da cidadanía, á implicación das traballadoras e á implicación das familias. Creo que, con todo o respecto do mundo ás persoas traballadoras, non chega co aplauso, co recoñecemento no Parlamento, tanto do tema dos EPI, dos protocolos de seguridade, vixiamos o control desas medidas de seguridade máis. En marzo, por tanto, xa sabiamos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...as consecuencias, xa sabiamos o que podía pasar e que existía a posibilidade doutro gromo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: En setembro, un control...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tabarés.



O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...preventivo —xa remato—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, non, nas preguntas sabe que xa non... Imos moi xustos e ten vostede un segundo turno.

Grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi boa tarde.

Señor Tabarés, sinto que non puidera rematar a pregunta como a tiña escrita, voulle responder ao que tiña por escrito, se me permite.

Preguntaba vostede na pregunta escrita polo motivo da demora nos resultados dalgúns traballadores no cribado do Pereiro de Aguiar.

O motivo da demora dos resultados das PCR na residencia Os Gozos nunca se ocultou. Eu mesmo expliquei publicamente que, aínda que a nosa capacidade de análise é moi alta, non estamos exentos de problemas que dependen de moitos factores. Nese caso, tivemos un problema de rotura de stock nas chamadas puntas de pipeta dos analizadores, que son un elemento en principio secundario, pero que, ao final, son vitais para o proceso dos resultados e que neses días estaban a xerar problemas de abastecemento aos laboratorios de toda España e de todo o mundo. Iso demorou os resultados.

Porén, teño que lamentar que haxa certa lóxica perversa na súa pregunta. Vostede pode facer esta pregunta sobre unha demora puntual nun cribado periódico do persoal das residencias precisamente porque Galicia é unha das poucas comunidades autónomas onde se fai ese cribado. Polo tanto, evidentemente, detectar casos é unha mala noticia, pero moito peor sería non detectalos. Entendo que non é lóxico culpar a Xunta de detectar todos os casos que poida.

Mire, o persoal das residencias —e enlace co que vostede dicía antes de facer a pregunta— pasou, desde que comezou esta pandemia, xa por un total de cinco cribados. Os tres primeiros foron con mostras na súa farinxe de PCR. No primeiro, realizado entre abril e maio, detectamos 460 profesionais positivos. No segundo, realizado entre xuño e xullo, detectamos 2 profesionais positivos. E no terceiro, realizado entre setembro e outubro, detectamos 24 profesionais positivos.

Dende outubro ampliamos aínda máis a nosa capacidade de análise e, grazas ao laboratorio de *pooling* instalado no Hospital público Álvaro Cunqueiro, podemos procesar moitas máis mostras e dar resultados nunhas 24 horas. Polo tanto, incrementamos a velocidade destes cribados —agora realízanse quincenalmente— e cada quince días analízase a saliva de todos os traballadores dos centros de residencias de Galicia e détéctanse os positivos.

No primeiro cribado que se fixo mediante este modelo detectáronse 20 positivos. Cando se detectou un profesional positivo, automaticamente leváronse a cabo as PCR de todos os re-



sidentes do centro afectado. Isto estanos a permitir detectar antes e poder romper a cadea de contaxio, conseguindo xa en varios casos que eses traballadores infectados non chegasen a contaxiar a ningún residente.

Polo tanto, creo que o sistema de cribado está a funcionar razoablemente ben e considero que utilizar o caso desta residencia para arremeter contra o sistema vai en contra dos intereses que creo que todos compartimos, que son que se fagan probas e que se detecten todos os casos posibles.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Comesaña.

Para o turno de réplica, ten a palabra o señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Señor conselleiro, polos números que daba, creo que a resposta non se refería aos Gozos. De todas maneiras, con catrocentos e pico é imposíbel. Polo tanto, non se corresponde moito co que era a pregunta escrita.

En todo caso, o 12 de setembro houbo un cribado —cribado creo que é un termo xenérico, non se sabe se é PCR ou non— e deu un positivo; o 23, un positivo; o 23, outro positivo; e poucos días despois, o 80 % dos internos e internas deron positivo. Algo dese sistema de cribado non funciona moi ben, polo menos nos protocolos de protección dos traballadores e dos residentes; se non, tal nivel de contaxio, onde a Xunta... E non é mala intención, é preocupación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Todo iso non se produciría, e xa estamos lamentando na residencia do Pereiro de Aguiar decenas de mortos.

En todo caso, penso que non existían, e Salvaterra agora pónnolo de manifesto. A Xunta interviña, tiña responsabilidade desde había quince días do que acontecía na residencia e agora —declaracións textuais— «analizará».

Creo que hai que ser máis rigorosos e rigorosas na xestión e no control do que pasa nas residencias. Non son búnkeres. E os cribados poden facerse a través de PCR; ao mellor, así, daban máis seguridade e conseguíamos salvar vidas.

Falaba hoxe á mañá de que hai catro meses se estaba xestionando a pandemia. Non, hai catro meses, en marzo e abril, estábanse adxudicando contratos de residencias que consolidaban o seu modelo de mercantilización. Séguese dando a máxima puntuación de 5 puntos a quen non ten —ou apenas ten o 50 % da poboación— o persoal indefinido. Garántese a precarización porque se seguen a utilizar ratios do século pasado, cando vostede sabe mellor ca min que nin sequera os doentes de 1996 ou os internos e internas nunha residencia son os mesmos de agora...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Polo tanto, as ratios cambian, as normas do concurso cambian, e como di alguén do Partido Popular aquí presente...,



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...debe cambiar o modelo das residencias.

Grazas, señor conselleiro. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tabarés.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Evidentemente, señor Tabarés, por moitas probas que se fagan, independentemente da velocidade dos cribados, do tempo que tarden os resultados e da situación dos laboratorios, as residencias de maiores teñen unhas obrigas que cumprir.

Existe dende maio un protocolo conxunto das consellerías de Sanidade e de Política Social para as medidas de prevención e para as medidas de actuación ante un gromo. Tamén dende o mesmo mes de setembro activamos novas medidas en centros residenciais acordadas polo Comité Clínico, cun protocolo para regular as visitas aos usuarios das residencias en zonas afectadas pola covid e reducir o impacto do confinamento.

Estamos a buscar un equilibrio entre a necesidade de evitar os contaxios e a de manter a interacción entre os residentes e os seus seres queridos, e na meirande parte dos casos este equilibrio está a funcionar. Non é unha impresión persoal, é que os datos actuais nos confirman que o 90 % das residencias de Galicia están totalmente libres de coronavirus.

As residencias non son búnkeres, como vostede ben dicía, nin se poden comparar coas prisións; son espazos nos que os riscos existen, e quen prometa ter unha solución para impedir calquera contaxio nunha residencia está simplemente faltando á verdade. O importante, cando se dean casos como os dos Gozos, nos que o virus, por desgraza, entra e se propaga, é actuar e dar solucións. E, neste caso, a Xunta actuou de xeito contundente intervindo inmediatamente a residencia para garantir a calidade asistencial e o cumprimento dos protocolos.

Non teña dúbida de que seguiremos traballando en mellorar os protocolos, en mellorar os cribados e todas as medidas que se vaian avaliando no Comité Clínico para que permitan coidar dos nosos maiores e para que poidamos garantir que as residencias continúen a ser lugares seguros.

Quero indicarlle que as probas de cribado que se fan son PCR; sempre foron PCR no caso dos traballadores, nunca foron outro tipo de probas.

E se o feito de facer máis cribados e de atopar máis casos provoca máis preguntas da oposición, benvidas sexan as súas preguntas.

Moitas grazas. (Aplausos.)




O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Non habendo máis puntos na orde do día, rematamos a sesión.

Moitas grazas a todos.

Remata a sesión ás oito e once minutos da noite.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

